GRIAL

155

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XL / 2002

GALICIA, CIDADE ATLÁNTICA

XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ
A cidade das rías (CDR): unha *Grosstadt* para Galicia

JOSÉ RAMÓN IGLESIAS VEIGA
O Plan Comarcal no Proxecto de Extensión e Reforma Interior de Vigo de Antonio Palacios (1932)

CÍRCULO DE INFORMACIÓN E ESTUDIOS SOCIAIS
Crecemento versus desenvolvemento

XOSÉ BAR BOO / CARLOS FERNÁNDEZ / MARCIAL GONDAR / BASILIO LOURENÇO / CÉSAR PORTELA
Bauen, Wohnen, Denken. Arquitectos encontran a Heidegger, ou *pensar e Pólis*

B. LOURENÇO FONDEVILA / CARLOS FERNÁNDEZ
Entrevista a César Portela

ANDRÉS PRECEDO
Da rede urbana á cidade difusa

JUAN LUIS DALDA
Integrando a cidade difusa. A cuestión da vertebración territorial de Galicia no contexto da eurorrexión

CARLOS FERRÁS SEXTO / XOSÉ M. SOUTO GONZÁLEZ
Cidade atlántica e organización territorial en Galicia

DANIEL PINO
Apuntamentos acerca da evolución recente da estructura territorial galega e o seu tratamento. Ampliación do espacio económico e xurdimento de áreas metropolitanas. O exemplo de Vigo, unha esperanza

ANDRÉS PRECEDO
O urbanismo e a ordenación do territorio na Europa de mañá. Entrevista co rector Gérard-François Dumont

GRIAL

REVISTA GALEGA DE CULTURA

155

XULLO, AGOSTO, SETEMBRO

TOMO XL / 2002

O presente número de *Grial* foi coordinado por
CARLOS FERNÁNDEZ

Editor:
VÍCTOR F. FREIXANES
Subdirector:
XAVIER CASTRO
Secretario de Redacción:
XOSÉ MANUEL SOUTULLO
Consello de Redacción:
XAN BOUZADA, CARLOS X. FERNÁNDEZ,
GUSTAVO ADOLFO GARRIDO, MODESTO LÓPEZ BOUZAS,
HENRIQUE MONTEAGUDO ROMERO,
MANUEL RODRÍGUEZ ÁLVAREZ, DAMIÁN VILLALAÍN
Deseño:
M. JANEIRO
EDITORIAL GALAXIA, S. A.
Redacción, subscrición e distribución:
Reconquista, 1. 36201 VIGO. Telfs.: 43 21 00 - 43 32 38. Fax: 22 32 05
E-mail: galaxia@editorialgalaxia.es
Páxina web: http://www.editorialgalaxia.es/grial/index.htm
Imprime: OBRADOIRO GRÁFICO, S. L., Avda. Rebullón, 52-D - MOS

ISSN: 0017-4181 / DEPÓSITO LEGAL: VG-99-1963

Esta revista é membro de ARCE (Asociación de Revistas Culturales de España).

GALICIA, CIDADE ATLÁNTICA

389 CARLOS FERNÁNDEZ: Presentación

393 XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ: A cidade das rías (CDR): unha *Grosstadt* para Galicia

413 JOSÉ RAMÓN IGLESIAS VEIGA: O Plan Comarcal no Proxecto de Extensión e Reforma Interior de Vigo de Antonio Palacios (1932)

433 CÍRCULO DE INFORMACIÓN E ESTUDIOS SOCIAIS: Crecemento versus desenvolvemento

455 XOSÉ BAR BOO / CARLOS FERNÁNDEZ / MARCIAL GONDAR / BASILIO LOURENÇO / CÉSAR PORTELA: *Bauen, Wohnen, Denken.* Arquitectos encontran a Heidegger, ou *pensar e Pólis*

465 B. LOURENÇO FONDEVILA / CARLOS FERNÁNDEZ: Entrevista a César Portela

475 ANDRÉS PRECEDO: Da rede urbana á cidade difusa

495 JUAN LUIS DALDA: Integrando a cidade difusa. A cuestión da vertebración territorial de Galicia no contexto da eurorrexión

507 CARLOS FERRÁS SEXTO / XOSÉ M. SOUTO GONZÁLEZ: Cidade atlántica e organización territorial en Galicia

529 DANIEL PINO: Apuntamentos acerca da evolución recente da estructura territorial galega e o seu tratamento. Ampliación do espacio económico e xurdimento de áreas metropolitanas. O exemplo de Vigo, unha esperanza

551 ANDRÉS PRECEDO: O urbanismo e a ordenación do territorio na Europa de mañá. Entrevista co rector Gérard-François Dumont

559 LIBROS

XOSÉ MANUEL DASILVA: Plauto posto en galego

MARÍA XESÚS NOGUEIRA: A palabra-encantamento, destemida, de Estíbaliz Espinosa

UXÍA TENREIRO LÓPEZ: Romances de Cervantes e Pedrafita

ARTURO CASAS: Da restitución dun mundo

XOSÉ LÓPEZ: A prensa mírase no espello

XOSÉ LÓPEZ: Miradas á gaiola mediática

577 ÍNDICE DE COLABORADORES

Presentación

O feito de que Galicia sexa un país pequeno e xeograficamente regular facilita a posibilidade dunha intervención global sobre o seu territorio, duramente agredido pola industrialización e o crecemento económico incontrolados dos anos 60. Pero aínda que haxa tarefas urxentes e mesmo obvias que acometer, as medidas técnicas agochan distintos proxectos de país ¿Como resolver, por exemplo, a división entre un campo desertizado e progresivamente pauperizado e unha liña costeira espontánea e caótica, monopolizadora dos fluxos económicos e comunicacionais?, ¿dando por bos os procesos urbanizadores realmente existentes ou tratando de corrixilos? A pervivencia da parroquia como factor de identidade primario, ¿obstaculiza a formación dunha conciencia de país ou aporta un elemento histórico-natural de democracia que debe de ser mantido e potenciado? A creación de "áreas metropolitanas", ¿debe entenderse como unha simple xustaposición de núcleos urbanos unidos por unha zona de intereses comúns ou como unha remodelación e reestructuración de novos espacios urbanos alleos, na medida do posible, á voracidade especuladora do mercado? Fálase de Galicia como unha única cidade, pero a opción por un modelo de "aglomeración" na liña costeira e de paraíso turístico disperso no interior rural debe ser suficientemente explicada e matizada, pois cabe a sospeita de que, por baixo dalgunhas das súas formulacións, se agoche un modelo de desenvolvemento economicamente caótico, demograficamente desequilibrado e ecoloxicamente moi lonxe dun desenvolvemento verdadeiramente sostible. Do mesmo modo, pero a contrario, *algúns dos modelos urbanizadores que ás veces se propoñen, pecan dunha carga adánica que debe ser convenientemente desvelada. Un modelo territorial exclusivamente baseado na dispersión en unida-*

des habitacionais dispersas pode encaixar coa tendencia espontánea da poboación galega á casa unifamiliar (o que ten vantaxes e desvantaxes), pero non serve para espacios urbanos xa consolidados, nos que o prezo do solo e a presión especulativa é meirande. Un país faise con soños, pero tamén con proxectos realistas, posibles e desexables. É propósito deste número discutir estes problemas e aqueles dos que da súa solución dependa a construcción dunha Galicia máis próspera e habitable.

Galicia, cidade atlántica *está dividido en dúas partes; a primeira quere dar a coñecer textos e proxectos que tiveron no seu tempo a vontade de pensar Galicia como totalidade, ben fose propoñendo unha serie de categorías utilizables para unha reordenación harmónica do territorio, deseñando plans comarcais e municipais vertebradores do territorio, ou pensando a relación entre o territorio e a arquitectura desde un punto de vista transdisciplinar. Os artigos de X. Ramón Iglesias e X. Luís Martínez Suárez permiten albiscar o que puido ser de Vigo e da Coruña se o plan de Antonio Palacios para Vigo e comarca, e* A cidade das rías, *de Fernández Albalat se tivesen levado a cabo. Considerouse de interese incluír un texto do xa desaparecido CIES (Círculo de Información e Estudios Sociais), equipo de estudio do que formaron parte entre outros X. Bar Boo, Basilio Lourenço, César Portela, Daniel Pino e Arturo Soria, que realizou no seu tempo unha interesante síntese de ecoloxismo, socialismo autoxestionario e galeguismo. Inclúese tamén o Protocolo dun seminario transdisciplinar sobre a conferencia de Heidegger* Bauen, Wohnen, Denken *(Construír, habitar, pensar), no que participaron o finado Xosé Bar Boo, Marcial Gondar, Basilio Lourenço, César Portela e o autor desta presentación. Unha entrevista a César Portela serve de entrada á segunda parte do número, formada por propostas de intervención planificadora para a Galicia de hoxe. O artigo de A. Precedo constitúe unha recapitulación dos motivos e temas inspiradores da súa andaina técnico-profesional, que pode situar ó lector no contexto onde se desenvolven as liñas problemáticas da ordenación do territorio en Galicia. Contrapunto crítico ó enfoque comarcalista de Precedo é o artigo de X. Luís Dalda, que avoga por potenciar áreas metropolitanas e rexións urbanas, no contexto da nova rexión euroatlántica que se está a prefigurar. E nunha liña similar, pero que non se esquece da búsqueda de equilibrios entre a Galicia da costa e a do interior, o excelente traballo de C. Ferrás e X. M. Souto "Cidade atlántica e organización territorial en Galicia", e o interesante e documentado artigo de Daniel Pino, coautor do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, que reflexiona sobre os conceptos de área metropolitana e rexión urbana, chamando a atención sobre o papel que Vigo debe desempeñar no conxunto da eurorrexión*

atlántica Galicia-Norte de Portugal. O número péchase cunha entrevista a Gérard-François Dumont, prestixioso especialista en ordenación e planificación do territorio.

Carlos Fernández

A cidade das rías (CDR): unha *Grosstadt* para Galicia

Xosé Lois Martínez Suárez

A gran cidade. A *Grosstadt.* A cidade de millóns de habitantes. A cidade da Revolución Industrial, auténtico paradigma do capitalismo, espacio de concentración de medios de producción e de forza de traballo como xamais se tiña suscitado ó longo da historia: decenas, millares, millóns de persoas en torno ós grandes centros industrais, convértese nun tema recorrente ó longo do século XX europeo.

Foi ó abeiro do debate suscitado na Exposición Internacional de Urbanismo realizada en Berlín nos meses de maio a xuño de 1910, na que se expuxeron os Plans Reguladores de cidades alemanas e estranxeiras, onde se presentaron os planos do Concurso para o gran Berlín: o Plano da *Grosstadt.*

A cidade alí representada foi a *Grosstadt,* a *Great City* ou *metropolis.* Resultado dunha aglomeración de poboación e de asentamentos industriais que debe ter unha *Forma.* Unha forma que vai ser rapidamentre recollida, descrita e teorizada no ámbito das disciplinas e das ciencias urbanas, e que vai ser obxecto de múltiples enfoques desde a literatura, a pintura, o cine, a arquitectura e o urbanismo.

Nos anos seguintes publicaranse textos como *Grosstadtbildem* ("Directrices para pintar unha gran cidade") artigo escrito polo pintor Ludwig Meidner en 1914, e o nome de *metrópole* aparecerá en obras de pintura (Gueorgui Yakulov, 1912), en montaxes fotográficas (Paul Citroën, 1923), películas (Fritz Lang, 1926), e como non, na primeira "representación arquitectónica para unha metrópole" (*Schematische Darstellung einer Grosstadt*) de Martín Mahler (1920) que se converte

no referente obrigado de todas as elaboracións dos anos vinte sobre a *Grosstadt*, sobre a gran cidade.

Os intelectuais do galeguismo, os homes da Xeración Nós non permaneceron alleos a este debate: Castelao na súa viaxe europea[1], Vicente Risco co artigo: "O Problema da Grande Vila"[2], dedícanlle estes textos nos que "hai unha considerable coincidencia entre o ourensán e mais o rianxeiro: noxo pola Gran Cidade europea (Berlín, París) e nula reivindicación do papel das Cidades Galegas"[3], postura ésta que de xeito casual coincidente coas téses dos "desurbanistas" soviéticos que naquel momento se enfrontaban cos chamados "urbanistas" sobre como debería ser a "forma da Cidade Socialista".



"Schematische Darstelliung einer Grasstadt", Martin Maler, 1920

A *Grosstadt* precisaría do deseño de espacios a escala metropolitana, a escala dunha aglomeración de millóns de habitantes.

É o momento no que se convocan os concursos para o deseño dos *Centros* das grandes capitais europeas nas que a nova orde se fai presente na amplitude dos espacios, nas escalas dos grandes edificios, na gran densidade... desde os concursos para a Alexanderplatz (Berlin, 1929), Praza da República (Berlín, 1930), da Unter der Linden (Berlín, 1925), o

1. Castelao, Daniel. *Diario 1921*. Editorial Galaxia, Vigo, 1977.
2. *Rexurdimento*, 1923.
3. Ventura, Joaquín. *O grupo Nós e a cidade*.

concurso Rosenthal para a Place de la Victoire (París, 1930) ... e que na Galicia dos anos trinta ten a súa resposta no proxecto do Plan Palacios de Vigo (1932), polo que representa de creación dun novo "escenario urbano" dunha metrópole rexional, compacta e densa nos seus espacios centrais, neste caso con toda a iconografía propia da linguaxe monumentalista de Antonio Palacios: a Gran Rúa de Galicia que desde a estación marítima ascende ata o Castro, e na que se situarían a media ladeira o Pazo Municipal e rematando no cume do Monte do Castro o Gran Palacio Rexional, rodeado de edificios oficiais (consulados, delegacións...), peza simbólica da vontade de converter Vigo na *Grosstadt* galega por antonomasia, na "Barcelona do Atlántico"[4].

Tamén é o momento das grandes utopías do século XX no campo do Urbanismo, a "*Ville contemporaine pour 3 million d'habitants*" de Le Corbusier[5], a *Hochhaustadt* de Hilberseimer (1924), temática que continuaría na década seguinte coa *"Ville Radieuse"* (1930) de Le Corbusier, *Broad Acre* (1932-1958) de Frank Lloyd Wright, en fin, a Carta de Atenas (1933) texto doutrinario básico da Cidade Funcional elaborada co motivo do IV Congreso Internacional de Arquitectura Moderna (CIAM), que co título "Principios de Urbanismo" vai ser o documento fundamental para comprender a práctica urbanística na posguerra europea, referencia imprescindible no discurso lido por Andrés Fernández Albalat sobre "La Ciudad de las Rías" (1968) co motivo da súa recepción como membro do Instituto de Estudios Coruñeses José Cornide[6].

1. CONTEXTO XERAL

No Estado español a liquidación do período da autarquía e a nova política económica iniciada a partir de 1959 vai ter na década dos sesenta a súa continuación coa apertura da etapa de desenvolvemento, de reactivación e liberalización económica que desencadeou profundas transformacións económicas e sociais que incidirán nas formas de asentamento da poboación.

O Planeamento Urbanístico Xeral incorpórase ó discurso da Zonificación funcionalista enunciado pola Carta de Atenas.

A Ley del Suelo (1956), o Congreso Nacional de Urbanismo (1959) celebrado en Barcelona xunto coa aprobación dos "Plan de Desarrollo económico y social" (1962-63), a política de creación de Polos de Desa-

4. Iglesias Veiga, Xosé Ramón. "Antonio Palacios: arquitecto metropolitano y arquitecto regionalista", en *Antonio Palacios: Constructor de Madrid.* Editorial La Librería, Madrid, 2001.

5. Corbusier, Le. *Principios de urbanismo. La Carta de Atenas.* Editorial Planeta DeAgostini, Barcelona, 1992.

6. Fernández Albalat, Andrés. *La ciudad de las rías.* Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, A Coruña, 1969.

rrollo Industrial (A Coruña e Vigo en 1964, Vilagarcía en 1970) e posteriormente Polígonos Residenciais de Vivenda (Elviña na Coruña, Coia en Vigo, etc.), impulsarán prácticas urbanísticas novidosas en Galicia tanto polo protagonismo da Administración do Estado (Ministerio de la Vivienda, Instituto Nacional de Urbanización, Gerencia de Urbanismo) como polas técnicas especificamente urbanísticas previstas para o desenvolvemento de Plans Xerais de Plans Parciais de escasa experiencia en Galicia, polas morfoloxías urbanas e tipos edificatorios propostos (bloques laminares, torres, vivendas adosadas en ringleira). É o momento de redacción da "segunda familia" de Plans de Urbanismo en Galicia (A Coruña 1965-68, Vigo 1961-71, Ourense 1964, Santiago 1965 etc.) nos que se adopta a *Zonificación* como criterio xeral, cunha radical segregación de usos (residenciais, industriais, comerciais, etc.) abríndose a vía de novos desenvolvementos urbanos coa redacción de Plans Parciais de sectores completos, que rara vez van ser realizados pola iniciativa privada debido, entre outras causas, á especial estructura da propiedade do solo con centos de parcelas de uso agrícola, en pleno rendemento, que facían practicamente inviable a execución do planeamento sen un grande esforzo de xestión que a administración pública competente non estaba en disposición de realizar.

Na Coruña estase a redactar a Revisión do Plan General de Alineaciones de 1948 que será finalizado en 1965 e aprobado definitivamente en 1967. Un Plan segundo o que "se puede predecir una poblacion en el año 2.000 de unos 500.000 habitantes" como consecuencia do crecemento derivado da industrialización e do fomento da actividade portuaria. Un plan no que se parte como factores determinantes da consideración da Coruña como "capitalidad de la Región", a evolución industrial e o desenvolvemento do turismo, e no que se demanda a necesidade dun planeamento da comarca ou zona de influencia da capital, no que se impón "... la necesidad de agrupar núcleos satélites a suficiente distancia del enclave urbano principal que aunque económica y administrativamente dependan de la misma, gocen de la autonomía vital imprescindible"[7] ou máis adiante "sobrepasando el límite natural se impone el estudio de nuevos núcleos satélites residenciales, industriales y agrícolas en la comarca"[8].

Nesta década iníciase o Proxecto do Polígono de Elviña (1960), e a construcción do Barrio das Flores (1964) no que Albalat participa activamente con Ignacio Bescansa, J. Antonio Corrales, Jacobo Rodríguez Losada e José Luque Sobrini. Apróbase tamén nestes anos o Polígono residencial de Zalaeta (1963) e o Polígono Industrial de Sabón-Arteixo (1965).

7. Memoria justificativa de la ordenación adoptada. P.G.O.M., 1967, p. 6.
8. *Ibidem*, p. 11.



Nos termos municipais do contorno coruñés comeza o proceso de promocións de Urbanizacións de carácter turístico-residencial, destinados en principio a segunda vivenda. Neste sentido é de salientar o que sucede no veciño termo municipal de Oleiros onde en 1965 se aproba pola Comisión Provincial de Urbanismo o "Anteproxecto de Planificación Turística de la Playa y dunas de Santa Cristina" (11 has), ano este no que tamén se aproba polo Consello de Ministros o "Centro de Interés Turístico Nacional Santa María de Canide" (35 has) en Mera. Os anos seguintes son o período no que se redactan os proxectos de múltiples urbanizacións en Lorbé (1966), O Pinar-O Carballo (1967), Punxeiro-Mera (1967), Bastiagueiro (1967), Rialta (1968-69), etc., é dicir, nunha época na que son urbanizados miles de metros cadrados de solo agrícola e na que o "urbano" (rúas pavimentadas e con beirarrúa, saneamento, abastecemento de auga, alumeado público...) se constrúe por primeira vez na historia fóra do termo municipal coruñés, a varios quilómetros do centro da cidade[9].

É neste contexto no que Andrés Fernández Albalat traballa durante o ano 1968 na "idea-proyecto" da CDR.

No ano 1963 participa no Barrio das Flores, no Polígono de Elviña, nunha experiencia novidosa na construcción da cidade: trátase dun barrio para 2.000 vivendas (entre 8.000 e 9.000 habitantes) a construír nun ámbito dunhas 17 hectáreas de superficie cunha densidade elevada que alcanza as 110 viv/ha.

9. Martínez Suárez, Xosé Lois. *Oleiros: formas de asentamento urbano.* Concello de Oleiros, 1981. Tese de Diplomatura IEAL, 1983.

Esta peza de dimensións excepcionais executada nun tempo reducido (1963-67) sería un auténtico banco de experimentación das tipoloxías do Movemento Moderno e de aproximación ós valores das prácticas urbanísticas da década dos 50 na Europa de posguerra: O Barrio das Flores dividido en 5 unidades veciñais de 400 vivendas cada unha, ten unha disposición "tipo Radburn", na que os equipamentos (centro cívico-social, igrexa parroquial, zona deportiva...) e áreas verdes se concentran nunha gran bolsa libre no interior do barrio, á que se accede a través dun viario de servicio coa disposición en *cul de sac* deixando o Centro Cívico do Barrio totalmente peonil, cunha separación radical entre tráfico rodado e tráfico peonil.

É o momento das novas linguaxes arquitectónicas que Andrés Fernández Albalat lidera xunto con Xose Bar Bóo en Vigo, incorporando a arquitectura galega á modernidade interrompida dramaticamente coa Guerra Civil: a utilización de novas tecnoloxías e novas formas para a resolución dos novos programas dos equipamentos (Sociedade Deportiva Hípica, 1966), moteis (Motel El Horreo, Corcubión, 1963), fábricas (Coca-Cola 1960, en colaboración con Antonio Tenreiro Brochón), industrias (Sargadelos, 1966), instalacións comerciais (Bosch, 1968; Filial de Seat, 1964), obras todas elas nas que Albalat realiza o paso a unha nova concepción da arquitectura na que o espacio se converte en protagonista. En todas elas se establece unha especial relación do interior co exterior, a partir da prolongación visual do interior, máis alá dos tradicionais cerramentos de fachadas a través das transparencias conseguidas coa utilización de amplos muros-cortina nos que os límites se dilúen.

II. O CONTEXTO GALEGO

No ano 1967 a poboación galega alcanza os 2.607.778 habitantes, dos que o 76 por cento é poboación rural que vive asentada nos máis de 30.000 núcleos de poboación do país. Unha sociedade na que o sector maioritario sobrevive malamente nunha economía precapitalista de subsistencia, nun proceso imparable de perda de terreo progresivo que rematará coa demolición total da sociedade campesiña, desaparición que estaba perfectamente calculada e programada no novo modelo económico. Este novo modelo levaba implícito un novo modelo de ocupación do territorio que partía da recolocación da poboación en grandes núcleos urbanos: este modelo viñera sendo teorizado nos estudios do nunca rematado Plan Nacional de Urbanismo na década dos 50 e 60, e sería explicitado nas xornadas sobre inmigración interior celebradas en Barcelona en 1965, ás que fai referencia Albalat no seu discurso. A España do 2000 contaría con 45.000.000 de habitantes, cun 80 por cento de poboación urbana concentrada en dúas cidades de rango

mundial (Madrid e Barcelona), e ".. seis ciudades 'millonarias' cabezas de sus respectivas regiones con rango europeo...". En Galicia, a gran cidade que se convertería en peza fundamental da nova división rexional e lugar de concentración da poboación, industria e servicios, sería A Coruña, que aínda quedando por debaixo do millón de habitantes, debería considerarse nese rango.



Estudios para o Plan nacional de Urbanismo 1950-60

A *Grosstadt,* a gran cidade galega que vén, fora anunciada por demógrafos e sociólogos en Barcelona (1965), estaba prevista nos estudios de Planeamento a escala Estatal (1962), e aparecía confirmada nas proxeccións demográficas do Plan Xeral de Ordenación Municipal redactado en 1965[10].

Estes son os supostos dos que parte Albalat ante o auditorio do Instituto de estudios Coruñeses:

Esta vez si, por fin a Gran Cidade desexada e debecida por Faraldo segundo nos conta Francisco Fernández del Riego na "tese dunha metrópole populosa" no seu texto *Antolín Faraldo, o gran soñador*[11], e resucitada por Antón Villar Ponte no seu artigo "El problema de la gran urbe", ía facerse realidade en a penas 40 anos: A Coruña, capital rexional da Galicia urbanizada, alcanzaría segundo estas previsións unha poboación próxima ó millón de habitantes, o que significaría que nela se concentraría máis da terceira parte da poboación total de Galicia.

10. Plan General de Ordenación Urbana. Revisión Plan de 1948. A Coruña, 1965.

11. Fernández del riego, Francisco. *Antolín Faraldo, o gran soñador.* Edicións Xerais, Vigo, 1998.

Isto estaba curiosamente teorizado, nun momento no que o proceso de expulsión cara a Europa estaba a deixar baleiros ou en estado agónico unha parte importante dos 32.417 núcleos de poboación.

Foi o momento da máis brutal crise demográfica vivida no noso país que entre 1950 e 1970 fixo que "o caudal emigratorio se convertera en enxurrada, e Galiza perdera nestes dous decenios medio millón de habitantes"[12].

Naquel contexto había datos devastadores: entre 1900 e 1950 a poboación galega medrara o 31 por cento, uns 600.000 habitantes. Entre 1950 e 1970 pasa de 2.604.200 a 2.583.674 habitantes. Se ampliamos desde 1950 a 1991 a media inferior ó 5 por cento tradúcese en pouco máis de 100.000 persoas (de 2.604.200 a 2.720.445 habitantes)[13].

As previsións de aumento da poboación da cidade en 600.000-700.000 habitantes fracasaron estrepitosamente. A Coruña, que en 1968 tiña 172.000 habitantes, ten hoxe 240.000 e nin sequera computando os habitantes dos concellos limítrofes (Oleiros, Culleredo, Cambre, Arteixo, Sada e Bergondo) alcanza os 350.000 habitantes, o que non foi obstáculo para que un proceso de urbanización salvaxe provocase unha ocupación indiscriminada do solo agrícola no *hinterland* que, como dixemos anteriormente, se tiña iniciado desde o ano 1965.

E isto era precisamente o que Andrés Fernández Albalat quería evitar. O arquitecto Albalat, sabedor da necesidade de dar unha resposta desde o campo do urbanismo quere que se abra un debate "... el esquema que se ha presentado aquí [...] es un esquema más expositivo que constructivo. Planteado como lanzamiento de una idea para abrir camino".

Hai unha consciencia plena da importancia do momento e xa que logo de que se está a presentar un "problema grave: el de la ciudad, el de la gran ciudad"[14].

Coñecedor do enorme esforzo que se estaba a realizar nos países democráticos europeos (Inglaterra, Suecia, Francia, Holanda, Finlandia...) en aras do control, da necesidade da "existencia dunha orde", no proceso de urbanización da poboación nos novos asentamentos coas experiencias das *Newtowns,* das *Villes Nouvelles,* das cidades-satélite, etc., atento observador das estratexias cultas de "despresionarización" sobre o Patrimonio Cultural e arquitectónico dos Centros Históricos que neses momentos se está a enunciar en Inglaterra ou Italia, sensible á gran riqueza paisaxística e ambiental das Rías, do Portus Magnus Arta-

12. Beiras, X. M. e Abel López. *A poboación galega no século XX.* Editorial Laio Vento, Santiago de Compostela, 1999.
13. *Ibidem.*
14. Fernández Albalat, Andrés. *Op. cit.,* p. 18.

brorum, Albalat lanza a súa idea-proxecto debuxada e descrita por un arquitecto desde as claves da Arquitectura.

Albalat estaba abrindo a porta da Utopía a un país que precisaba de modelos cultos para un incerto futuro urbano que debía preverse desde a óptica do *Proxecto*, da compresión da Cidade como proxecto.

A evidencia da nova escala á que se está a producir o fenómeno urbano e, polo tanto, a necesidade de operar con novos materiais xorde como premisa no discurso albalatiano:

> No debe olvidarse al tratar el tema de la ciudad grande, que no es, no puede ser un núcleo urbano chiquito que fué creciendo, creciendo sin más, hasta convertirse en un monstruo[15].

Albalat considera que o proceso de urbanización-concentración da poboación non debe producirse sobre a cidade da Coruña:

> Denunciamos previamente, como desacertada la posible ocurrencia de superponer sobre La Coruña actual esos cientos de miles de habitantes que nos da la estadística y la demografía [...] A nuestra Coruña no podemos forzarla, en los próximos cuarenta anos a sufrir el impacto de 600.000 o 700.000 habitantes más. Es necesario buscar un emplazamiento"[16].

III. A IDEA - PROXECTO

Ese "lugar posible" de asentamento da nova cidade localizaríase sobre as terras de suaves pendentes que caen sobre as rías de Sada-Betanzos e de Ares-Pontedeume. Equidistante entre A Coruña e Ferrol "lugares importantes de trabajo industrial e industrialización"[17].

Un ámbito que ocupa parcialmente seis termos municipais (Sada, Ares, Bergondo, Miño, Pontedeume e Cabanas) que daquela non superaban os 35.000 habitantes, maioritariamente dedicados á agricultura e á pesca e onde só os núcleos de Pontedeume, Sada e Ares alcanzaban un certo grao de concentración de poboación urbana, e que se manterían integrados na CDR.

A cidade das Rías, CDR, preséntase como unha "Cidade habitación", unha cidade residencial para 600.000 habitantes que abarcaría 5.635 ha, cunha densidade entorno ás 20 vivendas/hectárea. Unha densidade baixa.

15. *Ibidem*, p. 19.
16. *Ibidem*, pp. 21 e 22.
17. *Ibidem*, p. 14.

Unha nova cidade vertebrada entorno a unha vía rápida entre A Coruña e Ferrol que actuaría como grande eixo ou tronco dun acio no que se disporían organicamente os elementos-residenciais tipo, os *Barrios* ou núcleos agrupados en unidades superiores, *Grupos* e *Zonas*.



Cidade das Rías

A nova cidade presenta outro xeito de crear espacio urbano que pasa pola renuncia tanto á superposición sobre a Cidade existente, como á súa extensión en continuidade en torno á ría da Coruña ou á ría de Ferrol, no caso da Cidade Departamental.

De aí que os compoñentes claves no esquema de Albalat serían:

- Por un lado, as infraestructuras de transporte.

- Por outro, as unidades residenciais, os barrios (8.000 habitantes) que por simple agregación se converten en grupos (3 barrios, 25.000 habitantes) e zonas (4 grupos, 100.000 habitantes) ata a cidade total (6 zonas, 600.000 habitantes) ó tempo que se describen os equipamentos necesarios para os tres primeiros niveis (barrio, núcleo e zona).

En definitiva, trátase dunha gran liña de comunicación e de transporte entre A Coruña e Ferrol, na que a modo de acios se ensartan as pezas dos elementos residenciais, que constituirían así unha *Estructura*



urbana evolutiva "donde se mantienen los principios generales básicos, que comportan ORDEN, y se dejan en total grado de libertad los elementos que están ligados a lo circunstancial" [18].

IV. O BARRIO

A utopía albalatiana fonde as súas raíces no documento doutrinario por antonomasia do Movemento Moderno: a Carta de Atenas (1933), enriquecida coas experiencias americanas das *neighborhoods units* e as aportacións dos Congresos Internacionales de Arquitectura Moderna (CIAM) da posguerra europea.

A idea de "comunidade" está na base da investigación de novos elementos urbanos a partir dos anos 50 e, máis concretamente, do VIII CIAM en Hoddeston sobre o "Corazón da Cidade". O corazón ten o significado de "elemento que fai que unha comunidade sexa unha comunidade e non un simple agregado urbano de individuos". A proxectación dos barrios residenciais protagonizados polos primeiros CIAM debe enriquecerse non só a partir de disposicións volumétricas e de tipoloxías variadas, senón tamén cun *Corazón, Un centro cívico,* elemento de composición unitaria, compacto e representativo da identidade do barrio que lle dea *cohesión social* obxectivo explícitado[19] na descrición da peza base.

18. *Ibidem*, p. 23.
19. *Ibidem*, pp. 24-25.



O barrio e o seu *Centro cívico* non poden ser o espacio verde no que aboian espallados os edificios nun xardín paisaxístico: "estos barrios y las unidades compuestas superiores *no serán nunca una cidade jardín*, un diseminado entre Campo y Ciudad"[20].

Lonxe da ríxida separación funcional da Carta de Atenas, a unidade residencial de base, o *barrio* ou *núcleo* para 8.000 habitantes incorpora elementos pertencentes ós equipamentos e servicios sociais colectivos: "escuela, parroquia, guardería, dispensario, biblioteca, cine, mercado, etc. Agrupados si es posible en su centro de gravedad y constitutivo de su pequeño Centro Cívico"[21].

Rèfórzase así a necesidade de centros cívicos comunais, lugares de comunicación e de convivencia, prolongación das vivendas, que favorezan unha certa complexidade funcional e sobre todo unha cohexión social.

O radicalismo inicial da Carta de Atenas abandónase, iniciándose novas relacións no interior dos asentamentos residenciais: as catro funcións da urbanística aparecen sometidas aquí a unha lectura crítica na descrición da unidade de base.

Ó mesmo tempo, interésanos destacar outro aspecto suxerido no texto da CDR que se refire ó núcleo ou barrio: "Formado por plazas y burgos galaicos. Abiertas sus vistas al sol y a la ría. Las pequeñas plazas, a media ladera. Un "rueiro actual" [22].

20. *Ibidem*, p. 26.
21. *Ibidem*, p. 24.
22. *Ibidem*.

A CDR será unha cidade moderna, pero será unha cidade moderna en Galicia, polo que nunha concepción superadora do modelo inicial da Cidade Funcional como gran máquina, aflora constantemente a compoñente sociolóxica e cultural do fenómeno urbano: xa non son válidas as solucións universais.

Desde o primeiro momento do desenvolvemento da "idea-proyecto" o discurso albalatiano fai continuadas referencias ó hábitat humano no que se insire a CDR: preexistencias sociolóxicas (a parroquia), a morfoloxía territorial (piñeirais, bosques, vales, outeiros, rías, etc.), morfoloxía dos asentamentos tradicionais da Galicia rural (aldeas, rueiros, burgos, etc.) nunha liña innovadora da que Giedion describe como "novo rexionalismo", que se ergue contra a banalización na súa repetición do *International Style* no campo urbanístico.

Só desde ésta óptica podemos comprender o rexeitamento da "tábula rasa" respecto á historia, á arquitectura e á forma dos asentamentos, e as sutís referencias a disposiciós de "pequeñas plazas a media ladera" á maneira das aldeas e lugares mariñáns.

Pequenas prazas arredor das que se dispoñen os equipamentos primarios (escola, igrexa parroquial, dispensario, biblioteca, cine, mercado...) lugares de confluencia e de cohexión social, de fortalecemento de identidades individuais e colectivas que impregnan todo proxecto de vida en común.



O elemento inferior no esquema xerárquico da CDR parte dun acceso igualitario da poboación ós equipamentos e servicios (educación, sanidade, cultura, ocio) á que é allea a realidade social do réxime despois de 30 anos de rematada a Guerra Civil.

Espacios de relación, de comunicacións, de convivencia entre os individuos, pero tamén de especial relación entre o artificio e a natureza, "abiertas sus vistas al sol y a la ría".

O urbano, sen renunciar á súa presencia ("esquinas y rincones... una cierta tensión ciudadana"), verase penetrado pola natureza "... con sus verdes y sus nubes, su paisaje próximo ó distante", e nel, o habitante da CDR establecerá unha conexión "... con el tiempo remansado...", co ritmo dunha paisaxe "... serena de emoción contenida... belleza delicada y penetrante poesía"[23].

Estas preocupacións albalatianas respecto a dimensións da unidade de base, á súa posición, ós compoñentes, á relación cos "... materiales del urbanismo: el sol, el espacio, el verdor [...], la separación de tráficos rodado y peatonal... los vehículos dejarán libre el centro cívico. Aparcaderos en lugares posteriores", preséntannos un discurso plenamente incorporado ós debates sobre os postulados do Movemento Moderno e en concreto unha revisón crítica da Carta de Atenas durante a década dos sesenta.

V. O GRUPO

O segundo escalón na xerarquía elementarista da CDR, vén constituído polo *Grupo*, unha entidade urbana de tipo medio formada por tres barrios que alcanzaría os 25.000 habitantes e disporía dun centro cívico independente á escala desta entidade.

Un centro cívico de segundo nivel no que se instalarían equipamentos docentes (centro de Ensino Secundario), deportivos (cidade deportiva), sanitarios (cidade sanitaria) e lugares de ocio, esparcemento e comercio para unha xa considerable poboación.

Insístese de novo na especial relación entre o "artificio e a natureza": os tres barrios que forman o grupo deberían estar separados entre si "... entre los barrios, pinares. Pequeños y cuidados bosques naturales". nos que se debuxarán camiños e sendeiros que servirán de lugar de paseo e de acceso ó Centro Cívico "... los niños no se encontarán con los automóviles..." no seu percorrido cara ó instituto ou os campos de deportes, xa que "los automóviles solo tendrán acceso al centro excepcionalmente para servirlo"[24].

Fai Albalat referencia precisa ó viario de tráfico de conexión entre os barrios que circundando o grupo deberán adaptarse á topografía do terreo seguindo as curvas de nivel "... situadas a media ladera adaptándose al terreno y procurando conservar un cierto carácter de vialidad rural"[25].

23. *Ibidem*, p. 26.
24. *Ibidem*, p. 27.
25. *Ibidem*.

É neste apartado cando Albalat fai referencia expresa ó "Caracter" da arquitectura da CDR. Albalat remite a morfoloxías dos asentamentos mariñeiros (O Barqueiro, Redes, etc.) na súa disposición a media ladeira nunha intelixente referencia á cultura urbanística galega nun momento de rexeitamento xeneralizado nos plans de urbanismo de toda forma identitaria propia. El mesmo traballara os anos anteriores no grupo de vivendas para mariñeiros en Fontán-Sada (1967), ou no motel O Hórreo, en Corcubión (1963) onde o tradicional volume compacto das instalaciós hoteleiras se fragmenta e se vai situando gradualmente a media ladeira, abrindo as pezas á paisaxe e introducindo o mar e o ceo ata o fondo das estancias e dormitorios. De novo a fecunda e intensa relación coa natureza penetrando na arquitectura ata o máis íntimo do fogar.

Fai referencia, por último, á posibilidade de utilizar "grandes edificios totales y complejos (macroarquitecturas) que pueden llegar a alojar unidades vecinales completas. Aislados, con mucho pasaje intermedio"[26]. É dicir, auténticas *Unités d'habitation,* coas que Albalat está abrindo a porta a unha especial e discutible concepción do urbano entendido como unha "macroarquitectura", como un obxecto illado, rodeado de verde e de natureza.

Esta nova percepción dun elemento base da cidade moderna, a unidade veciñal, como unha arquitectura na que se persegue o protagonismo do obxecto urbano en tanto que arquitectura sobre o fondo da natureza, foi defendida por unha certa liña de investigación do Movemento Moderno: esta actitude fai que a figura non precise dun marco de referencia identificable que posibilita e arrastra ó debilitamento das relacións entre diferentes "elementos urbanos" e polo tanto iníciase un camiño que nega o urbano como interrelación e afirma a súa disolución no parque en que se converte a natureza.

VI. A ZONA

As referencias á *zona* limítanse a súa definición como integrada por catro grupos, que totaliza os 100.000 habitantes, e que "cualitativamente consideramos la ciudad completa".

Terá o seu propio chanzo no que reunirían as máximas instalacións comúns e servicios sociais: o grande estadio, o auditorio, o policlínico, o comercio, o espectáculo singular, etc.

26. *Ibidem*, p. 27-28.

VII. A CIDADE TOTAL

Por último, a "cidade total" de Albalat, a gran cidade de 600.000 habitantes, resultado da agregación de 6 zonas de 100.000 habitantes, renuncia á existencia de "centros", sexan estes de poder político e de xestión da nova urbanidade ou centros aglutinadores dos aspectos simbólicos identificatorios coa CDR. No nivel correspondente á "cidade total" "... no se quieren servicios comunes, instalaciones ó centros cívicos a esta escala..."[27].

Na descrición de dúas páxinas que lle dedica ós aspectos referentes ós "elementos de la ciudad total", Albalat describe exclusivamente as grandes infraestructuras de tráfico e de transporte para a comunicación co exterior: transportes terrestres (autovía e autoestrada), gran porto para viaxeiros e comercio, aéreos (6 heliportos enlazados cos aeroportos de Alvedro ou Lavacolla), tráfico marítimo interior e, por último, o ferrocarril existente cunha rede de estacións perimetrais.

Os elementos pertencentes á cidade total son, pois, os espacios dos desprazamentos, do tráfico en automóbil, barco, ferrocarril ou helicóptero. Destes elementos, a *Vía rápida* entre A Coruña e Ferrol constitúese en columna vertebral resultando imprescindible para o funcionamento da aglomeración de 600.000 habitantes ó servir "para el traslado diario de la población activa de la ciudad a La Coruña y a El Ferrol. Lugares en los que ya se dijo que estarán la mayoría de los puestos de trabajo de todo tipo a los que atiende la nueva ciudad"[28].

Como na Boadacre Wrightiana ou nas Green Belt americanas, a CDR é unha cidade impensable á marxe do automóbil como medio de transporte, unha cidade na que o diario, o cotián, é o desprazamento, a mobilidade, que se constitúe no distintivo da poboación residente na CDR, en contraposición coas formulacións da cidade compacta tradicional con desprazamentos curtos, que non sobrepasan en Galicia os 4 ou 5 quilómetros, e que seguían servindo de modelo nos planeamentos urbanos da época. A natureza propia do urbano na CDR é a súa mobilidade para desenvolver funcións tradicionalmente dispostas de forma contigua, ben na cidade gótica ou na cidade das extensións urbanas decimonónicas ata ben entrado o século XX.

27. *Ibidem*, p. 28.
28. *Ibidem*, p. 29.



Albalat, atento observador do proceso desencadeado a partir de 1965, coas iniciativas de promoción de urbanizacións na comarca das Mariñas, entende que a cidade do futuro é no territorio, e que a difusión xeneralizada de medios de transporte como o automóbil permitirá a súa extensión máis alá dos límites municipais. As grandes infraestructuras de tráfico xogarán un papel determinante na vida diaria nese avance imparable do "urbano" debido ó desprazamento cotián de varios miles de persoas.

De aí que a súa visión da CDR sexa a dunha aglomeración descentrada[29], é dicir, unha aglomeración que carece de centro, dun único punto central, histórico, do poder. Unha aglomeración que se multiplica en coágulos nos que se fai máis densa como consecuencia dunha certa concentración de actividades (centros cívicos como áreas de relación e sociais) ou de edificación residencial (barrios).

É así como a dimensión de "Metrópole" na CDR non está no tamaño nin nos atributos dos seus barrios, grupos ou zonas. Materialízase e visualízase, por un lado, na gran infraestructura viaria que atravesa o territorio que cruza rías e cidade, con túneles e viaductos e, por outro, nos elementos xeográficos (a ría, a beira litoral, os outeiros e vales) que lle proporcionan a forma e a "identidade".

Unha forma que se fai plástica e moldeable (ó contrario do que sucede na tradicional cidade-compacta), por esa sempre buscada adaptación á topografía e ó lugar no proxecto albalatiano.

29. Hilbersemer, 1932.

Os "gromos" urbanos irán atopando o seu propio espacio, case que sen un plan previo establecido á maneira tradicional, buscando os mecanismos de interacción entre si a través de sutís redes viarias de tipo medio que unen os barrios e delimitan o conxunto destes e as súas zonas verdes. "Las vías exteriores seguirán aproximadamente curvas de nivel. Situadas a media ladera adaptándose al terreno y procurando que conserven un cierto carácter de vialidad rural"[30].

Albalat é consciente da imposibilidade de "pensar" en termos de cidade convencional a escala da CDR na súa globalidade. Pero esta consciencia non o paraliza, senón que o impulsa cara ó futuro, ó percibir con claridade que o gran soporte infraestructural da vía rápida (semellante á actual Autoestrada do Atlántico no seu percorrido entre A Coruña e Ferrol, pero cunha maior accesibilidade desde o territorio) será a que abra a posibilidade dunha "nova orde urbana". Unha "orde urbana" da que Albalat quería que os seus elementos e a súa *Estructura urbana evolutiva*[31] "[...] se plasmara y proyectara a priori de acuerdo con su futura gran dimensión" e que non se deixase ó arbitrio das forzas económicas incontroladas, senón que debe ser asumida e vivida "con la responsabilidad del hecho social y de la obra de arte auténtica"[32].

VIII. CONCLUSIÓNS

Na década dos anos sesenta Albalat percibe con claridade a necesidade de iniciar un debate sobre a Cidade no territorio.

Este debate debe partir da inevitabilidade dunha visión territorial do fenómeno urbano que transcenda os límites municipais tradicionais. Ata a década dos sesenta o "urbano" era exclusivo da "Cidade Central" neste caso A Coruña. O modelo subxacente nos Planes de Urbanismo (1948, 1968) reproducían o tradicional esquema do urbanismo radioconcéntrico decimonónico coas máximas intensidades no centro da cidade e a mínima na periferia do Termo Municipal (o extrarradio ou solos agrícolas).

No centro das estructuras urbanas das cidades existentes, que coincidían coa cidade histórica, levantábanse paisaxes urbanas de gran calidade urbanística e ambiental (a Pescadería e o Ensanche). O territorio próximo, ámbito administrativo dos termos municipais limítrofes caracterizábase pola existencia de espacios de gran valor natural e paisaxístico (a praia e dunas de Santa Cristina, as marismas e xunqueiras de Betanzos e Miño...). Tanto nunha área como noutra iníciase nestes anos a

30. Fernández Albalat, Andrés. *Op cit.*, p. 27.
31. *Ibidem*, p. 23.
32. *Ibidem*, p. 33.

proliferación de movementos especulativos e actividades cando menos preocupantes para a supervivencia futura dun patrimonio cultural e natural de indiscutible valor.

Estase abrindo a porta a unha forma precisa de entender a construcción do fenómeno urbano que co paso dos anos se converterá no modelo a imitar en múltiples vilas e aldeas de Galicia, e que eufemisticamente algúns denominan "feísmo" coa evidente intencionalidade de reducir a termos estéticos o que é un problema de modelo de país, de modelo territorial, de modelo de cidade... en definitiva un problema previo de ordenación do territorio e de planificación urbanística.

> Sin temor a ésta nueva Ciudad que se brinda. *Que empieza como posible solución a un problema urbanístico* y puede concluir como un quehacer bello, necesario y fecundo, ampliador de horizontes, consumidor de empeños, para una generación, la nuestra[33].

A CDR é unha chamada á reflexión sobre a necesidade "de un orden previo"[34] a necesidade de "pensar ahora, que si una entidad urbana se planeara y proyectara a priori [...] se llegaría a una feliz solución"[35], a pertinencia dunha visión "rexional" da planificación terrritorial "... la ciudad no es sino una parte de un conjunto económico..."[36], en fin, a necesidade dunha *Orde territorial e urbana* a escala global de toda Galicia e a escala das cidades e das súas áreas de influencia.

A compoñente estética, cuestión importante, é a emerxencia visible na superficie de iniciativas máis profundas á hora de pensar a cidade do novo milenio. A nova relación do home coa natureza e a necesidade da cohesión social como valor cultural irrenunciable da cidade debe estar no cerne das preocupacións das institucións con competencias e medios económicos e humanos e, por tanto, responsables últimas na elaboración dun modelo territorial (de país), e urbano (de sistema de cidades).

Albalat propón un discurso sobre unha cidade, a CDR, como resposta culta, a CDR como feito cultural e disciplinario ante a evidencia do que está comezando a suceder na cidade e no territorio na década dos sesenta:

A CDR formúlase como "idea-punto de partida" ante a evidencia dun "problema grave", o da gran cidade, co obxecto de abrir un debate urxente para elaborar unha alternativa ó proceso de urbanización da poboación galega en xeral e da coruñesa en particular.

33. *Ibidem.*
34. *Ibidem*, p. 7.
35. *Ibidem*, p. 20.
36. *Ibidem*, p. 32, citando a Carta de Atenas.

Fronte á opción de ocupación indiscriminada do territorio tanto por vivendas dispersas que se agochan tras elevados muros de bloques de formigón (primeira fase desde 1960 a 1980), como das urbanizacións pechadas sobre si mesmas (iniciadas na década dos sesenta e xeneralizadas especialmente a partir dos anos oitenta), e que son son os síntomas máis visibles do proceso de aculturalización globalizante dos conxuntos territoriais e urbanos, ámbitos paradigmáticos da desagregación social e do desarraigo, Albalat describe unha CDR como "lugar maravilloso para habitar y arraigar"[37]. Unha proposta que persegue unha sociedade urbana enraizada no territorio, cohexionada socialmente, e na que o acceso ós servicios que satisfagan necesidades vitais específicas (educación, sanidade, deporte, ocio, etc...) quede garantida nos diferentes niveis urbanos por unha equilibrada distribución dos mesmos no territorio, ó tempo que se restablezan unhas condicións naturais de vida en contacto coa natureza para os habitantes da nova metrópole, da *Grosstadt*.

A mensaxe ilustrada e igualitaria da CDR albalatiana non vai ser escoitada nos lugares do poder. A alternativa da CDR non se correspondía co papel asignado ós diferentes operadores urbanísticos no modelo implícito ó *desarrollismo* franquista: a debilidade crónica das administracións municipais e provinciais incapaces de promover modelos cultos de planificación urbana e territorial; o protagonismo exclusivo dun sector inmobiliario emerxente con vía libre para a realización das áreas urbanas máis nefastas da historia das nosas cidades (o Agra do Orzán na Coruña, o Calvario en Vigo, o Ensanche en Santiago, etc...), a promiscuidade entre axentes inmobiliarios privados e o poder político coa secuela da corrupción xeneralizada no proceso de construcción do urbano... son algunhas das causas que arrinconaron ó esquecemento a CDR. Causas que, a día de hoxe, seguen a persistir en maior ou menor medida, e que se agochan tralo alarmante proceso de "periferización" da paixase e de xeralización da "arquitectura do desarraigo"[38], signos visibles dun urbanismo insostible.

De aí a vixencia do discurso de Andrés Fernandez Albalat: pensar a cidade, pensar o territorio, pensar o país.

X. L. M. S.

37. *Ibidem*, p. 34.
38. Martínez Suárez, Xosé Lois. *Op. cit.*, 2001.

O Plan Comarcal no Proxecto de Extensión e Reforma Interior de Vigo de Antonio Palacios (1932)

José Ramón Iglesias Veiga

O proxecto de Extensión e Reforma Interior de Vigo de Antonio Palacios Ramilo contempla por primeira vez en Galicia a ordenación urbanística dun territorio supramunicipal, incluíndo un Plan Comarcal que pola costa abarcaba o espacio de todos os municipios da ría, desde Cangas a Baiona, mentres que polo interior comprendía os concellos de Gondomar, Mos e O Porriño. Como sinala Pereiro Alonso[1], o estudio e planificación urbanística de toda a área de influencia comarcal da cidade de Vigo ten un carácter novidoso ó ser paralelo a outras iniciativas que neste momento se producen, como as propostas dos irmáns Rubió e Turudí (1932) en Cataluña ou as de Núñez Granés (1929) e Zuazo e Jansen (1929) para Madrid. Nese ámbito supramunicipal tamén se sitúa o Plan de Extensión de Madrid, redactado en 1931.

O interese de Antonio Palacios pola urbanización da cidade de Vigo, arranca, segundo palabras do propio arquitecto[2], en 1908. Nese ano expón por primeira vez as súas ideas sobre a canalización da ordenación urbana da cidade ó ser consultado sobre unha iniciativa[3] enca-

1. *Vid.* Pereiro Alonso, J. L. *Desarrollo y deterioro urbano de la ciudad de Vigo.* COAG, Santiago de Compostela, 1981, pp. 67-110; "O urbanismo de Antonio Palacios", en *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945)*, Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 42-73.

2. Palacios Ramilo, Antonio. "Hacia el Vigo Futuro", *El Pueblo Gallego*, 15-IX-1934, pp. 3-4; *Faro de Vigo*, 15-IX-1934, p. 7.

3. O intento de levar a cabo una Exposición Internacional de Pesca, volve a reactivarse en 1928, trazando Manuel Gómez Román un proxecto que levaba aparellado a remodelación urbanística da fachada marítima da cidade de Vigo, desde o peirao de trasatlánticos á ladeira do Monte da Guía. *Vid.* Garrido Rodríguez, X. e Iglesias Veiga, X. R., *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista.* Edicións Xerais, Vigo, 1995, pp. 88-95.

miñada a realizar unha grande Exposición de Industrias do Mar. Por iniciativa propia o arquitecto porriñés redacta en 1919 un anteproxecto urbanístico para Vigo que presenta con grande entusiasmo nunhas conferencias pronunciadas no teatro Odeón os días 13 e 16 de setembro dese mesmo ano, dentro dun ciclo organizado pola prestixiosa sociedade La Oliva, cunha temática relacionada coa cidade, servicios municipais, infraestructuras, comunicacións, etc. Neste anteproxecto, do que se expoñen planos e bosquexos no salón principal da citada sociedade, están perfilados aspectos que Palacios incorpora posteriormente á redacción do proxecto definitivo de 1932, como as amplas vías Cornixa e Atlántica, a zona balnearia con Samil como gran centro, a ampulosa zona administrativa como monumental centro cívico, co Pazo Municipal sobre o antigo castelo de San Sebastián e o Palacio Rexional no cumio do Monte do Castro, etc.[4]

As propostas de Palacios tiveron unha favorable acollida nunha cidade nova á que o arquitecto quere dotar de referentes de identidade e dunha suntuosa imaxe, véndose as súas propostas ratificadas co nomeamento de fillo adoptivo de Vigo. Antonio Palacios era neses anos un arquitecto mitificado na cidade de Vigo pola serie de éxitos profesionais obtidos en Madrid e conta co apoio incondicional da prensa local, que lle dedica amplos espacios á difusión das súas ideas[5]. A partir de 1919, cunha sorprendente capacidade de suxestión, o arquitecto emprende unha auténtica campaña de promoción das súas propostas urbanísticas e arquitectónicas para Vigo e a súa comarca, mediante unha longa serie de artigos publicados na prensa local. Esta campaña, tras favorecer o encargo definitivo do Plan de Extensión e Reforma Interior de Vigo en 1930, acentúase no proceso de redacción e exposición do proxecto.

A presentación do anteproxecto en 1919 efectúase nunha das etapas culminantes da carreira profesional de Palacios. Nese ano en Madrid redacta o proxecto do Círculo de Belas Artes, estando xa concluído o proceso constructivo das primeiras grandes obras: Palacio de Comunicacións, Banco do Río da Prata (hoxe Central Hispano) e Hospital de Maudes. Obras que, conxuntamente cunha serie de edificios comerciais, contribúen notablemente á transformación de Madrid en capital cosmopolita, outorgándolle ó arquitecto unha gran sona e prestixio profesional. Nese mesmo ano leva a cabo os primeiros estudios urbanísticos para o centro de Madrid. É tamén o momento no que o arqui-

4. "La semana cultural", *Faro de Vigo*, 14, 16 e 17-IX-1919, pp. 1 e 2; "El arquitecto Palacios", *Faro de Vigo*, 18-IX-1919, p. 1.

5. Entre os apoios destaca o de Jaime Solá, director da revista *Vida Gallega*, que foi un dos primeiros en dar a coñecer as características do anteproxecto: "El Vigo futuro de Palacios", *Faro de Vigo*, 19, 20, 21. 22. 23. 24. 25- IX-1919, p. 1.

tecto porriñés acrecenta a súa vinculación con Galicia, aproximándose, desde un plano nostálxico e sentimental ó galeguismo[6]. Para a súa terra estudia nestes anos as posibilidades dunha arquitectura entroncada no vernáculo, que concreta por primeira vez no proxecto non construído da igrexa da Encarnación de Celanova (1918) e no edificio do Concello do Porriño (1919), abrindo unha vía de expresión rexionalista na arquitectura galega que terá longa continuidade na obra doutros profesionais como Manuel Gómez Román, Jenaro de la Fuente Álvarez, Antonio Cominges, etc. Sen embargo, Palacios só considera válida esta vía de expresión rexionalista para a arquitectura da periferia, da barriada obreira, da pequena vila, da cidade-xardín, etc., mentres que para o centro urbano será partidario de propostas arquitectónicas máis cosmopolitas, como amosa o proxecto definitivo de urbanismo de Vigo ou a propia obra madrileña.

En relación co futuro da súa terra, Antonio Palacios defende a potenciación das cidades atlánticas de Vigo, Vilagarcía de Arousa e A Coruña, que actuarían como instrumentos de arrastre do desenvolvemento económico do resto de Galicia. Nunha carta remitida ó alcalde de Vilagarcía de Arousa, trala presentación dun plan parcial de urbanización desa cidade, sinalaba:

> Sinte hoxe Galicia unha gran sacudida renovadora. Percíbese con craridade no ambente. Comprobeino persoalmente nas solemnidades celebradas en Villagarcía, nas que por virtude da presentación do meu proieto e da conferencia para expricar os plans da futura Arosa, serviu a miña persoa de pretexto, e sinto por elo un nobre e santo orgulo, para se reunir a máis compreta representación de Galicia ao rededor d'un acto que representaba esas arelas de renovación e de progreso. E cada vez afírmome máis en que ese engrandecemento de Galicia só lograrase ao se axigantar a súas tres grandes cidades do litoral: Vigo, A Coruña e Arousa...[7]

6. Palacios manterá contactos con personalidades do galeguismo como Castelao, Otero Pedrayo, Valentín Paz-Andrade, etc. Este último recoñece nos seus escritos a vinculación do arquitecto coa súa terra: "Cando o movimento galeguista se puxo en pé, Antonio Palacios levaba xa anos de residencia en Madrid. Seu irmao Xosé, que seguía morando na vila natal, incorporóuse ao partido desde a Asembleia Nazonalista de Sant Iago. Mais como vontade e cerebro gañados pol-a causa do engrandecimento da súa Terra, Antonio tiña merecementos propios. E non pequenos..." (Paz-Andrade, V. *Castelao na luz e na sombra*, Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1986, pp. 198-9). Alusións similares atópanse en *Galicia lavra a súa imagen* (Edicións do Castro, Sada-A Coruña, 1985, pp. 201-20), obra na que Paz-Andrade lle dedica un capítulo completo ó seu amigo arquitecto.

7. *A Nosa Terra* 194, 1-XI-1923; "Ensanche de Villagarcía de Arosa, según los planos del arquitecto Palacios", *Faro de Vigo*, 10-VIII-1923, p. 1.

O arquitecto concreta planos de urbanismo[8] para Vilagarcía de Arousa (1922) e Vigo (1932), e incluso inicia estudios en relación coa Coruña tras recibir en 1922 unha invitación oficial do alcalde desa cidade Asúnsolo Obanza[9]. Noutros artigos e intervencións do arquitecto volve aparecer ese interese, sempre ligado ó desenvolvemento económico de Galicia, desexando ver convertida a cidade de Vigo na "Barcelona do Atlántico":

> Galicia entera desea —hoy más que nunca— poseer y ostentar una gran ciudad que pregone ante el mundo, de modo decisivo e indudable, el valer de nuestra raza, tantas veces regateado. Son incalculables las consecuencias, en todos los órdenes, que de tal hecho se derivarían y no sería la menos importante la de que tal ciudad habría de recoger, a modo de embalse, la sangría suelta de la actual emigración gallega. Por otra parte, ¿Quién duda que el equilibrio económico de España, en el régimen de sus puertos, no alcanzará su completa perfección, mientras no surja potente la Barcelona del Atlántico?[10]

Esta énfase na potenciación das grandes cidades marítimas oponse, en aparencia, ás posicións do galeguismo, que neses anos dirixía a mirada á Galicia rural, depositaria das esencias da nacionalidade, fronte ó mundo urbano que se consideraba desgaleguizado. Sánchez Cantón recolle a reticencia de Castelao diante deste posicionamento de Palacios no solemne acto de presentación do proxecto de Vilagarcía, sinalando que toda Galicia é unha gran cidade: "coa Eigrexa ia Universidade, en Compostela; a Audiencia ia Capitanía, na Cruña; en Vigo a tenda; os xardíns en Pontevedra"[11]. A atención que recibía neses anos a Galicia rural e outras indicacións da intelectualidade galeguista relacionadas cunha arquitectura respectuosa co medio xeográfico e paisaxístico non pasaron desapercibidas para Palacios. Na súa proposta urbanística de Vigo non existe unha disxuntiva entre campo e cidade, senón que opta por solucións integradoras, nas que a ampla zona rural da bisbarra viguesa se insería no propio desenvolvemento da cidade. A intención de abarcar unha planificación supramunicipal esbózase nun artigo[12] que o arqui-

8. Para Ourense redacta en 1927 un proxecto de reforma dos accesos á catedral. En 1932 traza outro similar para Santiago de Compostela no que propón a apertura da Rúa Galicia, entre a Praza do Obradoiro e a zona do inicio da alameda.

9. Alejandro Barreiro afirma que Palacios chegou a iniciar os estudios da urbanización da Coruña, pensando nun ensanche da cidade cara ó Orzán e Pasaxe. *Vid.* Barreiro, A., "Antonio Palacios", *Boletín de la Real Academia Gallega* 385-388, 1945, tomo XXIV, pp. 350-52.

10. Palacios Ramilo, A., "Hacia el Vigo Futuro. 1919-1920", *Faro de Vigo*, 8-IX-1920, p. 1.

11. Sánchez Cantón, F. J. *Pontevedra y los pontevedreses. Inéditos y dispersos.* El Museo de Pontevedra, Pontevedra, 1973, p. 28. Se ben Sánchez Cantón sinala a data de 1927, o acto celebrouse o 18 de setembro de 1922.

12. Palacios Ramilo, Antonio. "Hacia el Vigo Futuro. 1919-1920", *art. cit.*, p. 1.

tecto publica en 1920. Nel aparece a idea dunha inmensa cidade-xardín que abarca toda a área de influencia de Vigo. Na integración de toda a bisbarra coa cidade concédelle grande importancia ás comunicacións, con vías penetración e cintura, ferrocarrís eléctricos, vapores, etc., pondo como exemplo a liña do tranvía Vigo-Porriño, que acababa de inaugurarse, e o proxecto entre Vigo e Baiona en fase de xestación. A atención ó medio xeográfico e ó tradicional hábitat disperso galego está na base da súa proposta:

> Galicia posee más de la décima parte de la población de España —112 habitantes por kilómetro cuadrado en la provincia de Pontevedra, siendo los correspondientes al resto de las provincias españolas 39—, pero mientras en las demás regiones viven por término medio el 74 por 100 de sus pobladores en ciudades y sólo el 26 por 100 restante en los campos, en nuestra región, por el contrario, habitan en los valles y en las montañas un 78 por cien y sólo un 22 por cien forman las agrupaciones urbanas. ¿Qué consecuencias obtendremos con relación al problema de las comunicaciones de esta marcada tendencia de los gallegos a vivir a modo de lo que ahora se llama ciudad-jardín? Pues que, más que ferrocarriles —adecuados para trasladar grandes masas de viajeros de ciudad a ciudad— necesitamos numerosas líneas de tranvía eléctricos que acudan a los lugares más diseminados a fin de conducir a los numerosos dispersos viajeros.

No citado artigo aparece unha mención á arquitectura que Palacios desexa para esta ampla zona de influencia da cidade, inclinándose na vivenda unifamiliar por un rexionalismo de contidos galegos que toma referentes das tradicións constructivas vernáculas. Pon como exemplo a cidade de Bilbao e as barriadas xardín de Neguri, As Arenas, Algorta, Achuri e Santurce, ás que caracteriza por la presencia de fermosas residencias de "estilo vasco modernizado". Manifesta tamén o seu rexeitamento á implantación de arquitecturas foráneas no medio rural, coincidindo, como se comentará, cos posicionamentos de destacados membros da intelectualidade galeguista:

> Vengamos ahora a Vigo a cruzar el paraíso por donde atraviesa el trayecto recientemente inaugurado del Vigo-Mondariz e imaginad entre cada agrupación de pinos, de graciosa artística silueta, una linda casita campesina de gallego estilo —nada de chalets suizos—. Colocad otras en los ribazos tapizados de maizales y viñedos o en los lugares en que, los lejanos montes, son dominados por los peñascos wagnerianos del bravío Montefaro y comprenderéis como en plazo cortísimo habrán de poblarse estos lugares, predilectos de Dios, con la creación de centeneras de villas con sus hermosos huertos...

Esta ordenación supramunicipal estaba presente tamén nas súas ideas sobre a planificación de Vilagarcía de Arousa. Se ben o proxecto que

presenta en 1922 só afectaba ós terreos da zona da Golpilleira, o arquitecto anticipa solucións para a futura urbanización de Vilagarcía nas que está presente a creación dunha grande área de extensión comarcal que comprendía todo o espacio situado entre Vilanova a Cambados[13].

ÁREAS MARÍTIMA E INTERIOR

O 1 de decembro de 1932 Antonio Palacios asina o proxecto definitivo do Plan de Extensión de Reforma Interior de Vigo, que será aprobado polo Concello en xaneiro de 1934 e polo Ministerio de Traballo, Sanidade e Previsión Social en xuño dese mesmo ano. Trala aprobación xorde unha forte oposición. O proxecto será suspendido co inicio da Guerra Civil, para quedar definitivamente anulado en febreiro de 1937 por sentencia do Tribunal Contencioso Administrativo.

Palacios presenta unha planificación moi ambiciosa, que excede as posibilidades reais do Estatuto Municipal de 1924 ó incluír no proxecto a regularización de toda a bisbarra viguesa. Aborda o proxecto concedéndolle grande importancia ós factores económicos e demográficos á hora de definir as necesidades da cidade, se ben as súas previsións demográficas son excesivas ó atoparse co precedente do gran crecemento de Vigo das últimas décadas do século XIX e primeiras do XX. Na súa proposta aparecen influencias das correntes do urbanismo do momento, desde as funcionais de Le Corbusier ata as esteticistas de Camilo Sitte, pasando polas propostas anglosaxonas que parten de Ebenezer Howard. Esta integración de influencias aparentemente contradictorias está presente tamén na súa arquitectura. González Amezqueta[14], recollendo unha reflexión de Fullaondo, sinala a presencia dunha sensibilidade *heterotópica,* que lle permite a Palacios fragmentar, separar e xustapor elementos procedentes de diversos repertorios e acumulalos na súa obra. O propio arquitecto reflicte na memoria o intento de conciliación das correntes do urbanismo da época:

> Una ciudad es un útil vital. A nadie se le ocurriría planear la rueda dentada de una máquina sin saber con cual otra ha de engranar, y al día siguiente, una biela sin saber qué giro ha de promover. La máquina así sería una disparatada monstruosidad. Paralelamente a estos fines utilitarios, debe ser exaltado el aspecto artístico de la ciudad pues el arte urbano moderno ha evolucionado, también, muy

13. Iglesias Veiga, X. R. *Antonio Palacios. Arquitecto. Do Porriño a Galicia.* Deputación Provincial, Pontevedra, 1993, p. 71-74.

14. González Amezqueta, A. "Unha nova ollada á obra de Antonio Palacios", en *Arquitecto Antonio Palacios (1874-1945),* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1998, pp. 14-23.

> especialmente, en lo que se refiere al estudio de harmonización con el cuadro natural; por otra parte el gran desarrollo de las plantaciones públicas y privadas es una revolución en los aspectos artísticos urbanos del día. La composición de los planos de las ciudades se ha transformado para conseguir una belleza nueva. El intenso movimiento, la luz esplendorosa, los pavimentos brillantes y tantos otros, son poderosos factores de belleza moderna. Entre Camilo Sitte, que considera a la ciudad como un objeto de arte y Le Corbusier, que la estudia teóricamente, como un útil de trabajo, debe optarse por el término medio, justo, como lo hace Unwin. Ese ha sido el criterio adoptado para el trazado urbanístico de Vigo[15].

Como aspecto novidoso aparece con claridade o concepto do urbanismo funcionalista da zonificación, dividindo a cidade en tres grandes áreas: marítima, interior e de extensión. A súa vez cada unha destas áreas subdivídíase en zonas de menores dimensións con funcións máis especializadas. A propia concepción desta zonificación ten un carácter supramunicipal ó contemplar na planificación a integración do veciño Concello de Lavadores, que non se anexiona a Vigo ata o ano 1941. A planificación da área marítima tiña tamén ese carácter ó estenderse polos municipios da costa.

A área marítima acollía as zonas: comercial, cabotaxe, viaxeiros, pesqueira, balnearia e industrial. A zona balnearia, á que Palacios lle concede grande importancia en relación co desenvolvemento turístico, estendíase pola costa ata a vila de Baiona a través da vía Erizana, tendo a Samil como gran centro, desde a propia praia ata cabo Estai. Este centro balneario de Samil recibiría unha profunda urbanización, primando no seu deseño os criterios estéticos, como sucede tamén no tratamento de parte da área interior. No extremo leste da área marítima emprazábase a zona industrial, que partía da punta da Guía e estendíase cara ó fondo da ría con posibilidade de prolongarse indefinidamente cara a Ulló (Arcade) e establecerse tamén na marxe do Morrazo. A zona pesqueira desprazábase cara a Bouzas, para crear unha gran praza no espacio do Berbés, que desaparecía totalmente como barrio histórico.

A área interior comprendía o que nese momento constituía a aglomeración urbana de Vigo, dividíndose tamén en varias zonas: administrativa, comercial e de vivendas, universitaria, médico-sanitaria e ferroviaria. O deseño desta área presenta os criterios máis tradicionais do conxunto do proxecto, sobre todo na zona administrativa, que o arquitecto concibe como elemento referencial e emblemático da cidade. Propón para

15. Arquivo Municipal de Vigo (A.M.V.). Urb-47, tomo II, Memoria do Plan de Extensión e Reforma Interior de Vigo, pp. 108-9.

este espacio drásticas actuacións que levarían á desaparición de gran parte do actual "casco vello" e do barrio do Berbés, para crear de nova planta un suntuoso centro urbano. No seu tratamento priman os aspectos estéticos, relacionados coas propostas de Camilo Sitte ou da *City Beautiful* de Daniel Burnham. Desde a Estación Marítima abríase a ampulosa Rúa Galicia, como monumental e novo centro cívico da cidade, que, flanqueado por axigantados e suntuosos edificios, remataba co Pazo Municipal na plataforma do castelo de San Sebastián, completándose as impresionantes perspectivas no cumio do monte Castro co Pazo Rexional, elemento referencial e visible a longas distancias. Palacios deixa bosquexada esta suntuosa arquitectura, derivada en parte do Círculo de Belas Artes de Madrid e dos seus afamados edificios comerciais. O arquitecto concede grande importancia a esta zona administrativa, centrando nela parte da campaña de promoción do proxecto, tentando cativar ós vigueses cunha nova e impresionante silueta da cidade, que deixa plasmada con grande espectacularidade na maqueta. Pesaría na concreción deste novo centro urbano a súa propia experiencia madrileña como arquitecto que dotou a Madrid dunha fisionomía cosmopolita e tamén a mirada a importantes actuacións levadas a cabo nesa cidade, como a apertura da Gran Vía, que Palacios cita como exemplo na memoria e nos artigos publicados[16] en relación co proxecto vigués. Na memoria tamén xustifica esta dura actuación sobre o tecido urbano herdado, citando a Le Corbusier e as súas drásticas propostas do plan *Voisin* (1925) para o centro de París[17].

Contrasta a desconsideración co preexistente na zona administrativa, con respecto pola xeografía e natureza na área de extensión e no Plan Comarcal. A drástica proposta de actuación sobre a cidade histórica será un dos puntos sobre os que se asente a forte oposición que recibe o proxecto trala súa aprobación en 1934 e posiblemente unha das principais cuestións que o levou a fracasar. Na zona comercial e de vivendas, que se corresponde co ensanche da cidade, non propón actuacións de reforma interior, respectando Palacios a súa suntuosa edificación ecléctica. A zona universitaria situábase na ladeira sur do Monte do Castro e a médico-sanitaria no Regueiro, nas proximidades do Hospital Municipal.

O sistema viario partía das vías Atlántica e Cornixa. A primeira trazábase pola beiramar, bordeando o Monte da Guía para continuar ata a

16. Palacios Ramilo, A. "Hacia el Vigo Futuro. Urbanismo moderno", *Faro de Vigo*, 24-VII-1934, pp. 8-9.

17. A.M.V. Urb-47, tomo II, Memoria... p. 139: "...urbanista tan destacado como Ms. Le Corbusier, propone el total arrasamiento del casco central de París para trazar una ciudad aboslutamente teórica y moderna..." Na memoria reitera esa alusión ó plan parisino (Urb-48, tomo III, p. 337).

praia de Samil. A vía Cornixa adaptábase á topografía da cidade, transcorrendo polos puntos altos da cidade, desde a zona do Monte da Guía á parte baixa do Castro, para proseguir no seu trazado ata enlazar con Samil. Estas vías lonxitudinais completábanse coas vías Céltica, Alba e Sárdoma, trazando tamén un gran número de vías secundarias.

A ÁREA DE EXTENSIÓN E PLAN COMARCAL

A área de extensión regularizaba o espacio periférico de transición campo-cidade, polo que está intimamente ligado á propia concepción do Plan Comarcal, tendo solucións similares nalgúns aspectos. O tratamento da área de extensión e do propio Plan Comarcal expresa a vontade de Palacios de abordar o tema da cidade desde unha dimensión territorial. Nas solucións adoptadas aparece a mirada ás formulacións de Ebenezer Howard e Raymond Unwin e ás propostas de Patrick Gèddes dun urbanismo atento ás necesidades comarcais e rexionais. As referencias a Raymond Unwin, que publica en 1909 *Town planning in practice*[18], son abundantes na memoria. Esta mirada ó mundo anglosaxón está presente na súa arquitectura comercial e tamén nas singulares propostas rexionalistas de vivenda residencial nas que asoma un substrato pintoresco derivado do *cottage* inglés.

A área de extensión abarcaba ademais da superficie libre de edificación da área interior, o termo municipal de Vigo e o doutros concellos veciños, mediante unha forma mancomunada. Posibilidade que Palacios pensa que ofrece o Estatuto Municipal. A área de extensión contiña as seguintes zonas: obreira, residencial (barriadas-xardín e bloques abertos), militar e xurídica, agrario forestal e espacios libres (zonas verdes: parques públicos, particulares, deportivos e necrópoles). Na área de extensión e no propio Plan Comarcal unha das fórmulas escollidas para canalizar o crecemento urbano é a cidade-xardín. As ideas de Howard tiveron unha grande influencia no continente europeo, pero cunha interpretación allea á natureza das súas formulacións orixinais, que se limitou en moitos casos a unha operación de parcelación de terreos para as clases medias e acomodadas, creando barriadas residenciais con vivendas rodeadas de xardín ou zona verde. Estas barriadas-xardíns foron en xeral operacións realizadas ás costas do planeamento xeral da cidade. Palacios consideraba que a cidade de Vigo estaba situada no medio dunha inmensa cidade-xardín, incidindo na necesidade de ordenar o espacio da periferia e da bisbarra:

18. Unwin, Raymond. *La práctica del urbanismo. Introducción al arte de proyectar ciudades y barrios.* Gustavo Gili, Barcelona, 1984.

> [...] porque extendiéndose el caserío actual, de modo indefinido, en todos sentidos, esparciéndose por los valles o trepando por las laderas, en todas ellas es preciso atajar, ordenar y prever los trazados, de tal modo que las generaciones futuras no encuentren las enormes dificultades con que nosotros tropezamos ahora...[19]

O tratamento das zonas residenciais da área de extensión ten un carácter novidoso e progresista ó propor a construcción de bloques de vivenda colectiva illados con xardín, rexeitado totalmente a disposición tradicional de rúas:

> Se condena, en absoluto, para ellas, la disposición tipo de calles corredor, con edificios (en bloques cerrados y patios interiores) construidos al filo de las alineaciones oficiales. Tal tipo de calles es ya inadmisible; son tristes, sombrías, húmedas y por tanto totalmente antihigiénicas. No despiertan otra idea más que la de la sórdida usura de los propietarios que las construyen y el abandono de las autoridades que las consienten. De ahí, la adopción y éxito creciente, de las barriadas-jardín y las de construcciones en bloques abiertos de casas altas, pero rodeadas también de amplios jardines exteriores e interiores...[20]

Na proposta de ordenanzas volve a aparecer con maior intensidade esta cuestión ó establecer a presencia de edificios illados, que sería aspiración na área interior e condición esixible na de extensión. No artigo catorce especifica con rotundidade que serán edificios illados, visibles nas súas catro fachadas, con antexardín que separe a fachada da aliñación oficial, patios exteriores en planta dentada, con supresión ou máxima limitación de patios interiores. Nesa concepción de edificios abertos existen contactos co urbanismo funcionalista, coa idea de cidade no parque ou cidade-xardín vertical.

A zona agrario-forestal era considerada por Palacios como preciosa conquista do urbanismo do seu tempo ó recomendar a creación dunha área de cintura forestal nas cidades. Sinala que esta cuestión é vella nas cidades galegas, polo que considera necesario canalizala. Na proposta de ordenanzas esta zona rexíase por un regulamento especial que fixaba a proporción de superficie que se se permitía construír e o número de plantas:

> [...] pero sin que por ningún concepto, en estas zonas agrario-forestales, se permita la ejecución arbitraria de barriadas de viviendas, sin que previamente ellas obedezcan a un plan oficialmente aprobado

19. Palacios Ramilo, Antonio. "Acerca del plan de Extensión y Reforma Interior de Vigo", *Faro de Vigo*, 17-XII-1932, p. 10.
20. A.M.V., Urb-47, tomo II, Memoria... p. 161.

> para construir un poblado satélite. Se crearán edificios-tipo de vivienda rural, con arreglo a las modalidades regionales y con todas las condiciones higiénicas para esas viviendas y para los establos, estercoleros, etc.[21]

As vías que conducían a estas zonas agrario-forestais quedarían separadas por unha ampla franxa de árbores que protexera as vivendas.

O PLAN COMARCAL

O Plan Comarcal supón o estudio da integración de toda a bisbarra viguesa no desenvolvemento da cidade, abordando a vella utopía da fusión do campo coa cidade. Esa preocupación da relación entre cidade e natureza, con outra orientación, non era allea ó urbanismo funcionalista. Antonio Palacios consideraba que xa nese momento

> [...] los habitantes de esta comarca forman parte de la ciudad misma, al acudir cotidianamente a ella, para el desarrollo de sus variadas actividades económicas y culturales. De ahí la necesidad de esa creación, tan típica del urbanismo moderno, de las ciudades jardín y de las villas satélites, o bien, la simple ordenación de las ya existentes, así como el estudio de los respectivos medios de comunicación y enlace. Hoy existe, patente, en la comarca viguesa, esta esfera de influencia (hinterland) tan importante, que puede asegurarse, que es de hecho, esta ciudad, a los efectos de vida económica y cultural, una población de doscientos mil habitantes. Se comprenderá, por ello, la trascendente importancia de tal estudio[22].

O Plan Comarcal creaba de forma concéntrica á cidade de Vigo vinte cidades satélites, situadas nun radio de quince a vinte quilómetros. Nesta disposición aproveitaba en gran parte os asentamentos urbanos preexistentes, coa idea de que a comarca viguesa se transformase nunha enorme cidade-xardín. Palacios non contempla como cidade-satélite o municipio de Lavadores ó consideralo parte de Vigo e integralo na planificación das áreas marítima e de extensión. Na ordenación da bisbarra introduce tamén a zonificación, como consecuencia da propia ordenación da área marítima, continuando cara a Baiona a zona balnearia, mentres que pola costa, cara ó leste, se expandía a zona industrial. A primeira cidade-satélite proposta era Abra (actual praia de Patos), na que o arquitecto creaba unha vila-xardín en torno á praia, con comunicación a través da vía Erizana e do tranvía. A continuación situábase a

21. A.M.V., Urb-48, tomo III, Memoria... p. 380.
22. *Ibidem*, p. 293.

cidade-satélite de Panxón (Nigrán), a única da que define un plano de urbanización, que presenta como modelo. Como é consubstancial á arquitectura de Palacios o seu proxecto do Templo Votivo do Mar convértese en referente urbano, pechando a súa silueta a perspectiva do centro cívico proposto. En relación cos criterios seguidos no trazado, afirma:

> Para este trazado se utilizarán las excelentes condiciones de sus fértiles terrenos que la circundan y por tratarse de un pequeño poblado pintoresco, se someterá, en parte, a los principios de planeamiento irregular preconizados por Camilo Sitte en su famoso libro Construcciones de ciudades, según principios artísticos, sin perjuicios de las modernas normas de una perfecta sanidad e higiene...[23]

Arcaísmo ou primitivismo, cunha forte dose de ruralismo, que está presente na arquitectura bosquexada ou pensada para estes espacios, como mostran no propio Panxón o templo Votivo do Mar ou os chalés de Celso Méndez e Sileno en praia América. O arquitecto contempla tamén a zonificación:

> [...] Dentro del reducido plan se ha procurado la debida zonificación al establecer el centro cívico en su plaza central, a cuyo eje desembocará la calle comercial, el barrio de pescadores, jardín público, zona balnearia y residencial de casas unifamiliares con jardín, así como se fijará también el emplazamiento de los edificios públicos, escuelas, mercado, casino e iglesia...[24]

A terceira vila satélite nesta zona balnearia é Vincios, para a que o arquitecto propón a creación dunha barriada-xardín en altura, protexida polo monte Galiñeiro e con boa comunicación con Vigo, Porriño e Baiona. A continuación situábase Lourido (hoxe praia América) que mantén o uso residencial, respectando Palacios un plan de ordenación redactado polo seu compañeiro Jenaro de la Fuente Álvarez. Neses anos esta praia transformábase nunha zona de veraneo da burguesía viguesa, en competencia coa de Canido, máis próxima á cidade de Vigo. Outras das cidades-satélites propostas eran Gondomar, Sabarís e A Ramallosa. Estas últimas recibirían un tratamento conxunto, cunha urbanización de carácter lineal. Baiona, á última cidade-satélite desta zona, convertíase nunha gran vila balnearia. Palacios amosa respecto pola arquitectura histórica da vila, que considera xenuinamente galega:

23. "Galicia progresiva. La extensión urbana de Panjón y su nueva iglesia parroquial", *Faro de Vigo*, 26-XI-1932, p. 3; A.M.V., Urb-48, tomo III, Memoria..., p. 295.
24. *Ibidem.*

> [...] esta ciudad histórica, de gran carácter, debe ser cuidadosamente conservada, creando las nuevas barriadas jardín para convertirla en lugar balneario de primer orden. En ella termina, la gran vía Erizana, tantas veces citada[25].

Noutras propostas urbanísticas da época tamén aparecen solucións para crear zonas balnearias ou de repouso fóra das grandes cidades, como sucede en 1932 en Barcelona coa *Ciutat del Repòs i Vacances* situada no delta do Llobregat e en Madrid coa Cidade Verde do Jarama.

O Plan Comarcal contempla tamén a creación de cidades-satélites na outra marxe da ría, solucionando o problema da súa integración na cidade coa mellora das comunicacións terrestres mediante a construcción dun viaducto no estreito de Rande. Na península do Morrazo a área de influencia da cidade remataba nas vilas-satélites de Aldán e Liméns. A atención de Palacios céntrase en Cangas, comentando a necesidade dunha urxente actuación co trazado dun amplo plan de extensión urbana ó concederlle unha grande importancia como gran porto pesqueiro complementario do de Vigo e lugar natural de expansión da industria conserveira. Ó igual que en Panxón sinala a posible zonificación, delimitando as áreas pesqueira, balnearia, barriada-xardín, etc. Indica tamén as boas condicións para crear barriadas obreiras e agrícolas. As vilas-satélites de O Con e Moaña serían tratadas en conxunto ó consideralas o arquitecto como unha extensa vila-parque ou vila-xardín, con casarío disperso polas aldeas de Quintela, Paradeira, Couso, Carballo, Moureira e Lauredal. Polas súas características sinala que debe ser desterrada toda zona industrial deste espacio, para estudiar un plan "técnico e artístico á vez". En Domaio creaba unha nova vila-satélite que se estructuraría en función da construcción dunha ponte no estreito de Rande.

A continuación, en dirección leste, bordeando o fondo da ría, Palacios establecía a vila-satélite de San Adrián, que comprendía os "poboados-xardín" de San Adrián, Pausadas, Río Maior, Cardiña e Santa Cristina de Cobres. Prevía establecer neste espacio unha gran barriada de vivenda obreira no momento de máxima expansión industrial de Vigo. No fondo da ría creaba a vila de Ulló, abarcando as localidades de Pontesampaio e Arcade. Nesa continuidade coa ría, situaba unha nova cidade-satélite en Redondela, localidade para a que dispuña a creación dun *boulevard* de cintura que enlazara as estradas coa estación do ferrocarril e coa praia de Cesantes.

Ademais da extensión pola beira litoral, o Plan Comarcal ampliábase polo interior cara ó Porriño, vila natal do arquitecto. A comunicación

25. A.M.V. Urb-48, tomo III, Memoria..., p. 298.

de Vigo con esta localidade estableceríase a través dunha autoestrada que tería un trazado paralelo ó da liña do tranvía Vigo-O Porriño, para continuar despois en dirección a Madrid. Na zona alta deste traxecto, a 280 metros de altura sobre o nivel do mar, situábase a vila-satelite de Guizán, constituída por unha colonia-xardín similar á proposta para Vincios. No val da Louriña prevía a creación das cidades-satélites do Porriño e Atios. Para a primeira propón unha urxente urbanización cunha vía de cintura que enlazara as estradas, desconxestionando o centro da vila. A ese trazado engadiríase outro que Palacios sinala ter bosquexado. Atios convertíase nun centro de comunicacións, ó instalarse nas gándaras de Prado (Budiño) o Aeroporto Nacional do Noroeste, unha grande estación ferroviaria de clasificación de mercadorías e unha Escola Granxa Agrícola do Estado, que o propio Palacios parece haber proxectado. O proxecto dun aeroporto nas Gándaras de Budiño para toda Galicia fora aprobado oficialmente en 1928, complementándose con instalacións para hidroavións na enseada de San Simón en Redondela. O proxecto foi estudiado sobre o terreo por técnicos aeronáuticos, deseñando Jenaro de la Fuente Álvarez os edificios complementarios. Finalmente todo quedou no papel.

Como sistema de comunicación prevía unha estructura radial, con enlaces mediante vías de cintura. Ademais da mellora das estradas existentes, propuña a creación de autoestradas. Unha delas, partindo de Baiona (vía Erizana) conectaría na cidade coas vías Atlántica e Cornixa e Praza Galicia, para despois continuar a través da ponte de Rande cara a Cangas e Aldán. A outra autoestrada comunicaría co Porriño e Atios a través de Guizán. Apoiábase tamén na existencia do tranvía eléctrico Vigo-Porriño e Vigo-Baiona, inclinándose tamén por este medio de transporte entre Vigo, Cangas, Aldán, Bueu e Marín, trala construcción do viaducto de Rande.

Na proposta de ordenanzas, as vilas-satélite da zona balnearia quedaban suxeitas a un regulamento especial no que segundo a importancia e carácter de cada rúa, praza ou paseo se determinaría o tipo de edificio, a distancia mínima entre aliñacións, a proporción entre as superficies construídas e espacios libres, así como a uniformidade ou variedade da composición arquitectónica. Determinaba tamén a prohibición total de construcción de edificios con paredes medianeiras, polo que todos tiñan que estar illados e con ocos nas catro fachadas. Tamén quedaban prohibidos os pechamentos dos xardíns, permitíndose só un pequeno zócolo de sebes vivas. Os paseos da praia da zona balnearia terían unha ordenación arquitectónica uniforme.

Nas ordenanzas establecíase tamén unha regulamentación especial para as zonas obreiras e residencias. Referíndose a Raymond Unwin (*Étude pratique des Plans de Villes*), o arquitecto sinala que se fixarían

os coeficientes de poboación e a proporción entre os espacios libres e as superficies edificadas "ya se trate de casas unifamiliares o de bloques aislados (con patios exteriores) de acumulación de viviendas". Palacios dedícalle atención ó tema das barriadas obreiras que se instalarían na área de extensión e no territorio regulado polo Plan Comarcal. Para a solución da problemática da súa construcción propón:

> Primero: municipalización de los terrenos en que las barriadas obreras hayan de implantarse, adquiriéndolas el Estado o los Municipios, para su reventa a un precio tipo de simple reversión, sin que este precio pueda alterarse en el transcurso de los años... Segundo: abaratar los materiales de construcción por medio de una producción cooperativa, estandarizada, estudiando, si es preciso, la prestación personal de los usuarios en las horas libres. Tercero: aportaciones de los préstamos a pagar en el plazo de vida previsto para cada edificación, con lo cual esta sería abonada por dos o tres generaciones de la misma familia de usuarios... [26]

PLAN COMARCAL: PROPOSTAS ARQUITECTÓNICAS

Se ben Palacios non alude directamente na memoria a un tipo concreto de arquitectura para o espacio rural da bisbarra viguesa, é posible intuír, polas propias características da súa obra, artigos e propostas presentadas en relación coa vivenda obreira, unha vía rexionalista que entroncara co vernáculo que se aplicaría sobre todo á vivenda unifamiliar. A creación de Palacios sempre partiu dun diálogo co entorno no que se implanta, amosando interese por un rexionalismo de contidos galegos para os espacios afastados do centro urbano e cosmopolita da cidade. Unha arquitectura que rexeita o pastiche e a copia mimética de elementos da tradición construcción galega ou dos estilos históricos e amosa preocupacións polo entorno.

Na definición desta arquitectura atende Palacios a uns referentes que proveñen do ambiente cultural do galeguismo, estando tamén presente a aceptación que a propia tendencia rexionalista ten noutros puntos da xeografía española como Cantabria, Euscadi, Sevilla, etc. No ambiente cultural galeguista, dentro da atención preferente que recibe o espacio rural, aparece, trala creación das Irmandades da Fala en 1916, unha demanda que reclama unha atención da arquitectura ó vernáculo e ás características singulares da xeografía galega. Na Asemblea Nacionalista que as Irmandades celebran en Lugo os días 17 e 18 de novem-

26. A. M.V. Urb-47, tomo II, Memoria..., pp. 157-8.

bro de 1918 apróbase un manifesto —considerado como o arranque do nacionalismo galego— no que ó lado das cuestións políticas, aparece un mención directa á arquitectura. O punto sétimo[27] proclamaba:

> [...] a soberanía estética da Nazón Galega que se exercerá: a) Sobor das construccións urbanas e ruraes, ditándose unha lei que obrigue ós propietarios a axeitare o estilo das súas construcciós ó estilo xeneral de cada vila galega; b) Na expropiación de moimentos e paisaxes; na organización do enseño artístico con creación d-unha escola musical galega.

Castelao incide nesta cuestión na conferencia que sobre "Arte e Galeguismo", pronuncia en abril de 1919 na sociedade viguesa La Oliva. Citando a Ruskin incide no tema das "paisaxes arquitectónicas" e nun profundo respecto pola natureza e paisaxe, indicando á vez que a arquitectura dos pazos podía servir de base a un posible estilo de casa galega de campo[28]. Nese momento Palacios xa definira as súas primeiras propostas rexionalistas, inspiradas na arquitectura tradicional e nos estilos medievais. Pouco tempo despois Manuel Gómez Román dirixe a súa mirada á arquitectura de pazo e ó barroco de placas compostelán na definición dun rexionalismo de contidos vernáculos, que terá unha gran aceptación na vivenda residencial.

Á vez que se demanda unha arquitectura ligada ó vernáculo, aparece o rexeitamento de arquitecturas foráneas, acuñando Castelao o termo despectivo *arquitectura ché* para denominar aquelas construccións que se implantaban no campo galego seguindo modelos tomados dos focos rexionalistas españois ou dos libros de repertorio ou *pattern books*, nos que ademais do *cottage* inglés, se difundían variantes de chalés suízos, alpinos, alsacianos, tiroleses, etc. Modelos que, xunto cos modernistas, gozaron de grande éxito entre os indianos e tamén entre os membros das burguesías locais que comezaban a construír suntuosas vivendas nas zonas residencias e de veraneo. Rexéitanse os modelos foráneos e á vez obsérvanse con interese as manifestacións do rexionalismo arquitectónico noutros puntos da xeografía española e tamén a expresión do *cottage* inglés e as súas variantes locais europeas, que buscaban a harmonía co campo circundante e a inspiración nas tradicións históricas e nos sistemas constructivos propios. Fiz Mosteiro nas páxinas de *A Nosa Terra* resumía cun ton irónico esta aspiración:

27. Barreiro Fernández, X. R. *Historia contemporánea de Galicia*. Ganma, A Coruña, 1982, p. 352.

28. "Labor cultural. Conferencia de Castelao en la Oliva", *Faro de Vigo*, 10-IV-1919, p. 1. Castelao amosa o seu rexeitamento ó que denomina "tartas de pedra", sinalando, en palabras do autor da crónica, "que no tienen idea los que las construyen de lo que debe ser un hogar propio de la tierra en que han nacido y que habitan". En outubro dese mesmo ano volve disertar sobre o mesmo tema na exposición de Imeldo Corral.

> En Cantabria i-en Vasconia cultívase tamén garimosamente o estilo arquitectónico propio do país, e son infinitos os pazos, as escolas e as casas modestas construídas con arreglo âs modernas esixencias da hixiene e do confort e inspiradas na forma, na disposición dos elementos e na decoración, nos modelos máis enxebremente indíxenas. Pois ben, en Galicia, onde a ninguén se lle ocurre edificar una casa galega ê posible que se chegue a construír en cántabro ou en vasco, máis os primeiros hoteliños andaluces xa están en pe i-é segurísimo que terán porvir e inzamento no noso chán. Porque o andaluz é o que millor se axeita â sequedade sahariana do ambente galego, ó brillo cegador do noso sol, âs características meridionais da nosa vida e ô noso flamenquismo inxénito[29].

A preocupación polos contrastes que producían certas arquitecturas foráneas na paisaxe galega e a recomendación de mirada á tradición constructiva galega está presente nos textos de personalidades da cultura, literatura e crítica artística como Otero Pedrayo, Emilia Pardo Bazán, Losada Diéguez, Ángel del Castillo, Estévez Ortega, etc. Nos comentarios de Otero Pedrayo relacionados coa arquitectura aparece a nostalxia por unhas formas do pasado que se manifestaran con esplendor no medio rural galego, amosando prevención contra a introducción de formas cosmopolitas no campo:

> Un meu amigo dicía que s'estaba desenrolando unha arquiteitura ché, do mais abominabre: é certo. O tipo da casa labrega e da casa fidalga nas súas infinitas modalidás axustadas á maneira particular de cada terra, está moi necesitada de defensa: pouco a pouco vai entrando no campo —a Galiza vital e o porvir da raza— un xénero de construcción cibdadán incómodo, cursi, e feo. Os vellos pazos arruínanse, e menos mal cando quedan en poder de abandono, xa qu'as edras, os érbedos e os niños de mouchos son a fermosa decadenza d'unha vela arquiteitura, mentres os balconcillos de cemento, o portland, os materiaes innobres, sinifican, coma deixou demostrado Ruskin, a morte total, o apagamento das sete lámparas da arquiteitura[30].

Nos seus comentarios e escritos Palacios amósase tamén partidario de preservar o campo galego de construccións inharmónicas. Nunha entrevista que concede ó xornal lisboeta *O Imparcial*, despois de eloxiar o libro do seu compañeiro portugués Raul Lino, no que propón unha mirada á arquitectura popular portuguesa na definición de tipoloxías de casas de campo, comenta:

29. Fiz Mosteiro. "O mimetismo arquitectónico", *A Nosa Terra* 206, 1-IV-1929, p. 4.
30. Otero Pedrayo, R. "Encol da Aldeia", *Nós* 14, 1-I-1922.

> En verdade son moi antipáticas as construcción de imitación estranxeira, de "chalets pseudo-suízos" o "pseudo-franceses" que nin polas razóns do clima, nen sobre todo, polas razóns de estética, na que a arquitectura debe ser un complemento da paisaxe son de admitir e que son unha nota de desafinamento no conxunto armonioso entre a Arte e a Natureza[31].

En outubro de 1930 Palacios incide neste tema nunha conferencia, que baixo o epígrafe "Achega ó estudio da casa galega" pronuncia no Mercantil de Vigo, dentro dun ciclo organizado polo Círculo Autonomista Vigués no que participan: Otero Pedrayo, García Martí, Armando Cotarelo, Castelao, Filgueira Valverde, Vicente Risco, etc. Na conferencia, que foi presentada por Castelao, Antonio Palacios razoa sobre a existencia dunha xenuína arquitectura na nosa terra, xerada polo clima e temperamento dos galegos, sinalando a necesidade de tomar dela referentes para a arquitectura galega do presente[32]. A atención ós problemas de implantación dunha arquitectura nun medio xeográfico concreto, ós materiais propios e ás tradicións constructivas non supón un posicionamento regresivo. Sen embargo, faltaron investigacións que ligasen o vernáculo coa modernidade e o rexionalismo arquitectónico derivou nunha moda compracente de ampla aceptación.

No Plan de Extensión e Reforma Interior de Vigo inclúe oito modelos de vivenda obreira que recolle do seu proxecto da Barriada da Espiñeira de Santiago de Compostela (1930). A arquitectura proposta está na liña dun rexionalismo singular e persoal que mira ós sistemas constructivos locais, incluíndo leves e puntuais detalles decorativos neomedievais e neobarrocos. Esta arquitectura está na liña dos proxectos construídos de vivenda residencial de Celso Méndez e Sileno en Praia América. Na memoria do proxecto santiagués aparece clara a intención de Palacios de definir unha arquitectura ligada ó medio xeográfico e ás tradicións vernáculas, que é posible estivese tamén na súa mente para os espacios residenciais das cidades-satélites:

> Podemos, en cambio, crear algo que por ser muy nuestro, puede ser una nota original en este concierto mundial de la redención obrera por el hogar propio. Nuestras casitas gallegas de recia mampostería granítica, ligada con morteros hidráulicos, blanqueando a la cal sus llagueados muros de buen espesor, defensores del frío, del

31. "Viajero ilustre. Arquitectura em Portugal y em Espanha", *El Pueblo Gallego*, 15-VI-1927, p. 1.

32. "Conferencia de Palacios. Aportación al estudio de la casa popular gallega", *Faro de Vigo*, 9 e 10-X-1930, p. 1; "La conferencia de ayer. Una bella disertación de Antonio Palacios", *El Pueblo Gallego*, 10-X-1930, p. 3.

> calor y de la humedad; huecos de dimensiones justas, de formas apaisadas, muy prácticos con pequeños cristales y dispositivos que los defiendan de la entrada de las aguas de la lluvia; sus tejados fajeados de blanco o teja vidriada de ese color, con buenos voladizos protectores, destacando sobre ellos fuertes y gruesas chimeneas de piedra que resistan los vientos y el frío; las escalerillas exteriores, las solanas o las galerías, en unos y otros casos, los interiores claros, alegres, ventilados, todo ello animado de viva policromía, puede hacer de"La Espiñeira", con estas casitas finas de variado atractivo aspecto, desplegándose entre el verdor de la vegetación, que muy pronto surgirá por la bondad de nuestro clima, en la extensión de su fuerte declive, con las que todas tendrán vistas, aire y sol, una bella y alegre aldeíta gallega, muy moderna pero también clásica y tradicional. ¿Y qué ventajas obtendríamos adoptando la última moda europea (por cierto calcada en lo accesorio de nuestra arquitectura levantina) de las tristes y monótonas series de casas de liso cemento sin aleros ni tejados, terminadas por planos horizontales, todo ello inservible, por poco práctico para nuestro clima?...[33]

No conxunto do proxecto concedía grande importancia ós espacios verdes creando un extenso sistema de parques, con seis grandes zonas de carácter público e catro privadas, parques lineais, parques bosques nas grandes zonas arborizadas da periferia, parques infantís, escolas bosque e parques deportivos. Na memoria o arquitecto despois de citar distintos tipos de xardíns escribe unha serie de consideracións sobre o que entendía por xardín galego:

> Y un jardín será "gallego", cuando en él haya más labradas piedras de granito —recubierto de grandes manchas de viejos líquenes amarillos, verdosos, plateados— que pinos, robles y castaños, mirtos y bojes. Granito, en los pavimentos de plazoletas y avenidas, en grandes lajas, en cuyas junturas broten las flores; granito, en los enormes bancos y recias portaladas, en las balaustradas y en las escalinatas, en las fuentes, en los pórticos y en la estatuaria y todo ello grande y fuerte, por pequeño que sea el jardín. El agua no manará en él, por débil hilillo de surtidor, sino en torrente sonoro, de cascada, que se lucirá cien veces, merced a los desniveles, pues de otro modo haría un ridículo papel ante las que caen de los cielos o las que llenan nuestras inmensas rías. Y sólo actuando así tendréis un "jardín gallego". Claro está, que habrá mayor semejanza (como la tienen en su música) entre un jardín gallego y uno escocés, que cualquiera de ellos con uno andaluz. Entre aquellos, las diferencias sólo podrían ser apreciadas, en detalles sutiles. Como se ve, por tan

33. A.M.V. Memoria do Proxecto da Barriada da Espiñeira, Santiago de Compostela. Urb-48, tomo III, pp. 254-92.

sintético examen diferencial, para nada se menciona el trazado, que en nuestro caso del Castro, como en los demás jardines vigueses, ni siquiera es un trazado de jardinería, sino más bien, una disposición urbanística[34].

J. R. I. V.

34. A.M.V. Urb-47, tomo II, Memoria..., pp. 174-9; Palacios Ramilo, Antonio, "Hacia el Vigo futuro. Como será el Castro maravilloso", *Faro de Vigo*, 20-IV-1934.

Crecemento versus desenvolvemento

Círculo de Información e Estudios Sociais
(CIES)

O documento *Crecimiento versus desarrollo* foi presentado ó XIV Congreso de la UIA (Unión Internacional de Arquitectos) celebrado en México en 1978, como ponencia española, que debía servir de introducción xeral (fixadora de conceptos clave) ó tema do congreso: *Arquitectura y desarrollo nacional.* O organismo titular do relatorio é o Consejo superior de Colegios de Arquitectos de España, por encargo da cal foi elaborada polo CIES (Círculo de Información e Estudios Sociais). O equipo redactor estaba presidido por Xosé Bar Boo, sendo Basilio García o coordinador da redacción. Os textos foron redactados, por orde de volume, por: Basilio García, Javier Álvarez Souto, Javier Yuste Grijalba (parte dedicada á Sanidade, completa), Fernando Nebot (parte de transporte), e Xosé Hermo (sobre a estructura do hábitat tradicional galego), Xosé Lores (sobre alternativas en educación), Xosé Bar Boo (definición de desenvolvemento).

Interviron como asesores, entregando comentarios escritos (pero non textos para integrar), ou ben en debates que no período central da redacción foron semanais, César Portela, Arturo Soria, Salvador Tarragó e Daniel Pino Vicente. E tamén figuraron como membros do equipo de redacción, simplemente por seren socios do CIES con certo relevo, (aínda que non consta ninguna participación efectiva): Xosé Manuel Beiras Torrado, Xosé Fortes e Carlos Casares.

Houbo unha publicación parcial (un estracto, aínda que bastante extenso) do relatorio en dous números sucesivos da *Revista del Consejo Superior de Colegios de Arquitectos*, os dos seguintes á celebración do congreso, publicados en 1978 y 1979. O texto que presentamos é unha parte estractada do documento.

I. INTRODUCCIÓN

1. *Necesidade da alternativa*

O tipo de desenvolvemento habido ata o presente responde a un *modelo básico* común ós países desenvolvidos capitalistas e socialistas, que caracterizamos historicamente como *industrial* e funcionalmente como de *concentración*. É doado describir as características deste modelo que permanecen inalteradas ó pasar á variante baseada na propiedade pública dos medios de producción e na planificación centralizada da economía.

En primeiro lugar, o predominio da producción industrial, e dentro dela a función motriz da industria pesada. O crecemento da unidade de producción, a súa burocratización e forte xerarquización interna. A continua subdivisión de cada nivel de división do traballo. A especialización e a súa non convertibilidade. A perda de flexibilidade productiva, tanto dos medios de producción como do traballador (especialización irreversible). A ampliación continua da dimensión do mercado para todos os productos. A tendencia á forte especialización tamén dos territorios. A concentración dos centros de producción e de decisión. A xeración de fortes desequilibrios territoriais e a emigración laboral. A dependencia crecente respecto do transporte de longa distancia. O crecemento indefinido das grandes cidades. A desintegración dos lazos comunitarios e persoais, a *anomia* do cosmopolitismo. O desequilibrio ecolóxico, a destrucción da natureza e a contaminación.

E así ata o infinito. A enumeración é arbitraria xa que uns factores arrastran a outros. O importante é que exista un modelo completo e coherente.

Este modelo de desenvolvemento é capaz de estender certo tipo de crecemento a toda ou parte da súa área de influencia, pero en ningún caso transmite nin comparte o propio desenvolvemento, senón que tende á súa concentración en cada vez menos centros. O modelo de desenvolvemento nacido da revolución industrial, baseado na concentración e na dependencia crecente da periferia respecto ó centro a todos os niveis (entre continentes, países, rexións e dentro da cidade, pero tamén entre sectores e funcións) non é un modelo imitable para os países que chegaron tarde. Tampoco é ampliable ós países e rexións afectados polo colonialismo interior das Nacións-Estado europeas; e pola crise ecolóxica, enerxética e das materias primas, pola crise da gran cidade e polas crises periódicas inevitables do capitalismo, que o chamado socialismo transforma pero non elimina de raíz, nin sequera nos países nos que tivo a súa orixe e apoxeo é extrapolable por moito tempo. É o momento de elaborar e contrastar, recollendo experiencias,

pero con vontade imperiosamente creativa, un *modelo alternativo*, válido para todos os países, aínda que con graos e matices de urxencia diferentes: tal é o *modelo autonómico de desenvolvemento.*

A tarefa que nos temos proposto é definir este modelo alternativo, que denominamos *autonómico*, por oposición ó de *concentración* (e *dependencia*). A súa necesidade xorde da análise do tipo de desenvolvemento habido ata o presente, das súas insuficiencias, que acaban por conducilo a unha crise xeral. Insuficiencia e crise hai que referilas simultaneamente ó proceso real e á teoría que tanto como o describe, o inspira e se integra nel. A súa posibilidade insinúase nos matices e aspectos parciais reseñados de tendencia cara a un modelo distinto do industrial, na recuperación de factores autonómicos do pasado non completamente esvaídos (como veremos no caso de Galicia); e sobre todo, no proceso de crítica interna do desenvolvemento de concentración, que é igualmente teórica e práctica. A función deste intento de teorización consiste en axudar á concienzación dunha loita na que, con isto mesmo, estase a tomar parte.

2. *Crecemento versus desenvolvemento autonómico. Antecedentes teóricos*

A distinción entre crecemento e desenvolvemento só ten pleno sentido se se considera un novo modelo de desenvolvemento oposto á *concentración.* Debe partir de principios contrarios á liña marcada polo desenvolvemento industrial: debe favorecer a máxima autosuficiencia posible da poboación máis pequena posible. Promover a diversificación productiva do territorio e a condición *politécnica* do traballador. Debe tender a aproximar, ata confundilos, a cidade e o campo, salvar a barreira entre traballo e ocio. Debe facer posible a participación democrática crecente no control de todas as actividades, o que implica unha diminución do contorno de dependencia do individuo e un aumento da súa capacidade de comprensión e control dos procesos contidos neste contorno. Tal modelo hipotético denominámolo *modelo autonómico de desenvolvemento.*

A palabra desenvolvemento cobra así un sentido novo ou unha capacidade nova: desenvolvemento significará *complexización* e *diversificación* do máis pequeno, *autorrealización* dunha comunidade coa que o individuo pode identificarse incluíndo nela a súa propia autorrealización. O carácter autosostido e igualitario do proceso é así indubidable.

¿A que tende este proceso? A dinámica de concentración fai do crecemento continuo a condición da supervivencia. O desenvolvemento autonómico sería certamente un proceso que tende á autonomía e se basea na autonomía, pero en canto modelo estructural é compatible co *crecemento cero*, cun sistema estático ou de cambio lento, e en cal-

quera caso non convulsivo. O desenvolvemento autonómico leva a superar o concepto mesmo de desenvolvemento tal como ten funcionado ata agora, na medida en que este non consegue desprenderse do *crecemento. Crecemento* versus *desenvolvmento* clarifícase como: *crecemento-desenvolvemento de concentración* versus *desenvolvemento autonómico.*

¿Existe contradicción entre desenvolvemento e autonomía? Posicións radicais tenden a afirmarlo. Considerando a necesidade dun proceso de cambio para chegar á autonomía, xa queda rexeitada esta postura. Pero unha sociedade autonómica e equilibrada non ten que ser, nin podería selo, unha sociedade sen cambios, nin o ten sido nas súas manifestacións históricas. O que sucederá é que acadado un nivel de autonomía estes terán carácter cualitativo, e sobre todo non constituirán a condición de pervivencia do sistema. A autonomía como estructura non xera a necesidade do crecemento, pero o cambio é intrínseco á condición humana.

¿Que antecedentes ten o modelo autonómico? Podemos dividilos en tres grupos: En primeiro lugar o sistema económico e social dominante nas culturas agrarias desde o Neolítico ata a Revolución Industrial. En segundo lugar temos visto intentos de carácter ou con matices autonómicos actuais, en países atrasados (intentos de novas vías de desenvolvemento) ou adiantados (manifestacións marxinais, sen pretensións de alternativa á concentración industrial). Temos citado como intento de nova vía de desenvolvemento con potenciación da autonomía local, a Revolución Chinesa. En canto ás experiencias marxinais en países adiantados, vimos os kibutzs israelís, ou o caso de certas empresas americanas e suecas que suprimiron as cadeas e controis tayloristas de producción para constituír pequenos grupos autoorganizados de traballadores, tecnicamente autónomos na súa fase de producción.

En terceiro lugar podemos falar de antecedentes teóricos, que son os máis relevantes para este estudio. O movemento ecoloxista é o principal. Con motivacións e resultados diferentes, podemos considerar tamén diversos arquitectos e planificadores urbanos, creadores de *megaestructuras espaciais.*

Non é posible falar do ecoloxismo como unha doutrina acabada, nin moito menos homoxénea. Nalgúns casos extremos non pasa de ser a versión actualizada das sociedades protectoras de animais (engadindo: *e plantas, cos seus contornos vitais*). Noutros enlaza con posturas procedentes da frustración da Revolución do 68, de rexeitamento total da civilización industrial, pero con escasa ou nula preocupación pola operatividade práctica. Esta actitude testemuñal é compatible con accións puntuais de resistencia, pero non tende á formulación dunha es-

tratexia, non busca a aceleración da crise intrínseca do modelo dominante, e cando teoriza unha alternativa, cae facilmente no *retorno á idade de ouro.* Sen embargo, na complexidade do ecoloxismo alentan elementos de concienzación e de loita que contribuirán decisivamente a abrir o camiño dun *modelo autonómico.*

A autonomía de certas utopías urbanas é a autonomía funcional da cidade completa e acabada. Trátase de deseñar unha cidade autosuficiente inspirándose en modelos *autónomos* tales como un gran trasatlántico ou unha nave espacial. Son ideas tecnicamente seductoras. O seu defecto consiste en que para construír esas unidades autónomas é necesario todo un sistema tecnolóxico e productivo que constitúe a negación absoluta de toda autonomía. Así, por exemplo, a *Arcoloxía* de Paolo Soleri está chea de conceptos suxestivos e propón modelos completos, compactos e equilibrados, radicalmente opostos á gran cidade actual, condenada a un crecemento continuo que ocasiona un continuo deterioro. Pero ¿cando, e por que, e por decisión de quen se van construír esas supercidades espaciais? ¿Onde está a base social e productiva da *Arcoloxía?* A parcialidade e inxenuidade sociopolítica destas visións non pode ser máis patente.

O modelo autonómico de desenvolvemento non pode ser outra cousa que a *alternativa actual* ó modelo de *concentración.* Isto implica o seu carácter *mundial,* de *tendencia,* a necesidade dunha concepción *gradualista.* A posibilidade de concentrarse inicialmente nun país (ou varios) determinado, e que o modelo estea dotado dunha específica *expansividade,* por suposto diferente da expansividade agresiva, imperialista, do desenvolvemento industrial. Terá que ser un pulo autónomo que se autosostén e se reforza. Isto esixe evitar a teorización por rexeitamento afectivo do actual. A *alternativa* é posible pola interacción entre a *resistencia* á continua expansión expoliadora do modelo dominante, a *crise interna do sistema,* sen a cal a autonomía quedaría en *resistencia numantina* fronte ó seu expansionismo, e a *creatividade práctica e teórica.* Se algún destes factores falta non haberá alternativa, senón utopía no mal sentido da palabra. O que importa é definir as liñas de tendencia: isto é compatible e case esixe a formulación dunha *utopía* en estado quimicamente puro. A *utopía* é a tendencia o que o foco ó feixe, e se falamos dunha dirección (feixe de paralelas) diriamos que constitúe un *punto do infinito.*

Propoñémonos expoñer primeiro a definición *abstracta,* filosófica se se quere, da *utopía autonómica.* Despois, o exemplo concreto dun país, Galicia, e dunha situación concreta e *actual* na que se podería desdencadear o proceso. É a situación entre estes dous planos o que permite falar, aínda tratándose dun esbozo moi imperfecto, de *alternativa ó modelo dominante de desenvolvemento (crecemento).*

II. DEFINICIÓN DO MODELO AUTONÓMICO. AS SÚAS CATEGORÍAS

1. *Definición*

Definiremos o *modelo autonómico de desenvolvemento* como aquel no que *producción, mercado* e *hábitat* se dimensionan procurando unha *rendibilidade* (viabilidade) mínima, pero *dentro de límites controlados.* No que se procura o *máximo autoabastecemento posible* de cada comunidade, conforme a un criterio de prioridades (é dicir, canto máis necesario un producto ou servicio, máis importante o autoabastecemento). No que cada comunidade se *autogoberne* nun nivel consciente co seu *autoabastecemento.* No que se dá a máxima *diversidade* e *complementariedade* de actividades, con *convertibilidade* e equilibrio dos sectores. No que cada comunidade, sen dificultar o necesario intercambio, sexa *centro do seu propio desenvolvemento.*

2. *Categorías do modelo autonómico*

Cómpre avanzar a unha definición máis formalizada. Consideraremos as *categorías* que permiten situar de forma abstracta o modelo: trátase de explicitar aqueles conceptos-guía que sendo interdependentes non se podén reducir uns ós outros, e todos en conxunto constitúen os *sinais de identidade* do modelo. Como categorías básicas aplícanse a todos e a cada un dos sectores de actividade, e a todos os planos nos que as Ciencias Sociais adoitan visualizar a dialéctica home-medio. De todas formas pódense agrupar polos sectores cos que teñen unha relación máis directa. Así:

Categorías de organización social e do hábitat
ESTRUCTURACIÓN EN UNIDADES XERARQUIZADAS AUTONOMÍA DE ESCALA MULTICENTRACIÓN

(poden ser así consideradas, aínda que non se reduzan a isto).

Categorías políticas
CONTROL DE ABAIXO ARRIBA PLANIFICACIÓN DE ESCALA

Categorías productivas
DIVERSIFICACIÓN PLURIPOTENCIALIDADE CONVERTIBILIDADE FLEXIBILIDADE VERTEBRACIÓN INTERNA

Categorías dinámicas
EQUILIBRIO APERTURA

Categorías dinámicas de implantación
ACTIVACIÓN DE MOTORES ENDÓXENOS REMODELACION ANÁLOGA

Esta clasificación non é rigorosa, porque a distinción entre política, hábitat, etc., tampoco o é.

ESTRUCTURACIÓN EN UNIDADES XERARQUIZADAS

O concepto de autonomía refírese a unha comunidade que hai que definir. Actualmente fálase de autonomía, autosuficiencia, autoabastecemento, con referencia a escalas diversas, pero en cada caso a unha determinada. Fálase, por exemplo, da *casa autónoma* e considérase a autosuficiencia a nivel familiar e para aspectos como enerxía eléctrica, combustible para a cociña, alimentación, calefacción, agua e verquidos... Pódese pensar incluso na reparación dos equipos, pero non xa na fabricación. Cando se orienta a cousa desta forma hai despreocupación completa por consideracións socioeconómicas máis amplas: a *autonomía* é unha opción individual que calquera pode tomar, servíndose duns recursos dispoñibles nun mercado e nun sistema productivo que nada teñen que ver coa autonomía.

Outro sistema frecuente é o das *comunas*; a autonomía e o ecoloxismo constitúen unha preocupación crecente dentro do mundo cultural libertario e filolibertario. Nos poucos casos nos que un grupo é capaz de pasar ós feitos e constituír unha comuna agrícola, a actuación segue os mesmos vieiros que no anterior enfoque, coa única diferencia de substituír a familia tradicional por unha unidade conceptualmente máis ampla; conceptualmente, posto que os integrantes que de feito se chegan a reunir adoitan ser moi poucos. A viabilidade a medio prazo

destes intentos non está aínda demostrada. Aquí hai detrás xa unha concepción ideolóxica elaborada, pero dificilmente unha estratexia e en absoluto unha alternativa global: os *comuneiros* non consideran sequera o problema de cómo sería e funcionaría un mundo no que a súa fórmula fose xeral. Igual que os defensores da casa autónoma, necesitan servirse dunha tecnoloxía que, aínda que sinxela, non é producible e reproducible dentro da escala na que se sitúan, de maneira que non ofrecen unha alternativa ó sistema, senón que optan por unha relativa independización do sistema. Cun aparato conceptual diferente estamos diante do vello tema de

los que huyen del mundanal ruído,
y siguen la escondida
senda por donde han ido
los pocos sabios
que en el mundo han sido.

Outra actitude é concibir a autonomía como obxectivo rexional ou nacional, especialmente no sentido das pequenas nacionalidades sometidas dentro de nacións-estado europeas. Os que conciben a economía a escala rexional non exclúen a revalorización de formas autónomas tradicionais desde o nivel familiar. Falta sen embargo unha teoría de cómo serían as relacións entre distintos niveis de autonomía.

A insistencia en falar de desenvolvemento autonómico en vez de dicir simplemente desenvolvemento autónomo non constitúe neste traballo un prurito terminolóxico: trátase de facer da autonomía un principio funcional da sociedade, como poida ser a liberdade nunha sociedade *liberal*, o nunha sociedade *libertaria*, en todas as manifestacións e niveis, non só unha característica dun determinado conxunto social. É dicir, país autónomo é unha cosa, país autonómico é aquel no que todas as súas partes diferenciadas son autónomas na medida posible.

Se aplicamos con rigor o criterio de *máxima autosuficiencia posible*, ligada a unha *dimensión mínima operativa*, vemos que esta dimensión mínima varía segundo os sectores ós que se refira a autosuficiencia. A comunidade mínima viable ten unha dimensión para o autoabastecemento alimentario, outra para a asistencia médica elemental, outra para o ensino básico, etc. Sen embargo, o principio autonómico non se consolidaría se se formulan ámbitos independentes para cada sector, posto que é necesaria a formación de comunidades con personalidade propia. Polo tanto, a solución consiste en que unidades de hábitat autónomas a certo nivel, se xunten para dispoñer de servicios comúns a nivel superior. Con relación a estes diferentes niveis (unidades) é posible fa-

lar de *autonomía de escala*, que é a categoría máis intimamente vencellada ó que estamos expoñendo.

Evidentemente, para organizar un país conforme ós principios dun modelo autonómico será necesario partir das unidades xa existentes: cidades, municipios, comarcas, parroquias, etc. Sen embargo, entrariamos en contradicción con outros principios autonómicos, como o de equilibrio, se dalguna maneira non se tende a unha tipificación desas unidades, con delimitación flexible da dimensión de cada nivel. Isto implica forzar a realidade, pero forzarla é necesario para crear un sistema igualitario e equilibrado. Outra cousa sería contentarse con divisións administrativas ficticias, que non inciden na configuración da vida cotiá.

A aproximación entre a cidade e o campo será propulsada pola organización de unidades de vida comunitaria básicas, de dimensión comparable en ambos medios. Isto implica un *plan de nucleación*, que no campo (alomenos nas zonas de poboación dispersa) equivale a algún tipo de *concentración*, mellor dito *aglutinamento*, mentres que nas aglomeracións urbás implica unha *división* (barrios, distritos, etc.). A nucleación sería unha ficción xurídica se non se dota duns equipamentos mínimos a todas estas unidades básicas, tanto rurais como urbanas. De todas formas, tales equipamentos serán na práctica inoperantes se non se logra que estas comunidades adquiran unha personalidade fortemente implantada na conciencia de cada individuo integrante, o que é tanto un problema de ordenación física como de desenvolvemento cultural e de motivación política. Posto que esta mesma necesidade de personalización afecta ás unidades superiores e personalización esixe plasmación física, tanto máis canto máis numerosa sexa a poboación agrupada, a estructuración en unidades xerarquizadas está ligada á *multicentración* case tan intimamente como á *autonomía de escala*. Estas tres categorías xuntas definen a organización do hábitat nun sistema autonómico.

AUTONOMÍA DE ESCALA

É dicir, autonomía como función crecente da dimensión. Autonomía de escala oponse a calquera concepción *atomista*, nas que hai unhas unidades *propiamente ditas* por exemplo, familias, comunas, Estados, para as que se pretende unha autonomía total (*autarquía*), rexeitando tanto a integración en unidades superiores como a existencia de autonomía para as divisións internas (provincias no caso do Estado.)

Pode parecer que este concepto relativiza o de autonomía e que, en certa forma, o subvirte. Sen embargo xa mencionamos a crítica básica que cómpre facer ós modelos que propugnan a autonomía a unha escala moi pequena: non son modelos para crear unha *nova civilización*,

senón para subsistir marxinalmente á actual, illándose en parte dos seus efectos, quizais só dos máis inmediatos. Polo contrario, cando se concibe a autonomía a niveis nacionais, sen promovela para cada comarca, rexión, etc., non se fai outra cousa que reproducir o modelo imperante, sinalándolle un marco fechado para desenvolverse. En España temos unha experiencia funesta dese tipo de autonomía, a época da autarquía franquista, a función da cal ten sido consolidar as estructuras monopolistas preexistentes, para logo ir entregando o país a unha dependencia crecente (especialmente e como manifestación máis notoria, no plano tecnolóxico) a pesar de estar dominado por unha *oligarquía nacional.*

A autonomía plena a nivel familiar e de pequena comunidade só sería posible se se levase a cabo un retroceso a unha tecnoloxía e consecuentemente a unhas condicións de vida primitivas. Resulta totalmente ocioso polemizar sobre se "calquera tempo pasado foi mellor" ou falar dun retroceso. Non estamos facendo unha valoración pexorativa senón simplemente indicando unha imposibilidade. De feito os partidarios da autonomía *caseira* non pretenden volver a un sistema de autoconsumo agrícola utilizando técnicas de hai 1.000, 600 o só 100 años, senón que contan con xeradores eólicos de corrente eléctrica, acumuladores solares para calefacción, dixestores de metano, invernadoiros, etc., novos instrumentos que permiten independizarse de subministracións exteriores, así como con neveiras, lavadoras, luz eléctrica, televisores, duchas, etc. Se concibimos a autonomía como un sistema completo e non como opción privada dentro do sistema dado, temos que prever a producción de toda clase de equipos e recursos, necesariamente exteriores para un grupo humano pequeno; isto só é posible por agrupación en conxuntos máis amplos e de forma que as actividades de ámbito global estean controladas polos grupos integrantes. Autonomía de escala é a única posibilidade dun sistema social baseado na autonomía. Para que a agrupación de unidades da que falamos non signifique a constitución dun centro hexemónico do que dependan aquelas, é preciso que se cumpran as condicións explicitadas polos conceptos de *multicentración, control de abaixo arriba* e *planificación de escala.*

MULTICENTRACIÓN

Cada unidade, para estar definida no seu nivel, sen absorber as inferiores que a integran, necesita un *centro funcional,* constituído polos órganos de decisión globais, os centros físicos, e as funcións e servicios que presenten unha órbita de actuación que sexa o conxunto da unidade en cuestión. Supoñamos unha comarca autónoma integrada por municipios dos que cada un dos cales presenta un núcleo urbano. O

centro está formado polos órganos políticos, económicos, etc. da comarca, pola *capital* da comarca, polo sistema de comunicacións que une a capital con cada núcleo municipal e por todas as actividades de ámbito comarcal, por exemplo, industrias de equipamentos, comercio exterior, etc. Se pretendemos aplicar esta noción no actual sistema vemos que case todo forma parte do *centro*, posto que case todo está volto cara ó exterior, aínda cando logo habería que falar dun *centro do centro* e así sucesivamente. Polo tanto, o concepto que estamos expoñendo non só non é unha concesión ó modelo de concentración, senón que ten sentido exclusivamente nun modelo autonómico.

O fenómeno da concentración é consecuencia de que exista un *centro* e de que este centro exerza unha forza atractiva sobre o contorno que tende a desprazar cara a el a actividade, os recursos, o poder. No modelo de concentración isto é considerado algo tan lóxico que unha capital administrativa que non consiga converterse en grande urbe e incluso en centro industrial é considerada como *fracasada*. A fundación e planificación de novas capitais (San Petersburgo, Washington, Camberra, Brasilia) ilustra este fenómeno: considérase que para ser viables teñen que acadar unha *masa crítica*, por enriba da cal o crecemento natural está asegurado e a nova capital consolidada. O crecemento, a partir da masa crítica é unha reacción en cadea. Nunca mellor elixida esta metáfora nuclear, posto que o crecemento das cidades é, efectivamente, explosivo.

Vexamos a reacción en cadea. Supoñendo unha capital administrativa, os seus habitantes iniciais son practicamente todos funcionarios. Sen embargo, ten que estar presente desde o comezo a poboación encargada de prestar servicios a estes funcionarios. Polo seu carácter altamente especializado esta poboación require sempre novos complementos; e, dado que o nivel de renda é alto, pode pagalos. Por outra parte, unha capital política ten sempre unha poboación flotante ou transeúnte apreciable. Isto crea novos sectores de actividade que significan un incremento da poboación fixa. O conxunto tende a unha composición de poboación cada vez máis diversificada, dentro do modelo urbano por suposto, e *terciaria*. Sen embargo o sector terciario serve de base inmediata para algunhas actividades industriais (por exemplo construcción, instalacións, reparacións de equipos...) de forma que a capital chega facilmente a concentrar todas as actividades urbanas normais, engadidas á súa función específica. Este proceso equivale á reprodución dos neutróns no reactor nuclear.

Vexamos a outra cara, a *fuga de neutróns*. Inicialmente a capital ten insuficiencias e os propios funcionarios tenden a suplilas pola vía rápida, é dicir, abastecéndose no exterior. Moitos organismos públicos poden resistirse a desprazarse á nova capital, ou o fan simbolicamente,

conservando o maior volume de funcionamento na antiga. Se este fenómeno non é superado pola súa forza de atracción, a capital languidece e *fracasa*. Así pois, a concentración na capital é consecuencia de que esta non se limita ás súas funcións estrictamente centrais (administrativas, culturais, etc.), senón a que se constitúe nun núcleo máis, nunha cidade completa e diversa, pero en situación de vantaxe pola súa hexemonía política.

O principio autonómico esixe que o centro sexa *función* e *órgano*, pero non *corpo diferenciado* e hexemónico sobre os que o rodean. Esixe, en definitiva, que o centro se especialice e limite á súa función central. Isto oponse a toda concentración. Dalgunha maneira, as categorías aplicables ó centro dun modelo autonómico son as inversas das que definen o modelo. Así, por exemplo, o modelo evita a especialización territorial, pero o centro debe estar especializado. O modelo trata de evitar o exceso de transporte, pero o centro debe depender completamente do transporte cara a el (falamos do centro físico, elemento clave do centro funcional). A autonomía xeral esixe que o centro sexa unha entidade dependente do territorio que serve. A dependencia do centro, a súa especialización, é o correlato da independencia e non especialización do territorio. Por iso en todo sistema autónomo o centro tivo unha función subordinada á periferia e non á inversa.

Lembremos como xurdiron na Idade Media os núcleos urbanos nas cabeceiras das comarcas agrarias (á parte das fundacións, por motivos militares ou comerciais exteriores): arredor dunha *feira*, é dicir, dun centro comercial dependiente do contorno, que se constitúe periodicamente en virtude das necesidades e por decisión desa *peri-feira*.

O crecemento do centro, a concentración, é unha consecuencia da acción das *forzas cegas* do mercado nun mundo baseado previamente na dominación. Para que o centro se manteña estrictamente como tal, é necesaria unha planificación rigorosa das súas funcións específicas. De aquí que a cada nivel e a cada unidade diferenciada corresponda un centro específico, de maneira que ningún absorba funcións doutro, tanto de territorios veciños como dos centros correspendentes ás unidades inferiores integrantes da súa área. Isto é o que xustifica a *expresión multi-centración*. Se, por exemplo, a cada barrio debe corresponder un grupo escolar pero é necesario reunir varios barrios nun distrito para crear un Instituto de Ensinanza Media, este localizarase no Centro de Distrito; pero en cambio non habería neste centro ningún grupo escolar. Trátase de evitar que as capitais asuman funcións inferiores ás específicas, posto que desta forma a poboación inmediata tería na súa proximidade tanto os servicios de necesidade cotiá como os especializados, o que xera a forza atractiva do centro e o desequilibrio centro-perifeira.

A cada sector de actividade podemos facer correspoder unha pirámide de maneira que a maior calidade e especialización corresponde menor frecuencia de consumo por habitante, maior radio de acción, e maior concentración de actividade. No sistema actual a punta da pirámide sitúase nos centros metropolitanos, que asumen tamén os niveis inferiores: neles instálase unha pirámide completa. Nisto e non na existencia dun centro consiste a concentración. No modelo proposto, a pirámide sería cortada en troncos e cada un deles distribuiríase polos centros do nivel correspondente. Esta especialización garante a dependencia do centro respecto da periferia en lugar de suceder á inversa.

CONTROL DE ABAIXO ARRIBA

A efectividade da democracia depende de que exista un nivel inmediato, directamente controlado pola cidadanía, e de que dito nivel teña entidade propia suficiente, o que vai na definición de estructuración autonómica, exposto nos puntos anteriores.

A implantación progresiva do sistema autonómico leva consigo o desenvolvemento progresivo da democracia directa, na medida en que se aproxima a función de gobernar o pobo, ó concibila nunha *escala abranguible.* A existencia dunha democracia directa básica dentro dunha comunidade autosuficiente nos aspectos máis esenciais, permite un *control efectivo* a niveis superiores nos que haxa que recorrer á delegación. O *control* do centro pola perifeira é algo imposible suposta unha dinámica de concentración (a estes efectos *centralismo*), aínda que sexa formalmente democrática.

É evidente que o simple exercicio do voto non garante que o goberno saído das eleccións represente e defenda os verdadeiros intereses da maioría. O problema aquí está na capacidade popular de entender as implicacións e complicacións políticas e en traducir correctamente os seus desexos e prioridades nunha opción partidaria. Os programas adoitan resultar nebulosos para a maioría, a súa linguaxe resulta abstrusa e cunde facilmente a opinión de que "todos din o mesmo". Por outra parte entre Parlamento, Goberno, Administración e o poder económico concreto existen demasiadas estacións intermedias, de maneira que é moi difícil que a vontade popular chegue a través de toda esa serie de mandados indirectos ós centros de decisión efectiva, suposto que se poida dar por existente e explicitada tal *vontade popular.*

Como alternativa radical concíbese a democracia directa, o asambleísmo e a autoxestión. Pero o distanciamento entre pobo e centros de decisión é consecuencia da complexidade estructural en todas as súas manifestacións, non só nin principalmente dos mecanismos de

representación política instituídos. Para que unha comunidade concreta poida tomar directamente decisións é necesario que esas decisións se refiran a un medio e a unha escala que cada un dos individuos poida comprender. A democracia directa non é só unha cuestión política e de poder, senón que depende dun hábitat axeitado, dunha tecnoloxía dominable, e dun sistema productivo comprensible por todos.

Nunha sociedade agraria primitiva, a democracia directa é só unha cuestión de poder. Polo contrario, nunha grande empresa industrial, cunha forte especialización e división do traballo, o asambleísmo é de moi difícil aplicación. Aínda que os traballadores, coordinando os seus coñecementos parcializados, chegasen a ser quen de controlar a producción, queda o sistema productivo xeral, do que aquela empresa non é máis que unha peza carente de autonomía. Se se implanta a autoxestión en todos os sectores e áreas, xorde entón a necesidade de coordinación centralizada e de novo temos que é preciso recorrer á delegación para tomar decisións realmente importantes. O distanciamento entre pobo e centro de decisión é así inevitable.

A diferencia entre xestión popular e control popular permítenos unha perspectiva máis realista respecto ós centros de decisión distanciados. Agora ben, se estes son os únicos centros de decisión reais (nun sistema de alta interdependencia e concentración) é dificil que tal control non volva ser unha ficción formalista. Só cando a unidade social básica é ela mesma un centro de decisión autónomo é posible ese control, porque as funcións centrais están claramente delimitadas e restrinxidas, dependendo da perifeira que lle formula as súas necesidades. *Control de abaixo a arriba* non é, polo tanto, unha categoría exclusivamente política, senón que implica unha forma de relación entre perifeira e centro que afecta á estructura productiva, á organización do hábitat etc. Está intimamente relacionada coa multicentración xa exposta, así como coa *planificación de escala.*

PLANIFICACIÓN DE ESCALA

A autonomía de escala fai compatible a autonomía coa coordinación, a través de instrumentos centrais de funcións específicas e limitadas. A coherencia e a vertebración intersectorial ten que ser froito dunha *planificación* elaborada a cada nivel para as funcións correspondentes. A democracia esixe que a elaboración do Plan, válido para un territorio a nivel global, se realice en base ás propostas parciais de cada unha das unidades integrantes. A coherencia esixe que os plans de cada nivel se ateñan ás estipulacións xerais do plan de nivel superior, o que equivale a dicir que non atenten contra os intereses dos territorios veciños nin

rompan a coordinación existente. A autonomía esixe que cada Plan se limite ós aspectos globais do nivel territorial correspondente, sen invadir o terreo de decisión de cada unidade integrante, é dicir, o que constitúen cuestións internas de cada unha delas.

A experiencia europea está a demostrar o difícil que resulta compensar os desequilibrios rexionais dentro do modelo imperante de desenvolvemento. É moi difícil que os gobernos establecidos cedan suficientes competencias ós novos entes rexionais. Non se trata só de resistencia a ceder poder, senón da contradicción que implica a descentralización co modelo imperante de desenvolvemento, que non se cuestiona. Este esixe unha concentración de poder cada vez maior, *concentración que de feito supera ós Estados existentes*, de forma que dificilmente se poden realizar transferencias de Poder político a órganos rexionais ou nacionais capaces de vencer os desequilibrios actuais. De nada serve que un país sexa politicamente autónomo ou incluso soberano, se non dispón dun espacio económico propio, integrado e, en certa maneira, fechado, é dicir, aberto, pero de forma que os intercambios interiores predominen sobre os exteriores e estes non interfiran no plano específico dos primeiros.

A planificación do desenvolvemento rexional só é posible como planificación de escala, é dicir, que corresponde a unha autonomía de escala na que o mercado interior ten unha función e un campo seguro e o mercado xeral (nacional, continental, mundial) outro delimitado e restrinxido a aqueles bens e servicios para os que é imprescindible, ou moi conveniente, semellante dimensión. Nun sistema no que as funcións do centro sexan as que lles atribúe á perifeira (no plano administrativo, económico, cultural), o federalismo e a autonomía serán algo completamente normal, en correspondencia co modelo de desenvolvemento adoptado. A autonomía e o federalismo político tal como hoxe se conciben poden contribuír a abrir o camiño dun desenvolvemento que supere os actuais desequilibrios territoriais, soamente na medida en que se convirtan en elementos de presión e loita para a superación do actual modelo de desenvolvemento, e sirvan de vía para que os pobos opten claramente por unha *alternativa autonómica*.

DIVERSIFICACIÓN

Consiste na coexistencia dentro da área máis reducida posible do máximo de actividades diferentes, de forma encamiñada a evitar a especialización do territorio, o que o faría depender totalmente do intercambio co exterior, en condicións de difícil capacidade de resposta a calquera alteración do mercado. Con relación ás persoas, a diversifica-

ción consiste en evitar tamén o exceso de especialización, facendo que cada unha poida traballar en varias actividades, ou alomenos nas máis elementais. A diversificación é condición de posibilidade da convertibilidade (para transferir recursos dun sector a outro teñen que existir ambos os dous sectores), aínda que por si mesma non a produce.

É evidente que a especialización é, en principio, *rendible*, suposta a existencia dun mercado suficientemente amplo. A dinámica do desenvolvemento habido ata agora baseouse nesa rendibilidade: especialización do territorio e das persoas, aumento continuo da dimensión do mercado, aumento da dimensión da empresa, transporte a distancias cada vez maiores... O que en principio puido ser unha forma de aumentar a productividade, dedicando cada territorio a aquilo para o que parecía ser máis apto, converteuse nunha inercia que continúa tanto se é racional como se non o é.

Para calcular a rendibilidade da especialización productiva sería preciso contabilizar moitos factores que, por aleatorios, prefírese suponer inexistentes: a seguridade de venda do producto, a probabilidade de utilización ó cen por cen da capacidade productiva instalada, as oscilacións do mercado, os perigos da competencia, etc. Sería necesario estudiar a rendibilidade das inversións considerando non un funcionamiento óptimo, nin sequera regular, senón todo un ciclo económico, incluíndo polo tanto efectos das crises, as necesidades de reconversión empresarial, así como custos sociais e ecolóxicos non cuantificables economicamente. Veríase entón que nunha maioría de casos a especialización non é o resultado dunha opción pola máxima productividade posible, senón que depende de factores alleos á productividade (aínda que esta sexa tida en conta) fundamentalmente condicionados polos intereses monopolistas internacionais; e que non hai ningún caso no que a especialización productiva dun país non implique unha cota alta de risco e, considerando un período suficientemente longo, un estancamento, retroceso ou mesmo desmoronamento do sector hexémónico no que se baseou a economía.

Por outra parte veríase que o interese da productividade pola productividade determinaría unha selección de actividades especialmente negativa, pero nunca a especialización nun só producto ou sector. E nunca xustificaría que un país con solo agrícola suficiente non producise a maior parte dos alimentos que necesita, aínda que si xustificaría as diferencias por causas climatolóxicas nos hábitos alimentarios (unha dieta completa e equilibrada pode conseguirse con combinacións moi diferentes). Tampouco xustificaría a especialización na meirande parte das industrias de transformación e, por suposto, no sector terciario.

PLURIPOTENCIALIDADE

Tanto a formación cultural e técnica das persoas como a elaboración dos recursos materiais deben orientarse a conservar o máis posible a súa natural pluripotencialidade. Esta debe ser considerada como característica intrínseca das persoas e das cousas que o modelo autonómico trata de conservar, non de producir.

A importancia da pluripotencialidade consiste en que é preciso contar con ela desde o principio para que as inversións realizadas poidan ser flexibles e, sobre todo, convertibles. Con relación ás persoas, conservar a pluripotencialidade significa evitar o fomento da polarización de aptitudes. Dalguna maneira equivale a evitar o exceso de especialización, pero ten un sentido máis profundo: conservar a pluripotencialidade das persoas non é só un recurso para que sexan convertibles como forza de traballo, senón un dereito fundamental á realización integral e equilibrada.

CONVERTIBILIDADE

É a facultade que teñen os recursos de transformar o seu uso, adaptándose ás necesidades de reestructuración que a dinámica do desenvolvemento e o cambio das circunstancias externas esixa. A falta de convertibilidade manifféstase no sistema capitalista como desaxuste entre a producción e o consumo, por canto a producción é incapaz de responder axilmente, sen destrucción ou inutilización de recursos, ás fluctuacións do mercado. No sistema socialista centralizado, baseado na planificación total, o desaxuste manifféstase simplemente en forma de fracaso relativo das previsións do Plan, na medida en que é imposible prevelo todo, ou ben en incapacidade de resposta a datos novos, sexan de orixe exterior e polo tanto incontrolables, ou xerados polo propio proceso.

A convertibilidade productiva é unha garantía contra as crises e contra as oscilacións do mercado. Certamente, se a incidencia do mercado exterior é escasa, a necesidade desa garantía diminúe. Pero se consideramos que o modelo autonómico se define por unha liña de tendencia e non por un estado ideal acadado, non está de máis contar coas dúas garantías: diminuír a dependencia do mercado exterior e, de todas formas, contar con estructuras productivas convertibles no posible. Por outra parte o cambio de condicións pode e debe ser xerado desde o interior, polas inversións tecnolóxicas, a transformación das necesidades e a mellora da calidade de vida. Por suposto que é concibible un sistema baseado na autonomía e totalmente estacionario, reproducíndo-

se rigorosamente igual a si mesmo. Este é ademais o ideal dos que pensan na autonomía basicamente como alternativa á tensión e ó ritmo forzado da vida actual, é dicir de "os que foxen (ou queren fuxir) do mundanal ruído". Sen embargo é imposible que a maioría da humanidade aceptase ese ideal de remanso de paz. A agresividade humana, simplemente a tendencia ó cambio, é transformable, sublimable, pero non suprimible; a menos que se produza unha intervención fisiolóxica ou que se opere unha mutación xenética que representaría un atentado á natureza moito máis grave que o mundo da violencia actual. A convertibilidade é, polo tanto, unha característica das estructuras productivas, incluso e precisamente con maior motivo, nun sistema autonómico plenamente consolidado.

A convertibilidade maniféstase en tres aspectos: da empresa como organización, dos medios productivos fixos e da forza de traballo.

Nun sistema autonómico a convertibilidade da empresa é consubstancial. No caso do autoconsumo non ten sentido considerala. No caso de producción para un mercado inmediato e seguro non ofrece dificultade: a detección da alteración da demanda é automática. A convertibilidade da forza de traballo é en primeiro termo unha cuestión de educación e; en segundo, do tipo de tecnoloxía empregada. Se esta é predominantemente sinxela, a educación é completa e non especialística, e as persoas alternan habitualmente campos de actividade, o desprazamento dun sector a outro non ofrece dificultades.

En canto ós equipos, a convertibilidade é cuestión de que se desenvolva unha tecnoloxía orientada a conseguila. Outros aspectos do modelo favorecen que sexa así, por exemplo, se se trata de evitar a dependencia dun mercado excesivamente amplo e inseguro, será necesario simplificar os equipos producidos ós seus elementos esenciais, os cales son comúns a múltiples productos comerciais hoxe existentes. A facilidade de desmontar os equipos e reducilos ás súas compoñentes esenciais (que os fabricantes evitan cada vez máis, simplemente para asegurar a total dependencia do consumidor respecto das súas redes de "asistencia técnica"), facilitaría en moitos casos a convertibilidade.

FLEXIBILIDADE

É a capacidade dos recursos e estructuras de adaptarse, sen alterar o seu uso, a variacións cuantitativas da demanda.

Ata certo punto, a súa presencia no desenvolvemento industrial (sobre todo no capitalismo) é menos escasa que a da convertibilidade. A pequena e mediana empresa preséntase como máis flexible, e a súa relativa facilidade de formación é por si mesma un factor de elasticidade económica, compensado polo feito de ser especialmente sensible á recesión. Sen embargo falta unha promoción sistemática deste factor, que no modelo autonómico tería que completar o de convertibilidade.

A flexibilidade da forza de traballo está garantida pola diversificación de actividades. No que se refire ós medios, ou ben é cuestión de desprazamentos entre sectores, ou simplemente de que o monto das inversións non esixa unha ocupación case óptima da capacidade productiva. En definitiva, o predominio da pequena empresa na que a relación inversión/posto de traballo é xeralmente baixa garante a flexibilidade nun sistema autonómico.

VERTEBRACIÓN INTERNA

A vertebración interna significa o peche no propio territorio dos ciclos productivos. Polo tanto, aproveitamento máximo de recursos e materias primas propias, exportación, cando sexa necesario, de productos o máis acabados posible. Potenciación do mercado interno, etc. A autonomía da unidade territorial implica a non independencia de sectores e funcións, tanto máis das etapas de cada ciclo productivo. O contrario desa independencia ou estanqueidade é a vertebración.

A falta de vertebración interna é unha das deficiencias estructurais de países e zonas atrasadas máis denunciadas polos economistas preocupados polo desenvolvemento rexional, aínda que en xeral non chegan a considerar un modelo autonómico. Fálase de desarticulación cara adiante cando se localizan nun territorio soamente as fases iniciais dun ciclo, e de desarticulación cara atrás cando se localiza exclusivamente a elaboración final. Estas nocións non fan referencia a que o producto final estea destinado ó mercado interior ou ó exterior. En principio, a vertebración interna por si soa non implica autonomía, e é perfectamente compatible co actual modelo de desenvolvemento. O que sucede é que adoita ser privilexio dos países *centrais*. Por outra parte pode pensarse que nun sistema autonómico pleno é ocioso falar de vertebración interna, porque nunha economía fechada todos os ciclos están fechados. Sen embargo ese sistema completamente fechado non é posible a prazo medio (a contar a partir do momento no que se inicie o camiño da autonomía) nin *é desexable nunca*.

EQUILIBRIO

O equilibrio constitúe en certa forma o centro da confluencia conceptual do modelo autonómico, o seu resumo. A sistematización teórica esixe, sen embargo, formulalo como concepto diferenciado.

O equilibrio ten que darse en calquera dimensión e baixo calquera perspectiva desde a que contemplemos o modelo. Debe haber equilibrio entre territorios, entre unidades de organización social, de forma que ningunha se convirta en hexemónica. Isto foi exposto con detalle a propósito do concepto de multicentración. Aplicado este criterio desde o individuo mismo, equilibrio significa directamente *igualdade.*

Debe de haber equilibrio entre sectores productivos de maneira que non haxa ningún hexemónico. No actual sistema mundial, non só existe subordinación de uns países a outros, senón que dentro dos países centrais hai subordinación da agricultura á industria, por exemplo. Debe haber equilibrio entre dimensións heteroxéneas e igualmente necesarias, como é entre a preservación do medio ambiente e a producción. Equilibrio é un concepto esencial á autonomía, que case se identifica con ela. Onde hai dependencia hai desequilibrio, e onde hai desequilibrio hai dependencia, ou se está a xerar.

En cambio constitúe un erro identificar equilibrio con estabilidade = inmobilidade. O que é certo é que o equilibrio exclúe a necesidade de crecemento continúo (ou cambio continuo) como condición de supervivencia, porque esa necesidade denota a existencia dun forte desequilibrio interno como característica estructural dun tipo de sociedade.

APERTURA

A historia ofrece exemplos de estructuras económicas, sociais e habitacionais autónomas, pero sobre da base fundamental dun alto grao de illamento. Polo contrario, o despregamento dunha *Cultura planetaria* está vencellado á Revolución Industrial e á hexemonía dos países de cabeza dentro do desenvolvemento determinado por esta.

O modelo autonómico supón unha alternativa absoluta ó tipo de desenvolvemento xurdido da Revolución Industrial, pero non o retorno á sociedade agrícola tradicional. Temos dito que o concepto de equilibrio era como o resumo do sistema autonómico. Habería que engadir que mentres que a Humanidade viviu durante milenios, a partir do Neolítico, nun sistema autonómico cuasi-fechado (sistema que durou ata datas máis ou menos recentes segundo os países), o modelo que estamos propoñendo podería definirse como *equilibrado e aberto.*

Apertura significa: áxil comunicación cultural, áxil comunicación de iniciativas e experiencias, doada circulación de coñecementos, persoas e recursos. A *universalidade do saber* non é exclusiva da concentración, senón que esta a limita. A existencia dunha pluralidade de centros de producción cultural e tecnolóxica, equilibrados entre si, multiplica as posibilidades de combinación de coñecementos, e polo tanto favorece a creatividade, que a súa vez retroalimenta a autonomía de cada un. Apertura significa igualmente flexibilidade e receptividade para ideas e iniciativas da estructura social e política. No plano dos recursos productivos, no plano do hábitat e outros, a apertura identíficase coa convertibilidade ou está intimamente ligada a ela.

ACTIVACIÓN DE MOTORES ENDÓXENOS

Os distintos países con personalidade definida dispoñen na súa estructura global (social-económica-material-habitacional-psicolóxica-cultural) de recursos e pautas de conducta que, en condicións favorables, poden converterse en elementos motores ou coadxuvantes dunha transformación nun sentido determinado. Factores esóxenos, baseados na hexemonía do correspondente centro metropolitano, impóñense habitualmente a estes, con dúas clases de efectos posibles: poden destruílos, extinguilos, ou sometelos a unha inhibición, a unha conservación en *vida latente*. Que suceda o un ou o outro depende da forma da agresión exterior e da capacidade de resistencia e introversión da cultura sometida.

O concepto de activación destes potenciais motores (cando están inhibidos) haberá que entendelo, nunha analoxía xenética, en base á pluripotencialidade contida no núcleo da célula e á posibilidade de activación selectiva enzimática. Esta activación haberá de dirixirse a aqueles factores capaces de potenciar un desenvolvemento autonómico. O carácter endóxeno xa significa unha predisposición a un desenvolvemento deste tipo, no sentido de que se trata dunha posibilidade de mobilización baseada en algo que é propio dun pobo.

REMODELACIÓN ANÁLOGA

O salto adiante que implica todo desenvolvemento non ha de significar, no modelo autonómico, unha ruptura pura e simple co pasado. Polo contrario, o desenvolvemento non é nunca ruptura co pasado, senón froito e crítica del. Isto é perfectamente válido tamén para o desenvolvemento iniciado na Revolución Industrial, tanto nos países europeos

como por exemplo en Xapón, país que só para unha visión superficial se ten limitado a imitar a civilización europea.

A ruptura, a súperposición de culturas ata o exterminio da sometida, é precisamente característica do subdesenvolvemento, das situacións coloniais e neocoloniais creada pola expansión das Metrópoles e que condicionou de forma esencial a dirección seguida polo desenvolvemento industrial, de forma que este non sería explicable tal como se ten producido sen contar co factor colonial, e polo tanto co subdesenvolvemento dos *outros*. O desenvolvemento autonómico, baseado no máximo aproveitamento dos recursos propios, ten que proceder a unha remodelación das estructuras, da organización productiva e do hábitat, orientada pola interpretación creativa do pasado e capaz polo tanto de seleccionar os aspectos conservables, readaptables e potenciables conforme á nova perspectiva.

Xeneralizando o concepto de Aldo Rossi de *cidade análoga*, poderemos falar de *país análogo* (en sentido non só físico, senón cultural e psicolóxico) e en consecuencia de *remodelación análoga*, como unha categoría clave na posta en marcha e, por suposto, na continuidade dun modelo autonómico.

CIES

Bauen, Wohnen, Denken. Arquitectos encontran a Heidegger, ou *pensar e Pólis*

Xosé Bar Boo / Carlos Fernández / Marcial Gondar
Basilio Lourenço / César Portela

O texto que aquí presentamos é o protocolo dun seminario que tivo como material de traballo unha traducción ó galego da conferencia de Heidegger "Bauen, Wohnen, Denken" (habitar, construír, pensar) realizada por Basilio Lourenço. O seminario tivo lugar en Pontevedra, ó longo de varias sesións durante o verán de 1987, e nel participaron Xosé Bar, Carlos Fernández, Marcial Gondar e Basilio Lourenço.

O interese do seminario consistía en debater unha conferencia dada por un filósofo de non precisamente doada lectura, diante dun congreso titulado *Home e Espacio* (1950, Darmstadt), cun estilo pouco habitual en debates con técnicos, mesmo cando os técnicos están afeitos a filosofar, como era no noso caso. Esta conferencia, *Bauen, Wohnen, Denken* inspirou o discurso do *Rexionalismo Crítico,* teorizado por Kenneth Frampton, pero practicado por moi diversos arquitectos en todo o mundo, independentemente de que teñan escoitado falar ou non de Heidegger e desa teoría. Pepe Bar e César Portela serían representantes senlleiros do rexionalismo crítico galego e os outros participantes eramos persoas interesadas na temática urbanística e territorial, con experiencia en equipos interdisciplinares de carácter teórico e/ou práctico. Detrás do debate está a experiencia da redacción de *Crecemiento versus desenvolvemento,* e a práctica de asesoramento veciñal do equipo CIES, experiencias nas que participaron os dous arquitectos e Basilio L. F., e ben coñecidas polos outros dous, no caso de Carlos Fernández por seguimento directo, no de Marcial Gondar por contacto e estudio a posteriori. O debate tamén presupón a experiencia doutros traballos de equipo, como a participación de Pepe Bar, Carlos e Basilio no Congreso *Tradición e Modernidade,* celebrado en Sargadelos en 1984, ou arti-

gos conxuntos publicados por César, Marcial, Basilio e Xosé Fortes (que non estaba neste seminario) en *A Nosa Terra* ou *A Trabe de Ouro*, sobre a unidade ou o futuro do nacionalismo. A diversidade temática destes artigos ou conferencias, que vai desde a crise da enerxía ata a ponderación da eficacia estratéxica que tería a unidade sindical e política do nacionalismo galego, recibe a súa coherencia do referente teórico do *Modelo Autonómico de Desenvolvemento*, o texto central do cal é reproducido noutro lugar deste número. A mesma referencia actuaba no seminario.

A linguaxe das categorías era unha linguaxe operativa, certamente abstracta pero contrastable, é dicir, estrictamente formal. Este formalismo permitía a súa aplicación a moi diversos eidos, non só ó espacial--territorial a partir do cal foran descubertas. Agora ben, a coherencia interna do modelo estaba garantida, para os redactores de *Crecemento versus Desenvolvemento*, porque o que facían era elevar a categoría xeral á idea que tiñamos do desenvolvemento autónomo de Galicia, mediante *remodelación análoga* (expresión que procede do contacto con Aldo Rossi desde a década anterior) da estructura territorial *arcaica* de Galicia, remodelación que implicaba unha modernización técnica e cambios profundos, pero na que supoñiamos que se realizaba unha conservación da estructura máis profunda do territorio, algo así como a continuidade da súa *alma*.

Pois ben, o obxectivo do seminario era, suposto que o aspecto técnico e formal do proxecto estaba claro, identificar en diálogo con Heidegger esa *alma* da relación Home-Espacio, e polo tanto, Home-Territorio, que inspiraba o *Modelo Autonómico de Desenvolvemento*, e a nosa concepción da validez formal, non material, do arcaico. Esta forma de *conservadurismo revolucionario*, *discurso retroprogresivo* ou como se queira chamar, constituía o denominador común das reflexións dos participantes. Por exemplo, o contacto con Marcial Gondar producírase con ocasión dunha conferencia sobre *Avantaxes do atraso* (desde un punto de vista antropolóxico), á que asistiron Carlos F. e Basilio L. F. Daquela estaba claro para todos que o discurso autonómico tiña por eixe a relación home-espacio e, aínda que o modelo autonómico de desenvolvemento se presentase como alternativa ós modelos coñecidos de desenvolvemento económico, quedaba caracterizado pola prioridade do espacial; ata o punto de que xa durante a redacción ou pouco despois un dos participantes, Fernando Nebot, enxeñeiro de camiños, salientou que a nula participación dos economistas (algúns eran de feito socios fundadores do CIES) resultara positiva para a liberdade do discurso, para a capacidade de dexergar algo realmente novo.

A estructura espacial, a *Cuestión da escala* como dicía desde unha década antes César Portela, era a cuestión do auténtico desenvolve-

mento. Isto implicaba unha relación co territorio, que na tradición do galeguismo (referíndonos en primeiro lugar ó galeguismo da xeración Nós) constituía unha alma, a alma de Galicia. ¿Por que o modelo espacial pode ser tan importante?

A conferencia de Heidegger ía por aí. Dous dos participantes (Carlos F. e Basilio L. F.) estabamos desde uns anos antes trala pista da posible fundamentación *heideggeriana* do territorialismo galeguista, aínda que na conciencia de que o nacionalismo galego e o nacionalismo de Heidegger non tiñan nada que ver. O contacto con Heidegger era algo do que se esperaba unha formulación máis profunda e radical da relación home-espacio, e polo tanto da revalorización da pequena escala (escala *abranguible*, como insistiamos no CIES). Non necesitabamos a Heidegger para pensar a partir de aí un modelo universalizable, transcultural e con clara vocación de construcción piramidal ata a escala mundial. Tampouco necesitabamos a Heidegger para dar azos á nosa actitude de intervención, ó rexeitamento do especialismo, ou á concepción do intelectual-técnico comprometido. Polo tanto, o encontro con Heidegger circunscribíase á dimensión Home-espacio. Esa era a temática do encontro de Darmstadt en 1950. A función deste diálogo era completar a dimensión filosófica do discurso técnico, cultural e político da autònomía mediante unha lectura concreta e material, por non dicir materialista (dado que esta palabra conduce a demasiados malentendidos) do ser-home en canto ser-no-mundo: ser-home (ser-aí, *da-sein*), ser-no mundo = ser nun espacio cualitativo, artellado por *lugares*, é dicir = ser nun territorio e en relación a el. Neste sentido, o discurso de *Bauen, Wohnen, Denken* non contradí o de *Sein und Zeit* nin a temática da *historia do ser* posterior, pero enmárcaos, confírelles lugar na inevitable referencia á apoiatura dun *lugar*. Co discurso do *Cadrado* apoiado nun lugar, o ser-no mundo manifesta a súa completitude (os eixos espacial *terra-ceo* e temporal *divinos-mortais* definen a cruz que sustenta *todo o que hai*) e a súa concreción. A concreción era para nós, consciente e comprometidamente, a temporalidade do momento e da oportunidade histórica (a *crise*, é dicir, a encrucillada da civilización), e a dobre espacialidade concreta de Galicia como referencia local (o *aquí*) e o mundo en proceso de mundialización como universalidade realizada (o *todo*). Tratábase de comprobar nun diálogo cunha linguaxe diferente, esencialista e densa, aínda que despreocupada pola traducibilidade intercultural, a coherencia e a radicalidade (é dicir o nacer da raíz ou esencia do home), do modelo conceptualmente preciso que nos inspiraba, e que inspiraba unha gran variedade de propostas concretas nos máis diversos ámbitos.

O protocolo, no seu estilo esquemático, *de guión moi desenvolvido a posteriori*, presupón no lector o coñecemento do discurso do *Modelo*

Autonómico de Desenvolvemento. Os seus aspectos máis xenéricos do cal aparecen neste mesmo número de *Grial*, e da conferencia de Heidegger. Trátase por tanto dunha temática aparentemente moi periférica respecto ó eixe de referencia *Galicia Cidade Atlántica.* Agora ben, neste título parece implícita a idea da identidade, alomenos potencial, entre cidade e territorio, e esta ampliación do concepto de cidade, que ten unha xa longa tradición (mencionemos por exemplo os *desurbanistas* da primeira época soviética, antes de que Stalin exterminase con igual eficacia vellos bolcheviques e novas ideas), é unha consecuencia automática das categorías do modelo autonómico, por canto unha cidade non é outra cousa que a estructura espacial mediadora entre uns servicios localizados nun *centro urbano* de determinado nivel e a poboación que ten acceso a eles. A esencia do modelo é tender cara a unha situación de equilibrio óptima en que toda a poboación do territorio teña acceso a eses servicios en condicións practicamente igualitarias, o cal quere dicir que toda a poboación é *urbana* sen deixar de ser rural, no seu caso. Trátase dunha concepción integral do territorio que se reflicte na integración (vella utopía, hoxe doadamente realizable) de cidade e campo. O diálogo con Heidegger quere reflexionar sobre a completitude desa integración, sobre a "alma" do habitar nun territorio concreto ("localismo"), realizando de forma plena as potencialidades de comunicación humana universal ("universalismo"). Por iso dicimos que a temática é aparentemente periférica. En realidade, a temática é a do centro máis íntimo de calquera proxecto de integralidade territorial, tamén e de forma senlleira (polas excelentes condicións de partida, cando as saibamos aproveitar) dunha posible *cidade-país* chamada Galicia.

Na traducción da conferencia, o traductor pretendeu conservar todos os ecos de cada unha das palabras, mediante unha lista de opcións, que suxería unha opción preferencial segundo o contexto. Comentáronse amplamente as principais familias, recorrendo a termos que non aparecían no texto pero que servían para salientar o *aire de familia.*

O traductor recolleu por esa vía todas as conexións etimolóxicas ou as polisemias usadas por Heidegger, comezando polo propio título da conferencia de Heidegger: *Bauen*=traballar a terra, e *Bauen*=edificar, concorren en *labrar* (pedra labrada, labrar a terra) (*labrar* non é a traducción elixida para Bauen, senón unha das interpretacións suxeridas). Tamén se fixo referencia a outros textos, que algúns dos alí presentes xa tiñan debatido, concretamente *Überwindung der Metaphysik* e outros que sitúan a noción de nihilismo. Foron lidos e comentados tamén varios parágrafos de *Was heisst Denken*, exactamente desde o último da páxina 16 que comeza: "Estamos fóra da Ciencia. En lugar diso estamos, por exemplo diante dunha árbore florida— e a árbore está diante de nós..." ata o penúltimo da páxina 18, que remata: ... "¿Por que dici-

mos "finalmente"? Porque o Pensar, ata agora, nunca a deixou estar onde está". O texto que segue é un resumo da discusión, elaborado inmediatamente despois do seminario.

Existía un guión pero a penas se seguiu. Eliminando meandros, o debate pasou por cinco momentos:

1. Construír e habitar.
2. A espacialidade primaria. Arquitectura e Física.
3. A *recuperación da cousa.* Escala e proximidade.
4. Nihilismo e infinito. Cristianismo, nihilismo, modernidade.
5. *O Cadrado* (traducción adoptada de *Geviert.* Cadrado, non cuadrado, para que soe *cadrar,* inda que isto non se dá na palabra alemana) e o *Sentido do sagrado.*

1. CONSTRUÍR E HABITAR

* *Só desde o habitar é posible construír e non á inversa. Aquí coincide Heidegger coas preocupacións iniciais do CIES (de moito antes, por parte dos arquitectos).*

* O habitar non se refire á vivenda, senón á terra. Por iso é *labrar:* labrar a terra, *cultivar,* e labrar a pedra, *edificar.* Nos dous está a relación directa coa terra (*pedra* é *terra*).

* Construír-habitar é Arte. Relación con *A orixe da obra de arte.* A arte construínte, deixa-ser, fai-ser a Natureza: O *Peine del viento* de Chillida, que tanto gustaba a Heidegger deixa ser o vento e mais a rocha, ó se in-stalar, chantar nelá. A *avanzada* do Home na Natureza trae á presencia a tensión da súa relación.

* O cultivo da terra para facela habitable acaece como cultura, forma de entender a Natureza e se asentar nela. Saliéntase que Ser en romance ibérico occidental non deriva de *esse,* senón de *sedere,* estar sentado: Asentamento radical.

* O habitar é un feito colectivo, como é esencialmente *cultura.*

* Só hai habitar e cultura como *cultura propia,* como apropiación e propiedade. Arraigo esixe Escala. O cidadán cosmopolita non é *habitante.*

* O exemplo da casa da Selva Negra resúltanos familiar. Salientamos as semellanzas entre a Selva Negra e Galicia, tamén no nivel *antropolóxico.*

2. A ESPACIALIDADE PRIMARIA. ARQUITECTURA E FÍSICA

* A primacía do lugar na xerarquización e estructuración de espacios e o feito de que o lugar sexa unha construcción remite de novo ó "salto da obra de Arte" (Der Sprung des Kunstwerkes).

* A espacialidade non acaece como idea, como cantidade descualificada, nin como constructo humano: é relación coa Terra, contar con ela e obrar sobre ela, habitar.

* A interpretación en SuZ sobre a espacialidade e a súa relación coa estructura do *útil* (ser-a-man) remítenos a *traballo*, obra. Mais a forma primaria de traballo, que engloba unha relación coa terra tanto de útil como de co-pertenza, é cultivo-e-construcción: *Bauen.*

* A Arquitectura permanece na proximidade da espacialidade orixinaria: É máis *verdadeira* que a Física. En xeral, a Técnica é máis *verdadeira* que a Ciencia Natural, e encerra o seu sentido.

* Provocación: *¿Logo todo home é arquitecto?*: responden os arquitectos: Si, esencialmente. A complexidade dá lugar á especialización, dentro da referencia do habitar. En todo caso, *a comunidade é o arquitecto fundamental.*

3. A *RECUPERACIÓN DA COUSA*. ESCALA E PROXIMIDADE

* A insistencia de *Bauen Wohnen Denken* no concreto fica quizais manifestada con máis decisión no contraste con outra forma de pensar, no texto de *Was heisst Denken?* A propósito da importancia do concreto-pequeno cítase unha *boutade* de Adolf Loos: *A guerra perdeuse porque o calzado estaba mal deseñado: O Exército tiña os pés suados.*

* *O idealismo, o platonismo* é non deixar ser a cousa. O materialismo é puro platonismo, substitúe a realidade por ideas.

* A máxima efectivación do platonismo é o diñeiro: Non é nada concreto e o é todo. Máxima abstracción. O sistema capitalista é o Poder da Abstracción.

* A *recuperación da cousa* só é posible dentro da pequena escala. Heidegger roza isto continuamente pero non o formula nin é consciente da súa transcendencia.

* Na Escala abranguible hai persoa e comunidade (de persoas = Mitsein), na grande Escala, Sociedade, Humanidade, o dominio do impersoal. Estado, Civilización... son sinónimos de Abstracción: Non deixar a árbore se erguer no prado onde está (senón na cabeza, ou na conciencia, ou no circuíto económico...).

* A existencia de *cousas* esixe orde, xerarquía, espacial e doutro tipo: Dentro e fóra, casa, espacio humanizado, Natureza humanizada, salvaxe... intemperie. Di-stancia. Consideramos aquí o *intervalo de Gillo Dorfles*, enlazando con reflexións da época de *Golpe Vello* (Gillo Dorfles estaba inicialmente previsto como un dos participantes no Congreso *Tradición e Modenidade* en Sargadelos, 1984).

4. NIHILISMO E INFINITO. CRISTIANISMO, NIHILISMO, MODERNIDADE

* Noutros debates consideraramos a relación nihilismo-infinito desde o punto de vista da masificación, e do Poder. Agora entendemos superación do nihilismo como o *deixar á arbore erguerse no seu prado, diante de nós.*

* Repásase: *Cristianismo=concentración da sacralidade=desacralización da Natureza.*

* Contraste do Cristianismo coa experiencia primitiva da sacralidade dispersa.

* Heidegger fai referencia no texto a que o problema do habitar esencial non se resolve coa reconstrucción da Alemaña (a conferencia é da época da posguerra). Coméntase que a re-construcción física non toca para nada as causas profundas da propia guerra. A belicosidade é unha manifestación da esencial posesividade-destructividade da sociedade moderna, presente na Alemaña de Hitler e na democrática do momento.

* A referencia á proximidade entre *construír* e pensar é entendida desde a radicalidade do habitar. Enténdese que a cuestión é en todo caso *a recuperación da terra.*

5. O *CADRADO* E O *SENTIDO DO SAGRADO*

* Carácter onto-topolóxico de *Geviert.* Terra-Ceo é exactamente o eixo vertical, o abaixo-arriba espacial, e tamén ontolóxico. Ceo é tamén Natureza. Terra é máis restrinxido que a *Terra* que se contrapón a *Mundo* en *A Orixe <salto orixinàrio> da Obra de Arte.* Esta concreción relaciónase coa intención topolóxica da noción de *Geviert.*

* A estructura do *Geviert* non é dada polos catro lados seguindo o perímetro dun polígono, senón polo cruzamento das dúas diagonais: Terra-Ceo, Divinos-Mortais. Menciónase unha interpretación de *Geviert* como a viga que sostén o teito dunha mina. Alúdese a que o cruza-

mento de diagonais forma cos lados o que os arquitectos chaman *unha estructura "arriscada"* é dicir, que resiste ós esforzos deformadores.

* *Terra* en BWD é a dimensión de estabilidade básica do que en DUdK é Terra. *Ceo* é a dimensión de variabilidade e horizóntica. A tensión Terra-Ceo é tamén a de seguridade (asentamento)-inseguridade... intemperie. A dependencia respecto do *tempo*. Aparece a temporalidade, como *Ciclo* (estacións) e como evento (a tempestade, o bo tempo). Consideramos a co-pertenza etimolóxica de tempo e ceo. Tamén no romance moderno: o tempo que fai; en alemán *Jahreszeiten* (estacións)...

* Pese á orde da enumeración de Heidegger decidimos falar antes de *mortais* para entender que son os *divinos*.

* A ocultación da morte, unha das características da sociedade cosmopolita. *Avantaxes do atraso* en relación á capacidade de asumir e inculturar a morte. Diálogo coa Antropoloxía Cultural (un dos participantes é antropólogo e especialista no tema). Coa morte tamén se nega a vellez e as etapas da vida.

* A esencia dos mortais é a capacidade de adiantar a súa morte. Neste adiantar proxectivo, o home autotranscéndese. A aceptación da morte é tamén a aceptación do nacemento, de que mundo non é unha imaxe que morre con un.

* Autotranscendencia é o mesmo polo que "podemos estar máis perto da vella ponte de Heidelberg que unha persoa que a utiliza todos os días para ir traballar". Este atravesar o espacio físico é pensar. O pensar é cousa dos mortais. Como o habitar.

* *Os divinos* son a outra cara da realidade aceptada da morte. Contemplan a eternidade. A eternidade non é posuíble, non é presente, pero a auto-transcendencia conleva o recoñecemento dunha ausencia-presencia (*trasencia*).

* *O Ceo* é algo físico, non a morada dos divinos. Pero a dimensión de non abranguible, correlativa do abranguible do espacio do habitar, a horizonticidade na trascendencia, é tanto do Ceo como dos divinos.

* Os divinos relaciónanse daquela tamén coa intemperie, coa apertura, incompletitude, imprevisibilidade do mundo, co seu radical non ser reflexo do home.

* Se o eixo Terra-Ceo é vertical-espacial, o que permite ter os pés na terra, a permanencia-tanxibilidade, o eixo divinos-mortais é *temporal*. Pero non no sentido de: pasado / presente / futuro, senón: presencia-pasar / trasencia-eternidade.

* *O sagrado* é o non controlado-acolledor, que *permite habitar* substraéndose ó control dos mortais. Sagrado ten sentido só se *estamos nós sobre da terra*, non se a terra está dentro das nosas cabezas, ou na con-

ciencia, ou no cálculo da Ciencia ou no outro cálculo da explotación económica ou do control do Poder.

• Sagrado / profano é unha forma de orde e xerarquía, de topoloxía ontolóxica. Profano é o que está diante (fóra) do templo onde se produce a *aparición —faínos—* do deus.

• Pero hai distintas formas de topoloxía do sagrado. Pode concentrarse ou estar disperso. A Galicia tradicional caracterízase pola experiencia da dispersión da sacralidade, ata o extremo de que o sagrado e o profano interpenétranse sen se confundir. Esta experiencia é esencialmente pre-cristiana, conservada baixo a protección da oficialidade da Igrexa. Unha dualidade e convivencia desigual (*pacto desigual*) de concepcións do sagrado.

• A familiaridade cos santos non é irreverencia senón expresión de afinidade... A noción de propiedade en *meu pai, miña nai, a casa, a terra* é sempre a dunha co-pertenza...

X. B. B.
C. F.
M. G.
B. L.
C. P.

ENTREVISTA

Entrevista a César Portela

B. Lourenço Fondevila
Carlos Fernández

César Portela Fernández-Jardón (Pontevedra, 1937) é arquitecto e urbanista de recoñecido prestixio internacional. Nos anos sètenta foi o primeiro secretario do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, con Andrés Fernández Albalat e, posteriormente, Pepe Bar, como decanos. Naquela etapa final do franquismo todos os colexios de arquitectos de España (o COAG na vangarda) asumiron un rol social moito máis amplo do que se atribúe normalmente a un colexio profesional. César Portela organizou o primeiro SIAC (Seminario Internacional de Arquitectura en Compostela) dirixido en 1974 por Aldo Rossi. O COAG involucrouse nos conflictos técnico-políticos daqueles anos, o que determinou a colaboración con outros profesionais, da que naceu o CIES (Círculo de Información e Estudios Sociais), en 1975. O CIES interveu en conflictos como o da Autoestrada do Atlántico, a recuperación dos montes comunais, o non nato Plan Director Territorial de Coordinación de Galicia, as pesqueiras do Miño, etc., sempre cun enfoque de seriedade científica e globalidade transdisciplinar, actitude que tivo menos resonancia pública que o apoio a movementos populares. Ó mesmo tempo, fixo un traballo teórico importante: Crecimiento versus desarrollo *(a parte máis conceptual do cal aparece tamén en este número), no que se recolle unha elaboración teórica de pretendida validez universal das categorías que naqueles anos César Portela manexaba insistentemente: analoxía (procedente de Aldo Rossi), escala, e autonomía.*

Pasados os entusiasmos da Transición, o CIES desapareceu, pero deixou un pouso de práctica da interdisciplinariedade, que foi recollida en equipos e asesorías, como Consultora Galega, e tamén en diversos

encontros, congresos ou seminarios nos que os antigos membros do CIES participaron xunto a outras persoas que viñan confirmar aquela tradición da interdisciplinariedade. Un deles foi o seminario sobre Bauen, Wohnen, Denken, *que se reseña noutro lugar deste número, no que participaron con César Portela e Pepe Bar, o antropólogo Marcial Gondar e os dous entrevistadores.*

—Para situar ó lector imos recorrer a unha fácil etiqueta: a túa obra parece moverse dentro do que Kenneth Frampton bautizou como rexionalismo crítico *(reinvención moderna de tipoloxías vernáculas, valoración do lugar fronte ó espacio extenso e uniforme), en contraposición á arquitectura de ningures propia do* estilo internacional. *¿Aceptas esta análise de Frampton? ¿Como te sitúas nela? ¿Cal é a túa posición respecto do movemento moderno?*

—Unha cousa é o movemento moderno e outra o estilo internacional. O movemento moderno pon en práctica unha arquitectura moderna para un mundo moderno: escolas, ambulatorios, colonias para traballadores, edificios decentes para todos; ou sexa que, ademais de promover un estilo novo en arquitectura en función de parámetros estrictamente arquitectónicos, tamén tiña unhas preocupacións sociais que están na base de toda boa arquitectura. O movemento moderno foi un avance, foi vangardista no eido da arquitectura, e o estilo internacional foi como un subterfuxio inventado por Philips Jhonson en Nova York coa intención de asolagar todo o empuxe progresista que o movemento moderno tiña.

Todo proxecto arquitectónico é, ou debería ser, o resultado de confrontar un programa de necesidades, un lugar, e un orzamento; e todo iso á súa vez co xeito de pensar o entorno que ten quen o vai usar, o xeito de concibir o espacio. Por iso é moi importante o lugar, pero no só o feito físico, non só a topografía, senón nun senso moito máis amplo, o clima desde logo, pero tamén a sensibilidade, o modo de vida, a cultura en xeral. Eu coido que a miña arquitectura ten moi en conta este factor. A estación de autobuses de Córdoba pretende ser un edificio xenuíno dun lugar emblemático como Córdoba, ten as mesmas pretensións que pode ter a mezquita ou as casas-patio cordobesas; ata o punto de que eu sempre digo que me gustaría que se alguén chegase en autobús a Córdoba con ollos vendados, andase pola estación e volvese no mesmo autobús de novo cos ollos vendados, puidese dicir que estivo en Córdoba. A min paréceme que iso é un factor indispensable na arquitectura. Como o Faro de Punta Nariga, aínda que un faro é un modelo estereotipado de sinais que hai en todo o mundo, está pensado para ese lugar chamado Punta Nariga na Costa da Morte, é case persoal e intransferible. O mesmo que ocorre co cemiterio de Fisterra ou o que ocorre co Museo do Mar de Galicia en Vigo.



Fotografía: Manuel Outomuro

CÉSAR PORTELA

Son pezas que en primeiro lugar dan resposta a un programa, porque a arquitectura non é un poema nin é un cadro que eu podo pintar por unha necesidade persoal (aínda que de feito dea satisfacción a desexos sociais), supón un desembolso e unha enerxía de construcción que só se xustifica se dá resposta a necesidades concretas. A arquitectura é resolver eses aspectos concretos; pero despois tense que inserir nun sitio. Tamén ten que dar resposta á maneira de ser, á maneira de concibir o espacio que cada autor ten. E ten que respectar os presupostos económicos. Ou sexa que é o contrario do que Rubert de Ventós chamaba "arte ensimismado", non pode permitrse certas veleidades. A arquitectura pode ser mellor ou peor, pero ó final ninguén lle paga a un arquitecto se non hai, por exemplo, cincuenta vivendas determinadas que mellor ou peor serven para que vivan cincuenta familias. Isto é unha servidume pero tamén unha vantaxe, porque impide o ensimismamento que noutro tipo de manifestacións artísticas é posible.

—*Este número de* Grial *leva por título* Galicia, cidade atlántica, *pero xa nos textos do CIES* se *falaba de* cidade-país *e de Galicia como un exemplo posible de cidade-país, ó tempo que se falaba de* remodelación análoga *e* autonomía de escala. ¿Cal é a túa postura actual ó respecto?

—Falar da cidade é extremadamente difícil porque é falar da historia do home como ente social; cando falamos de cidade podemos estar pensando cada un dos que usamos esa palabra en modelos moi diferentes; porque de que cidade falamos ¿da polis grega, ou de Los Ángeles, ou de Hong-Kong, ou de Pontevedra ou de Vigo, Praga, ou México D. F. cos seus trinta millóns de habitantes, ou Toquio con case tamén trinta millóns de habitantes? Farruco Sexto, un poeta e arquitecto galego que vive en Caracas, do que son moi amigo e admirador, di que o home habita sucesivamente catro casas que encaixan unha noutra como as *matrioskas* rusas: a primeira é o propio corpo, a segunda é a casa por antonomasia, o fogar; a terceira é a cidade, hábitat, territorio cotián; a cuarta é o mundo. As dúas primeiras teñen carácter íntimo, son persoais ou familiares, a terceira casa, a cidade que compartimos cos demais poderiamos chamala a casa social, territorio da especie que elixe agruparse; é a expresión materializada, a testemuña de como foi, como é e aínda como quere ser unha sociedade; expresa a forma de vivir, de relacionarse, as grandezas e miserias dun grupo social, afloran os gustos, os acertos dunha sociedade, e tamén a estupidez. A liberdade, a igualdade, as diferencias, todo hábito de creación, queda gravado na estructura construída. A vida urbana é a vida do home contemporáneo. Este ente chamado cidade que creou grandes expectativas, que ofrecía moito e ó final dá tan pouco, acaba defraudando as expectativas da xente, cando todo o mundo pareceu poñerse de acordo para comezar unha gran marcha que é o salto do campo á cidade. Hai todo un pro-

ceso de eclosión persoal nesta longa marcha, tamén unha trama de modelos económico e político que fai que a xente deixe unhas terras e unha forma de vida que controlaba, onda "facía pé", é dicir tiña a súa forma de producción e a súa cultura, que bota pola borda para ir detrás desa ilusión, a cidade. Aventura que moitas veces remata nunha fabela, nun ranchito, ou nunha vivenda infernal nunha periferia infernal... Pero o problema non é a cidade mesma, o problema está na sociedade, que estructura un sistema que se basea na competividade desaforada e na desigualdade social. Por iso cando falamos do plan Cerdá, da Cidade Lineal, da Cidade Xardín estamos a falar dun modelo social que se concreta neses modelos urbanísticos... Así, o ensanche de Cerdá, que falaba de urbanizar o campo e ruralizar a cidade, un modelo exemplar que podía servir para a problemática que temos en Galicia; ou como o modelo de Arturo Soria era capaz, a través desa rúa lineal que era servicio de transporte na que nos atopabamos nun lugar urbanizado e por detrás de cada casa estaba directamente o campo... Pero todo isto veuse abaixo nas cidades xardín inglesas unicamente pola especulación, que aproveitou ó máximo un modelo que fora pensado para cubrir necesidades, non para acumular capital. Por iso cando falamos destes modelos a min gústame falar tamén de posibilidades reais. Non hai máis que botar un vistazo a todas esas periferias inmensas que se foron creando arredor das grandes cidades para crear consumidores, man de obra barata, non *cidadáns*. Hoxe en día os cidadáns están case circunscritos a pequenas áreas da cidade, normalmente coinciden cos cascos históricos e cos primeiros ensanches, onde hai un equilibrio entre a vivenda e os espacios públicos: eses espacios que non son de ninguén pero son de todos, onde a xente se atopa e se relaciona, e pasa gran parte da súa vida, onde recordamos os nenos que xogaban, onde viamos pasear os vellos, e onde realmente fixemos os primeiros e mellores amigos de toda a vida. Ese é o tipo de cidade que a min me gustaría no caso de Galicia; unha cidade que supuxese remodelación análoga dun territorio que ten aspectos positivos de concentración e aspectos positivos de espallamento. Había que aproveitar as vantaxes que ten cada un deses factores, para dar un salto cualitativo e compensar as carencias do territorio e do entorno. Eu coido que cando falamos dunha cidade é importante falar dese concepto de remodelación análoga e tamén do problema de escala. Estes dous son conceptos válidos non só para Galicia senón para calquera país ou rexión. E falando destes conceptos é moi importante coñecer fondamente a realidade, as virtudes e os defectos propios, para remodelar constantemente a realidade aproveitando o bo que temos incorporando bondades alleas compatibles coas bondades propias. Reinventando cada día a realidade sen prexuízos, porque non todo o herdado é bo, nin todo

malo. Nin o novo é todo malo só por ser novo, nin bo tamén só por ser novo. O mesmo respecto de escala a nivel persoal, a nivel de casa, a nivel de cidade e de territorio. Cada cousa require unha escala, unha casa é mala se é pequena, pero tamén é mala se é grande. Se un aparcadoiro ou unha tenda está moi lonxe non se pode chegar. A remodelación análoga refírese a cambios que se fan sen perder o bo que un xa ten, e a escala é a proporción que sempre hai que manter entre a xerarquía das necesidades, a accesibilidade dos instrumentos para satisfacelas, en definitiva as dimensións dos entornos do home, en plural, porque xa dixemos que hai unha gradación. Son dous parámetros que non debemos esquecer, senón que deberían estar presentes en calquera proxecto que acometamos.

—*É coñecida a túa relación de amizade e colaboración profesional con Aldo Rossi, e nalgún momento, ti mesmo dixeches que Rossi, despois de escribir* A arquitectura da cidade, *descubriu en Galicia a* arquitectura do territorio. *¿Podías explicar esta túa afirmación?*

—Aldo Rossi foi un amigo e un mestre para min. Tamén foi un dos teóricos da arquitectura máis importantes da segunda metade do século pasado. El afirmou, cando aínda ninguén o dixera, que a cidade era un problema social e político, pero tamén un problema formal, é dicir, de arquitectura. A súa obra *A arquitectura da cidade* segue a estar vixente. Pero aquí en Galicia, viaxando xuntos polo territorio foi descubrindo unha realidade que xa albiscara no Ticino, no cantón italiano de Suíza, que é a importancia da arquitectura do territorio. Unha realidade aparentemente máis esvaecida, unha estructura construída no mundo rural e que está moitas veces a medio camiño entre a arquitectura, a enxeñería e a agricultura: onde as rúas son rueiros, corredoiras, e os socalcos, os muros, as pombeiras, os canastros... son elementos tan importantes e tan determinantes como poida ser a arquitectura edificatoria, a da cidade. Eu estou a traballar agora nun texto sobre este tema, espero ter tempo para rematalo, ou polo menos avanzar nel e que outros o completen no seu momento. Titúlase *Da arquitectura da cidade á arquitetura do territorio.* Paréceme unha obriga que teño con Galicia desde hai moitos anos, e tamén con Aldo Rossi.

—*Algunha vez te tes referido á influencia de De la Sota, Fernández Albalat e X. Bar na túa formación humana e profesional. ¿Podes explicala? Os modelos de territorios integrados elaborados por estes teóricos (a cidade das rías, o rombo sur de Galicia, logo ampliado a Vigo-Hinterland...) condicionaron o discurso sobre a* cidade-país*?*

—Daniel de la Sota foi amigo do meu pai e mestre meu na Escola de Arquitectura de Madrid, na que foi unha figura senlleira, que influíu pro-

fesionalmente en moitos arquitectos, en min especialmente; no caso de X. Bar e F. Albalat son dous grandes arquitectos das últimas décadas, e ambos foron dous referentes na profesión en xeral e para min en particular. Cando Pepe Bar morreu, sentín que algo en min morría. En canto F. Albalat, cando pasa un tempo sen que falemos ou nos chamemos por teléfono, estou incómodo ó principio, e despois síntome mal. E cando nos comunicamos é para min como para Popeye cando tomaba unha lata de espinacas: síntome máis animoso, máis forte..., máis alto, máis novo, máis guapo porque é das persoas que coñezo máis estimulantes, máis frescas, e máis novas, pola que non pasan os anos. Eu de cando en cando fago algunha obra que non está mal, pero non é ningún mérito tendo estes referentes que teño, e tamén o de meu pai. Na vida é moi importante ter referentes. Din os marinos que cando sabes a onde te dirixes, todos os ventos son bos, e cando non, todos son malos. Eu moitas veces cando estou atascado penso qué faría Daniel de la Sota, qué faría Pepe Bar, qué faría F. Albalat, ou qué faría meu pai, e pronto retomo o rumbo con toda claridade.

No caso de Daniel de la Sota é un arquitecto galego que exerceu en Madrid, con outra problemática diferente. Pero tanto F. Albalat como Pepe Bar, como antes Palacios, cómpre destacar que proxectaron un modelo de cidade moito máis alá dos límites localistas que as propias cidades teñen. No caso de Palacios é de todos coñecida a súa concepción do Gran Vigo. No caso de Pepe Bar xa foi máis alá, e proxectou o Rombo Sur de Galicia onde collía ese rombo que vai de Baiona a Redondela con centro en Vigo, de Redondela a Tui pasando por Porriño, de Tui á Guarda e da Guarda a Baiona, lindando co Atlántico e co Miño; e no caso de F. Albalat proxectou tamén hai xa unha chea de anos a Cidade das Rías, integrando igualmente un territorio que ten como núcleo principal a cidade (no sentido tradicional) da Coruña. Xa era un salto cualitativo entender que en Galicia non se pode falar duns límites como si se podería facer nunha cidade en Siberia, ou en Castela, entre campo e cidade. En Galicia hai unha mestura, unha forte interrelación entre campo e cidade, como centro de servicios, que fai necesario considerar uns ámbitos moitos maiores, capaces de englobar esa interrelación constante e esa complementaridade. A min gústame máis falar da cidade Galicia como un ente baseado nas diferencias e complementaridades entre as partes, nunhas perspectivas, noutras como conxunto de unidades autonómas, e noutras como unha unidade fortemente integrada. E aquí xa entra o tema da escala, de cómo hai que analizar profundamente as necesidades dois cidadáns para ver onde se dá satisfacción a esas necesidades, a qué distancias, e polo tanto con qué radios de acción para os distintos servicios... Que poden ser, xerar-

quizando, as de todos os días, as de todas as semanas, as de todos os meses. É absurdo pretender ter un areoporto por cidade en Galicia, un palacio da ópera por cidade, etc. Así como é moi importante ter un médico, unha tenda perto, ou ter unha sala de cine, ou ter unha escola. Ou ter un lugar para representacións, pero non unha gran sala. Acábanme de dicir que levantar o pano do Liceo de Barcelona custa trescentos millóns. Todo o mundo ten dereito a ter un médico se é posible debaixo da casa, pero o que non é posible é ter un equipo de ciruxía especializado no corazón en cada hospital comarcal. Isto é algo que ten que estar por enriba dos localismos e necesita unha visión moi ampla e operativa, non demagóxica. Nesa perspectiva de complementación, xerarquización das dimensións operativas segundo as necesidades, que permite a calquera acceder segundo o caso a un radio de acción familiar, outro de todos os días, outro non tan de todos os días pero realmente asequible, como poderían ser todos os servicios que deban ter un único centro nun territorio tan orgánico como é o galego (repitamos o exemplo do aeroporto) os localismos ficarían superados e poderiamos entender Galicia como unha única gran cidade, moi espallada, formada por un conxunto de diversas formas de construír o territorio (aquí entra o que acabamos de dicir a propósito do encontro de Rossi con Galicia) do cal as cidades en sentido tradicional, as vilas e as aldeas son pezas autónomas e autosuficientes no que corresponda, complementarias no que corresponda, "amables", de escala humana sempre, e abertas unhas a outras sempre.

—Moita xente coñece o César Portela exitoso e gañador de concursos e premios de arquitectura. Pero hai outro César Portela: o home comprometido en calidade de cidadán e de técnico que fundou e animou importantes proxectos interdisciplinares *de intervención técnico-cultural. Houbo un tempo en que era habitual —mesmo estaba de moda— reflexionar sobre o compromiso do "intelectual" na transformación da sociedade. Pensábase que o intelectual, ó ter unha maior visión da totalidade, estaba en mellor condicións que calquera para ofrecer "alternativas". ¿Que pensas hoxe de todo iso?*

—Eu considérome un técnico e un pouco artista e tamén un intelectual. Pero sobre todo, home. É una categoría que obriga a estar por riba do puro instinto animal de conservación que se concretou na expresión "a loita da selva". Ós homes hai que esixirlles superar os instintos, hai que esixirlle racionalidade e, sobre todo, sentimentos. Volvendo á faceta de técnico, de arquitecto, lévame a ter ideas e soños e concretalos e construílos procurando que os edificios non caian e que duren o máis posible. Non só que sexan bonitos os resultados, senón que sexan bos, que non haxa humidades, que sexan confortables...

Eu admiro moito os poetas e pintores; algúns amigos meus que teñen ese don autodenomínanse a parte máis inútil da sociedade. Penso que é todo o contrario. Se tivesemos máis en conta a sensibilidade dos poetas e dos pintores "outro galo cantaría". Os arquitectos temos o compromiso de construír espacios que dean seguridade e comodidade ós corpos e liberdade ós espíritos, ese é o compromiso fundamental do arquitecto. Pero tamén como homes nos atingue todo o que pasa no mundo, ata o punto de que temos que facerlle sitio no pensamento no só a proxectos e obras senón a problemas doutra escala, ás guerras que existen que son moitas, e máis das que aparenta, ou as ameazas de guerra, como son as que están a vender as petroleiras e os fabricantes de armas norteamericanos... Temos exemplos de intelectuais comprometidos como Bertrand Russell ou Jean-Paul Sartre que afirman que todo o que pasa no mundo nos atingue. Hai pouco dicíalle eu a un medio galego, que logo non o publicou, por iso o repito, que me impresionara moito a destrucción das Torres Xemelgas e os case tres mil mortos, pero que pensándoo ben, nos minutos entre o impacto e o derrubamento tiñan morto de fame e incluso de sede moitos máis nenos no mundo, e podería ser que unha cousa estea relacionada coa outra. Penso que cousas como estas son tan importantes como o exercicio da profesión. E hai que ser capaces de se preocupar por unhas cousas e polas outras. Nese sentido, a interdisciplinaridade é sempre imprescindible. Cómpre enfocar os problemas desde as máis amplas perspectivas e os máis diversos puntos de vista. Se eu tivese capacidade para influír nos que determinan estas cousas faría obrigatorio nos plans de estudio que se ateigase os enxeñeiros de letras e os que se dedican ás letras ateigaos de ciencias, porque cada día comprobamos máis que a especialización acaba atrofiando, e que a superespecialización é unha cousa que case anula o individuo. Na miña profesión, sempre que teño oportunidade de darlle entrada nos meus traballos a xente con outros puntos de vista, que é na maioría dos casos, non só o traballo se beneficia obxectivamente, senón que eu tamén me beneficio persoal e profesionalmente.

—¿Que vixencia ten todo isto no mundo globalizado do século XXI?

—Por agora os únicos que teñen unha visión global do mundo son as multinacionais, e só no eido da economía. Isto é xusto o contrario do modelo de globalización que realmente require unha sociedade como a nosa. Habería que pensar unha globalización que fose global en sentido cualitativo, integrando saberes e perspectivas, tamén culturas diferentes, que, contra do que se está vendendo, non son nin incompatibles nin impermeables (iso comprobeino persoalmente na miña experiencia profesional no Xapón, por exemplo); e global tamén

de forma que a apertura de todos a todo non implique asolagamento, senón integración, incremento de liberdade, non de homoxeneidade, nin imposición. Por suposto que esta forma de globalización ten que ver coa interdisciplinaridade, sería unha das condicións para botala a andar.

B. L. F.
C. F.

Da rede urbana á cidade difusa

Andrés Precedo Ledo

É este un escrito restrospectivo e á vez de futuro. Retrospectivo porque fago nel un compendio das reflexións e propostas sobre a organización territorial de Galicia que publiquei en dous momentos de tempo concretos: hai trinta e vinte anos respectivamente; e de futuro, porque eses mesmos escenarios contiñan unha visión prospectiva e, nalgúns casos, anticipadora, dun futuro que se fixo presente, pero que en moitos aspectos aínda segue estando na lista dos feitos desexables. Escritos redactados no pasado, pero ollando o futuro. A eles engado un novo texto —a penas iniciado aquí por falta de espacio— cunhas primeiras versións dese novo escenario da Galicia do século XXI. Todo iso baixo unha análise evolutiva, a través da cal poderei ir facendo unha exposición do meu pensamento sobre as realidades urbanas e territoriais de Galicia; un pensamento que descobre a permanencia das ideas no meu discorrer argumental.

1. REDE URBANA E DESENVOLVEMENTO REXIONAL: UNHA PERSPECTIVA DESDE TRINTA ANOS ATRÁS

Nos anos setenta, a principios da década, comezou a introducirse en Europa unha nova concepción do territorio que incluía unha innovadora conceptualización do espacio físico, e que asignaba á cidade unha función directora na organización e no funcionamento territorial.

O espacio rexional concibíase como o soporte dunha rede de cidades, cada unha das cales desempeñaba unha función ou funcións específicas que permitían a complementariedade da rede e a integración do

territorio; termos e conceptos que naqueles anos forneceron unha nova perspectiva do desenvolvemento rexional. Pasouse así do anterior enfoque sectorial de carácter económico ou socioeconómico —aínda presente en moitos estudios e análises— a un enfoque basicamente territorial e de contido funcional. É o que se denominou como teoría ou modelo das "redes urbanas". Baixo estes supostos, nos inicios dos anos setenta encargóuseme redactar un documento técnico que servise de base á aplicación do IV Plan de Desenvolvemento de Galicia, o cal, por diversos motivos non chegou a aplicarse; aínda que un resumo do texto foi obxecto de publicación nunha revista científica.

Unha visión anticipadora da cidade e do territorio

O documento ó que veño de facer referencia tiña como obxectivo a procura dunha solución integradora ou artelladora de Galicia, como daquela se comezou a dicir. Pretendíase substituír o enfoque sectorial dominante, é dicir, o desenvolvemento rexional visto desde a perspectiva dunha suma das políticas económicas sectoriais de carácter infraestructural, agrícola, gandeiro, forestal, pesqueiro, industrial, comercial e de servicios, por unha concepción rexional integradora, baseada nunha proposta que unía o desenvolvemento metropolitano, a rede urbana e o medioambiente como base territorial unificadora para a integración das devanditas políticas territoriais. E neste novidoso esquema, era a cidade o motor e o referente para planificar o desenvolvemento. Non esquezamos que foi nos anos setenta cando se asentaron estes supostos; que a pesar da súa "antigüidade relativa" manteñen a súa vixencia como unha concepción moderna; que algúns autores reintepretaron como unha suposta dialéctica entre o progresismo —a cidade— e o conservadorismo —o rural—. Lembro agora que xa daquela se comezaba a falar da Europa das cidades fronte á Europa das rexións; un discurso dialéctico que, aínda que callou posteriormente, tivo o seu inicio neses anos finais.

Foi neste contexto unificador e integrador no que concibín a proposta. Para constatalo e explicalo reproducirei textualmente o que daquela —en 1974— escribín como xustificación teórica. Dicía así:

> A cidade, ademais dun elemento integrante deste todo unitario que é a rexión, é o foco xerador dos factores desencadeantes do desenvolvemento. As innovacións técnicas, culturais, sociais e institucionais prodúcense nela, ó mesmo tempo que as actividades económicas, e de todo tipo, estenden a súa área de influencia ás áreas rurais circundantes. Deste xeito, a rede urbana deixa de ser un elemento estático para converterse no organismo integrador do territorio rexional.

Recollía neste texto, entre outras, a idea da cidade como organismo vivo —daquela moi de actualidade— e do territorio como un factor activo no desenvolvemento. Ambos, cidade e territorio, constituían un todo unificado: unha *Cidade rexión.*

Máis adiante escribía:

> [...] o sistema urbano, ademais de organizar o territorio nunha estructura lóxica, intégrao nunha unidade funcional e coherente. Convértese así no vehículo máis adoito para a transmisión das innovacións e, ó mesmo tempo, para a difusión do proceso de desenvolvemento no territorio. Este papel directivo, organizativo e integrador que o sistema urbano posúe, conduce a un modelo máis harmónico do desenvolvemento.

Certamente que agora, ó reler este parágrafo, advertín a actualidade que ten a procura da harmonía como principio director da acción territorial e do desenvolvemento. Esta idea, expresada hai trinta anos, non deixa de ser unha casual anticipación, pero respondía a unhas das miñas preocupacións. Hoxe máis que nunca —fronte ós excesos do economicismo, do productivismo, da maximización do beneficio e da acumulación capitalista, da globalización nunha palabra— a consideración do desenvolvemento como un proceso que debe harmonizar a eficiencia coa equidade, a concentración coa descentralización, a urbanización coa natureza, a producción coa sostenibilidade, a metropolización coa reurbanización ábrese paso, cando menos como principio corrector ou compensador.

Volvendo ás afirmacións daquel entón, non deixa de ser interesante salientar tamén o fincapé que facía no escrito sobre a innovación como o factor central do desenvolvemento. Aínda máis, se as cidades eran os centros dinámicos do sistema, érano en razón de ser os centros de innovación, pois "as innnovacións técnicas, culturais, sociais e institucionais prodúcense nela". Hoxe, coa revalorización da innovación no seu papel de avance e adaptación, aquela afirmación recobra vixencia e actualidade, que neste caso é o mesmo que permanencia. Tamén daquela engadía que nuns casos serán as grandes áreas metropolitanas os centros de innovación e desenvolvemento, pero noutras rexións, como a nosa, "será de grande eficacia unha planificación que conduza á formación do modelo urbano difuso máis adoito á súa realidade". "Cada territorio, cada cidade, cada rexión debe esforzarse en deseñar o seu propio modelo, e que contribúa a diminuír os desequilibrios rexionais internos, favorecendo a desaparición das tensións cidade-campo". Detereime aquí. Esta enunciación sobre a conveniencia de que cada rexión debe deseñar o seu propio modelo de desenvolvemento, adaptalo ás súas características e recursos, era daquela —e aínda agora— provoca-

dora. En efecto, naquel momento era moi frecuente, como hoxe, estudiar as experiencias de desenvolvemento que tiveran éxito nun lugar e intentar despois trasladalas a outra rexión, a outro país. E niso ocupábanse moitos teóricos, non poucos planificadores e bastantes políticos. Despois aparecía a decepción: o que noutro lugar dera resultado, ó ser trasladado a un contexto diferente, ou ben vía decimadas as súas posibilidades ou constituía un estrepitoso fracaso. A lección era sinxela: cada territorio, cada país, cada cidade ten a súa propia idiosincrasia, os seus factores diferenciadores, que unha veces son fortalezas e outras feblezas; ou dito doutro xeito, cada territorio ten as súas propias vantaxes diferenciais ou comparativas, sobre as que —precisamente— deberá construírse o seu propio modelo; cando menos se o que pretende é unha acción de cambio estructural de fondo e non un mero retoque conxuntural. Sen embargo, os anos pasaron e os erros seguen repetíndose. De toda experiencia allea podemos aprender, de todo proceso de cambio podemos extraer experiencias útiles, de toda teoría podemos obter supostos filosóficos sustentadores da acción, pero nada debe aplicarse mimeticamente. Cando menos é necesario adaptalo.

Foi baixo estes avanzados supostos teóricos como concibín o documento de planificación que me encargaran para Galicia e ó que antes me referín. A continuación explicaba a metodoloxía, que tiña na medición empírica da centralidade urbana un dos seus obxectivos finais; un concepto de centralidade que, superando os índices funcionais do modelo dos lugares centrais daquela vixentes, apuntaba cara a un proceso que asociaba desenvolvemento urbano/rexional coa terciarización da economía. Dicía así: "Neste marco teórico é o sector terciario o que adquire meirande relevancia. Efectivamente, a cidade caracterízase por ser un centro de servicios". E engadía ó anterior a seguinte explicación evolutiva: "Se nun primeiro estadio de desenvolvemento a centralidade depende exclusivamente da súa condición de centro de mercado, nas etapas posteriores o proceso industrial determina o crecemento da cidade, o aumento do nivel de vida e, como consecuencia, a complexidade dos servicios, que deste xeito ven incrementada a súa calidade e cantidade". Aí está, cunha linguaxe simple, un enunciado do proceso de terciarización que caracterizou a evolución do sistema económico a partir dos anos oitenta. E non é raro que así fose, porque a terciarización e urbanización son dous procesos correlativos.

Innovación, difusión e terciarización eran termos e conceptos anticipadores nun escrito que, dalgunha maneira, contiña as bases doutras propostas que posteriormente escribín, e que todas tiñan en común o concibir Galicia como unha rexión equilibrada e artellada como consecuencia da organización dun sistema urbano descentralizado, policéntrico e difuso. Así escribía, trece anos máis tarde:

> Galicia posúe unha estructura urbana moi adoito para unha ordenación equilibradora do territorio, pero por agora non é máis que un mecanismo potencial, porque a evolución seguiu traxectorias entrópicas que impediron unha estructura territorial máis harmónica.

e engadía:

> [...] da man cómprenos facer unha consideración sobre a importancia de introducir as comarcas para, a través delas, unificar e equilibrar os diferentes elementos que como elos mal conectados, conforman o sistema rexional de asentamentos"[1].

Galicia. Os escenarios territoriais dos anos setenta

Dado que o estudio que me serve de referencia tiña como obxecto servir de base para a elaboración dun documento de planificación, nel propúñanse diversas recomendacións para o desenvolvemento territorial de Galicia; primeiro, como obxectivos e accións específicas, e despois, presentando tres hipóteses referidas a outros tantos escenarios rexionais. Comezarei por resumir os primeiros, os obxectivos, empezando polos niveis de base da rede urbana —a rede urbana rural—, para continuar polas cidades. As propostas máis significativas eran as seguintes:

1. A dispersión da poboación e a infradotación de servicios do medio rural fan que "a concentración da poboación rural en núcleos maiores sexa unha tarefa urxente".

2. "A parroquia constitúe a base da organización social do medio rural, sendo unha institución característica da rexión, a unidade territorial tradicional".

3. "Existe unha carencia de cidades entre dez e trinta mil habitantes", debendo, por iso, propiciar estes niveis de asentamento, que "serían os máis eficaces para formar o elo entre cidade e campo que permita a difusión do desenvolvemento", é dicir, a estratexia das cidades pequenas, tan de actualidade no momento actual.

4. Conservar as cidades medias (entre cincuenta e cen mil habitantes) como "centros de equilibrio".

5. Intensificar as interrelacións urbanas, "non só terciarias, senón tamén as que se derivan da industria".

6. "A política de dispersión espacial da industria é un factor decisivo para o equilibrio territorial".

1. Precedo Ledo, Andrés. *Galicia: estructura del territorio y organización comarcal.* Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1987, p. 231.

7. "A necesidade dunha *comarcalización*, na delimitación da cal se teñan en conta, ademais de "factores histórico-naturais, a accesibilidade, o dinamismo, a nodalidade, a funcionalidade", para "recoller as características funcionais do pasado e sobre elas proxectar a dinámica futura, a fin de non chegar a unha división estática do territorio que, aínda que sexa fiel ó pasado, se amose ineficaz para o futuro". E engadíase: "é esta unha importante tarefa a realizar se se quere iniciar desde a base unha racional ordenación e integración do espacio rexional".

A proposta, vista despois de trinta anos, non deixa de ser actual, aínda que moitos obxectivos xa se teñan posto en marcha, o que demostra o seu realismo, porque só o que é realista remata impoñéndose. De feito, na Galicia de hoxe a poboación tende a concentrarse nas cidades maiores, mais tamén nas vilas e cabeceiras de comarca, que se van incorporando ó grupo das cidades pequenas (entre dez e trinta mil habitantes); a parroquia mantense activa; as cidades medias actúan de feito como centros de equilibrio, principalmente as do interior, rompendo a dobre dialéctica territorial campo-cidade e costa-interior; a formación dun tecido empresarial endóxeno e a creación de polígonos industriais incrementaron as interrelacións urbanas, e a comarcalización iniciouse, con máis dificultades, contratempos e indecisións das que sería desexable, mais o proceso está en marcha, e de feito a comarca é referente principal para a organización actual do territorio rexional. É certo, creo poder afirmar coa perspectiva do tempo, que as propostas eran acertadas, mais a súa consecución foi —e segue sendo— demasiado lenta e aleatoria, quizais porque tiveron máis forza os localismos que a aceptación dunha acción planificada, continua e decidida sobre o territorio.

Seguindo con esta revisión do texto, vexamos agora o que aconteceu coas tres hipóteses que o traballo presentaba, cos tres escenarios territoriais que daquela eu mesmo prevía para a Galicia do futuro.

a) "Primeira hipótese: concentración do crecemento no eixe costeiro. Esta hipótese —dicíase— semella a máis probable, cando menos no curto prazo, dadas as características xeográficas e socioeconómicas da rexión. A mesma construcción da autoestrada apunta cara a un rápido desenvolvemento do eixe costeiro, xa en fase avanzada de formación". Era a hipótese xa daquela proclamada do eixe atlántico. "Esta hipótese —dicía— provocará probablemente unha acentuación dos factores negativos que operan no interior galego e, como consecuencia, a oposición xa existente será meirande cada vez". Evidentemente, o que daquela era unha hipótese, dez anos despois converteuse nunha realidade, seguindo fielmente os enunciados.

b) "Segunda hipótese": un segundo escenario asumía a formación do eixe costeiro, mais engadía a consolidación de áreas urbanas interiores. A estratexia proposta para acadar este obxectivo era a industrialización das cidades interiores, que pasarían de ser cidades de servicios a reforzar a súa estructura productiva interna, mais "nunha primeira fase, este desenvolvemento provocará o baleirado do resto das provincias, aínda que nun estadio posterior as economías externas enxendradas permitirán a organización dos espacios comarcais e a difusión do desenvolvemento". Para iso, esta alternativa "deberá complementarse cun plan de industrialización ambicioso que inclúa algunhas das cabeceiras comarcais, co fin de equilibrar a estructura interna do sistema e paliar a carencia de cidades de entre dez e trinta mil habitantes". Vista desde hoxe, non hai dúbida de que esta hipótese se plasmou en realizacións efectivas, mais por estar descoordinadas, por carecer dunha programación inversora e por falta de apoio de moitos teóricos e políticos rexionais, centrados no discurso do eixe atlántico e das grandes cidades como esquema único, púxose en marcha sen forza e con excesivas inercias. Por iso, non comezou a facerse patente ata mediados dos anos noventa, e os seus efectos empezan a manifestarse no inicio do século XXI. O retraso é evidentemente notorio.

c) "Terceira hipótese". O terceiro escenario contemplaba o desenvolvemento disperso desde o eixe costeiro cara ó interior, aproveitando as localizacións nodais resultantes dos plans de comunicación. "Este sistema —dicíase— é aparentemente o máis adoito para un desenvolvemento que afecte á totalidade do territorio rexional. Sen embargo —recoñecíase—, a súa consecución é difícil e semella pouco probable nas primeiras fases do proceso de desenvolvemento. Só unha vez que o eixe costeiro e as cidades interiores teñan adquirido unha estructura consolidada, as necesidades de descentralización permitirán o desprazamento de funcións cara ás áreas máis próximas, de acordo cos principios de accesibilidade e difusión".

É indubidable que —malia as moitas matizacións que hoxe puidesemos facer a esta última proposta— segue sendo un escenario de futuro aínda para a Galicia de hoxe, amosando un camiño que mantén a súa vixencia para a ordenación do territorio no século XXI. Cómpre dicir que se naquel momento as tres hipóteses propuñan modelos para decisións políticas diferentes, sinalando as consecuencias de cada unha das devanditas opcións, a valoración desde o presente, ollando cara atrás co coñecemento do que aconteceu no terceiro tercio do século pasado, veremos que, en realidade, as tres hipóteses poden asumirse como fases ou etapas sucesivas dun modelo gradual de desenvolvemento territorial. E así é como ocorreu; de onde se pode concluír pensando que a terceira hipótese non

é máis que o último escenario da evolución. Non deixa de ser sorprendente que aínda hoxe sexan moitas as propostas políticas e os escritos académicos ou os artigos de prensa que seguen ancorados no primeiro escenario: o eixe costeiro. O que isto escribe tomou unha opción desde o principio, e a realidade —deica o momento— semella demostrar que era a opción máis razoable: a urbanización difusa.

Aínda máis, no mesmo texto apuntábanse posibles localizacións das cidades de equilibrio —as de quince a trinta mil habitantes— para fornecer o territorio dun soporte efectivo co fin de acadar o equilibrio e a difusión das innovacións no territorio. Eran as seguintes: "Costa lucense (Viveiro-Ribadeo); costa occidental da Coruña (Cee-Corcubión); terras altas centrais (Vilalba); o mediodía de Lugo (Monforte), e a zona nororiental (O Barco) e os vales meridionais de Ourense (Verín). Estas hipotéticas cidades de equilibrio —dicíase—, ademais de organizar o espacio rexional, chegarían a ser o resorte espacial e funcional para a integración do sistema galego co astur-leonés". A idea segue a ser suxestiva, pois conformaría un verdadeiro eixo interior (Viveiro-Ribadeo-Vilalba-Lugo-Monforte-Ourense-Verín), que dalgún xeito xa se está apuntando, e —no contexto de integración eurorrexional que fraguou posteriormente— sería o nexo para a súa continuidade polo norte de Portugal.

2. DESENVOLVEMENTO LOCAL E URBANIZACIÓN DIFUSA. UNHA PERSPECTIVA DESDE OS ANOS OITENTA

Co título que enuncia este apartado escribín —con posterioridade ó traballo anteriormente comentado— un novo texto que viña sendo a continuidade do anterior e un elo entre aquel e o escenario que despois debuxarei —en grandes trazos— para a Galicia do século XXI. Trátase dun ensaio publicado en 1981, formando parte dun libro, e presentado en 1985 a un congreso celebrado en Santiago de Compostela sobre "Crise, autonomías e desenvolvemento rexional". Achega unha visión complementaria e —dalgunha maneira— reforzadora da anterior. Limitareime a transcribila sen engadir ningún comentario ou valoración. Que sexa o lector o que xulgue a súa pertinencia e viabilidade desde a perspectiva dos vinte anos transcorridos. Tan só dicir que o texto contemplaba como escenario unha Galicia equilibrada, harmónica, na que cada unha das partes formaría coas outras un todo integrado e integrador. Con fines analíticos, presentábase unha disección do territorio en sistemas diferenciados, aínda que interrelacionados nun sistema unitario. Os subsistemas eran catro: o metropolitano, o urbano, o rururbano e o rural. Escolmarei a continuación o que no texto dicía a propósito das características de cada un deles. Escribía daquela:

> O sistema metropolitano: a evolución do proceso de urbanización xerou a formación de novas estructuras que levaron os límites do espacio urbano cara a extensas zonas rurales periféricas, dando lugar á consolidación de sistemas urbanos e metropolitanos en continua expansión debido á xeneralización e intensificación dos subprocesos de descentralización económica e social, formándose así o sistema metropolitano. Os fenómenos son primordialmente de natureza económica. O espacio urbano convértese en lugar de producción e de consumo, pero o feito máis representativo é a formación de extensos desenvolvementos suburbanos que de xeito continuo ou discontinuo abranguen a unidades administrativas distintas da cidade, producíndose o fenómeno da aglomeración morfolóxica e tamén funcional dun número diverso de unidades administrativas nun espacio urbano internamente integrado. Un novo tipo de cidade emerxe. A súa razón de ser xa non está só vencellada á industrialización, mais ó crecemento do sector terciario. As cidades son principalmente o lugar onde se sitúan os centros de decisión de empresas, organizacións gobernativas, centros de investigación e de actividades financeiras, sanitarias, educativas, culturais, turísticas e de lecer. [...] Permanece unha nova estructura urbana de orde superior á anterior: a rexión funcional urbana. Lembremos que algunhas das propostas realizadas polos plans que sustentaban determinadas políticas rexionais falaban das áreas metropolitanas Pontevedra-Vigo e A Coruña-Ferrol. Nós coidamos que é máis correcto limitar o concepto metropolitano ós espacios urbanos sinalados, tanto por razóns de realismo e coherencia territorial como para a operatividade da ordenación ou da planificación territorial, deixando para os segundos o termo de *Rexión funcional urbana.* [...] Non queremos rematar sen insistir na necesidade de institucionalizar as áreas metropolitanas porque a xestión urbana a nivel municipal é insuficiente para enfrontar os problemas comúns presentados e para obter un meirande equilibrio estructural do territorio. Resulta anacrónico que aínda hoxe a planificación vixente siga utilizando o municipio como marco funcional de referencia, cando as realidades urbanas xa o superaron. Non escapan a este comentario os numerosos problemas de toda orde que iso presenta, pero a dificultade non debe anular a súa conveniencia.

Desde aquela pasaron vinte anos.

Despois dunhas referencias explícitas a cada un dos outros subsistemas, que aquí omito por falta de espacio, vou escoller do texto algúns parágrafos en atención á súa actualidade. Dicía nun deles:

> Poderíanse engadir máis cousas, como por exemplo coidar a estética das novas construccións; preservar lugares de valor paisaxístico, cultural ou histórico; coidar as relacións visuais entre as construccións novas e as existentes e coa paisaxe natural; non mudar a trama das antigas localidades; evitar que o tráfico altere a quietude dos vellos lugares e dos novos; protexer as vistas, deixando libre unha beira da es-

trada; situar pantallas verdes de protección visual e acústica, etc. Pero o que hai que ter en conta é que, ó ser o galego un sistema de urbanización difusa, se trata dun espacio ou sistema de asentamentos de elevado risco que esixe particular protección.

E, finalmente, hai un factor ó que asignamos unha importancia singular, o cultural. O desenvolvemento do territorio galego —máis ou menos incipiente e marxinal— soportou as consecuencias da elevación do nivel de renda da poboación —xa fose polos recursos económicos xerados polas actividades localizadas ou polos provenientes da emigración— que non tivo unha contrapartida paralela na elevación do nivel cultural. En consecuencia, as demandas de calidade de vida mantivéronse nun nivel precario. Este desaxuste renda-cultura explica moitos dos feitos comentados anteriormente. Todo iso lévanos a propor a necesidade de evitar que esas tendencias continúen e, cando sexa posible, rehabilitar o tecido dos asentamentos rurais. Mesmo podería falarse dunha rehabilitación do territorio.

Todo isto obríganos a procurar un novo equilibrio, baseado na elevación do nivel cultural, que pasa tanto por facilitar o acceso xeneralizado ós estudios superiores, como ás actividades culturais, ó lecer creativo e diginificador do home e, ó tempo, ó aumento da calidade de vida. Neste contexto, é mester instrumentar unha política de rehabilitación territorial, cun contido integral e integrador, que a través dunha metodoloxía de planeamento máis precisa —aí o interese da comarcalización participativa— sexa quen de devolver a calidade a un hábitat moi estragado.

Pero nada disto sería posible se non se acadase unha revitalización dos elementos do sistema de asentamentos. Sería unha tarefa excesivamente custosa e utópica. É preciso —antes de rehabilitar o hábitat e o territorio— integrar os principais elementos nun sistema dinámico que contemple unha asiganción satisfactoria e selectiva das funcións de distinto rango nos variados niveis de asentamentos, dotando ó medio rural dunha meirande calidade de vida.

Nas páxinas seguintes presentamos un modelo baseado nas conclusións da análise anterior do sistema de asentamentos, e aplicando uns esquemas teóricos previos, que conforma unha proposta xeral de revitalización do sistema. O lector advertirá de seguido que está ante unha proposta utopista ou idealista, que os problemas son máis complexos e as solucións non tan sinxelas. Tamén o advertimos nós, mais non queremos omitila —máis dunha vez o pensamos— porque nalgúns aspectos pode ter un certo valor de suxestión.

Introducía así unha nova proposta para a rehabilitación e revitalización do territorio galego, xa non contemplado desde as cidades, como o fixera nos anos setenta, mais desde o territorio rexional na súa totalidade. Os parágrafos que trancribirei a continuación expoñen o que pansaba hai vinte anos.

Neste contexto conceptual, e tendo en conta os aspectos positivos que posúe o noso sistema tradicional de asentamentos, podemos pensar nun modelo operativo que, actuando en tres niveis, permita unir o logro dunha estructura espacial harmónica e unha meirande calidade ambiental do sistema: en primeiro lugar a consolidación dunha *metrópole rexional policéntrica*; en segundo lugar, a revitalización das pequenas vilas; e, nun terceiro nivel, a rehabilitación dos asentamentos de base.

Podería semellar contradictorio falar de metrópole rexional cando antes diciamos que é moi conveniente manter o policentrismo urbano que caracteriza o sistema galego, mais ambos feitos poden ser compatibles. Por iso, podemos idear un modelo de crecemento metropolitano policéntrico que sume as vantaxes das grandes cidades e evite unha boa parte dos inconvenientes derivados do tamaño. Este modelo aplícase a dúas ou máis cidades próximas entre as cales existe un espacio rururbano ou premetropolitano, é dicir, unha estructura urbana policéntrica.

A unificación permite lograr economías de escala que ningunha cidade acadaría por separado, e rendabiliza a localización de actividades culturais, terciarias e de tempo libre que doutro xeito serían difíciles de conseguir.

Un segundo nivel de actuación no sistema viría dado polas pequenas cidades, as vilas, que, como xa observamos, son moi numerosas e en moitos casos posúen un tecido urbano herdado de notable valor cultural e ambiental. Estes asentamentos precisan unha revitalización funcional que faga posible un programa máis amplo de rehabilitación. Polo seu papel equilibrador do territorio, a súa potenciación sería un obxectivo desexable. Para iso, e dentro do modelo global que propoñemos, cómpre pensar en convertelas en centros terciarios de servicios de nivel medio —equipamentos colectivos, administración, sanidade, educación—, dentro dun esquema descentralizado, e lugares adecuados para a localización de pequenas e medianas industrias transformadoras dos recursos locais. Esta organización funcional ficaría inscrita no planeamento comarcal, servindo como elementos polarizadores das mesmas e así consolidar a organización do territorio en comarcas. Ademais, a potenciación da "vilas" permitiría dinamizar o sistema rural revitalizando as comarcas rurais da costa ou o interior que están aletargadas.

O terceiro nivel está formado polos asentamentos rurais organizados funcionalmente polas parroquias. Na actualidade, a estructura espacial destes asentamentos, que polo seu tamaño, distribución e organización estaba adaptada a unha economía de subsistencia de relacións fundamentalmente locais, resulta inadecuada para canalizar un proceso de cambio, segundo os modelos de desenvolvemento convencionais.

Así, ó tempo dun equilibrio espacial, acadaríase un equilibrio ecolóxico máis amplo. Non esquezamos que o modelo productivo

galego baséase en actividades intensivas en man de obra, tecnoloxía branda, e en boa medida de tipo ecolóxico, que permite obter productos naturais de alta calidade. Cremos que aquí está a chave do posible éxito da inserción da economía galega nos mercados exteriores de meirande poder adquisitivo, españois e europeos. Iso permitirá manter e potenciar as virtualidades do actual sistema de asentamentos e acadar un meirande equilibrio xeral, minimizando as agresións ó privilexiado ecosistema natural, que podería manter a súa capacidade de oferta turística, unha das principais actividades que Galicia debe ofrecer a Europa, mais destinadas a unha demanda cualitativa con requirimentos distintos ós usuais na nosa terra.

O modelo do sistema de asentamentos que propoñemos —dicía no seu momento—, aínda que non é un obxectivo a curto e nin sequera a medio prazo, polo seu carácter idealista e fundamentalmente cualitativo, axudaría a mellorar a calidade de vida, tanto no medio urbano como no rural. Ó tempo implicaría unha revitalización dos centros tradicionais do medio rural e propiciaría unha rehabilitación das áreas urbanas —gracias ó crecemento descentralizado—, e especialmente dos asentamentos rurais. A rehabilitación da parroquia conduciría a que esta volvese a funcionar como lugar de relación e de encontro da poboación dispersa. Mais todo iso pasa por un plan de mellora do medio rural galego, que é o que verdadeiramente —e máis na conxuntura presente— debe ser rehabilitado. Así, e volvendo ó que antes diciamos, o aumento do nivel cultural, e en particular un programa de educación ambiental, constitúen os apoios imprescindibles a un plan eficaz de ordenación e *rehabilitación territorial.* Mais para todo iso hai unha cousa previa: a comarcalización.

Pasaron xa máis de vinte anos.

Deste xeito, en lugar de ver o desenvolvemento como un proceso de crecemento que se orixina nas cidades e delas se difunde ó resto do territorio, aquel traduciríase primeiramente nun aumento da calidade de vida no medio rural capaz de propulsar as actividades derivadas instaladas nos niveis medios e nas cidades. Así, en lugar de ser un proceso de arriba a abaixo e de fóra a dentro, sería o inverso: de abaixo a arriba e de dentro a fóra. A cidade integraríase no campo e o campo na cidade, desaparecendo conflictos e contradiccións entre ambos. Iso, ademais, axudaría a manter o equilibro demográfico, ambiental, económico e social. En definitiva, trátase de volver a un modelo semellante ó da etapa preindustrial, cando a integración cidade-campo era un feito espontáneo, mais adecuado a un nivel de vida máis alto e de meirande claridade. *Unha urbanización difusa.*

3. A CIDADE DIFUSA: OLLANDO CARA Ó SÉCULO XXI

Chegando a este punto, as novas e vellas realidades territoriais lévanme de novo á tarefa de pensar en novos modelos de desenvolve-

mento territorial que, superando os esquemas funcionais mecanicistas e abstractos, se baseen en realidades territoriais concretas. Volven así a aparecer ante nós como unha referencia renovada, a teoría e o deseño dos modelos culturais clásicos, de tal xeito que as grandes ideas do século XIX e da primeira metade do XX poderían constituír hoxe o esteo para a formulación dun modelo ecolóxico de cidade, entendido como hábitat de calidade para as persoas e non como un sistema productivo de alta eficiencia. As novas tecnoloxías, os procesos de deslocalización, a ubicuidade espacial, a volta á natureza, o incremento da accesibilidade e a converxencia espacio-tempo fan que, tanto a escala rexional como local, poidan aparecer discursos urbanos que no seu momento foron de difícil xeneralización, e que hoxe as novas tecnoloxías fan máis viables. É neste contexto no que se move a nosa aposta: unha volta á unidade entre a cidade e o territorio, entre a cidade e o campo. Unha volta a unha concepción do urbanismo e da urbanización que non estea necesariamente asociada ós fenómenos de concentración física das grandes cidades.

Hoxe podemos ser habitantes dunha entidade urbana sen necesidade de vivir concentrados (e non só nós, tamén as actividades económicas). É o modelo voluntarista e utópico no que agora estou traballando, mais que xa estaba implícito nos escritos anteriores; un ideal pensado para unha rexión como Galicia, cun sistema de cidades policéntrico, unha urbanización difusa e un hábitat rural, no que unha enraizada cultura local reforza a identidade territorial e o seu papel como base para a innovación e a competitividade do territorio, dun territorio de calidade. Cidade, cultura, territorio e medioambiente son os catro compoñentes básicos para esta nova versión do modelo de "desenvolvemento territorial integrado", de integración campo-cidade, no que constitúen unidades básicas as comarcas, como "comunidades territoriais", organizadas en rede, que configuran un modelo de "cidade rexional difusa", no que cada entidade urbanizada, cada "comunidade territorial" desempeña —ou debería desempeñar— unha función especializada, aquela para a cal os seus recursos constitúen vantaxes comparativas, segundo a aplicación do xa introducido principio da xeodiversidade. O conxunto de "comunidades territoriais", mediante a cooperación e a complementariedade, servirían para artellar a poboación e o territorio nun verdadeito modelo de desenvolvemento integrado, nun modelo de urbanización difusa, nunha cidade integrada na natureza, nunha cidade verde, ecolóxica, onde as novas tecnoloxías da información, da comunicación, e a internacionalización da economía e dos mercados xogan un papel senlleiro. Para iso, o tratamento adecuado dos conflictos medioambientais é o reto fundamental, ocupando na orde de prioridades o papel que antes correspondía ás infraestructuras.

Na sociedade do século XXI —en contraste cos espacios funcionais ou tecnolóxicos abstractos— a calidade do territorio emerxe como un factor clave para a competitividade dos territorios e para a xénese de novos modelos alternativos. Modelos que nos apartados anteriores aplicamos ó espacio rural, ou mellor a unha concepción integrada e unificada do territorio, concibido como un continuo urbano-rural, e que estaban baseados na potenciación dos recursos locais, sendo en moitas ocasións o medioambiente unha vantaxe comparativa para eses territorios, e nalgúns casos o principal recurso estratéxico para xerar un proceso de desenvolvemento local. Estas e outras ideas xa foron anticipadas. Mais o seu valor acrecéntase ó examinalas desde a actual perspectiva urbana, porque, como vimos de dicir, as novas tecnoloxías, os novos modelos sociais, os novos sistemas de producción e as novas formas de organización das empresas están demandando a busca de novos modelos territoriais de desenvolvemento sostible.

Hoxe, a idea do desenvolvemento unido á gran cidade está perdendo peso a prol dos deseños territoriais descentralizados, nos que o papel das cidades medias e pequenas adquire un renovado valor. Fronte á antiga oposición entre o rural e o urbano, o século XXI aportará, probablemente, novidosas alternativas —cando menos teóricas— ó desenvolvemento territorial, baixo o principio da descentralización, segundo a cal o rural e o urbano —o campo e a cidade— tenderán a integrarse nun espacio funcional único, no que as escalas intermedias de planificación e xestión, como é o caso das comarcas, adquiren un valor estratéxico. Avanzamos cara a un novo modelo cultural e tecnolóxico que require un nivel de planificación máis flexible, máis sotible, aínda que tamén máis profundo. E neste novo contexto, á organización territorial ábrenselle novas oportunidades para chegar a ser un marco cualitativo para unha poboación que arela un mundo de calidade como superación das propostas anteriores, baseadas no *desarrollismo*. O obxectivo é integrar desenvolvemento, medioambiente e territorio nun sistema de xestión eficaz e optimizador dos recursos locais e, ó tempo, respectuoso coa identidade dos territorios e dos valores do mosaico diferenciador que conforman os "pequenos territorios", as comarcas. Un modelo integrado, e por iso equilibrado, para un territorio de calidade.

Nos espacios urbanos, como nos rurais e máis aínda nos de urbanización difusa, a xestión do territorio incorpora novos aspectos relacionados cos recursos naturais. Diversidade biolóxica, ecosistemas naturais, xestión da biomasa, mantemento dos usos do solo rural, control da urbanización para evitar o consumo abusivo de espacios rurais, transformación de zonas abandonadas ou deterioradas en usos medioambientalmente máis benignos son, entre outros, obxectivos que xa hoxe están incluídos nos modelos de planificación e desenvolvemento terri-

torial e que enlazan perfectamente coa teoría do desenvolvemento económico local. Dando un paso máis, direi que no deseño dunha "cidade difusa" a protección dos espacios naturais organizados en redes ofrece novas oportunidades para ser utilizadas como vantaxes comparativas para sustentar políticas sostibles de desenvolvemento territorial. Por unha banda, son espacios de contención da expansión urbana no contorno das grandes aglomeracións xa existentes; e por outra, poden aportar espacios de valor destinados a novas actividades de producción, de tempo libre e de ocio. Cidade, área metropolitana, rexión urbana son conceptos e realidades diferenciadas, mais que, mantendo a súa especialización, se integran en novas identidades comarcais mediante relacións de complementariedade.

Nesta liña de pensamento escribín hai a penas algúns meses en *La Voz de Galicia* dous artigos que reproduzo a continuación. No primeiro deles, que titulei "Repensar o territorio" (decembro de 2000), escribía unha primeira reflexión moi conectada ós anteriores escritos reseñados:

> Galicia atópase nun momento clave de transición histórica; transición de múltiple significado, que inclúe aspectos como o paso dunha economía primaria a unha economía terciaria, o cambio dunha sociedade rural a unha sociedade máis urbanizada, e tamén o paso dun territorio illado a un territorio integrado nun mundo global. Neste novo contexto moitas son as dificultades e as desvantaxes, mais tamén son moitas as vantaxes comparativas que, convenientemente dirixidas, poden transformarse en novas oportunidades. Mais isto que podemos afirmar de Galicia no seu conxunto complícase ó pensar en Galicia desde o territorio. Moitas veces dixen que o territorio é como ese palimpsesto no que ficaron inscritas, e a miúdo superpostas, as pegadas da historia, o que lle confire un papel senlleiro na busca de calquera outra cousa, a materiazación da nosa identidade. É a paisaxe, é o patrimonio construído, é a organización social, é un sistema económico localizado, é... case todo. E por ese carácter sintetizador, é tamén o espacio físico, real, concreto, onde a meirande parte dos conflictos se poñen de manifesto. Conflictos que son desigualdades, desigualdades que ás veces son desequilibrios, desequilibrios que case sempre son rupturas —bruscas e dramáticas en tantas ocasións— do noso propio ser como pobo. O século XXI, o III milenio, ofrece a todo ese complexo sistema territorial novas oportunidades, impensables deica hai pouco.
>
> A Galicia do III milenio pode ser, para os demais, se os galegos somos capaces, un paradigma dun novo modelo de cidade, dun novo modelo de organización territorial. Trala énfase posta nas últimas décadas nos aspectos positivos aportados polas grandes concentracións urbanas —un modelo propio da etapa industrial—, somos cada vez máis os que desde diversas posicións volvemos ás fermosas utopías urbanas do século XIX, nas que cidade e urbanización se asociaban a un pensamento humanista, que por riba do

pragmatismo utilitarista do racionalismo urbano, asociaba o urbano coa cultura, coa natureza, coa beleza, coa estética inspirada nos caracteres diferenciais de cada territorio, e todo iso na procura da harmonía social, da concordia social, da integración do home no medio e dunha relación de tamaño dimensional na que a medida non eran as economías de aglomeración —que tantas veces dexeneraron en deseconomías—, senón a escala do home. E esa escala hai que devolverlla ó territorio, mais non segundo o vello paradigma ruralista, senón baixo un novo paradigma no que urbanización e campo, en lugar de opoñerse, se identifiquen. Cando falamos de urbanización do campo, non o facemos, nin con moito, dun campo periurbano, senón que estamos pensando nunha sociedade que é quen de camiñar en harmonía, o vivir no campo e o vivir na cidade, e ese principio de harmonía significa unha nova mentalidade. Se a urbanización se entende como un cambio cara á modernización do pensamento, das conductas, dos hábitos, da cultura, dun mundo de innovacións, de creatividade e de progreso, podemos pensar —case por primeira vez na historia— que as novas realidades do século XXI poden facer posible esta utopía.

A cidade dispersa ou difusa, que de xeito espontáneo apareceu nalgunhas áreas rururbanas de Galicia, pode ser o punto de partida desa nova organización territorial, desa nova maneira de entender o territorio. Con esta perspectiva, Galicia coa súa variedade de cidades medias e pequenas, das nosas vilas, pode ser o esteo dese novo modelo que permita difundir a civilización urbana nun continuo verde, é dicir, natural, ecolóxico, sostible. Lonxe ficarán as imaxes desas concentracións urbanas masivas das que o retraso da nosa industrialización nos privou, mais agora que nos estamos incorporando en primeira liña a un novo ciclo da humanidade, cousa que nunca acontecera, coa excepción da etapa medieval das peregrinacións, Galicia pode dar unha resposta innovadora desde o territorio. Recollemos a vella idea de Galicia como unha única cidade, que algunha vez enunciou Otero Pedrayo. Pode que no III milenio sexa unha realidade, mais debe de entenderse a urbanización doutro xeito e situar o home nun contexto novo. Novas tecnoloxías, novas organizacións, novas sociedades, novas cidades e novos territorios. Son tamén novas utopías, mais partindo das utopías podemos facer realidade algún dos nosos ensoños; outros ficarán fóra, probablemente porque así tiña que ser.

Nun segundo artigo (xullo de 2001), titulado "Novas cidades, novos territorios", escribía así:

Hai uns días, uns colegas universitarios de varios países europeos propoñíanme a posibilidade de colaborar nun proxecto de investigación sobre os modelos de desenvolvemento da cidade do século XXI. O tema en cuestión centrábase nas actuacións de desenvolvemento urbano baseadas no patrimonio cultural e o medioambiente como factores económicos. Ante esta suxestión, avaliei momentanea-

mente como en pouco tempo están mudando os fundamentos, sobre os que os cidadáns europeos, os cidadáns do mundo do século XXI, estamos construíndo o futuro. Explicareime:

Non hai máis de dez anos, os modelos de desenvolvemento das cidades baseados na competencia económica, na mercadotecnia estratéxica ou na productividade das empresas centraban os discursos académicos e planificadores de corte tecnoeconómico. Agora, os mesmos que na primeira liña do pensamento sostiñan eses enfoques, sen abandonar a idea da competencia das cidades nun espacio mundial, buscan os soportes, os alicerces da calidade urbana no medioambiente, na cultura, no patrimonio. ¿Estaremos nos inicios dun novo culturalismo urbano?

A cidade como espacio de producción, de provisión de man de obra, de capital, forma parte dun certo discurso de tons rancios e badocos. A cidade, espacio de calidade, máis humanística, máis cultural, integrada nun territorio rexional, no cal se localizan dispersas as unidades de producción, e a residencia, abre novos paradigmas ou renova os do século pasado. Só que agora as novas tecnoloxías ofrecen posibilidades que nin F. Ll. Wright, nin E. Howard, nin T. Garnier, nin P. Geddes poderían albiscar.

Da cidade cultural á "cidade rexional" difusa non hai máis que un paso. Ábrese ante nós un amplo campo cheo de utopías, de suxestivas e ilustrativas utopías. Unha cidade —pechada ou aberta— nun espacio pensado para a liberdade, para o aumento da capacidade de elección do individuo, para a integración do home na natureza, para a reutilización do noso patrimonio, para un marco pensado para un home necesitado de ámbitos de relación, de harmonía, de equilibrio.

Tal vez algún día chegaremos a pensar que non todo é crecemento do PIB, aumento da renda e do consumo; tal vez un día os constructores de modelos pensen nun concepto da vida do home máis profundo, máis libre, máis creativo, e tamén máis creador. Tal vez a cidade na que estamos pensando permita pasar de percibir o home como un depredador do medio, a comprendelo como o creador dese medio. Nin máis nin menos que o que durante séculos puido facer, e do que recibimos como resultado esa herdanza material, cultural e espiritual que hoxe tan empeñados estamos en preservar. Tal vez por aí terán que vir as respostas á globalización desde o territorio. Unha cidade nova, un territorio novo, para unha nova era da humanidade.

Un modelo de urbanización territorial que integre nun sistema policéntrico as rexións urbanas, as áreas metropolitanas, as cidades medias, as vilas ou cabeceiras de comarca e as parroquias nun modelo de orde superior.

A. P. L.





As Comarcas: Comunidades Territoriais con Identidade

Cabeceiras Comarcais: rede de vilas

Cabeceira Munucipal: rede de centralidades locais

Comarca

Sendas verdes

"The Garden City". Ebenezer Howard

1. **Definición do sistema policéntrico de cidades: elementos preexistentes**
   Dúas rexións urbanas:
   Áreas metropolitanas da Coruña e Ferrol
   Áreas metropolitanas de Vigo e Pontevedra
   Área metropolitana rexional de Santiago
   Cidades de equilibrio: Ourense e Lugo
   Rede de cidades pequenas ou vilas

2. **Elementos estructurantes: os Corredores**

2.1. **Corredores Fundicionais**
   O Corredor Atlántico: Ferrol A Coruña Santiago Pontevedra Vigo
   O Corredor interior (eixo de equilibrio): A Mariña Lugo Ourense Verín
   Os Corredores rápidos: Autovías / Autoestradas / Ferrocarril de alta velocidade
   Os eixos de conexión interurbanos

2.2. **Corredores Ecolóxicos** (unen pequenas cidades)

2.3. **Sendas Verdes** (unen pequenas cidades coas capitais municipais)

3. **A base territorial: A Comarca, un territorio con identidade**
   Tipos de Comarcas: Metropolitanas, Urbanas, Ruurbanas e Rurais

4. **As Redes Territoriíais**
   Unha Redes de coordinación: Os Consellos Comarcais
   Unha Rede de cooperación pública-privada: as Fundacións Comarcais
   Unha rede de promoción e difusión: os Centros Comarcais
   Unha Rede telemática aplicada ó Desenvolvemento Comarcal: o CETADEC
   Unha Rede de Información Territorial (GIS): o SITGAWEB



Integrando a cidade difusa. A cuestión da vertebración territorial de Galicia no contexto da eurorrexión

Juan Luis Dalda

1. A REINTERPRETACIÓN DOS SISTEMAS URBANOS EN GALICIA

A cuestión metropolitana suscita para as cidades galegas tres tipos de problemas:

— A definición do carácter metropolitano dalgunhas cidades.

— O tamaño e o ámbito en relación ás decisións de ordenación territorial e política rexional.

— As formas de goberno e/ou planificación de natureza rexional ou intermunicipal.

O problema do tamaño e da definición do carácter metropolitano son parellos. En España antes da descentralización das autonomías foron definidas como *áreas metropolitanas*[1] determinadas cidades polo seu tamaño de poboación, nivel de desenvolvemento económico e grao de planificación urbana. Na lista de áreas metropolitanas inclúense Madrid, Barcelona, Bilbao, Sevilla, Valencia e Zaragoza; non así A Coruña nin Vigo-Pontevedra que aparecen conceptuadas coma áreas urbanas e metrópoles de equilibrio. Estas acoutacións permanecen vixentes. Nun recente estudio comparado sobre as políticas urbanas estatais na Unión Europea[2] a aportación española[3], avanzando nos conceptos de rexión

1. Richardson, H. W. *Política y planificación del desarrollo regional en España.* Alianza Editorial, Madrid, 1976. Hall, P. e D. Hay. *Growth Centres in the European Urban System.* University of California Press, Berkeley-Los Angeles, 1980.

2. Van der Berg, L. e Braun, E. Van der Meer, J. (ed.). *National urban policies in the European Union.* European Institute for Comparative Urban Research, Ashgate, Rotterdam-Aldershot, 1998.

3. Nel.lo, O. "Spain", en Van der Berg, L. *Op. cit.*

urbana e rexión metropolitana, engade á lista das áreas metropolitanas a de Málaga-Costa do Sol e diferencia como rexións metropolitanas Madrid e Barcelona. As cidades metropolitanas galegas seguen sen aparecer. É significativo como se produce a visibilización das dinámicas do sistema urbano español no marco europeo, que conceptúa con carácter xeral o estadío de *suburbanización*[4] en relación ó conxunto e define tres metrópoles de máis de un millón de habitantes. É importante reter a cuestión do tamaño ou masa crítica como limiar significativo. Noutros estudios da Comisión Europea[5] o limiar de un millón de habitantes ten sido utilizado para diferenciar as rexións urbanas das cidades medias. No noroeste só O Porto entra nesta categoría.

Mentres tanto, e transcorridas dúas décadas de plenas competencias lexislativas e administrativas en relación á planificación espacial, a Comunidade Autónoma de Galicia ten estado ausente de calquera aportación específica en relación ás políticas espaciais urbano/rexionais europeas. Como expresión das políticas supramunicipais tense producido unicamente o Mapa Comarcal, concibido para subdividir as catro provincias en ámbitos de similar tamaño e xerarquía, enmarcado nunha lexislación que separa metodoloxicamente a ordenación do territorio da planificación urbanística. A Comunidade non produciu ningunha iniciativa político/administrativa importante de carácter municipal, supramunicipal ou autonómica en relación ó feito rexional urbano.

Desde os anos 60 as cidades galegas medran, suburbanízanse, terciarízanse, expándense e diferéncianse. Nos anos 70 xa se formulara a oportunidade e a conveniencia de delimitar dúas áreas metropolitanas bipolares, A Coruña-Ferrol e Pontevedra-Vigo, como espacios complexos a ordenar con formas de crecemento e modelos de desenvolvemento de maior equilibrio e ambición territorial[6]. O seu carácter metropolitano en relación ós conceptos clásicos[7] permitía, xa daquela, considerar unha masa crítica menor (300.000 habitantes), un forte nivel de interrelacionamento centro-periferias, tendencias de deslocalización, xeración de difusión suburbana, etc.

Que estes patróns conceptuais e a súa expresión planificatoria non tivesen continuidade nos anos 80 e 90, no marco da autonomía recuperada, merece unha reflexión crítica.

4. Vanhove, N. e L. H. Klaasen. *Regional Policy: A European Approach*. Avebury, Aldershot, 1982.

5. Europa 2000+, 1994.

6. Nieto, A. "Galicia en el III Plan de Desarrollo", *Ciudad y Territorio* 1/2, 1975, pp. 55-62.

7. Berry, B. J. L. e F. E. Horton. *Geographic perspectives on urban systems*. Englewood Cliffs, N. J., Prentice-Hall, 1970.

As nosas investigacións dos anos 90[8] permiten unha caracterización empírica máis afinada e a consideración dalgúns conceptos espaciais: *área urbana, rexión urbana, cidade difusa,* que poden ser útiles nunha perspectiva planificatoria, a condición de enmarcalos en decisións político-administrativas autonómicas.

A natureza funcional dos procesos urbanos está cambiando, reafirmando algunhas tendencias con orixe nos anos 60. As cidades terciarízanse, tamén o carácter do emprego da poboación urbana e suburbana. Algunhas cidades, notoriamente A Coruña e Vigo, pero tamén Ferrol, Pontevedra e Santiago e, en menor medida Ourense, alónganse. A cidade real implica os municipios periféricos que, nas décadas dos 80 e 90, tiveron maior dinámica demográfica, inmobiliaria, residencial e urbanística, relativa, que as cidades centrais. Proceso que se produce coa ausencia de *políticas* de descentralización e de transporte. Paralelamente nos núcleos das cidades maiores ou máis complexas, A Coruña, Vigo e Santiago, xérase un sector terciario superior ou especializado moderno e certa internacionalización.

Neste aspecto, sendo o fenómeno urbano galego no seu conxunto un proceso no só de suburbanización senón tamén de aglomeración, non só de desenvolvemento competitivo senón tamén de crecemento parasitario da crise agraria e do aforro, as tendencias de suburbanización empezan a diferenciar con certa claridade dous modelos: o das *áreas urbanas* e o das *rexións urbanas* con carácter metropolitano.

O *modelo área urbana,* xeneralizable a todas as cidades galegas e no que habería que incluír, con dimensión local, determinados núcleos urbanos medios, implica as periferias. Esta implicación que é modesta nos seus primeiros estadíos e nas cidades menores, produce unha suburbanización dispersa que é débil en relación á mobilidade e que moitas veces non se supera nas fases máis maduras. Terá pois, nestes casos, un horizonte limitado quizais á xeneralización das políticas asistenciais de subsidio no contexto da crise agraria.

Pola súa parte, áreas urbanas como as da Coruña, Vigo ou Santiago, lidas no contexto do corredor atlántico e, por tanto, da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, representan un estadío funcionalmente máis complexo, dinámico e expansivo. Nestas áreas urbanas prodúcense fundamentalmente procesos de especialización e xeración de emprego

8. Dalda, J. L. "Ordenar la ciudad difusa", en Álvarez Corbacho J. (coord.). *Estrategias para Galicia,* La Voz de Galicia, A Coruña, 1994, p. 100. Dalda, J. L. (coord.). *O sistema urbano do Eixo Atlántico.* Cámara Municipal, O Porto, 1996. Dalda, J. L. e A. Viña. "El territorio de inserción de la A-9", en Pérez Touriño, E. (dir.). *Infraestructuras y desarrollo regional: efectos económicos de la Autopista del Atlántico.* Civitas, Madrid, 1997, pp. 25-119.

que teñen que ver coa innovación tecnolóxica e de capital e coa internacionalización do sistema urbano. A Coruña e Vigo engaden masa crítica, tradición industrial, porto e relación co sistema litoral, de antigo máis denso, trabado e difuso en relación ós patróns de urbanización. Esta combinación é a que explica a súa actual caracterización metropolitana, polo menos nas súas áreas urbanas, así como a oportunidade de avanzar na consideración dos conceptos de *rexión urbana* e *cidade difusa* nos agregados de A Coruña-Ferrol, Pontevedra-Vigo e Porto e a súa rexión litoral.

A Coruña pasou a ser o núcleo central dunha *cidade metropolitana* cun crecemento que xa non se recoñece no límite municipal. Alomenos os municipios de Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros participan tamén dunha condición expansiva en poboación urbana, actividade e mobilidade. En 1970, a poboación de feito destes cinco concellos era de 229.500 habitantes. En 2001 pasou a ser de 330.000 habitantes de dereito, cun incremento dun 44 por cento en trinta anos. Se o incremento global é significativo, aínda máis o é a súa distribución espacial. A *cidade central* pasou de 190.000 a 240.000 habitantes, incrementando relativamente un tercio da súa poboación; namentres que os concellos periféricos máis que duplicaron a súa, pasando de 40.000 a 90.000 habitantes. A expansión demográfica dos *municipios periféricos* é un fenómeno recente e aínda incipiente. Mentres que A Coruña tiña, en 1900, 50.000 habitantes, que se duplicaron en 1940 (104.000) e volven a duplicarse entre 1970 e 1980 (232.000 en 1981), os catros municipios periféricos tiñan 31.000 habitantes en 1900 e 40.000 en 1970. Só a partir desta data teñen iniciado un claro despegue que vén acelerándose nos últimos anos. É así que en 1970 a poboación dos municipios periféricos representaba o 17,4 por cento da cidade metropolitana, proporción que pasou a ser o 27,4 por cento en 2001. Nos últimos vinte anos a cidade central estanca a súa expansión demográfica, aportando un incremento de 8.000 habitantes, mentres que a periferia gaña no mesmo período 30.000, salientando Oleiros con 12.000, mais cun crecemento entre 5.000 e 10.000 habitantes cada un dos outros tres municipios. É interesante observar que, fóra destes ámbitos que definen xa a *área metropolitana* inmediata, os restantes municipios da *rexión urbana* de influencia da Coruña están demograficamente estancados, observándose saldos modestos de crecemento en Carballo, Sada e Betanzos.

Se se compara a cidade metropolitana formada polos municipios de Vigo, Redondela, Mos, O Porriño e Nigrán, atopámonos con magnitudes similares ás da Coruña. En 1970 a poboación de feito deste conxunto era de 249.500 habitantes, chegando os 362.500 de dereito en 2001, cun incremento global do 45 por cento. O municipio central de Vigo pasou neste período de 197 a 287.000 habitantes, medrando un

46 por cento, mentres que os periféricos, que tiñan 52.500 habitantes en 1970, pasaron a ter 75.400 en 2001, cun crecemento do 44 por cento, un pouco menor que o do municipio central. O peso demográfico dos municipios periféricos na cidade metropolitana mantense na media do 21 por cento. As tendencias son completamente semellantes ás da Coruña, considerando que as superficies respectivas dos termos municipais das cidades centrais están en proporción de 1 (A Coruña, 37,6 quilómetros cadrados) a 3 (Vigo, 109,1 quilómetros cadrados). Se comparamos as magnitudes dos conxuntos metropolitanos, as superficies son de 278 quilómetros cadrados (A Coruña) e 310 (Vigo). A densidade bruta de poboación é asemade moi semellante: 1.186 habitantes por quilómetro cadrado na Coruña e 1.170 en Vigo en 2001.

En Vigo e A Coruña estase a producir, a todas luces, unha nova tendencia na distribución dos asentamentos e no concepto de cidade que no seu ámbito central, *a cidade compacta*, acolle maioritariamente a residencia e amplía notablemente a súa oferta de servicios, pero estende ó seu territorio de influencia residencia, actividade e emprego. Na primeira coroa do ámbito de influencia, a *periferia metropolitana* ou *cidade difusa*, o crecemento está asociado á expansión da vivenda permanente e secundaria, do emprego industrial local e á formación dunha incipiente economía de servicios. Máis aló da periferia, na *rexión urbana de influencia*, o crecemento é modesto ou puntual, pero o territorio tende a especializarse en función das súas relacións coa área metropolitana, sendo previsible que as infraestructuras viarias especializadas orienten aínda máis unha expansión selectiva de determinadas funcións urbanas[9].

En efecto, se se analizan os datos de mobilidade nun período comparable, obsérvase que o tráfico medio diario nos accesos radiais ás cidades metropolitanas tense incrementado máis do 400 por cento nos vinte últimos anos[10]. Esta magnitude do crecemento do tráfico é realmente espectacular, como expresión de que as relacións entre a cidade e a súa rexión son moito máis intensas e diversas do que sinalan os datos de poboación. A mobilidade como indicador da actividade económica, tamén como manifestación dun problema real de transporte, público e privado, é un indicador sintético explicativo da dinámica urbano-territorial, así como o desafío planificatorio máis importante para o futuro da cidade e da área metropolitana. Da súa efectiva corrección

9. Viña, A. e E. J. Pis. "La movilidad en el Corredor Atlántico", en IDEGA/ENA (ed.). *La Autopista del Atlántico: movilidad, demanda de transporte y localización empresarial.* Universidade de Santiago de Compostela, Santiago de Compostela, 2000, pp. 85-152.

10. Díaz Fernández, J. A. *El sistema de comunicaciones y transportes en el Área Metropolitana de A Coruña. 1970-1998.* Deputación Provincial da Coruña, A Coruña, 2000.

e orientación funcional e espacial depende en boa medida o aproveitamento do potencial da cidade, así como outras decisións sobre infraestructura, vivenda, actividade e servicios, ocio e medio ambiente, que constitúen o núcleo actual das políticas urbanísticas de ámbito metropolitano en toda Europa[11].

En ausencia dunha planificación conxunta, estas decisións de política urbanística estanse a producir maioritariamente de forma descoordinada, localista e sectorial, sen modelo territorial de referencia. Neste contexto prodúcense deseconomías, non se aproveitan as sinerxías do crecemento, non se abordan seriamente os problemas de tráfico, transporte e mobilidade. As cidades centrais seguen pautas espaciais excesivamente densas e conxestivas, mentres na periferia non todos os municipios ordenan o seu territorio atendendo a estándares de calidade urbana, sostenibilidade e especialización funcional. O urbanismo municipal que temos, que en certas ocasións xa aborda os temas do crecemento e do equipamento local con eficiencia, necesita dun modelo territorial de referencia que explicite algunhas opcións de conxunto:

— Un criterio de reequilibrio espacial e de descentralización, corrector da conxestión central e da dispersión periférica.

— Unha rede de infraestructuras supramunicipal deseñada en coherencia cunha ordenación do transporte que fomente a valorización de eixes e lugares alternativos capaces de aloxar actuacións de intercambio modal de transporte e, xa que logo, capaces de instrumentar redes de transporte público eficientes e viables.

— Unha programación pública de vivenda e solo estructurante, orientada ó reforzo dos lugares urbanos e centrais da periferia.

— Unha acción sistemática e secuenciada de protección e acondicionamento do medio ambiente e natural, vinculada ó ocio e ó equipamento metropolitano, tamén á ordenación dos recursos territoriais, incluída a producción agraria.

As experiencias do pasado abordaron a cuestión metropolitana nun dobre plano: no do establecemento dunha autoridade política común e no da formación dun plan urbanístico e territorial conxunto. O actual marco administrativo e político demanda a procura de fórmulas e alternativas algo diferentes. No plano político non cabe imaxinarse que os municipios cedan competencias ou permitan ser anexionados en unidades maiores. Como tampouco resulta plausible, coa actual política, que desde a Comunidade Autónoma se produza unha ordenación do territorio de

11. Kunzmann, K. R. "The Future of the City Region in Europe", in Bosma, Hellinga (ed.). *Mastering the City: North-European City Planning 1900-2000,* Nai, Rotterdam, 1997, pp. 16-29.

ámbito supramunicipal que incida na adaptación dos plans urbanísticos con eficiencia e consenso municipal, ou que faga crible a coordinación das súas diversas competencias sectoriais coas do Estado e, moito menos, no plano financeiro, se se inclúen os recursos procedentes de Fondos da Unión Europea, decisivos para as actuacións estructurais.

As experiencias máis avanzadas no ámbito europeo aconsellan a conveniencia de que os espacios metropolitanos e rexionais se conciban como ámbitos intermunicipais, onde a concertación e a coordinación de carácter horizontal teñan maior peso político e proximidade ó cidadán que a xerarquía administrativa e sectorial das administracións centrais. Nestes ámbitos, concibidos como espacios de cooperación progresiva entre administracións, a ordenación e a planificación territorial constitúen unha prolongación natural das experiencias asentadas do urbanismo municipal e do proxecto urbano. A escala metropolitana require unha profunda reflexión analítica e propositiva que se relaciona moi directamente coas opcións de desenvolvemento e de competitividade de base urbana, dando entrada na ordenación urbanística ós aspectos estratéxicos e estructurais e abrindo o discurso planificatorio a algúns temas coma os sinalados máis arriba. Isto non require necesariamente dun Plan no sentido clásico, senón ante todo, dunha estratexia de planificación e ordenación de contido temático que enriqueza, complexizándoa, a planificación urbanística que xa temos e lle permita evolucionar cara a un modelo de maior ambición económica e territorial.

No resto do sistema principal urbano os ámbitos e as formas de difusión das cidades teñen menor dinamismo e complexidade, mais poden delimitarse *áreas urbanas* en torno a Ferrol, Lugo, Santiago, Pontevedra e Ourense, segundo unha metodoloxía similar á descrita para Vigo e A Coruña. O conxunto do sistema principal urbano, así definido, representa o 47,5 por cento da poboación de Galicia en 2001, sobre unha superficie de tan só o 7,6 por cento do territorio da comunidade. Entre 1970 e 2001 o conxunto das áreas urbanas e metropolitanas incrementou a súa poboación en 344.000 habitantes, mentres que o resto do territorio perdeu 195.000 habitantes. Con estes datos semella importante a consideración da realidade do sistema urbano, do seu dinamismo e do seu potencial de contribución ó desenvolvemento coma factores estratéxicos cara á vertebración do territorio de Galicia —unha comunidade aínda marcada pola impronta de país rural— así como introducir unha reflexión ordenadora en torno á cuestión da *difusión*.

O difuso refírese á urbanización[12], o disperso á edificación. O difuso ten que ver cunha certa xerarquía, policéntrica ou axial, que expresa a

12. Indovina, F. *et al. La città diffusa.* DAEST, Venecia, 1990.

continuidade propia do carácter articulado das redes e dos servicios. O disperso expresa o individual e o fragmentario. A *cidade difusa* en Galicia e no Norte de Portugal debe entenderse desde a aglomeración definida pola infraestructura e caracteriza así o alongamento da cidade, sen negala[13]. A cidade difusa debe ser, principalmente, un complemento que manifesta o ámbito da nova cidade, sobre todo metropolitana[14].

Reclamar a consideración propositiva da cidade difusa na planificación espacial implica encontrar unha nova dimensión de masa crítica que permita encauzar e orientar as tendencias de articulación do sistema urbano nun territorio fortemente construído pola historia e a polinuclearidade. Se se articula con tino e medida, a sinerxía do conxunto permitirá acadar un limiar capaz de xerar o desenvolvemento, e de paliar as deseconomías da conxestión e o do despoboamento. Cómpre buscar unha relación de equilibrio entre as cidades, as súas rexións urbanas e o territorio que as sustenta. Resulta necesario entender a orde urbana e urbanística desta relación, para ordenar a cidade difusa, incorporándoa funcional e economicamente á cidade compacta. Infraestructura xerarquizada e transporte público eficiente, ordenación urbanística e control da dispersión, ambos planificados en termos de competitividade e sostibilidade, constitúen os piares dunha alternativa á suburbanización descualificada, ó deterioro e á crise ambiental dos territorios máis dinámicos do País.

Integrar cidade compacta e cidade difusa nun ámbito espacial rexional urbano polarizado por cidades metropolitanas non é só comarcalizar. Estamos diante dun desafío máis complexo que implica tamén modernización económica e imaxinación administrativa. Necesítanse fórmulas de cooperación horizontal e vertical de xeometría variable capaces de sumarse á tradición da planificación física e de superar as limitacións das políticas sectoriais. Esta sería a perspectiva orientadora das formas de goberno das *rexións urbanas*. Unhas fórmulas de cooperación que deben partir do recoñecemento fáctico da lexitimidade e respectabilidade plena dos estatutos de autonomía dos diferentes niveis de gobernación política e representación democrática constitucionalmente recoñecidos: o autonómico e o municipal. Superando, en consecuencia, a inercia das relacións tutelares e xerárquicas do vello estado centralizado e centralista que se produciu, coa mediación da dependencia financeira e do clientelismo, nas relacións entre a Xunta de Galicia e os municipios.

13. Domingues, A. "Formes i escales d'urbanització difusa. Interpretació en el NO de Portugal", *Doc. Anàl. Geogr.* 33, 1998, pp. 33-55. Dalda J. L. (coord.). *Op. cit.*, 1996.

14. Rosini, R. *La metropoli diffusiva*. CLUEB. Boloña. 1988.

2. O ESPACIO DA EURORREXIÓN GALICIA-NORTE DE PORTUGAL

Tres compoñentes ou factores espaciais afectan de forma distinta ó futuro da nosa Comunidade: como factor de debilidade, o carácter periférico e accidentado do territorio; como fortaleza, a existencia dun eixe territorial de aglomeración e infraestructura; finalmente, como factor de oportunidade, a posibilidade de consolidar un espacio rexional máis amplo coa veciñanza do Norte de Portugal.

A atención a estes tres factores reclama, por si mesma, unha seria coordinación territorial e espacial das políticas sectoriais. Articular a diversidade territorial co sistema de cidades no conxunto da eurorrexión Galicia-Norte de Portugal podería ser o obxectivo global dun proxecto capaz de enfrontarse á perifericidade e a desestructuración do Noroeste Ibérico para gañar masa crítica e definir o noso papel na fachada atlántica europea.

Pero, adicionalmente, a fase de desenvolvemento espacial na que nos atopamos pode axudar a perfilar algúns factores estratéxicos de articulación do sistema urbano. A ambos os dous lados do Miño as cidades están en situación e perspectiva de crecemento, pero este ten expresións e modelos diferenciados. Por un lado, as cidades menores e as interiores medran fundamentalmente por aglomeración, nun contexto fortemente depresivo e de crise agraria do seu contorno territorial. Por outro, as maiores cidades (A Coruña, Vigo, O Porto) e os seus territorios metropolitanos medran por extensión, suburbanización e ampliación dos seus ámbitos de influencia, producíndose un acusado incremento da poboación e do emprego nos municipios de contorno, paralelamente a unha detención ou contención do crecemento demográfico nos núcleos centrais. No primeiro caso serían os factores combinados clásicos —crise agraria, débil desenvolvemento da industria e dos servicios, aumento xeral do nivel de renda— as claves explicativas do modelo. No caso dos territorios metropolitanos os factores tendenciais de explicación serían, xunto a algún dos anteriores, a innovación tecnolóxica e de capital, a especialización productiva e a internacionalización.

Todo modelo de ordenación e reequilibrio territorial que non teña en conta o aproveitamento e reordenación estratéxica destas tendencias está condenado ó fracaso. Persiste, cando menos en Galicia, a inercia dun modelo de xestión provincial do territorio enmarcado nunha visión rural do conxunto da Comunidade, abocada ó subsidio, ó paternalismo e ó clientelismo de todo tipo. As consecuencias están á vista: a pesar das declaracións, a crise agraria e os seus dramáticos efectos poboacionais e ambientais están presentes, impedindo calquera impulso á racionalización e á especialización do territorio e aprazando *sine die* o estudio ri-

goroso da cuestión rural en termos de producción, desenvolvemento e competitividade.

Nos últimos anos vénse producindo, desde as instancias do poder autonómico, unha relectura do país, ofertándose o *modelo comarcal*[15], non como alternativa senón como complemento do modelo provincial. O territorio das provincias aparece agora subdividido en parcelas supramunicipais que se corresponden cunha xeografía estática e historicista do que —noutro momento— foron as áreas de mercado de pequenas cidades e vilas cabeceira de comarca. ¿Responde este modelo a unha lectura intencionada da dinámica do territorio; á redefinición do papel das cidades e áreas metropolitanas como motores de desenvolvemento dun proxecto de maior ambición e cohesión territorial; ó aproveitamento dos recursos no contexto de políticas espaciais de sostibilidade, desenvolvemento local e especialización productiva diante da nova economía dos servicios? É posible que non.

O modelo comarcal podería minimizar e diluír o papel das cidades nun falso igualitarismo, redundando así no localismo e consagrando a actualización dunha visión do país aínda máis ruralista e subsidiado, reafirmando o papel hexemónico das políticas sectoriais e do provincialismo.

Parece necesario adoptar un método diferente, que dea resposta ás tendencias e desafíos que Galicia ten deseñados en termos de desenvolvemento. E esta resposta pode enmarcase nalgunhas liñas de acción ben cimentadas xa pola Perspectiva Europea de Ordenación do Territorio producida entre 1997 e 1999[16]:

— En primeiro lugar, asumindo o contexto espacial da *eurorrexión Galicia-Norte de Portugal* como marco estratéxico de determinadas políticas de planificación territorial.

— En segundo termo, apostando pola dinamicidade e o efecto sinérxico que constitúe o *eixe do corredor atlántico*, como elemento vertebrador e motor do desenvolvemento. Producindo, neste aspecto, unha relectura do espacio de influencia das cidades e introducindo na planificación o concepto e ámbito da *rexión urbana*, cun carácter —cando menos— complementario ó da comarca.

— En terceiro lugar, entendendo e plasmando a importancia estratéxica das *redes de cidades*. No ámbito transnacional, operando sobre o conxunto da eurorrexión. Con carácter interno, redefinindo o papel

15. Precedo, A. (dir.) *O mapa comarcal de Galicia*. Xunta de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial, Santiago de Compostela, 1997.

16. Comisión Europea. *ETE. Estrategia territorial Europea*. Oficina de Publicaciones Oficiales de la Unión Europea, Luxemburgo, 1999.

das cidades en relación ó desenvolvemento e á transformación das economías agrarias en economías mixtas. Con carácter espacial, reforzando o papel das pequenas e medias cidades en relación ás maiores. Con carácter temático, definindo redes cooperativas de xeometría variable capaces de dar resposta ós aspectos da innovación, da promoción económica e da mellora da calidade de vida.

— En cuarto lugar, facendo fronte sen timidez ó reto, sempre problemático, da especialización e da racionalidade territorial. No marco europeo dunha economía de servicios desenvolvida, o territorio do Noroeste peninsular ten que ser competitivo a partir dos valores acumulados na súa longa historia e pola súa singularidade xeográfica: a litoralidade e os seus recursos, o patrimonio ambiental e cultural, as aptitudes productivas, a boa inserción do tear de asentamentos urbanos e rurais, a calidade da paisaxe.

Ningunha cidade está en condicións de ser a única metrópole dunha eurorrexión de máis de seis millóns de habitantes. A rede de cidades podería xestionarse coma a metrópole do Noroeste peninsular. Neste proxecto podería viabilizarse a integración da cidade difusa coa cidade compacta.

J. L. D.

Cidade atlántica e organización territorial en Galicia

Carlos Ferrás Sexto
Xosé M. Souto González

Os procesos de integración económica dos diferentes espacios mundiais, ensarillados na lóxica do capital financeiro e seguindo as pautas culturais das empresas da comunicación inflúen decisivamente nas desigualdades sociais e nas transformacións do territorio. Un caso evidente estámolo a ver con Arxentina, onde as condicións económicas impostas polo Fondo Monetario Internacional están a provocar unha crise política e social que incidirá no seu grao de depedencia. Galicia ocupa un lugar dependente, periférico, no conxunto europeo, pero a escala mundial dispón dunhas condicións de vida que non podemos tipificar como marxinais. Nas expectativas que xorden neste espacio político a paisaxe é un recurso con gran potencial, polo que cómpre deseñar un modelo de crecemento e ordenamento territorial que non estrague este factor de desenvolvemento local.

O artigo quere partir da terra, ou sexa da paisaxe visible, para atopar algúns factores máis ou menos invisibles que permitan explicar e comprender o modelo de artellamento territorial que xorde no noso país a partir das propostas de colectivos sociais alleos e de seu. Uns proxectos que se materializan nunha rendibilidade económica e ecolóxica do seu territorio. Estes instrumentos son, por unha banda, as políticas de delimitación territorial administrativa (concellos, comarcas, provincias) e, pola outra, os instrumentos técnicos que se teñen utilizado para avaliar o territorio en relación directa co seu uso futuro (planeamento estratéxico e físico). Tamén tentamos especificar nestas páxinas cales son os principais axentes sociais que interveñen na construcción desta paisaxe cultural, para explicar o seu proceso histórico. Para isto prestamos

unha especial atención ós cambios que se rexistraron en Galicia na segunda metade do século XX, en especial ós procesos de globalización e creación das redes económicas e técnicas da sociedade da información no período entre os dous milenios que estamos a vivir. Todo isto permitiunos, este foi o noso desexo, explicar a nosa visión da *cidade atlántica* no umbral do século XXI.

1. A PAISAXE E OS ASENTAMENTOS

A paisaxe é percibida por nós tanto desde unha perspectiva estética (bonita, fea) como desde unha potencialidade productiva (este terreo é bo para patacas) e tamén como resultado da acción antrópica, en especial nos aspectos de contaminación (este lugar é un estercoleiro). E sobre dela queremos atopar factores explicativos. Por unha banda, baixo a aparencia da paisaxe agraria tradicional aparecen unhas pautas de adaptación ó medio, que algúns xeógrafos tipificarán como "modos de vida", ou sexa predominio dunhas determinadas condicións ambientais que son modificadas polo ser humano para poder vivir: son os socalcos para evitar a erosión das vertentes, pero tamén a localización das aldeas e barrios a media ladeira para aproveitar as terras máis fértiles do fondo do val e dedicar ó espacio forestal as máis elevadas e clinometricamente máis desfavorables. Pola contra, temos a "fuxida" das denominadas clases medias ó campo, coa construcción de urbanizacións ou chalés illados sen ter en conta as condicións ambientais, incluso utilizando materiais que non son propios do contorno paisaxístico. Aparece así unha clara oposición entre dous xeitos de pensar e utilizar os recusos ambientais: dar pulo ás características ecolóxicas do medio ou imposición dunhas determinadas pautas de organización social e económica que se exercen cun transfondo ideolóxico territorial, para acochar as imposicións culturais duns colectivos sobre outros.

Para finalizar este somero resumo das nosas posicións teóricas imos formular dúas hipóteses básicas. A primeira subliña que o hábitat de Galicia estivo marcado ata mediados do século XX polo predominio dun valor de uso do medio, de tal xeito que os asentamentos aparecían aló onde as condicións ambientais o favorecían. Certamente existían unhas pautas de poboamento, pois o crecemento dos asentamentos urbanos nas cidades episcopais ou nos espacios litorais evidenciaban as estratexias dos grupos dirixentes: concentración da poboación nas proximidades dos centros de poder político e socioeconómico (igrexa, capital administrativa e portos). A segunda indica que desde que a agricultura galega se ensarilla no contexto do mercado español e a redención de foros dá lugar ó pulo dunha sociedade de cativos propietarios, os

asentamentos van florecer aló onde existe posibilidade de erguer unha casa, desafiando outros factores ambientais; velaí as excepcionalidades legais que permiten edificar nas proximidades das grandes cidades para un pretendido uso agropecuario, ou simplemente a construcción de vivendas lonxe de calquera política de ordenamento territorial nas vilas e aldeas de Galicia, cando non ó carón das principais estradas.

A terra, pois, nesta segunda hipótese aparece como un valor de cambio. Se no primeiro caso o condicionante principal de localización era a relación entre os asentamentos e os espacios productivos (coa valoración agrolóxica do medio), no segundo o que prima é a accesibilidade. Son dúas concepcións que responden a dous contextos sociais e culturais diferentes e que son os responsables dos grandes cambios que aparecen na paisaxe dos asentamentos en Galicia. Pero na segunda concepción do medio, a paisaxe posúe un potencial recurso productivo que antes non posuía, pois o ocio aparece como un recurso económico que atrae novos investimentos. Tamén, como veremos, ten un valor simbólico, como propiedade dos antergos que cómpre conservar, aínda que sexa cun escaso valor productivo.

En consecuencia, entendemos que para explicar a paisaxe dos asentamentos de Galicia fai falta establecer un primeiro cadro de estudio e logo analizar con coidado os datos estatísticos, cartográficos e fotográficos. A nosa hipótese principal subliña que a explicación da paisaxe e dos asentamentos de Galicia implica empregar tanto o concepto de *hábitat*, ou sexa a adaptación ás condicións xeofísicas do territorio, como as características do *poboamento*, isto é as transformacións das estratexias territoriais que teñen os galegos respecto ó territorio do seu contorno, consecuencia do proceso histórico, como xa temos sinalado en diferentes ocasións. Pero, ademais, temos que salientar que o territorio galego dista moito de ser homoxéneo, aínda que cara ó exterior ofreza unha imaxe de múltiples células de poboamento no medio rural e pequenas vilas e cidades no denominado medio urbano. O cadro 1 resume as posicións teóricas para interpretar os cambios e as permanencias nas paisaxes humanizadas de Galicia.

EVOLUCIÓN DO MEDIO SEGUNDO A VALORACIÓN ESPACIAL

	VALOR DE USO DO MEDIO XEOGRÁFICO	VALOR DE CAMBIO DO MEDIO XEOGRÁFICO
HÁBITAT	Os asentamentos ensarillanse no medio ecoxeográfico. A presión demográfica determina a expansión.	A accesibilidade e a funcionalidade determinan a localización dos asentamentos e a súa expansión.
POBOAMENTO	Os grupos de poder local ou da propiedade dos recursos determinan a concentración en certos núcleos.	O control dos recursos técnicos (automóbil, telecomunicacións) condicionan a estructura do poboamento.
CAPACIDADE CRECEMENTO	O incremento na productividade das actividades económicas locais determina o seu futuro.	O ensarillamento nun contexto dinámico (redes de cidades) asegura o seu porvir.
PROBLEMAS	Superpoboación por esgotamento de recursos. Emigración.	Contaminación do manto freático por ausencia de infraestructuras.
PAISAXE	Os asentamentos aparecen en harmonía co medio productivo.	Aumenta o espallamento lineal e a dispersión absoluta das vivendas.

Pensamos que estas precisións teóricas, asumidas ou non polo lector, son necesarias e coherentes co actual marco de ordenación do territorio de Galicia. Necesarias para precisar as tendencias actuais do hábitat e o poboamento en Galicia, o que ten unha repercusión no planeamento legal. Coherentes co noso discurso, pois permiten deducir duns postulados teóricos unha toma de posición ante os retos que teñen lugar no debate sobre o feito diferencial galego; isto é, sobre a idiosincrasia da paisaxe de Galicia desde a perspectiva dos asentamentos. Unha idiosincrasia que sexa capaz de adaptarse ás novas xeiras de ordenamento territorial, co gallo de superar vellas e obsoletas identidades rurais. No proceso de globalización e dominio urbano o espacio xeográfico adopta unha nova valoración e posúe unha nova simboloxía. Así, a valoración dun espacio estará vencellada, en gran medida, a ser capaz de crear un producto (ocio, consumo) que sexa vendible desde os axentes sociais que se sitúan nas proximidades dos centros urbanos.

A posibilidade de contar cunha normativa legal para Galicia levou aparellada a definición de núcleo de poboación. Así a Lei de adaptación do solo a Galicia, popularmente coñecida como LASGA, do 22 de

agosto de 1985, definía o núcleo de poboación non só desde uns parámetros cuantiativos (densidade e distancia entre vivendas), senón tamén cualitativos (relacións propias de vida comunitaria e actividade económica do sector primario). Posteriormente a Lei 1/1997 do solo de Galicia do 24 de marzo insiste na mesma idea e define no seu artigo 75 o núcleo como "asentamento de poboación singularizado por un topónimo, diferenciado nos censos e padróns oficiais e identificado como tal pola poboación residente e pola práctica administrativa local..." Conforme a esta definición o planeamento delimitará estes núcleos e asignaralle un réxime de solo[1]. Cara ó futuro desenvolvemento do medio galego, no contexto da Europa Atlántica, parece que será preciso contar cun sistema xerarquizado de núcleos de poboación, con equipamentos e infraestructuras axeitados, que eviten a destrucción masiva da paisaxe, como sucedeu na segunda metade do século XX, como consecuencia do espallamento lineal dos asentamentos sen ningún tipo de servicios.

2. A TRANSFORMACIÓN DE GALICIA NO CONTEXTO DA EUROPA ATLÁNTICA 1960-2000

O período 1960-2000 conforma unha fase histórica de cambio e transformación social e territorial en Galicia. Foi durante este período cando Galicia comeza a superar o illamento xeográfico, o centralismo do Estado e as tendencias emigratorias cara ás cidades industriais españolas, europeas e americanas. E isto estivo en correspondencia co feito transcendental de que neste mesmo período Galicia asume a democratización social e política, consegue un parlamento propio, entra e benefíciase das políticas estructurais de desenvolvemento da Unión Europea e comezan a regresar á súa orixe milleiros de antigos emigrantes. A década do 1960-1970 coincide co período final do franquismo, a falla de democracia e o chamado "desarrollismo español" que canalizou a emigración de moitos galegos cara a Madrid, Barcelona e Bilbao, onde se concentraban as actividades industriais de capital público promovidas polas políticas do momento.

O país galego encádrase na periferia das fisterras atlántica europeas que transmitiron tradicionalmente unha imaxe de atraso e ruralidade, moi enfatizada na literatura internacional e autóctona. Esta imaxe hoxe en día deixou de ser real, xa que tivo lugar un significativo e importante proceso de modernización e racionalización das actividades agrarias,

1. Lei 1/1997 do solo de Galicia, do 24 de marzo, no capítulo II e sección terceira.

o crecemento do emprego industrial e, sobre todo, nos servicios, e a proliferación de novas formas de urbanización. A dispersión da poboación xa non é un argumento válido de ruralidade e os sistemas agrarios arcaicos son unha rémora do pasado. Nestes anos moitas familias de orixe urbana foron vivir ó campo, concretamente fóronse asentando na periferia das súas principais cidades, vilas e determinados pobos cabeceira de municipio ou comarca, suscitando avantaxes e problemas no contexto dunha diversificación social e do xurdimento de novas posibilidades de vida entre os membros das comunidades locais receptoras. A homoxeneidade social, o despoboamento, a emigración, o illamento e incomunicación, as economías familiares agrarias de subsistencia, etc., características propias das comunidades rurais tradicionais, tenden a desaparecer ou a difuminarse en favor dunha maior heteroxeneidade social, novo poboamento, inmigración, universalización do automóbil particular, mellora das comunicacións e multiplicación das economías familiares mixtas, nas novas comunidades rurais e urbanas galegas. A urbanización do campo configurouse como un proceso de grande envergadura e pegada na xeografía do noso país durante as derradeiras décadas do século XX.

Neste período de 1960 a 2000 xurdiron certas tendencias non suficientemente previstas cara a un desenvolvemento territorial. Así temos que subliñar a creación da Grande Área de Expansión Industrial de Galicia (GAEIG) e os proxectos de SODIGA para evitar a concentración industrial, o que manifesta o interese do poder público por contrarrestar os intereses da empresa privada. Aínda así existen fortes desequilibrios territoriais; as comarcas orientais e noroccidentais galegas, Os Ancares, O Courel, Monterroso, A Limia, Fisterra..., tradicionalmente foron as áreas marxinais e pobres. A emigración, o illamento, a falta de oportunidades de vida foron unha constante no seu devir histórico, e a escasa industria galega foise concentrando nas principais cidades do corredor Atlántico occidental: Ferrol, A Coruña e Vigo. Durante as décadas dos anos oitenta e noventa apareceron tendencias de signo contrario. Prodúcese un desenvolvemento territorial máis equilibrado coa aparición dun modelo de desenvolvemento endóxeno que intenta aproveitar os propios recursos. Desapareceron as políticas concentradoras da industria en determinadas comarcas e cidades occidentais, os polos de crecemento, potenciándose o investimento descentralizado; sen embargo esta valiosa tendencia non foi planeada senón que tivo un carácter netamente espontáneo. Isto sucede, en gran medida, porque non existe un verdadeiro Plan de Desenvolvemento Territorial para Galicia, artellado en unidades territoriais con competencias de seu, como deben ser as divisións subrexionais entendidas como áreas homoxéneas de planeamento (comarcas). Tampouco existe un nidio sistema de asenta-

mentos xerarquizado que valore o protagonismo comunitario das parroquias como ocorre noutras rexións da Europa Atlántica como poden ser Portugal, Gales e Inglaterra. Hai que ter moi presente que en Galicia nunca se acometeu con rigor unha ordenación xearquizada do seu denso e rico sistema de asentamentos. En Irlanda tal experiencia foi acometida a comezos do século XX ó tempo que se realizaba a concentración parcelaria que ía parella á aplicación dun plan de ordenación do sistema de asentamentos rurais, evitándose con isto, en boa medida, que as fincas rústicas se transformasen en solares para edificar sen control como ocorre en Galicia.

Nestas décadas de finais do século XX quedou paralizada, en gran medida, a emigración exterior diante das dificultades dos países receptores, que xa non ofrecen posibilidades de encontrar emprego como no pasado. Hoxe en día está a xurdir unha descoñecida corrente inmigratoria formada por antigos emigrantes que retornan á súa orixe. A emigración de retorno é frecuente noutras rexións da fisterra atlántica europea, Escocia, Bretaña ou Cornwall, ó igual que o foi o éxodo. O futuro crecemento demográfico en Galicia dependerá da súa capacidade de frear o éxodo e de atraer os emigrantes retornados. Actualmente, o elevado envellecemento da sociedade galega e a caída da natalidade evidencian a incapacidade real de asegurar o relevo xeracional.

Hoxe en día en Galicia existen antigas áreas rurais na periferia inmediata das súas principais cidades que pasaron do declive demográfico e socioeconómico a un novo rexurdimento; o caso de municipios como Ames, Brión ou Teo no caso de Santiago de Compostela, ou Arteixo, Oleiros, Cambre ou Culleredo no caso da Coruña; casos de Fene, Narón, Neda ou Mugardos en Ferrol; San Ciprián das Viñas, incluso Allariz no caso de Ourense; ou mesmo Redondela, Porriño, Gondomar ou Nigrán no caso de Vigo. Nestes lugares, en maior ou menor medida, o despoboamento foi substituído por un poboamento e o declive socioeconómico deu paso a unha reactivación. Estas áreas foron capaces de atraer novos residentes activos que rexuvenecen e cambian os perfís socioeconómicos das comunidades locais; a súa función básica cada vez depende menos da agricultura e da gandería, logrando impulsar o mercado inmobiliario tanto de nova edificación como de reformas ou rehabilitacións das edificacións preexistentes. Os novos residentes son persoas activas en idade de traballar que impulsan e transforman as economías locais. Estes lugares periurbanos, onde se desenvolven procesos de suburbanización e contraurbanización, soportan procesos especulativos e son os de maior dinamismo demográfico de Galicia e presión inmobiliaria.

As áreas rurais de natureza marxinal, aquelas onde a agricultura de autoabastecemento é a actividade básica das familias de campesiños, que practican unha agricultura de baixo rendemento, e onde a emigración é a tónica dominante na súa evolución demográfica, están quedando relegadas a localizacións moi afastadas das cidades. Pero amais, os grandes centros urbanos comezan a deixar de ser os polos de atracción exclusivos de poboación e recursos. As áreas rurais e as vilas e pequenas cidades que experimentaron un novo rexurdimento nas últimas tres décadas localízanse xeograficamente entre os centros urbanos e as áreas rurais marxinais. Os factores máis significativos que favoreceron a recuperación demográfica e socioeconómica nestas áreas periurbanas galegas pódense sintetizar nos seguintes:

1. As tendencias cara á desconcentración demográfica en relación co cambio de sentido dos movementos migratorios campo-cidade, e á capacidade das áreas rurais e asentamentos de poboación menores de atraeren poboación de orixe urbana que procuran un novo estilo de vida valorando as cualidades medioambientais ou simplemente vivendas máis baratas.

2. O incremento da capacidade de mobilidade espacial da poboación e o desenvolvemento das tecnoloxías da información e telecomunicacións, en relación coa universalización do automóbil particular e a mellora das comunicacións. O que permite desvincular o lugar de residencia do de traballo, e a fluidez e intercambio de información e coñecementos entre os asentementos urbanos e rurais, sen ter en conta a súa xerarquía.

3. A industrialización rural que ofrece novas posibilidades de vida a aquelas persoas que tradicionalmente se encontraban subocupadas no sector agrario e predestinadas á emigración. En calquera caso é unha industria rural dependente ou auxiliar da urbana.

4. A paralización da emigración debido a que os centros urbanos industriais xa non ofrecen posibilidades de atopar emprego e mellorar a calidade de vida como no pasado, con isto fréase o tradicional éxodo rural.

5. A emigración de retorno que significa a chegada de persoas e familias ó medio rural tras pasar parte da súa vida nas cidades industriais.

6. O desenvolvemento dos servicios públicos e privados e a súa descentralización territorial, que está a xeneralizar a universalización social no acceso á educación, sanidade, comercio, etc.

3. AS ESTRUCTURAS ADMINISTRATIVAS E A SÚA INFLUENCIA SOBRE O MODELO DE ARTELLAMENTO

A institucionalización do Estado constitucional no século XIX determinou en España a reorganización administrativa do territorio. Aparecen proxectos políticos para dividir homoxeneamente o territorio. A poboación, a superficie, a renda e a descentralización do poder político levou consigo a creación das provincias e concellos, dentro dun modelo que se correspondía cos postulados progresistas do liberalismo español. Trátabase de facer unha división provincial homoxénea, para o que se chegou a perfilar uns umbrais demográficos (100.000 e 350.000 habitantes), uns límites topográficos claros (montañas e ríos), unha riqueza territorial e industrial que puidese ser administrada e uns criterios que evitasen a conformación de provincias que mesturasen habitantes das anteriores, co obxecto de evitar rivalidades no seo das novas. Aparecen así, durante o Trienio Liberal, 52 provincias en España e no caso de Galicia as da Coruña, Lugo, Vigo e Ourense.

O retorno ás posicións absolutistas despois de 1823 non interrompe os traballos para a división territorial do Estado, polo que no ano 1825 e 1829 aparecen novos estudios sobre a conveniencia de dividir Galicia en catro provincias, se ben a capitalidade da provincia suroccidental pasa a Pontevedra. Deste xeito chegamos ó Real decreto de 30 de novembro de 1833, signado por Javier de Burgos, onde se consagra a división cuatripartita de Galicia. Son as catro provincias que hoxe coñecemos e que coinciden en gran medida coa división de 1822. Igualmente no decenio dos anos trinta consolídanse os concellos como poder político e os municipios delimitan un territorio sometido a unha fiscalidade; un proceso non exento de conflictos coas autoridades parroquiais. Resultaba así evidente que calquera proxecto de delimitación territorial levaba aparellado un cambio no sistema de poder.

¿Que significou esta división territorial para o artellamento territorial e para a xerarquía urbana de Galicia? Pois sen dúbida o reforzamento de certas cidades que se constitúen como polo de referencia para un entorno menos urbanizado. Referímonos, en primeiro lugar, ás capitais do interior, que funcionan como centros administrativos e comerciais para practicamente todo o conxunto provincial. Unha xerarquía que ten unha pegada evidente na morfoloxía urbana: os pazos da Deputación Provincial, as Delegacións dos ministerios, as principais sucursais bancarias. Isto mesmo permitiu o crecemento de Pontevedra, nunha situación desfavorable tanto polos problemas de calado do seu porto como polo maior dinamismo industrial de Vigo, situada a pouca distancia. Igualmente a reorganziación administrativa sitúa a cidade da Coruña como principal sucursal do poder central de Madrid, o que tamén incide na construcción da súa escena urbana.

Igualmente no caso dos municipios, a parroquia central, e aínda máis o asentamento onde se sitúa o pazo do concello, o seu crecemento demográfico vai destacar sobre o resto das parroquias e vai determinar unha xerarquía de lugares, agás algunhas excepcións (por exemplo Arcade e Soutomaior) como consecuencia dunha mala situación respecto ás vías de comunicación. Incluso como temos subliñado noutras ocasións, os cambios administrativos son iniciados polas xuntas parroquiais (caso de Matamá ou Coia para mudar de Bouzas a Vigo) o que indica que a administración territorial ten unha incidencia moi grande sobre a configuración do sistema de asentamentos e o seu desenvolvemento local.

O Estatuto de Autonomía de Galicia do ano 1981, nos seus artigos 2, 27.2, 40.1 e 40.2 fai referencia explícita e implícita á organización comarcal, como xeito de coordinar as funcións supramunicipais. Non resulta estraño que estas mencións aparezan xunto ás parroquias, pois en ambos casos se considera a posibilidade do seu recoñecemento xurídico para organizar o espacio, estando na mente do lexislador o carácter rural de Galicia. Resulta, pois, evidente que existe unha clara relación entre os proxectos de control e ordenamento político e os sistemas de asentamentos, o que nos leva ó asunto comarcal.

Chegamos así á Lei 7/1996 de 10 de xullo de Desenvolvemento comarcal, concibida desde uns parámetros técnicos, así como o posterior Decreto 65/97 de 20 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o mapa comarcal de Galicia. A actuación de Andrés Precedo, xeógrafo universitario, é fundamental, pois el vai ser o redactor e o xestor das comarcas piloto, que contan cun xerente comarcal. A explicación previa das súas intencións[2] non acabaron reflectidas nos documentos legais, pois non atopamos a diferenciación de catro tipos de comarcas (metropolitanas, urbanas, rururbanas e rurais), que podían servir de base para unha aplicación posterior de lexislación específica e sectorial. Máis ben asistimos a que hai dous discursos paralelos: un discurso académico (tecnicista) que se prolonga cos estudios monográficos sobre as catro primeiras comarcas piloto, mentres que por outra banda hai unha delimitación de comarcas nun mapa que non ten ningunha incidencia sobre o sistema de asentamentos.

Deste xeito a comarca aparece como un ente intermedio entre municipios e provincia para a planificación do territorio, pero que non ten personalidade xurídica e, xa que logo, carece de competencias. Tal parece que resulta dunha declaración de boas vontades que evita rachar cos intereses políticos que se controlan desde a Xunta e as Deputa-

2. Precedo Ledo, Andrés. *Geografía humana de Galicia.* Oikos Tau, Barcelona, 2000.

cións. Formúlase como unha asociación voluntaria de concellos, ou sexa igual que as mancomunidades de municipios, que como se comprobou nos anos anteriores non deron os resultados esperados. Como se subliña nos antecedentes da Lei, non se alteraran os marcos municipais e provinciais, pois o modelo tan só aspira a coordinar as actuacións municipais. Unha xestión do territorio que se fai desde as xerencias comarcais, que pouca incidencia efectiva teñen sobre o desenvolvemento local. Os estudios publicados parece que quixesen esbozar un plano estratéxico para cadansúa comarca, pero cunha deficiente formulación técnica e metodolóxica.

Ademais das determinacións institucionais, en Galicia existen unhas tendencias comarcalizadoras que proceden do propio dinamismo das vilas cabeceiras comarcais e dos servicios que prestan á colectividade (centros de ensino, sanidade, xulgados). Igualmente, as empresas privadas organizan o seu espacio a través de concesionarios, redes de transporte, sucursais financeiras, etc. Todo isto son signos evidentes da nova xeira da funcionalidade xeográfica, pois as innovacións tecnolóxicas incidiron con gran forza nas comunicacións e transporte de mercadorías e persoas. Precisamente, se non é posible reorganizar a administración territorial, seguramente porque os intereses sociais e políticos aínda non o permiten, sí que sería positivo reforzar as medidas de xerarquía funcional das cabeceiras comarcais, pois isto facilitaría unha mellor dotación de servicios para os veciños de cada comarca.

A integración na Unión Europea de España e Portugal, a aplicación dos acordos de Maastricht sobre as fronteiras interiores europeas e o desenvolvemento das infraestructuras, cofinanciados polos fondos estructurais europeos, determina unha conceptualización diferente do territorio. O medio rural cambiou dun xeito decisivo, pero aínda soporta unha potencialidade ecolóxica, de recursos económicos e demográficos moi importante. Ordenar este espacio seguramente implique unha actuación institucional de carácter supramunicipal. Velaí o reto das comarcas no horizonte europeo do terceiro milenio. Pero isto supón un debate político serio, onde os partidos políticos terán que ceder ou convencer do contrario ante as presións políticas locais.

4. O HÁBITAT E O POBOAMENTO NOS PROCESOS DE ORDENAMENTO TERRITORIAL

O crecemento demográfico e as actividades da poboación condicionan o uso do territorio. Ademais a chegada de novos veciños ás cidades, como consecuencia da industrialización deu lugar a que se tivese que planificar non só a expansión urbana construída (Planes de Ensanche), senón tamén os outros usos do chan.

O planeamento físico adopta así unha perspectiva urbana, de tal xeito que os primeiros programas de ordenamento territorial do século XIX non son máis ca liñas que se pintan nun plano para que sobre este se puidese construír. Un proceso non exento de problemas, ás veces como consecuencia da apropiación de terreos comunais para uso privado, como sucedeu en Vigo cos terreos da Alameda, ben defendidos polo concello fronte ós intereses da empresa constructora do ensanche denominado de García Olloqui. Os proxectos de cidade xardín, pouco desenvolvidos en Galicia supoñen outro fito importante por parte dos grupos das burguesías locais por crear unha imaxe de cidade que estivese en relación co que se facía noutros lugares, como tamén sucedía na construcción dos edificios modernistas.

A influencia do planeamento físico funcionalista chega ás grandes cidades de Galicia da man do planeamento posterior á Lei de 1956. Pero non sucede así cos concellos, e os asentamentos de seu, máis pequenos. O retraso na planificación do territorio leva consigo que a xeira de construcción urbana nos anos sesenta e setenta sexa precisamente un proceso de espallamento do hábitat. Non hai unha racionalidade no crecemento e a presión sobre a paisaxe deu lugar a que moitos recursos ambientais desaparecesen. O solo non urbanizable especialmente protexido non se respectou, pois a excepcionalidade de construír para usos agropecuarios acochaba unha trampa legal para seguir construíndo aló onde se quixese.

As posteriores Leis de 1976, ou as de Galicia de 1985, coas conseguintes modificacións nos anos 1990 e 1997, non son quen de crear un modelo de artellamento territorial, pois faltaban os alicerces do desenvolvemento económico e social. Algo que se procura a través do planeamento estratéxico.

Os planos estratéxicos nacen en Estados Unidos a principios dos anos oitenta, a partir da iniciativa privada, preocupada polo estancamento das actividades urbanas. Xa no segundo lustro do mesmo decenio chegan a Europa, onde a Unión Europea impulsa cos seus fondos económicos actuacións deste tipo. O planeamento estratéxico é unha resposta das institucións privadas e públicas ante os novos problemas que xorden a finais do século XX, como consecuencia dos cambios xeopolíticos, económicos e culturais, que implican unha maior participación dos axentes sociais, así como para superar o planeamento físico dos planos xerais de ordenamento territorial. Un planeamento por obxectivos e estratexias que vai vencellado a un proxecto de mercadotecnia territorial, ou sexa un modelo de actuación que prevé a "venda" de productos espaciais. Esta terminoloxía e metodoloxía de actuación chega a España a finais dos oitenta coa súa aplicación ás grandes áreas metropolitanas e ás principais cidades medias de Cataluña. Aparece así

unha nova xeira no deseño das áreas urbanas que complementaba e orientaba a actuación do planeamento territorial. En Galicia aínda son poucos os concellos que contan con este instrumento legal.

Aínda máis, podemos subliñar que os inicios do planeamento estratéxico en Galicia aparecen como consecuencia da institucionalización no ano 1992 do Eixo Atlántico, onde un equipo de traballo portugués proxecta e realiza un plano estratéxico para os trece concellos que inicialmente signan este pacto local. A ausencia desta cultura urbana determina que o planeamento sexa percibido con desconfianza e a pretendida mobilización social fique moitas veces relegada nos obxectivos de seu. Isto determina que os intereses sociais buscarán outros cauces e medios para intervir na organización territorial, como será a través de presións políticas, pactos específicos para un conxunto de parcelas, ou a presentación de proxectos para urbanizar un espacio que ten un enorme valor ecolóxico.

5. AXENTES SOCIAIS E A FISCALIDADE DO TERRITORIO

Un dos asuntos que merecen a atención dos xeógrafos interesados pola organización urbana do territorio é a que fai referencia ó papel dos axentes sociais que interveñen na construcción. Dun xeito moi esquemático podemos diferenciar os propietarios dos solares, os promotores inmobiliarios, as empresas de construcción, os gabinetes técnicos de arquitectura, os técnicos e políticos do concello que conceden as licencias de construcción e os axentes de propiedade inmobiliaria.

No caso de Galicia asistimos a unha progresiva influencia das grandes empresas inmobliarias, que van xuntando ás figuras de constructores, gabinetes técnicos e mesmo axentes de venda. Non obstante o que predomina é o peso das pequenas propiedades que dan lugar a un inzamento dos precios do solo. Os pequenos propietarios non controlan o proceso, senón que ceden o protagonismo ás empresas de construcción, pois estas se converten moitas veces en empresas de promoción inmobiliaria.

O cadro 2, que amosa a estructura da propiedade nos espacios da área urbana de Vigo aínda non construídos, mostra a estructura fundaria que caracteriza unha gran parte de Galicia: pequenas explotacións agropecaurias que moitas veces esperan a súa conversión en terreos urbanos, seguindo a lóxica do barbeito social.

ESTRUCTURA DO TAMAÑO MEDIO PARCELARIO POR POLÍGONOS NA REXIÓN URBANA DE VIGO

MUNICIPIO	< 500 m2	501-2000	2001-10000	>10000
Moaña	34,4%	28,9%	17,8%	18,9%
Nigrán	1,3%	85,5%	10,5%	2,6%
Redondela	13,6%	63,6%	18,2%	4,5%
Salceda Cas.	21,4%	44,9%	27,5%	6,1%
Vigo	7,6%	72,6%	11,2%	8,5%

Temos que subliñar que a parcela mínima de cultivo para a zona das Rías Baixas é de 2000 m^2, o que non só determina a productividade agraria, senón tamén a aplicación da excepcionalidade de construcción para uso agropecuario (artigo 77.8 da Lei 1/1997 do solo de Galicia). Un problema que se agrava polo inzamento dos prezos do solo. Así o valor catastral varía das 10.712 ptas/m^2 de Moaña, 12.521 de Nigrán, 19.274 de Redondela, 7.955 de Salceda, 28.251 de Vigo, se ben reflicte unhas desigualdades máis relevantes cando comparamos o valor catastral por unidade urbana, pois aquí comprobamos que Nigrán e Vigo duplican os valores do resto dos concellos analizados.

Para que se poida valorar a enorme importancia do valor económico dos terreos nos espacios urbanos imos analizar os datos do segundo lustro dos anos noventa no caso de Vigo municipio. Así, mentres que para todo o decenio o crecemento demográfico era do 3,4 por cento, e incluso negativo para o lustro final do século, a recadación do imposto de plusvalías era do 73,2 por cento e o Imposto de Construcción e Obras novas iniciadas supoñía para o mesmo lustro unha evolución postiva do 78,3 por cento, que non cadraba co crecemento no uso do cemento, que escasamente chegaba ó 10 por cento, nin coa porcentaxe de vivendas construídas. Isto significa que o monto económico é moi superior ó que poida significar para as necesidades da poboación e manifesta un maior dinamismo que o rexistrado no ritmo de construcción de vivendas ou nas porcentaxes de crecemento demográfico. En resumo, non se pode falar de proxecto de cidade atlántica sen considerar os aspectos especulativos do valor mercantil do solo e das construccións urbanas, pois teñen unha influencia decisiva sobre o poder político e o modelo de cidade a que se aspira.

6. REFLEXIÓN SOBRE O SIGNIFICADO DA SOCIEDADE DA INFORMACIÓN E TERCEIRA REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA PARA GALICIA

A análise anterior permítenos concluír a necesidade de percibir Galicia como un país urbano en relación co seu desenvolvemento territorial e coa súa transformación socioeconómica, observado no contexto da conformación dun mundo globalizado. Isto debe condicionar a definición dun Modelo de Desenvolvemento Territorial, que será un referente obrigado na programación das políticas e normativas de planeamento e planificación económica que se deseñen para Galicia. Para isto é necesario difundir unha visión de Galicia como un *país urbano atlántico, europeo, ecolóxico e sostible* cun sistema de asentamentos de poboación policéntrico, desconcentrado e complementario. É dicir, debemos comenzar a percibir Galicia como unha cidade aberta desconcentrada con diversos núcleos urbanos complementarios e xerarquizados, emprazada nun medio ambiente natural coidado como se fose un verdadeiro xardín. Sería a definición dun ideario de cidade ecolóxica sostible. A Coruña, Vigo, Santiago, Lugo, Ourense, Ferrol, etc. necesariamente teñen que ser "barrios" da mesma cidade unidos por densos fluxos de información e óptimas canles de comunicación. Un proxecto de cidade aberta e atlántica que seguro que se espalla polas terras do Norte de Portugal, como se pon de relevo na actual constitución do pacto local das dezaoito cidades do Eixo Atlántico na eurorrexión que coincide coa antiga *Gallaecia*. Temos exemplos moi significativos disto noutras rexións europeas como os Países Baixos, no Ramstad holandés, ou na cunca do Rihn-Ruhr en Alemaña, onde en ambos os dous casos o sistema de cidades policéntrico e complementario é unha realidade herdada do sistema de asentamentos tradicional. Uns modelos de cidades que rachan coas antigas fronteiras estatais no seo da Unión Europea.

A reflexión sobre os cambios sociais e territoriais experimentados en Galicia nas derradeiras décadas, e o seu significado para a Galicia da Sociedade da Información apunta cara a importantes vantaxes comparativas que no pasado podían ser grandes lousas que freaban o desenvolvemento. Hai que ter moi presente que a globalización económica ten unhas serias repercusións territoriais pois permite a deslocalización das actividades productivas, que deixan de concentrarse nas grandes cidades industriais das rexións máis desenvolvidas e buscan lugares alternativos en rexións de calidade medioambiental e pequenas cidades, e tamén xera fluxos de poboación e de recursos cara ó campo e asentamentos urbanos e rurais menores a través dos avances en materia de telecomunicacións e tecnoloxías da información que permiten ás familias "habitar o espacio", é dicir, residir e traballar en lugares fisicamente separados e trasladarse facilmente dun ó outro. Unha organización espacial, rexida

polo funcionalismo, que non implica necesariamente grandes desprazamentos diarios en transporte, o que conleva un estrago do tempo persoal, do custo económico e ambiental. O que estamos a propor é unha organización xerárquica de núcleos de poboación que teñan un elevado grao de autosuficiencia, pero ben comunicados entre si.

Ademais a sociedade globalizada utiliza outros instrumentos para se comunicar. Referímonos ós sistemas telemáticos que permiten fluír rapidamente no espacio sen atrancos físicos, polo que as rexións illadas e periféricas e os espacios rurais perderán a condición de ser espacios marxinais. Por exemplo, na Sociedade da Información unha persoa que viva nunha aldea illada do Courel dedicada á explotación de gando vacún de carne ou a dirixir unha casa de turismo rural poderá estar ben informada e con rapidez. Non obstante, non podemos ocultar que seguirá a existir o problema da capacidade de decisión, pero isto supón delimitar os problemas: xa non hai un atranco no acceso á información, senón a capacidade democrática de poder decidir todos e cada un dos cidadáns desta cidade aberta.

En efecto, o que estamos a propoñer é un modelo de cidade e cidadanía, onde as persoas poidan intercambiar información con calquera punto do planeta empregando as tecnoloxías da información, así como poder decidir sobre os seus asuntos, que seguramente se van resolver nunha táboa do seu concello, dunha institución localizada en Santiago de Compostela ou en Bruxelas. Con este obxectivo é necesario tentar de inducir un debate na sociedade galega sobre como sería unha Galicia posible reflictida no futuro inmediato. Debemos ter moi presente que as tecnoloxías da información e comunicacións permiten falar da "fin da distancia" para a difusión do coñecemento. Calquera galego ou galega minimamente culto poderá "saber e coñecer" sen moverse da súa casa, e os imprescindibles desprazamentos para a xestión, formación ou goce de ocio poderán reducirse ó mínimo co conseguinte aforro en enerxía, tempo e custo económico. Ademais, todo apunta a que na vindeira década do século XXI os galegos poderemos desprazarnos por camiños de ferro e austoestradas cunha rapidez inimaxinable ata hai poucos anos, de tal xeito que as isocronas se reducirán á metade das existentes nos anos oitenta do século XX. Como exemplo temos o dato de que poderemos viaxar en tren de alta velocidade desde o centro de Santiago de Compostela ó centro de Ourense en pouco máis de 20 minutos, o que reforza a visión de futuro de que os grandes núcleos urbanos galegos serán "barrios" complementarios da mesma cidade.

Galicia ten que ollar cara a Europa Atlántica para establecer comparacións e definir proxectos de futuro no contexto da sociedade da información. E nela temos o caso irlandés que na actualidade comeza a deixar de ser periferia para se converter en centro. Na actualidade Irlanda posúe un nivel de renda per capita superior ó do Reino Unido, paradoxos da historia, cando en 1970 era un dos países máis pobres de Europa. Irlanda é un exemplo de desenvolvemento socioeconómico que soubo aproveitar as oportunidades da Globalización e da Sociedade da Información. Un dos alicerces da súa industria é a producción e venda de información e coñemento asociado á computación, informática e cultura. Hoxe en día o caso irlandés é posto de exemplo na Unión Europa á hora de planificar os investimentos para o desenvolvemento rexional. Os irlandeses, a diferencia dos galegos, investiron acertadamente a maior parte das axudas europeas en formación de recursos humanos e non tanto en estradas e "chapapote".

7. GALICIA COMO PAÍS URBANO POLICÉNTRICO, ECOLÓXICO E SOSTIBLE

Hoxe o territorio galego estase a articular a partir do corredor Atlántico, que seguindo a disposición da autoestrada Ferrol-Tui une as principais cidades galegas, funcionando como un auténtico eixo de desenvolvemento industrial e urbano. Prodúcense movementos demográficos do interior cara ó corredor Atlántico co que se baleiran as comarcas rurais da Galicia interior. Hai quen ten reflexionado publicamente sobre como sería a Galicia do futuro, maxinándoa como unha rexión postindustrial propia dun mundo globalizado, ben comunicada co exterior, coa maior parte da súa poboación ocupada nos servicios e vivindo nunha grande área metropolitana que formando un continuum se estendería por ambas as dúas beiras da autoestrada do Atlántico, o resto do territorio galego sería practicamente unha reserva ecolóxica onde poderían ir gozar do tempo de ocio as familias urbanas e onde os campesiños serían uns xardiñeiros da natureza e un atractivo exótico-turístico. Esta imaxe revela que se percibe o futuro territorial de Galicia cos mesmos parámetros concentradores cos que se estableceron e formaron as cidades industriais desde o século XIX, aínda que agora se pensa en eixos urbano-industriais e non en agrupamentos focais a xeito de cidades compactas, co cal os desequilibrios rexionais en vez de corrixirse agrandaríanse. ¿Non sería máis acertado evitar a macrocefalia urbana potenciando o hábitat galego autóctono de pequenas e medias células de poboación a través da concreción e ordenación dun sistema de asentamentos ben xerarquizado, polifuncional e complementario, cunha rede de comunicacións densa que facilitase ó máximo os intercambios a todos os ni-

veis? A potenciación dun sistema de asentamentos denso e xerarquizado propio dun hábitat desconcentrado estaría en harmonía cos adiantos tecnolóxicos da sociedade globalizada, pois a fluidez das comunicacións permitirían ós galegos vivir onde sempre viviron e desprazarse fácil e libremente entre as súas cidades, cara ás vilas e cara ós asentamentos menores, co fin de satisfacer as súas necesidades de educación, xestión, ocio, etc., ou ocupar un posto de traballo. Non hai que esquecer que a globalización xorde a partir da III Revolución Tecnolóxica en relación cos avances en materia de comunicacións e telecomunicacións.

Galicia caracterízase por unha estructura moi densa de entidades de poboación no conxunto do país, pois incluso o concello máis grande (Vigo) posúe máis de 300 entidades (aldeas e barrios periurbanos) nos seus pouco máis de 100 quilómetros cadrados. Igualmente a fragmentación das explotacións agropecuarias e a propiedade da terra dá lugar a un minifundio, que incluso aparece máis esparexido nunha morea de parcelas de cadanseu propietario. Así a paisaxe é un mosaico de teselas que reflicten a plurifuncionalidade do terreo. Por iso, pensamos que Galicia ten as características axeitadas que poderían levar a pensar nun territorio idóneo para a plasmación dun modelo de desenvolvemento territorial que impulsase a urbanización, desconcentrada, do campo, e a ruralización da cidade a partir da ordenación e xeararquización do seu sistema de asentamentos.

A terra na sociedade da información adquire un valor simbólico como significado de posesión e dominio da natureza, dos valores positivos que esta posúe para a sociedade urbana: tranquilidade, aire puro, aspecto bucólico. Por iso debemos reflexionar que o minifundio perdeu o seu contido cultural tradicional, pois xa non representa unha agricultura de subsistencia senón un complemento ós ingresos familiares e un elemento que complementa a función residencial. O minifundio permite que a maioría dos galegos sexan propieterios dunha "leira" onde case sempre proxectan a construcción dunha vivenda unifamiliar coa súa horta e, cada vez máis co seu xardín. Unha organización espontánea que ten que ser ordenada a partir dun plano de xerarquización dos asentamentos de poboación paralelo ós plans de concentración parcelaria. Tamén debemos ter moi presente que Galicia conta con máis de 1.000.000 de vehículos particulares tipo turismo, o que representa case un coche por cada 2,7 habitantes, e, tamén, que os galegos temos a posibilidade de "habitar a distancia" é dicir de desprazarnos no territorio desvinculando o lugar de residencia do de traballo máis doadamente que as xentes doutros ámbitos culturais de hábitat concentrado. Isto está a provocar que moitas estradas acaben converténdose en rúas de barrios inseguros, onde o número de mortos por accidentes de cir-

culación sexa elevado. Por iso a alternativa debe consistir en procurar asentamentos medioambientalmente sostibles, mentres que os desprazamentos fóra da súa aldea, urbanización, vila, pequena cidade ou parroquia serían máis para gozar do ocio.

O ideario de sistema de cidades policéntrico ecolóxico e sostible valora o patrimonio, o medio ambiente e a cultura como bens a protexer. Cabe especular que o futuro de Galicia xa non pasa tan só polo desenvolvemento agrario tecnolóxico e industrial-urbano senón que, necesariamente, no seu territorio se deberían aplicar novos modelos de desenvolvemento rural-urbano que impulsasen a diversificación socioecómica no campo, respectasen o medio ambiente e fixasen a poboación incrementando o seu nivel de benestar social. É necesario tomar conciencia de que as cidades industriais xa non ofrecen posibilidades de vida coma no pasado, polo cal o clásico modelo de desenvolvemento industrial que provocaba a tecnificación dos labores do campo e xeraba fluxos migratorios cara ás grandes cidades e áreas metropolitanas é pouco viable ó xerar unha presión demográfica que frecuentemente se traduce nun incremento da marxinación social urbana. A xente nova do rural xa non poderá percibir a cidade como un mundo de oportunides e estarán condicionados a emprender o seu periplo vital en pequenas cidades, vilas, parroquias e pequenos asentamentos rurais. Isto podería chegar a representar unha revitalización do sistema de asentamentos galego, especialmente das comarcas do interior, actualmente avellentadas e en proceso de despoboamento. Cómpre definir políticas públicas que abran posibilidades de desenvolvemento económico e urbano que dinamicen as comarcas interiores e palíen a capacidade de atracción ó corrredor atlántico. Por exemplo, ¿non sería moi positivo para as provincias de Lugo e Ourense a dotación dunha Universidade propia con dous campus?; sería a universidade do interior de Galicia, e ¿establecer Cinturóns Verdes arredor das cidades e vilas que evitasen a especulación e suburbanización no seu medio rural adxacente?, ou incluso ¿por que non se podería pensar nun eixo de desenvolvemento interior que conectase e interrelacionase a Mariña lucense coa raia portuguesa-ourensá?, ¿poderíase definir a través dunha nova autoestrada? As vilas e pobos cabeceira de comarca deberían ser concibidos como elementos estratéxicos para o desenvolvemento territorial de Galicia e para contrarrestar as tendencias cencentradoras do corredor atlántico.

Pero todas estas propostas necesitan dun substrato social que dea o pulo necesario ás iniciativas públicas. Fan falta empresarios que enchan cos seus proxectos os parques empresariais, moitas veces baleiros, xente nova ben formada que teña folgos para impulsar proxectos de desenvolvemento local nos seus pobos. Galicia necesita definir unha cultura urbana que erosione a imaxe de extrema ruralidade mantida

por séculos, pero esta cultura debe fundir as súas raíces na propia idiosincrasia do país. Debemos definir a nosa cultura urbana singular e diferencial en base ó sistema de cidades e de vilas denso, diverso e complementario que temos e que tan ben coexiste co campo e co mundo rural. A nosa contribución quere incidir en aspectos que se deben contemplar para o futuro, superando vellas rémoras do pasado.

No territorio galego débense definir políticas de desenvolvemento rural-urbano integrais e endóxenas axustadas ás súas características que lle permita seguir confluíndo cara ós niveis de desenvolvemento das rexións máis avanzadas de Europa. Políticas que deberían promover máis decidamente a diversificación das actividades productivas; como a artesanía, a elaboración tradicional de productos locais de calidade, a agricultura ecolóxica, a silvicultura e a explotación sustentable dos bosques, as explotacións agrarias extensivas e modernas ou o turismo urbano e rural. As explotacións agrarias familiares deberían chegar a ser productivas, respectuosas co medio ambiente e permitir un maior benestar a través da diversificación das súas actividades. No campo galego poderían e deberían coexistir pacificamente os agricultores e gandeiros industriais, con explotación de dimensións adecuadas, coas familias de obreiros-campesiños de economía deversificada e cos novos ruralitas que puidesen residir no campo sen ostentar ningunha dependencia económica coas actividades económicas tradicionais do lugar. O desenvolvemento rural endóxeno deberíase complementar e implementar con políticas de ordenación territorial que planificasen os efectos negativos da contraurbanización; aquelas áreas periurbanas que soportan unha maior presión demográfica deberían ser desconxestionadas promovendo investimentos en infraestructuras de comunicacións, vivenda e unha xeral descentralización planificada de recursos e servicios cara ás cidades, vilas e pobos que configuran o sistema de asentamentos urbanos do interior.

En Galicia a definición dunha estructura territorial adecuada para a aplicación de políticas de desenvolvemento económico e planificación urbana é un requisito previo; deberíase pensar nunha comarca semellante ó condado irlandés, é decir, con identidade político-administrativa e cultural que lle permitise distinguirse do municipio e da provincia. As comarcas deben formar parte dun sistema dinámico de organización territorial e non xerar unha burocracia caciquil do Antigo Réxime. Para isto deben incorporar o proceso de urbanización das áreas metropolitanas e deben ser conxuntos de municipios rexidos polas cidades e asentamentos urbanos de maior xerarquía. Ás cidades galegas correspóndelle liderar o proceso de modernización e de urbanización xeral da sociedade e tamén a coordinación e execución de políticas de planificación, sociais, de infraestructuras, de transporte, etc. cos municipios que con-

forman os seus respectivos hinterlands e áreas de influencia. Nelas se localiza a masa crítica necesaria para impulsar o desenvolvemento económico, social, cultural e incluso político de Galicia. Non debemos esquecer que as cidades son espacios de vangarda, son os lugares a partir dos cales se difunden as innovacións e os procesos de cambio social. Galicia non pode endexamais fuxir da cultura urbana pero pode definir esta cultura segundo a súa propia idiosincrasia. Non debemos esquecer que en Galicia o campo e a cidade están moi intimamente relacionados.

En definitiva, sería moi positivo abrir un debate na sociedade galega no que se discutise a Galicia do futuro no contexto da globalización e da sociedade da información. ¿Queremos ser un país tradicional, rural, un país territorialmente desequilibrado coa oposición corredor atlántico-espacio rural interior?, ou ¿deberiamos tentar de afrontar un proxecto ordenado de xerarquización que concretase a definición dun sistema de cidades policéntrico e complementario que permitise a urbanización do campo e a corrección dos desequilibrios territoriais? *Galicia como país urbano, europeo, atlántico, ecolóxico e sostible distinto e diferenciado* resulta un lugar de extraordinario atractivo cultural diante da mirada dos visitantes. Ó igual que no caso irlandés ós galegos correspóndenos facer valer o feito diferencial cultural, definindo unha cultura urbana propia, distinta, de vangarda, e así erosionar as pegadas folclóricas do ruralismo exacerbado que desde Estrabón ata os nosos días segue a sinalar os galegos como un pobo tradicional, conservador e ancorado no pasado. Debemos vencer as tendencias espontáneas para chegar a definir un modelo de desenvolvemento territorial que respecte e proxecte cara ó futuro o hábitat dos galegos no contexto da sociedade da información e da globalización.

C. F. S.
X. M. S. G.

Apuntamentos acerca da evolución recente da estructura territorial galega e o seu tratamento

Ampliación do espacio económico e xurdimento de áreas metropolitanas. O exemplo de Vigo, unha esperanza

Daniel Pino

INTRODUCCIÓN: AS TRADICIONAIS RELACIÓNS ENTRE O RURAL E O URBANO

Ata hai ben pouco tempo en Galicia a relación entre o feito rural e o feito urbano decorrera decote de xeito harmónico. O desenvolvemento histórico da inmensa maioría das cidades e grandes vilas galegas foi debedor dunha moi estreita dependencia verbo dun territorio cun hábitat disperso, pero xerarquicamente organizado, constituíndose entón en referente dun territorio racionalmente ordenado sen que se teña producido ata o tempo presente unha radical oposición entre o fenómeno rural e o urbano. E iso foi así, xulgo eu, porque, entre outros moitos factores, tanto o proprio poder económico como a maioría da poboación ata hai cen ou cento cincuenta anos ancoraban no medio rural.

Non é pois de estrañar que o campo, entre nós e ata hai ben pouco tempo, sempre se tivese concibido como parte activa do territorio antropizado e non como sinxelo residuo negativo do desenvolvemento metropolitano, como aconteceu ben cedo noutros países, mesmo en España ou Portugal. Tampouco como natureza primixenia, como se adoita confundir hoxendía, por mor do abandono que dese campo están a facer os seus seculares moradores.

Iso non quita para que as cidades e vilas adoito se dispuxesen de xeito que os elementos naturais se puidesen infiltrar nelas e, á inversa, procurando que desde o espacio recreado polos edificios urbanos fose

posible enxergar decote cara a un mundo exterior presidido polos elementos xeográficos e naturais. Deste xeito, reforzábase esa xenuína interrelación entre hábitat humano e natureza que caracterizou e —aínda dalgún xeito— caracteriza a estructura territorial de Galicia.

Porén, nos últimos trinta ou corenta anos chega tamén a Galicia e se desenvolve axiña, un fenómeno de dimensións planetarias: os procesos de urbanización xeneralizada sobre o territorio. Sen embargo, entre nós e a diferencia doutros lugares, neses procesos de urbanización do territorio adoito se pode comprobar como aquela vella interrelación entre campo e cidade provoca agora efectos non desexados de indefinición cando non de mutua destrucción. Isto é tan así que mesmo nas áreas urbanas o tránsito rural/urbano endexamais xorde agora nidio. Pola contra, anda un a choutos entre un e outro sen solución de continuidade, pero con moita frecuencia observando como o proceso de urbanización do campo se fai sen se acomodar nin ás leis do urbano nin ás do rural.

Polo tanto, falarmos agora mesmo na meirande parte de Galicia dunha distinción radical entre o fenómeno rural e o fenómeno urbano semella unha falacia, que seguramente provoca o feito de que nunha sociedade cada vez máis globalizada o ser humano remata por perder as raigañas, estráñase do seu medio e de si mesmo e perde adoito a súa identidade, converténdose no estranxeiro do que nos fala Albert Camus.

En Galicia, como en calquera outro país historicamente diferenciado houbo, de certo, unha cultura para ordenar territorio, debedora, loxicamente, das condicións nas que foi posible o xurdimento e desenvolvemento da nosa sociedade, esencialmente agraria e agromariñeira. Ó meu xuízo, unha característica fonda, moi fonda, desa cultura, dese saber facer, depositado mesmo en cada individuo ata hai ben pouco tempo, foi o *dominio da escala, a habelencia no uso das proporcións* que, antre outras moitas cualidades, supoñía tamén o dispor da capacidade de tratar de xeito igualitario o que debe ser igual e de xeito distinto o que debe ser diferente. Nese senso, evidentemente, unha cousa era o rural (as aldeas, os lugares, os casais...) e outra o mundo máis urbano (as vilas, as cidades...); realidades que tanto estructural, como espacial, como funcionalmente eran distintas, aínda que complementarias.

Galicia, efectivamente, é un país habitado por unha comunidade historicamente diferenciada e esa diferenciación apousaba en razóns de toda orde; así, á complexa e dispersa estructura dos asentamentos da poboación hai que engadir a que devén do réxime de propiedade, do relevo topográfico, das condicións climáticas, dos modos de producción e as relacións económicas; todos eles, elementos xenuínos que ad-

quiren unha dimensión especial ó coexistiren actualmente dous tipos de organización social: a *tradicional*, baseada en gran medida, na vella estructura *rural* e agrícola, en fondísima crise, e a *moderna*, constituída basicamente por un relativamente atípico desenvolvemento *urbano* e industrial. Ambas as dúas teñen puntos de conincidencia e se sobrepoñen hoxe dando lugar a unha terceira situación que, a falla de mellor termo definitorio podemos chamar *rururbana*, mestura das anteriores, pero que adquire entidade propia e un forte peso especifico, ata o punto de ser abondo representativa e emblemática —do bo e do malo— da Galicia actual.

A cuestión no momento presente —cando todo indica que a extensión do fenómeno urbano e rururbano se xeneraliza nas áreas onde o territorio non se abandona— é como acadar a desexable modernidade sen perder a necesaria identidade. Para recuperar a propria *imago mundi* é preciso reconquerir o espacio ou reinventalo cunha dimensión humana —isto é, comprensible e dominable pola colectividade e polos individuos que a compoñen— adaptada tanto á natureza como ó devir histórico; isto é, tan enraigada no pasado como proxectada no futuro. Porén, sabendo que a roda da historia non soe andar para atrás e que, emporiso, de pouco ha valer querer tratar como se estiver vivo un mundo que feneceu ou está a piques de facelo en moitos lugares. Soamente se se parte da necesaria reordenación do todo (o conxunto do territorio do país) poderemos chegar aínda a salvar as partes sas do corpo enfermo e restaurar ou construír de novo o resto. Velaí que entenda que as medidas exlusivamente protectoras —tamén hoxe cuase de moda— non sirvan. Fai falla, primeiro, saber onde reside agora a seiva desa árbore que é o país e onde hai que cortar para afortalala.

Os galegos, pouco importaba que fosemos dunha aldea como dunha vila ou dunha cidade, eramos complexos, irónicos, imaxinativos e moi melancólicos; viviamos en permanente comunidade coa Terra, máis perto dela que doutros galegos, máis vencellados á Natureza que á Sociedade, ata o punto de formar parte inseperable daquela. Nunha natureza sabiamente transformada pola presencia intelixente e culta do ser humano, esgrevia e amable a un tempo, onde o mar e a terra se apertaban amorosamente en milleiros e milleiros de recunchos e de fartura. Neste país onde sempre hai flores e o verde dos campos é máis brillante en inverno que en primavera, o home sentíase irmanado a todas as cousas existentes, tal que formando parte dun todo harmonioso, amoroso e doce, que ía desde el mesmo ás plantas e desde o chan ó ceo.

As tradicionais relacións de noso, dos galegos, coa nosa terra adquiriron así un carácter moi intenso, íntimo e subxectivo, máis intuitivo que reflexivo, máis proprio do eido da creación poética que do da lóxica. Velaí que nos teñamos expresado ó longo de séculos facendo can-

tar as pedras ó tempo que construïamos o noso territorio, convertendo calquera construcción, mesmo as máis utilitarias e insignificantes, nun auténtico exercicio artístico.

A CESURA NUNHAS RELACIÓNS HARMÓNICAS

Hoxe esas condicións mudaron. A falla de dependencia do inmediato e a progresiva crecente dependencia do lonxano (os recursos e mesmo as ideas) que hoxe caracterizan as sociedades desenvolvidas verbo dos recursos, veu encimar nun desleigamento progresivo da nosa sociedade verbo desa parte ata hai pouco case sagra que era a Terra. A traducción no que fai ó espacio onde progresivamente máis se vive na actualidade, ou sexa na cidade, é que esta, ultimamente, se vén modelando, dimensionando, redimensionando, (mal)construíndo (¿destruíndo?) dando as costas ós máis elementais principios dunha cultura que se perdeu. E remédanse modelos alleos, ou simplemente se deixa vía libre á falla de planificación e, xa que logo, entronízase o descontrol que se estende ó territorio dunha cada vez máis ampla redonda.

Ultimamente vénse definindo este fenómeno, desde logo, como complexo e contradictorio, cun termo abondo sinxelo e ben pouco rigoroso, cal é o de *feísmo*. Ogallá se puidese facer unha remisión tan simple dun feito tan complexo. Confundir causas e procesos con algún, non todos, dos efectos que xerou o choque de dous modelos socioeconómicos tan distintos e, polo mesmo, de dúas culturas tan extremadamente diferentes, á hora de desenvolver ese sempre continuo labor de construcción (destrucción) do territorio, non é senón actuar sobre as beiras e non sobre o cerne do problema. Desgraciadamente, detrás das prácticas de *malfacer* hai algo máis que un sinxelo desnortamento estético. Detrás xorde o drama. Esperemos que non deveña en traxedia. E digo esperemos, non só como invocación, senón como resultado dunha reflexión. Porque, con todas as reservas, eu son dos que consideran que aínda pode ser posible compatibilizar o crecemento da cidade e a reconducción da súa frenética e salvaxe expansión polo territorio cun desenvolvemento socieconómico harmónico, equilibrado e autosostido. Non é doado, mais tampouco non é imposible. Abondaría con dar pulo ás potencialidades de todo tipo que a cidade e o seu hinterland ofrendaban de antano, e engadir novos valores, novas potencialidades, compatibles coas existentes e coa calidade de vida inicialmente acadada; e facelo sen esquecer ese principio de validez universal que consiste en tratar de xeito igualitario o que de seu é esencialmente igual, e de forma diferente o que, tamén de xeito esencial, é distinto. Que trasladado ó tema que nos ocupa significa: ordenar o territorio segundo a súa

esencia e non como se vén tratando (tanto de xeito espontáneo como demasiadas veces, de xeito planificado).

TERRITORIO E CONCIENCIA SOBRE O TERRITORIO

O territorio é, desde logo, unha *realidade física* e, en tanto que tal, conformado por elementos que soemos situar no eido da natureza, velaí a súa condición de debedor de tectónicas, de relevos, da composición do solo, do clima ou da vexetación... Pero tamén o condicionan *artificios*, ou sexa, creacións do ser humano social: as infraestructuras productivas e de comunicación, a edificación, mesmo o propio xeito de asentar, de poboar ("Vivir é, sobre de todo", habitar, subliñaba Heidegger)...; ese inmenso catálogo de artificios de todo tipo inzados ó longo da historia da presencia humana alí.

Porén iso non abonda para entendermos o territorio na súa totalidade. Hai máis, o territorio, coido eu, tamén é a fusión de todo iso nas nosas mentes, provocando sentimentos de autorrecoñecemento e de estima, de refugallo ou de indiferencia. Porque o territorio é *paisaxe*, e xa dicía Otero Pedrayo que non hai máis paisaxe que a paisaxe histórica. As paisaxes son distintas porque hai terras de condicións físicas abondo diferentes. Mais tamén o son porque o ser humano, co seu *ollar intencionado*, vive, sente, ole, escoita esas terras de modo diferente. Condición indispensable para poder continuarmos acaidamente coa modificación ininterrompida dese territorio desde os albores do tempo. A este labor de construcción permanente do territorio algúns vímoslle chamando *Arquitectura do Territorio*. E, os que así o denominamos coidamos que o resultado dese labor é o que mellor caracteriza os pobos, pois é nesa estratigrafía dos artificios plasmados polo ser humano ó longo dos séculos nun territorio dado, onde máis doado resulta atopar o respectivo ADN. Aínda agora, calquera corte que fagamos no territorio, malia os desastres dos últimos anos, amosará a interpenetración, os riscos básicos dese ADN.

Ata hai ben pouco (dez, doce lustros, como moito) os galegos conservaron a capacidade de dispor dunha *conciencia global do seu territorio*, conciencia que era posible porque aínda dominaban a *escala* das múltiples intervencións exercidas sobre el. Polo mesmo, calquera novo artificio requería ter en conta a complexa cadea de interdependencias que a súa implantación ía producir de certo.

Nese inmenso período que media entre a saída das covas e o apousamento definitivo da sociedade urbano-industrial, non era concibible un saber netamente sectorializado. O que hoxe chamamos *impactos* de todo tipo —adoito os socieconómicos, e mesmo tamén os medioambientais— soían terse, consciente ou inconscientemente, en conta.

Sen embargo, coincidindo no tempo coa xeira que seguiu ó último dos grandes baleirados migratorios do noso país (anos sesenta/setenta do pasado século), os fundamentos da sociedade galega viñeron abaixo. Non vou entrar na descrición dos resultados desa perda porque hoxe xa comezan a ser recoñecidos socialmente. Quero salientar que, malia a importancia cuantitativa e cualitativa do problema, o tempo no que isto aconteceu non foi tan longo como para destruír os alicerces básicos do noso existir como pobo.

PLANEAMENTO URBANÍSTICO

Agora mesmo, no comezo do secúlo XXI, nas cidades e vilas de Galicia (e, mesmo, nalgúns territorios nidiamente rurais) a paso de tartaruga e, en calquera caso, de xeito non xeneralizado, vénse *tentando poñer couto*, é certo que polo de agora timidamente, ás *eivas máis significativas* provocadas polas grandes e non planificadas transformacións habidas tanto no seu interior como no territorio e no hábitat rural dos seus contornos e redondas. Téntase atorar o crecemento desenfreado e anárquico por outro encarreirado, téntase dotar as poboacións de infraestructuras, de dotacións equipamentais acaídas de carácter educativo, sanitario, deportivo, sociocultural, asistencial, etc., e tamén de espacios libres e zonas verdes (parques urbanos, tratamento axeitado de espacios naturais, etc.); isto é, daqueles elementos que presentan unha disposición certamente necesaria para podermos falar dunha mínima calidade de vida urbana e que tanto se esqueceran durante os anos convulsos. Mais tamén é certo que en case todos os casos, mesmo os máis loados, estas operacións coñecidas baixo a denominación xenérica de *planeamento urbano*, adoecen dunha eiva básica: nos máis dos supostos, tentan a resolución dos déficits desde unha perspectiva esencialmente cuantitativa. E, para maior desgracia, mesmo esta resolución cuantitativa só se plasma, tamén nas máis das ocasións, sobre o papel, ou sexa, nos documentos do Plano. A súa xestión efectiva case nunca se acada, e se se fai, soe concretarse en lugares non previstos, total ou parcialmente desaxeitados para a función que deles se demandaba.

Isto adoita acontecer, coido eu, porque ou ben se esquece que *o solo é unha mercancía* e coma tal debedora das leis de mercado; ou ben se esquece (aínda máis veces), que os productos escasos hai que coidalos, mimalos, protexelos, ceibalos o máis posible das apetencias de lucro desenfreado, cousa que se pode conseguir se é que hai conciencia social sobre do que dictan as leis ó respecto.

Hoxe por hoxe, a conciencia sobre o fondo do problema aínda é pequena e teño que dicir, doutra parte, que ata o de agora o lexislado

na materia non ten axudado moito. Ata hai pouco tempo (1997), porque se trataba dunha lexislación estatal, nidiamente uniformadora e, polo tanto, incapaz de regular o feito diferencial (mesmo o urbano) do noso país. Desde hai cinco anos existe unha lei do solo relativamente autónoma, a Lei do Solo de Galicia, pero, polo de hoxe, tampouco non axudou a resolver con efectividade os problemas xerados no territorio por mor da implantación do novo modelo socioeconómico e, por iso desde hai un ano se está a traballar xa na súa reforma, urxida —todo hai que dicilo— desde necesidades e arelas situadas en posicionamentos contrarios (para uns as leis actuais son excesivamente ríxidas e para outros permisivas en demasía).

A dimensión legal é importante, aínda que nada máis sexa porque así se asume pola sociedade que, máis alá do negocio urbano que perseguen os axentes privados productores de solo para construír (que é preciso reeducar), demanda equidade nestes como en todos os temas que afectan a dereitos fundamentais. Porén, para min, hai cuestións tanto ou máis importantes á hora de sentar as bases dunha reordenación do espacio sometido a tensións moi fortes, normalmente, no das cidades e as súas áreas de influencia.

Así, por caso, a fixación con rigor dos roles da cidade, e os axentes que fan posible o seu correcto desempeño, roles que se teñen que analizar nuns contextos de cada vez maior escala territorial, labor esencial que tantas veces non se sabe, non se pode ou non se quere precisar cun mínimo rigor técnico nin con claridade política, pero que resulta esencial á hora de planear as urbes e as vilas galegas. Así, por caso, non cinxir o esforzo planificador soamente á acomodación do que se dá no nivel do solo ou do subsolo: rúas, infraestructuras básicas de servicios, redes de comunicación de toda caste, dotacións equipamentais, parques, etc., en dimensións proporcionadas para garantir estándares de vida dignos ás poboacións que se prevén para, por caso, dez, quince anos (cuestións todas elas importantes), senón tamén á calidade do escenario resultante —non só constructiva—, a disposición aquelada deses espacios e a dos edificios que van acubillar os diferentes usos que orixina a complexidade urbana, así como o diálogo entre eles e de todos cos espacios rururbanos e rurais das respectivas redondas. E facelo, tensando ó máximo a correlación de forzas, nese labor de planeamento do futuro, no que o proceso vén ser tan esencial como o resultado, porque é nese complexísimo proceso cheo de tensións de toda caste, que responden a intereses tan diversos —económicos, sociais, territoriais—, onde unha sociedade pode asumir e mesmo conquerir, mediante os necesarios e equilibrados consensos, a solución da maioría das eivas preexistentes, é dicir, os cambios no acondicionamento aquelado do escenario urbano. Eses aspectos resultan igualmente esenciais, case se-

mella obvio dicilo, se se estima como obxectivo, a pronta recuperación daquela capacidade que outrora dispuxo o noso pobo de *entender globalmente o escenario propio*, aquel onde os individuos e os colectivos representan as súas propias vidas (individuais e sociais) en todos os eidos (económico, formativo, cultural, de lecer...), e recoñecelo maioritariamente como propio e esencial para o proxecto de vivir en común.

O urbanismo que se vén practicando nestes últimos anos onde xa non resulta rara a existencia de planeamento municipal, polo común e agás excepcións escasas, tense reducido a unha cuestión esencialmente xurídica: o cumprimento (hai que dicir que case sempre teórico e non real) do equilibrio entre as cargas e os beneficios que provoca a propia execución das determinacións dese planeamento. O obxectivo de aproveitar o proceso de elaboración e tramitación do planeamento dun xeito positivo, como *trebello*, como *andamiaxe* que axude ó *desenvolvemento integral* (que o plan se asuma como desencadeante de potencialidades e non como corsé coutador de intereses) é moi difícil de atopar entre nós, pero non imposible[1]. A preocupación pola forma da cidade, polas leis do seu propio desenvolvemento, pola coherencia entre o todo e as partes e, por descontado, pola forma e disposición da edificación, segundo as zonas e os problemas preexistentes, así como a preocupación pola xestión que faga posible unha cidade así pasan adoito a un moi segundo plano. Non é doado atopar nos planeamentos ó uso, coido que tal cousa é obvia, *un referente asumido de cidade* nin unha pegada nidia da xestión desenvolvida ilusionante e correctamente no proceso de elaboración.

Ninguén vai poñer en dúbida, coido eu, que un barrio non pode ser bo se non se dota covenientemente. Pero as dotacións urbanísticas non o son todo. É preciso deseñar os espacios con sabedoría, que outra cousa non é construír ou reconstruír territorio, resolvendo as necesidades de todo tipo, incluídas, loxicamente, as de carácter productivo, das poboacións; porén, dentro das necesidades hai que incluír mesmo as aspiracións, os desexos e, por qué non, os mesmos soños dos moradores e das xentes que alí producen, se forman ou se divirten. E alí onde a sociedade xa esqueceu como se soña, é preciso enxofrar de novo esa capacidade de ilusión que sempre ten que preceder a toda obra humana que se precie. Porque soamente se se acada ese grao de disposición colectiva resultará posible que se cumpran os obxectivos concibidos e

1. Eu podería citar varios casos pero coido que abonda con salientar un, de sobra coñecido, no que esa predisposición foi extraordinaria e velaí están os resultados. Refírome a Allariz, onde tiven e aínda teño a dita de colaborar no proceso desa constante e positiva construcción racional do territorio.

se materialicen as determinacións básicas do plan. Por aquí ten que comezar a se construír a nova cultura urbana. O que están a precisar hoxe en día as nosas cidades e vilas, xunto á máis aquelada definición do seu *rol ou roles* e a escala na que estes se desenvolven, amais dese *labor de xestión das carencias* e do *encarreiramento axeitado do crecemento*, ó meu xuízo, é a *asunción de modelos* ós que referenciar o labor ininterrompido *de construcción e reconstrucción dos seus espacios*, para facer comprensibles e socialmente asumibles os procesos de reconstrucción, rehabilitación e/ou expansión.

Estas carencias constitúen un problema, esencialmente, de falla de conciencia global mais tamén de conciencia social, porque xente que os saiban desenvolver, afortunadamente, non falta entre nós. Porén, a ignorancia, a perda do norte, a ausencia dunha cultura de seu —como consecuencia dos ataques que contra a cultura xerada polo noso pobo ó longo dos séculos, se producen tanto desde un uniformismo falsamente internacionalista, mesmo anterior ó aldeanismo globalizador, canto desde esoutro aldeanismo tradicional, ignorante e folclórico—, son razóns máis que suficientes para que a sociedade e o poder non reparen no feito —só aparentemente contradictorio— de que, cecais precisamente pola fondura da crise que padece o noso país, non son profesionais capaces de cumprir ese labor tan necesario, repito, agora mesmo, o que máis escasea en Galicia.

O goberno (desgoverno, máis ben) das cidades e vilas de Galicia durante todo o proceso no que se xesta o aparente divorcio entre o rural e o urbano, tivo como (des)norte a máxima de que a urbe, xa que logo, tamén a cultura agromada nela, viña ser o referente culto e moderno, que era preciso opoñer ó rural, concibido sempre como sinónimo do atraso, económico e cultural e, xa que logo, miolo e cerne de todos os nosos males. Os que gobernaron, no senso máis amplo do termo, as cidades e vilas nestes últimos lustros, armados de tan nefasto instrumento ideolóxico, no foron quen de atallar —e maioritariamente non quixeron— os desastres acontecidos no tratamento do espacio (de todo o territorio) no que hoxe (mal)vivimos. Porén, afortunadamente, tampouco non foron quen de impedir que agora teñan accedido a gobernar esas cidades xentes que, precisamente, non tiñan abeirado nesa falacia estúpida. En tal caso, de ter algunha eiva a ideoloxía dos que agora tentan dar rumbo (e pulo) ás nosas cidades, é xustamente a contraria: algúns tics que aínda fican en determinados sectores, que non foron quen de superar actitudes que máis teñen de aldeán que de cultura rural.

A nova síntese ten que chegar da man da necesidade, e xa se sabe: a necesidade pode devir en virtude. E esa necesidade non é outra que a demanda, hoxe xa premiante, de planificar fóra do concreto territorio

das vilas e cidades para facelo en áreas que, a falla de mellor termo, chamamos "metropolitanas". Tendo en conta, por outra parte, que estamos a asistir á reformulación dos lindeiros do territorio en tanto que espacio rexional proprio (entendido o termo en clave esencialmente socioeconómica).

Ó meu xuízo, é na necesaria formulación de obxectivos e estratexias de orde territorial ampla, como se pode chegar a perfilar unha nova síntese entre o rural e o urbano. No que se consiga (e para iso téñense que implicar forzosamente as poboacións de cada área, sectorial e territorialmente consideradas), estaremos asistindo ó nacemento dunha nova cultura, que herdando o mellor da cultura tradicional, asuma a súa propria modernidade.

UNHA ACLARACIÓN NECESARIA

As liñas que preceden, expostas de xeito abondo fragmentado, non teñen máis pretensión que facer partícipe ó lector dos posicionamentos conceptuais que en tanto que colectivo dedicado profesionalmente a estas lideiras de ordenación territorial e urbanística temos asumido un fato amplo de profesionais de moi variadas disciplinas que (no meu caso desde hai xa vintecinco anos) vimos traballando nelas, nomeadamente, no noso país. Dalgún xeito, estes posicionamentos xa foran aportados ós traballos do Foro da Cultura Galega que se desenvolveu en Compostela ó longo do ano 2000, dentro da área "Cultura rural, cultura urbana".

E daqueles posicionamentos, así como do ricaz aporte que supuxo o intercambio de pareceres sobre estes temas que o Foro propiciou, temos tirado aproveitamento para a formulación de novos modelos de ordenación urbana en áreas outrora rurais, sometidas na hora presente a tensións urbanísticas fortes, como consecuencia da proximidade a cidades en expansión, como é o caso de Brión respecto de Santiago, modelo que neste caso tenta coutar a prolífica expansión das urbanizacións de vivendas unifamiliares chantadas á marxe do proprio evoluír do territorio escollido, consumindo gran cantidade de solo, xerando demandas excesivas de recursos escasos (auga, enerxía...), xerando deseconomías e impactos ambientais por mor do tratamento dos residuos xerados, isto é, converténdose en pezas dun modelo dificilmente sostible e equilibrado; modelo que pretendemos substituír polo coidado deseño dunha pequena cidade, de nova factura, que denominamos *cidade no xardín* (fronte ó modelo de *cidade xardín*), vello e novo concepto fornecido ós debates do Foro por Carlos Ferrás. Ou tamén en Allariz, onde dez anos despois de ter definido o modelo básico experi-

mentado na última década do seculo XX, estamos outra volta perfilando mellorar o modelo ensaiado con tanto éxito, con afondamento no tratamento polo miúdo da ordenación do medio productivo agrario, para acomodar as necesidades de expansión e mellora das experiencias que nestes anos se levan producido, así como para atender ás correccións que demanda o proprio desenvolvemento urbano producido sobre a base da posta en valor do patrimonio natural e cultural preexistente.

Con esa mesma bagaxe metodóloxica e conceptual comezamos a abordar a realización do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Vigo, do que neste momento xa presentamos un primeiro documento de Diagnose, Obxectivos, Criterios e primeiras Propostas. Por ser Vigo a principal —e seguramente a máis complexa— das urbes galegas, entendo que pode ser de interese parármonos naqueles aspectos que máis polo dereito poden ter que ver co obxecto deste monográfico da revista que baixo o título de *Galicia, cidade atlántica* abordou Grial.

AS NOVAS ESTRUCTURAS TERRITORIAIS. ESPECIAL CONSIDERACIÓN DE VIGO E A SÚA ÁREA FUNCIONAL

Vai xa para tres anos, nun artigo que me encomendara a revista *Tempos Novos* para un número que presentaba un tema central dedicado ás comunicacións en Galicia, dicía eu:

> Galicia está nunha fisterra, nunha periferia extrema verbo de Europa e de España; só con Portugal temos outra posición espacial. O desenvolvemento da área económica que, felizmente, se está timidamente a artellar entre Galicia e o Norde de Portugal, debe ser, ao meu xuízo, cuestión prioritaria. Trátase dunha área de, aproximadamente, seis millóns de habitantes, cun sistema de vilas e cidades doadamente artellables con dous focos nidios que se corresponden a dúas áreas metropolitanas: a de Porto e a de Vigo. Só se se desenvolve e se reforza esta área é que podemos dispor dunha eurorrexión con posibilidades de competitividade no concerto europeo.

Hoxe, cando aínda non se ten concretado ni territorial e administrativamente a Área metropolitana viguesa (malia ter sido anunciada e bendicida a súa creación e redactado un primeiro borrador de lei para a súa constitución), e que aínda hai moita xente que sostén que iso da eurorrexión ten máis de realidade virtual que de algo tanxible e operante, coido que estamos en disposición de poder reafirmar que esa eurorrexión xa deixou de ser unha arela de futuro para se converter nunha realidade en acelerado desenvolvemento; e que o rol que nese espacio rexional ten e, sobre todo, pode chegar a ter a *área funcional de Vigo*

—realidade igualmente podente— devén en cuestión chave para o desenvolvemento integral de Galicia. Calquera outra pretensión de análise económico-territorial do noso país, poderá ser defendible desde supostos teóricos, pero dificilmente se poderá argumentar que tal cousa vai ir no camiño da converxencia con España e con Europa.

Ó meu entender, pouco importa que, polo de agora, non se teña concretado aínda o ámbito territorial da futura área metropolitana ou rexión urbana —como gustan dicir algúns— ou que estea polo de agora en fonda discusión a capacidade competencial desa área metropolitana, que estou certo que vai ser peza básica da organización administrativa do territorio galego do inmediato porvir. Tanto ten igualmente, no que atinxe á eurrorexión, que aínda non se teñan materializado elementos relevantes como, por caso, a rede de infraestructuras de todo tipo, nomeadamente, as de comunicación interna da área e as de comunicación da eurorrexión co seu exterior, ou que mesmo se siga a *planificar* neste eido desde os gobernos de Madrid e Lisboa como se Galicia ou as rexións do Miño e do Douro aínda fosen territorios pechados en si mesmos e só comunicables dentro do estreito marco dos territorios estatais respectivos. Non digo que a superación destas eivas non sexa cuestión de primeirísima orde; digo que, malia non estaren resoltas, xa estamos en disposición de afirmar que o *espacio económico Galicia-Norte de Portugal é un feito xa*, e que nese espacio o papel da área metropolitana de Vigo, aínda que no futuro sexa máis relevante, xa resulta decisivo.

A conxuntura, desde logo para min feliz, de poder eu coordinar actualmente o equipo que está a redactar este Plan Xeral de Vigo[2] permíteme agora, tres anos despois de ter escrito o parágrafo que veño de reproducir —froito, por entón, máis de intuicións, fundadas pero intuicións, que de datos precisos—, e por mor dos traballos de investigación que a este respecto desenvolveron e están a desenvolver diversos compoñentes dese equipo[3], fixo posible sabermos, non só da capacidade do tecido productivo de Vigo e a súa área funcional[4] senón, e sobre todo, da importancia real xa adquirida polo movemento de mercancías —e mesmo da mobilidade de emprego— entre o norte de Portugal e a área funcional de Vigo.

2. Plan que, aínda que se teña que cinxir nas súas determinacións ó territorio de Termo Municipal de Vigo, ten —por mor das proprias esixencias do Prego de Condicións que rexeu no concurso de adxudicación— que estudiar a realidade metropolitana.

3. Especialmente o equipo de economistas dirixido por Xavier Vence, que desenvolveu a análise dos sectores productivos de Vigo e a súa Aárea funcional.

4. Con 30.000 empresas e máis de 160.000 empregos, que supoñen máis do 52 por cento do total de Pontevedra e case o 20 por cento do total de Galicia. E no caso dos sectores industriais e de servicios case chegan ó 60 por cento e ó 25 por cento, respectivamente.

No documento de Diagnose do PXOM de Vigo presentado no concello no mes de xaneiro último, dise:

> A proximidade xeográfica, sociocultural e económica con Portugal, acentuada polo proceso de integración comunitario, fai deste país veciño practicamente unha extensión natural do noso mercado interno. Nese contexto, Vigo e a súa comarca aparecen como un ponto dinamizador clave, dada a súa peculiar e atractiva ubicación xeográfica. A relevancia cuantitativa do comercio da Aduana de Vigo con Portugal despexa calquera dúbida ao respecto: 1,2 millóns de toneladas intercambiadas no ano 2000 (preto do 50 por cento do comercio total), cun valor de máis de 130.000 millóns de pesetas. O saldo comercial é positivo tanto en unidades físicas (case 650.000 toneladas) como, a diferencia do comercio exterior global, en unidades monetarias (50.000 millóns de pesetas).
>
> [...] cómpre salientar, como valoración global dos axentes implicados, que tanto as empresas galegas como as do Norte de Portugal ven o territorio veciño como un mercado especialmente atractivo dentro dos respectivos contextos estatais, destacando como factores clave a proximidade xeográfica e as infraestruturas loxísticas e de transporte existentes.
>
> [...] Non obstante, o camiño non está exento de perigos, como é a constatable perda de atractivo que semella estar experimentando Galiza como socio comercial de Portugal fronte a outras áreas máis desenvolvidas, como Madrid ou Cataluña. Nesta liña, cómpre ter en conta que a mellora das infraestruturas de transporte e, en consecuencia, a mellor conexión destas outras áreas españolas con Portugal implica unha ameaza real e ao mesmo tempo supón un acicate para o desenvolvemento estratéxico das nosas infraestruturas de transporte
>
> [...] á vista dos resultados anteriores, deberíase establecer como prioridade o deseño estratéxico das conexións terrestres de Vigo e comarca con Portugal e co resto de Galiza, particularmente do ferrocarril e estradas, co obxectivo de minimizar os problemas, tanto de conxestión como de calidade, asociados ao uso destas infraestruturas, así como de reducir o máximo posible os tempos e custos de desprazamento de persoas e mercancías neste eixo xeográfico. Todo este plantexamento vai na dirección de aproveitar ao máximo a potencialidade dos factores que se teñen revelado como clave nas relacións con Portugal, reafirmando o papel nuclear e dinamizador de Vigo e a súa comarca.

Mais, ¿está a cidade de Vigo preparada para exercer acaidamente ese rol focal na eurorrexión?

Desde o punto de vista puramente económico, Vigo foi quen de superar bastante ben a fonda crise experimentada nos anos oitenta e noventa do século pasado, que conlevou mesmo a necesidade de acometer unha reconversión industrial, ás veces traumática, pero da que

saíu cunha reactivación económica e unha transformación dos proprios sectores productivos que, alomenos ata este momento, leva conseguido reducir significativamente as taxas de paro, así como mellorar a calidade do emprego e unha máis aquelada distribución entre sectores e ramas de actividade.

Pero esa recuperación económica, que veu demostrar outra volta as seculares potencialidades de Vigo[5], tamén levou parella a continuidade e, mesmo, o agravamento das consecuencias, dos efectos que se derivan de equivocados proxectos e aínda ausencias de planificación urbanística e do, se cabe, peor modo de xestionar o desenvolvemento urbano durante anos.

Agora quero centrar a atención nas consecuencias negativas producidas no artellamento do territorio como consecuencia do tempo perdido no labor da súa aquelada ordenación. Logo de máis de dúas décadas de existencia do poder autonómico, Galicia non conta aínda con ningún instrumento, mais alá do regulamento legal para a súa realización (Lei de Ordenación do Territorio de 1995). Pero as Directrices Territoriais, peza esencial no labor de artellar territorio, seguen a ser unha especie de tea de Penélope que nunca chega a se rematar. Recentemente presentouse ós parlamentarios da Comisión correspondente un documento titulado *Galicia, hipótesis de modelo territorial,* hipótese que, segundo o que alí se manifesta "... constituyen la primera aproximación con carácter de propuesta para la Ordenación del Territorio de Galicia". Non é a miña pretensión neste momento enxuizar polo miúdo ese documento. Só quería subliñar que, cando son evidentes os signos de que, como consecuencia da fondura dos cambios económicos e sociais experimentados nos últimos dez, quince anos, xa é unha realidade fáctica iso que demos en chamar eurorrexión Galicia-Norte de Portugal, preséntase un modelo metodolóxico que segue a contemplar Galicia como un ente pechado que non fai distingos nas súas relacións co exterior, minorando así o único espacio económico con posibilidades de xerar desenvolvemento. Analoxicamente, actuar así, vén ser como se concibisemos España como un ente de seu que se relaciona por igual co resto de Eu-

5. Das 20 ramas que contan con máis afiliados á Seguridade Social, 14 pertencen ó sector terciario. Destaca particularmente a rama de "Outras actividades empresariais" que concentra máis do 11 por cento dos empregos no concello de Vigo e nela englóbanse fundamentalmente actividades que prestan os seus servicios a outras empresas, o que se chama "terciario avanzado" e que ten unha crecente importancia nas economías desenvolvidas e que, en parte, se beneficia da tendencia a unha maior externalización de actividades por parte das empresas. Doutra banda é preciso salientar que o proceso de terciarización da economía e da sociedade viguesas non se dá tanto como consecuencia da creación de emprego público ou nos servicios públicos senón sobre todo nas actividades privadas.

ropa que co resto do mundo. Velaí que se coloquen ó mesmo nivel, poño por caso, as relacións cos territorios cantábricos, a relación con Madrid ou con Barcelona, que as relacións co Norte de Portugal. Por iso, nese suposto de laboratorio, concibido sobre dun prexuízo interesado, territorialmente falando, o centro dese ente non sería outro que Santiago, mentres que se se entende que a eurorrexión é algo real xa, non un ente virtual que aínda teriamos que crear, o centro sería Vigo, por máis que nesa eurorrexión existan e se afortalen outros polos ou focos como as áreas metropolitanas de Porto e Braga en Portugal ou da Coruña-Ferrol en Galicia, todo isto dentro dun sistema de cidades no que teñen tamén moito que dicir Santiago de Compostela, Ourense ou Lugo. Pero son enfoques radicalmente distintos.

Desde o punto de vista da ordenación do territorio, ó meu modo de ver, estamos hoxendía a asistir a feitos novos, insuficientemente tratados, nin pola teoría nin polas disposicións normativas. Eu salientaría aquí:

a) O xurdimento e, nalgúns casos, consolidación, de *áreas metropolitanas*, nomeadamente a de Vigo, con case 600.000 habitantes (que tería que ter xa existencia xurídica) e a xeral expansión das sete cidades galegas (cada unha coa súa redonda de influencia), conformando entre todas un sistema e, mesmo, competindo entre elas.
b) O fracaso case completo e xeral dunha *equivocada comarcalización*, levada a cabo nestes anos, sen os necesarios consensos, sobre a base dunha institución (outrora básica, aínda que nunca conformada con lindeiros nidios), mais hoxe en boa parte caduca, por mor dos cambios sociais e territoriais producidos no noso país de xeito acelerado nos últimos tempos; á que, por non lle dar, nin se lle dotou da personalidade xurídica que lle recoñece a nosa lei fundamental (O Estatuto de Galicia)[6].
c) A *crise da institución parroquial*, acosada por un igual de "fame" (non se chega ó mínimo limiar poboacional na inmensa maioría das parroquias rurais das provincias de Ourense e Lugo e de moitas áreas das da Coruña e Pontevedra) e de "enchenta" (como acontece coas parroquias —mesmo as que aínda conservan patrimonio de seu, como son os montes en man común— localizadas nos termos municipais da maioría das cidades e as súas áreas funcionais, así como nalgunhas grandes vilas, que viron medrar os seus activos poboacionais por riba do que podía

6. Cun xeito político de facer que tanto asemella a aquel "café para todos" que foi a organización do Estado español en autonomías.

aguantar sen rachar a estructura tradicional do hábitat preexistente). Un paradigma desta situación pode observarse en Vigo, onde a maioría das parroquias hoxe xa son cidade; espallada, desorganizada, necesitada de tratamento polo miúdo, pero cidade ó fin. Dificilmente pode aguantar moito tempo unha estructura eminentemente rural dentro da organización doutra esencialmente urbana.

Se todo o que veño de apuntar é certo —e os datos están aí para demostralo— haberá que coincidir que constitúe un erro notorio de consecuencias negativas incalculables o achegarse a esa realidade, mesmo co imperio da lei, como se non tiver trocado as súas máis íntimas esencias. Así, estimo como erros desa natureza:

a) Desde a escala macroterritorial, confundirmos desexos con potencialidades. Isto é crer que o desexado equilibrio entre os territorios dos hinterlands das sete cidades galegas é algo que está nas mans conseguir só con supostos de vontade política de quen goberna.
b) Desde a escala microterritorial, considerarmos que a estructura tradicional de asentamento, baseada na división parroquial e no seu sistema de asentamentos xerarquicamente dispersos dentro dun ámbito territorial comarcal, propia de todo o noso territorio rural ata hai uns anos (coas especificidades lóxicas de cada unha das nosas rexións xeográficas), segue a ser un feito real e operativo, mesmo nos territorios das cidades e vilas.

Respecto da primeira cuestión quero sinalar que ninguén no seu xuízo pode poñer en dúbida que a acción política debe ir na procura de corrixir as desigualdadades manifestas, pero xa deixei dito que tan importante como tratar por igual o semellante é tratar desigualmente o que é distinto. Xa que logo, a acción política debe axudar e non coutar os desenvolvementos de toda orde que derivan das potencialidades de cada territorio, por máis que con ese posicionamento se poidan producir certo tipo de desequilibrios.

E neste senso, de sempre, Vigo e a súa área de influencia teñen sido os adiantados na plasmación do modelo de sociedade industrial. As proprias eivas que conlevou esa súa indiscutible primacía como cidade moderna, deveñen do feixe de feitos que están na base dese seu posicionamento como urbe adiantada. Desleigada de ataduras administrativas ou arcaicas estructuras doutra orde (como, por caso, as da organización eclesiástica católica), e coa base dunhas infraestructuras productivas ligadas ó mar, Vigo foi ben axiña o modelo entre nós das novas cidades

industriais. E hoxe, superadas as eivas das diferentes crises que conlevou a aparición do modelo de sociedade postindustrial, das que saíu con feridas pero con novos pulos, Vigo e a súa área de influencia son outravolta o referente —o único referente— no noso país[7] con posibilidades de aproveitar ó máximo e con éxito os retos que demanda o establecemento dun marco económico global. Vigo, efectivamente, foi, é e terá que seguir sendo a locomotora de Galicia.

Velaí que se Vigo chega a aproveitar as súas oportunidades de cheo non ha ser só a cidade olívica e os territorios da súa área funcional ou os da rexión urbana conformada sobre o eixo Vigo-Pontevedra os que se ían beneficiar; ha ser o país enteiro quen se beneficie se isto acontece, mesmo as amplas e afastadas comarcas do interior, para as que, ó meu xuízo, hoxe, soamente o afortalemento no noso país dunha podente área metropolitana será quen de facilitar a posta en marcha de efectivos procesos de reconversión económica que teñan, xustamente, na conservación dos valores propios dese medio, un novo e importante recurso económico[8]. Calquera outra hipótese de superar o drama do despoboamento ou non existe ou arrepía.

Quero dicir que para poder levar a cabo calquera política equilibradora de certo peso no eido da ordenación territorial o primeiro que se necesitan son cuantiosos recursos. E no *futuro* máis ou menos *próximo* eses *recursos terán que saír do propio peto galego.* Eis a necesaria aposta a prol de Vigo, da súa privilexiada situación e a súa, case en todos os terreos, vantaxosa posición logo de se ter producido o *pistoletazo de saída*[9]. Para ben ou para mal o diferencial do despegamento económico e do acurtamento da distancia que nesa orde nos afasta de España e de Europa, pasa porque se consolide e desenvolva a eurorrexión e que Vigo (única cidade galega que pode facelo) xogue o papel de centro.

7. Que non debemos esquecer que Galicia está na perifeira dunha área periférica da Unión Europea.

8. Dous datos signifiactivos poden ser: a) No Informe da Unión Europea titulado *Ordenación do Territorio. Europa 2000 +*, as posibilidades de creación de emprego derivadas da explotación do medio natural e rural como recurso, cífranse en máis de 20.000 dentro do Arco Atlántico; e dese total, a maioría sitúase dentro do noso país e do norte de Portugal. b) Vigo é a única cidade ibérica —amais de Madrid e Barcelona— en dispor do potencial de catro millóns de persoas na isocrona dunha hora.

9. É certo que hai cuestións nas que semella aparecer retrasada: a anovación urbana, a negativa visión que da súa casa ten a sociedade viguesa, unha relativa desvantaxe na capacidade financeira e, se acaso, unha falla de consenso sobre algúns aspectos clave da política municipal.

O ROL DE VIGO E A SÚA ÁREA FUNCIONAL

Cando redacto estas liñas, vénse de dar a coñecer o documento previo de Diagnose elaborado polo Plan Estratéxico de Vigo (PEV) que está a promover a Fundación PROVIGO. Sobre a cuestión que estou a tratar, ese documento parte de considerar que "Vigo se atopa nun punto de transición, tanto no que respecta ó modelo económico como ó modelo urbano", conclusión que se comparte tamén desde o equipo dos que redactamos o Plan Xeral de Ordenacion Municipal (PXOM), por semellar evidente; se acaso houber algunha discrepancia non sería polo feito en si desa caracterización de situación como mudable, en proceso de cambios estructurais, senón por cuestións de matiz respecto dos riscos precisos atribuíbles a ese momento de transición.

Segundo esa Prediagnose do PEV, o esencial é a resposta que a cidade poida dar ó desafío constante da competencia que se produce nunha sociedade progresivamente globalizada. Para isto é preciso mudar en diversas ordes: no modelo territorial, no sistema de innovación e no marco institucional.

A resposta estratéxica do tecido empresarial de Vigo deu lugar á producción de novos bens e servicios que permite manter presencia nos mercados, pero a eficacia da resposta empresarial require ampliar a base territorial e "configurar unha rexión urbana". Iso, á súa vez, demanda a necesidade de cambios mesmo no sistema institucional. Tampouco nisto xorden especiais discrepancias. O que se acaso sería bo precisar e matizar é o alcance de expresión "rexión urbana".

As conclusións que se poden tirar da análise da información socioeconómica, da de infraestructuras básicas (comunicacións, servicios, productiva, etc.) contida na Diagnose do PXOM son concluíntes no que respecta á consolidación no plano fáctico, de que Vigo dispón xa dunha área funcional extensa, que non abrangue só os municipios lindeiros, nin a estes mais os situados na ribeira oposta da Ría. Os movementos diarios de persoas e de mercadorías, así como o uso mancomunado de infraestructuras e servicios ou a división e especialización do territorio e, sobre todo, a intensidade de ocupación do espacio, nomeadamente dos territorios atravesados polas principias vías de comunicación e/ou as zonas do litoral ou a existencia, mesmo, dunha infraestructura de transporte tan importante como o porto de Vigo, que hoxe serve unha área económica que excede, con moito dos lindeiros do que se vén barallando como área funcional de Vigo, *evidencian a existencia desa área funcional.* O que non resulta tan sinxelo é precisar o alcance desa nova peza institucional ¿Área Metropolitana ou Rexión Urbana? E en cada caso, ¿con que lindeiros? A Área Metropolitana ten camiño andado e seguramente será realidade ben axiña, pulada polos concellos inte-

grados na Mancomunidade de Vigo, pero a ninguén se lle pode escapar que o ámbito da Mancomunidade tal como está actualmente configurado é, mesmamente, limitado. Cangas e Moaña, polo norte, Pontearéas e Mondariz, polo sueste, todos ou algúns dos concellos do Baixo Miño, polo sudoeste, cabe consideralos igualmente como integrados na área funcional de Vigo de xeito tan ou máis efectivo que algúns dos outros hoxe integrados formalmente na Mancomunidade.

Sen embargo xa é menos clara —e non dicimos que non sexa conveniente debater sobre ela— a consideración da área funcional de Vigo como Rexión Urbana, pois tal concepto semella referenciar extensións maiores, que mesmo abranguerían a área urbana de Pontevedra (Pontevedra, Marín, Poio, Vilaboa...) ou segundo algúns tratadistas, aínda máis, pois acadaría os territorios do Salnés: Vilagarcía, Cambados, O Grove, Sanxenxo...

Sen desbotar que o eixo Pontevedra-Vigo ten moito máis de complementariedade que de oposición[10], entendemos que para a consideración institucionalizada da Área Metropolitana e a súa pronta concreción administrativa sería equivocado agrandar agora mesmo en exceso o ámbito, incluír neste intre novos conceptos de ordenación e organización territorial, e/ou pretender incorporar —baixo a necesaria condición do consenso— un excesivo número de membros (concellos) que non estiveron nos debates respecto da constitución da citada Área Metropolitana.

O PEV dedica —e isto non é equivocado— un peso importante da diagnose previa a avaliar correctamente o "posicionamento de Vigo no sistema de cidades de Galicia e da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal", caracterizando a cidade olívica como "unha cidade media dunha rexión periférica e, polo mesmo, limitada".

Esta aseveración, desde logo certa no que respecta ó tamaño, semella ser menos clara no que atinxe á conclusión, pois unha cidade de tamaño medio pode ter posicións de vantaxe nun momento dado, como por outra parte se recoñece por parte do proprio PEV cando se sinala que Vigo ten un tecido industrial denso que aínda que conserva —afortunadamente, diriamos nós— a imaxe duna cidade portuaria —especializada nas industrias pesqueira e conserveira— soubo desenvolver acti-

10. E que bo sería de cara á súa potenciación, o comezar achegamentos entre as forzas políticas, económicas, sindicais, veciñais, culturais, etc., de, alomenos, cada cidade, nun debate sen présas, sobre a comenencia de iren artellando fórmulas de colaboración en diversas cuestións, como moi ben se apunta no estudio *Pontevedra Siglo XXI,* dirixido e coordenado no ano 2000 por J. Pérez Vilariño e patrocinado por Caixa Pontevedra (hoxe, significativamente xa, Caixanova, como froito da fusión das Caixas de Vigo, Pontevedra e mais Ourense).

vidades maduras (construcción naval e, sobre todo, industria do automóbil). Que dispón igualmente dun significativo poder de atracción no que a actividades comerciais se refire (provincia de Pontevedra e norte de Portugal), mesmo superior a Porto (que ten unha área de influencia con poboación que duplica a de Vigo); e que iso acontece mesmo agora, cando Vigo nin tan sequera puxo en valor o groso das súas potencialidades de *centro comercial estratéxico de Eurorrexión que xa é.* Non habería que ser, emporiso, pesimistas en exceso sobre as bazas que ten na man Vigo para xogar ese rol de polo, foco ou centro de primeira orde desa eurorrexión, pois ás potencialidades xa citadas habería que engadir a posición xeoestratéxica, central, desta eurorrexión e, mesmo, as bazas de que dispón na estructura de cidades do Arco Atlántico.

¿Onde se sitúan os puntos febles? Seguramente, no que respecta ós servicios por máis que sexa neste eido onde se teña avanzado con máis rapidez (Universidade, Delegacións autonómicas...), sendo nos servicios financeiros e nos de carácter cultural e oferta de lecer onde menos se ten andado[11]. Pola contra, Vigo a través do seu porto, ten incrementado os fluxos internacionais de bens e servicios. O mesmo porto malia os volumes modestos de movementos en unidades físicas, é un porto moi especializado con moi boas perspectivas de desenvolvemento sostido a curto e medio prazo, como consecuencia dos tipos de tráfico e da tendencia da internacionalización da estructura das empresas locais.

Froito, precisamente, desa expansión económica, é, precisamente, a aparición e desenvolvemento acelerado da área metropolitana ou espacio funcional que vai máis alá da sinxela presión dos concellos lindeiros para a instalación de industrias.

Os cambios na estructura productiva levaron nos últimos lustros, nomeadamente nos dous últimos, a un incremento espectacular do sector servicios desenvolvido, precisamente pola propria reconversión, relocalización e expansión do sector industrial, que cada vez precisa máis de actividades de servicios cualificados para as empresas transformadoras (hoxe o emprego no sector Servicios do T. M. de Vigo é xa do 70 por cento, cun incremento de case oito puntos porcentuais nos últimos dez anos).

Os cambios que vimos de citar provocaron cambios na residencia, con desprazamentos, basicamente cara ós concellos lindeiros do litoral (nomeadamente, o de Nigrán).

Os déficits de dotacións de servicios provocados polos cambios acelerados na área axudaron igualmente a pensar nese espacio tan pouco defi-

11. Aínda que é preciso remarcar que é precisamente na oferta de servicios culturais (públicos e privados) onde se albiscan máis proxectos novos de pronta disposición (Museo do Mar, Pazo de Congresos, Museo de Arte Contemporánea, Casa das Palabras, Centros Culturais de entidades privadas...).

nido en límites administrativos como recoñecido na práctica, facéndoo en termos de espacio común, que require resolver carencias de xeito mancomunado. Uns poucos anos de funcionamento da Mancomunidade Intermunicipal de Vigo foron abondo para que xa se teña solicitado da Xunta de Galicia a creación duna Área Metropolitana de cara á asunción de competencias plenas en áreas capitais como: transportes, servicios básicos, ordenación territorial, urbanismo, medio ambiente, turismo....

A creación desta entidade é non só necesaria senón urxente, pois urxente é dispor dunas directrices territoriais para a mesma que dificilmente poderán agardar ó adoito adiado documento de Directrices Territoriais de Galicia. Neste senso cómpre citar o documento que contén o Acordo Marco sobre urbanismo asinado polos Alcaldes das sete cidades de Galicia e a FEGAM co Conselleiro de Política Territorial, no ano 2001, polo que este último se comprometeu, entre outras accións, a tramitar e aprobar —se se lle demanda polos concellos interesados— directrices territoriais para ámbitos metropolitanos e/ou comarcais.

É sobre a base desas Directrices territoriais de ámbito supramunicipal como poderá chegar a ter apoio institucional e legal a ata agora fáctica división funcional do territorio metropolitano, facéndoo en harmonía coa necesaria preservación do medio ambiente natural, baixo a óptica dun desenvolvemento sostible e unha correcta análise dos impactos que xeran as grandes implantacións (infraestructuras de comunicacións —por estrada e ferrocarril— infraestructuras loxísticas, parques empresariais, centros comerciais e de ocio, polígonos residenciais, centros turísticos, etc. etc.), cuestións sobre das que hoxe xa se van concretando importantes, aínda que non plenos consensos.

Os roles do Vigo de hoxe, xa que logo, teñen mudado fondamente se os comparamos cos que desenvolvía a cidade hai dez ou quince anos. As transformacións do sistema productivo (tanto de Vigo como da comarca), levaron á modernización de sectores tradicionais máis tamén á desaparición doutros. A introducción de innovacións, aspecto que aínda precisa mellorar substancialmente, pero que xa ten producido accesos ós novos mercados; a relocalización de infraestructuras productivas noutros concellos ten reducido custos de producción; a internacionalización do capital integrou ese sistema productivo de Vigo e da súa área funcional na economía internacional, abrindo novos mercados a outras empresas... A diferencia do acontecido no resto de cidades galegas e, malia moitos malos agoiros, Vigo (e tamén a súa área de influencia) seguen a medrar demograficamente e igualmente desde o punto de vista urbano, facéndoo a ritmos que ben poderiamos considerar como altos para a xeira na que andamos.

Pero a recuperación económica derivada destes procesos que, como xa apuntei antes, foi quen de minorar acusadamente as cifras de paro e

desemprego tan altas no punto na que as deixara a crise dos oitenta e a reconversión, non está claro que poida garantir a absorción do aumento do desemprego que seguramente traerá parello o proceso de recesión da economía mundial (que, en calquera caso semella non ser vista desde hoxe tan fonda como nun principio semellaba) nin tan sequera co momento de máxima cota de actividade da industria básica de Vigo, a automoción e dentro dela, o automóbil, con Citroën-PSA como líder indiscutido do complexo de máis de medio cento de empresas que require o proceso productivo desta multinacional; da construcción naval, con case un centenar de empresas cunha forte facturación (case o 4 por cento do total da área), e do sector da pesca e productos transformados do mar, tamén punteiro no sector industrial de Vigo, igualmente fornecedor de cotas máis altas de emprego. Velaí que se entenda —e nisto coincídese plenamente co parecer avanzado polo PEV, que Vigo non só debe reforzar as tendencias xa encetadas de ampliar, modernizar e mellorar o seu *tecido industrial,* aproveitando para iso a creación dos parques empresariais aquelados que se están a xestionar tanto en Vigo como no resto da área funcional (Gondomar, O Porriño, Mos, Salceda, Cangas, Bueu...), senón tamén reforzar esoutro rol xa amplamente desenvolvido de cidade de servicios: comerciais, financeiros, tenolóxicos, culturais, sanitarios etc. etc.

Evidentemente, para poder levar adiante calquera das cuestións que se están a tratar é preciso mellorar moitísimo as redes de infraestructuras, nomeadamente as ferroviarias, máis tamén as redes primarias da cidade que resolvan a accesibilidade e intermodalidade portuaria; mellorar as redes de servicio e as dotacións urbanísticas, coutar asentamentos industriais espontáneos, etc. etc. Isto é, que se produza un desenvolvemento urbano planificado, coherente, *que permita unha boa conectividade* e que converta Vigo, en poucos anos, nunha cidade arelada para vivir, porque ás bondades que lle ofrendou a natureza a mans cheas, se teña engadido a eliminacións das disfuncións e déficits urbanos que hoxe coutan notoriamente a calidade de vida.

Este debe ser o labor a desenvolver polo PXOM, xa avanzado, sobre a base da diagnose e dos obxectivos, criterios e primeiras propostas de carácter estructurante que tan boa acollida tiveron tanto no conxunto de grupos políticos municipais como nos axentes económicos, nos colectivos sociais e territoriais, nos medios de comunicación e na cidadanía en xeral, semellando que o punto de inflexión cara a unha nova xeira urbanística en Vigo, na que se poida planear, deseñar e facer cidade, xa se ten producido.

D. P.

ENTREVISTA

O urbanismo e a ordenación do territorio na Europa de mañá

Entrevista con Gérard-François Dumont

Andrés Precedo

Xeógrafo de notoriedade internacional, Gérard-François Dumont é un especialista a nivel mundial en cuestións de ordenación do territorio e de xeografía humana e profesor na Universidade de París-Sorbona. Autor dunha vintena de libros, publicou, en particular, L'aménagement du territoire (París, 1994), Économie urbaine, villes e territoires en compétition *(París, 1995),* Les populations du monde *(Armand Collin, París, 2001),* Les migrations internationales *(Sedes, París, 1995) e* Les racines de l'identité européenne *(Economica, París, 1999, con prólogo de José María Gil-Robles e Gil-Delgado). Sinalamos tamén un excelente libro de peto publicado en lingua castelá,* Francia y los franceses *(Acento Editorial, Madrid, 2000). Gérard-François Dumont tivo a amabilidade de responder as nosas preguntas.*

—¿Cales son, ó seu parecer, as novas orientacións das políticas urbanísticas nas cidades europeas?

—As cidades europeas entregáronse nos anos 1950, 1960 e 1970 ás modas urbanísticas saídas do espírito da Declaración de Atenas de 1933 e do racionalismo soviético. Le Corbusier rexeita o termo "casa" para predicar o de "máquinas residenciais", fundadas nas técnicas da construcción e non nas necesidades do ser humano. Estas "máquinas residenciais" concíbense sobre taboleiros de damas que son a alegría dos

enxeñeiros e a desgracia das poboacións e culturas. A evolución cara a cidades banais, sen orixinalidade nin alma, concrétase, logo, a través da construcción de barras e torres que medran como champiñóns, non soamente nas cidades devastadas pola Segunda Guerra Mundial, como Rotterdam, senón tamén nas outras, asumíndose, ás veces, que conxuntos enteiros de arquitectura de calidade acaben destruídos.

Fracasa, afortunadamente, o proxecto de Le Corbusier que consistía en achandar a maior parte da ribeira dereita en París para edificar alí torres de 200 metros de altura que só ían ocupar o 5 por cen da superficie. Mais inspira outras realizacións, debedoras dun espírito semellante, en diversos barrios antigos, que desaparecen para faceren sitio a unha idea racionalista, ou tamén certas actuacións nas periferias das cidades. A Europa dos anos 1950 abandona as súas culturas urbanas ancestrais, integrándose nunha visión internacional do urbanismo que mestura un racionalismo totalitario coa tradición anti-urbana norteamericana. Farán falta moitos anos para refutar esta ideoloxía urbana que ten como lema principal o de "facer táboa rasa do pasado".

Desde os anos 1980, as cidades europeas parecen ter efectuado unha verdadeira reconversión da súa política urbana, ó se decidiren por novas orientacións. A primeira consiste en reconquistar os centros das cidades: a identidade urbana dunha cidade europea supón un corazón, isto é, un espacio céntrico que facilita a cohesión social e dá unha imaxe que lle é propia. Isto significa parar a destrucción dos inmobles do centro urbano que, a partir de entón, cómpre rehabilitar no canto de substituílo por un urbanismo racional. Este propósito esixe, en segundo lugar, unha política económica e cultural que permita ós centros das cidades seren sitios onde desenvolver múltiples acontecementos e onde se poida sentir latexar o corazón da cidade. Así, Europa reaprende a importancia cultural das súas cidades.

Paralelamente a esta política, a segunda orientación consiste en reconquistar todo aquilo que simboliza a cidade e constitúe a súa particularidade. Trátase, por exemplo, de devolverlle as prazas á vida social, antes aproveitadas, exclusivamente, para a circulación ou como aparcadoiro para os vehículos. Ademais, as cidades habilitan as beiras dun regato ou dun río, abandonadas, tal vez, e utilizadas como depósitos ou para proxectos relacionados coa rede vial. Así, París suprimiu *in extremis* o proxecto de construír unha vía de tráfico na ribeira esquerda do Sena para realizar, en cambio, un paseo peonil nas marxes do río. Montpellier reconquista progresivamente o modesto río que atravesa a cidade, transformado, durante moito tempo, en sumidoiro. Outro exemplo represéntano os cursos acuáticos que cruzan as cidades e que reaparecen agora despois de que antes se fixesen desaparecer debaixo dunha capa de formigón. Nas cidades costeiras, trátase de recuperar as

fachadas marítimas, como en Barcelona ou na Coruña. As novas orientacións das políticas urbanas, daquela, procuran redescubrir, revalorizar as vantaxes naturais específicas da identidade de cada cidade e conflúen no intento de estructurala.

O pulso dunha cidade latexa de xeito diferente segundo o barrio en cuestión, pero cada un debe poder beneficiarse do corazón, do centro da cidade, e, asemade, das disposicións existentes nos outros barrios. A terceira orientación das novas políticas urbanas tamén atinxe ós transportes, coa idea de mellorar os transportes colectivos para que a cidade non afogue baixo os automóbiles, de aí as restriccións de circulación dentro da mesma, a realización de vías de transporte colectivo en sitio propio e de rúas totalmente ou parcialmente peonís.

Paralelamente, trátase de proseguir arreo a loita contra a contaminación urbana e a prol da estética urbana. A miúdo a preocupación ambiental preséntase como algo novo. É, en efecto, inherente á existencia mesma das cidades que non terían podido desenvolverse sen os progresos que permitiron frear as epidemias urbanas ou os grandes incendios urbanos. Pero trátase de algo que, aparecendo baixo os termos do desenvolvemento duradeiro, é máis unha nova fase de política urbana adaptada ós nosos tempos que non unha política totalmente nova: intentar que os seres humanos, desde o arquitecto ata o cidadán común, exerzan plenamente a súa misión de bo xardineiro do medio ambiente e borrar a tendencia a non pensar senón en si mesmo ou a só actuar a curto prazo.

Estas catro novas orientacións das políticas urbanas atópanse, ás veces, facilitadas pola evolución das estructuras económicas. Por exemplo, as industrias son menos contaminantes ou afastáronse dos centros das cidades e hai espacios urbanos que quedan libres pola marcha de empresas ou centros militares para as zonas periféricas. En resumidas contas, hai baldíos industriais e portuarios que constitúen unha auténtica oportunidade para o renacemento urbano.

Malia estas catro orientacións, o peso da herdanza da Declaración de Atenas segue aí. Fará falta aínda moito tempo e moita vontade para borrar as súas consecuencias, para que a cidade sexa concibida exclusivamente ó servicio do ser humano e da concordia social.

—¿Cales son os obxectivos prioritarios para unha política de ordenación do territorio na Europa do século XXI?

—Establecer unha política territorial supón facer un inventario bo das realidades espaciais e dos riscos. Os territorios europeos caracterízanse por unhas profundas desigualdades e, máis aínda, por procesos diverxentes. As profundas desigualdades proceden dun acceso cada

vez máis diferenciado ós servicios que precisa a poboación. Segundo o sitio no que se vive, as posibilidades de comunicación, en termos materiais como en termos inmateriais, son cada vez máis desiguais.

Considerando a comunicación material, a introducción dos trens de alta velocidade, nunha lóxica en absoluto preocupada por un transporte multimodal combinado coas redes máis finas que tecen o territorio, converte estes trens, esencialmente, en transportes interurbanos en detrimento dos territorios situados entre as metrópoles. A proba acaba de darse novamente en Francia coa inauguración do TGV Méditerranée, que diminúe considerablemente a duración do traxecto ferroviario París-Marsella ou Lyon-Marsella, pero incrementa a duración da viaxe para ir a diversos concellos das rexións Ródano-Alpes e Provenza-Alpes-Costa Azul. A concepción que prevalece no ámbito dos trens de alta velocidade parece privilexiar unha aproximación urbana en detrimento dunha aproximación territorial. Os mesmos erros xa cometidos en Francia desde os anos 1980 semellan repetirse, por exemplo, en España coa vía Barcelona-Zaragoza-Madrid. Os proxectos da Unión Europa favorecen dous grandes eixos: París-Berlín, por Bruxelas e Colonia, e París-Viena, por Estrasburgo e Múnic, deixando pouco sitio para a Europa meridional ou para unha trama territorial máis fina.

En canto á comunicación inmaterial, as redes desatenden os territorios menos rendibles dando, en consecuencia, importantes vantaxes ós outros.

O segundo gran problema territorial de Europa é un desequilibrio crecente na densidade dos diferentes territorios. A concentración da poboación nas grandes metrópoles realízase a custa das zonas rurais e, decote, tamén en detrimento dos concellos medianos. Esta evolución acentúase baixo os efectos dunha fecundidade minguada que agrava o proceso de perda de poboación en numerosos territorios europeos. ¿Cal é, daquela, o risco? Malia as declaracións frecuentemente optimistas dos dirixentes políticos, Europa ten bastantes dificultades de despregar o dinamismo indispensable para poder atopar o seu sitio no mundo e para rexenerar a súa cultura. A idea inquieta que Miguel de Unamuno expresaba a comezos do século XX parece máis actual que nunca no século XXI, por mor do avellentamento da poboación europea e do despoboamento que caracterizan numerosas rexións. A consulta doutros autores importantes leva a ter en consideración a análise do grande historiador Arnold Toynbee (*L'histoire*, Payot, París, 1996). O seu estudio das causas do declive das civilizacións conclúe con dous grandes riscos de perda de harmonía social: os "cismas horizontais" e os "cismas verticais". Os primeiros proceden de "clases mesturadas no plano xeográfico pero separadas no plano social". Os

segundos, os cismas verticais, proceden de "comunidades separadas no plano xeográfico". Esta análise demostra que a democracia de proximidade é o terreo da harmonía social.

Sabedora destas constatacións, a política europea de ordenación do territorio debe fixar como obxectivo impedir estes cismas verticais. Isto significa igualdade dos territorios en materia de información e de comunicación, políticas de complementariedade en materia de modos de transporte, políticas de solidariedade territorial e rexeitamento de toda fractura numérica. Debería ser prioritario e imperativo poñer en marcha políticas que favorezan a solidariedade fundamental entre cidade e campo.

—¿Como se pode resolver a crecente separación entre a cidade e o resto do territorio, especialmente nos espacios rurais?

—A verdadeira razón da separación crecente entre a cidade e o resto do territorio non é de orde racional senón ideolóxica. Igual que Europa sufriu a ideoloxía de Le Corbusier en materia de urbanismo, hoxe en día está sendo dominada por unha ideoloxía, implícita e nefasta, en materia de territorio. Esta última considera que nas sociedades modernas a cidade é, necesariamente, antropófaga con respecto ó mundo rural. Esta ideoloxía resúmese no siloxismo seguinte que inspira numerosas decisións:

Premisa maior: O espacio rural é agrícola.
Premisa menor: A agricultura xa non crea moito emprego.
Conclusión: Daquela o mundo rural non é creativo.

As premisas deste siloxismo son falsas. Por unha banda, a premisa maior, segundo a cal o espacio rural sería exclusivamente agrícola, é pouco exacta. Non faltan exemplos de empresas anovadoras instaladas no mundo rural, se ben sempre se consideran, por mor da ideoloxía do siloxismo antedito, como meras excepcións que non poden servir de lección.

Por outra banda, a premisa menor é, igualmente, infundada. É certo que o número de traballadores na agricultura diminuíu notablemente. Pero tamén cómpre considerar que o emprego que depende da agricultura é moito máis importante que o dos agricultures *stricto sensu*. De feito, a agricultura antiga creaba bastante poucos empregos inducidos. Pola contra, a agricultura do século XXI supón novos empregos inducidos, tanto en preprodución como en posprodución, e tanto que debe privilexiar a calidade dos productos, agora que é obvio que Europa xa non ten que preocuparse pola súa autosuficiencia alimentaria, como aínda era o caso no momento de establecer a política agraria común en 1957. Para producir, unha agricultura de calidade apela a métodos e procedementos

que implican, na preproducción, os oficios máis diversos: informáticos, asesores, especialistas en contabilidade, provedores dos productos máis diversos... En posproducción, precisa técnicos de embalaxe, de conservación, de promoción das marcas, de publicidade, de transporte, de distribución... Aínda que sexa menos creador de empregos directos, o mundo rural representa unha proporción de empregos inducidos máis alta que nunca.

Ó non recoñecer a falsidade das dúas premisas, a conclusión, que significa que o mundo rural é *a priori* non creativo e que pode ser abandonado a si mesmo, xúlgase válida. Da ideoloxía do siloxismo citado, a do espacio urbano antropófago, xorde o rexeitamento de analizar as deseconomías debidas á sobreconcentración urbana e de examinar a distribución dos servicios públicos das zonas rurais, a atribución de recursos financeiros menores ou, como en Francia, as políticas de recentralización.

Convén, pola contra, despregar políticas que valoricen o mundo rural e cómpre privilexiar todas as iniciativas que subliñen a complementariedade entre o mundo urbano e o mundo rural. Fai falta recoñecer o vigor da agricultura de calidade, fundamento dos equilibrios da nosa sociedade, e as súas aportacións nutritiva, económica e cultural. As cuestións de solidariedade cidade-campo deben ser transversais a todas as políticas nacionais, europeas e internacionais.

—¿Que comentario lle merecen as políticas urbanas relativas ós problemas causados pola inmigración?

—As cuestións suscitadas pola inmigración son dabondo diferentes entre unhas cidades europeas e outras en función da intensidade da migración e das súas características socio-económicas e culturais. Así, fronte a cidades cunha elevada proporción de residentes provenientes da inmigración, como en Francia, Alemaña e o Reino Unido, atopamos outras nas que esta proporción, aínda que en forte crecemento, resulta bastante limitada.

Logo tamén a orixe dos migrantes é moi diversa. En Alemaña, os grupos de inmigrantes máis numerosos son, por unha banda, os de procedencia alemana, chegado da Europa oriental e da Asia central desde a implosión soviética e, por outra banda, os dos turcos. No Reino Unido, os estranxeiros máis numerosos, á parte dos irlandeses, son os indios e paquistanís. En Francia e Bélxica, os estranxeiros non europeos máis numerosos son magrebís e persoas oriúndas da África subsahariana. En España, son os marroquís e os cidadáns da América andina ou das grandes Antillas...

En terceiro lugar, as razóns da migración amosan diferencias en canto ás actitudes e ós efectos. Os traballadores chegados de maneira

regular con contratos de traballo non presentan as mesmas características que os inmigrantes clandestinos, que deixan o seu país polo fracaso no desenvolvemento, moitas veces debido ó mal goberno. Os demandantes de asilo inscríbense noutra lóxica. A poboación das persoas que entran no ámbito dos procedementos de reagrupación familiar é moito máis feminina e ten impacto no mercado de traballo e no movemento natural do país de residencia.

En consecuencia, as políticas urbanas deben adaptarse á diversidade das cuestións migratorias, mesmo se cómpre favorecer dous eixos esenciais. O primeiro consiste en facer todo para evitar mecanismos de guettos. Parece perigoso para a cohesión social o feito de concentrar esta ou aqueloutra inmigración en barrios pechados fronte á cidade. A historia de Europa non ten nada que ver coa de Estados Unidos e o concepto de cidade aberta encóntrase na cerna da identidade de Europa. É, daquela, importante aplicar políticas que permitan que a inmigración entre no cadro da cidade sen sensación de barreira entre vivendas habitadas por inmigrantes e as outras.

O segundo eixo atinxe á integración dos inmigrantes. Igual que as vivendas non se deben concibir como "máquinas residenciais", o inmigrante non debe ser visto como unha "máquina para traballar", senón como un ser humano que ten os seus dereitos e os seus deberes. Os seus dereitos son os que o respecto dos dereitos humanos concede a toda persoa. E os seus deberes consisten en aceptar as regras da sociedade de acollida e, daquela, o respecto do universal común que permite ás sociedades europeas viviren pacificamente da riqueza da súa diversidade, é dicir, aceptar, por exemplo, que as leis están por riba das regras étnicas ou relixiosas. Neste obxectivo as cidades, as primeiras en verse afectadas pola inmigración, deben aplicar políticas de integración baseadas en ensinarlles sistematicamente ós inmigrantes a lingua do país de residencia e en conceder o dereito a votar ou a cidadanía só baixo a condición desta adquisición lingüística. Esta ensinanza debe ser a ocasión para precisar as regras sen as cales Europa sufriría, como demasiados países, desordes civís.

Convén, en particular, adaptar as políticas escolares ós nenos provenientes da inmigración cun marco familiar ás veces analfabeto ou caracterizado por prácticas sociais que manteñen as mulleres nunha situación de inferioridade ou, incluso, nunha posición de semiescravitude, como en certas variantes de poligamia.

—¿Que impacto poden ter as novas tecnoloxías nos novos modelos de crecemento urbano e de desenvolvemento territorial?

—As novas tecnoloxías de información e de comunicación presentan unha oportunidade para o desenvolvemento territorial, sempre cando se

lles dá a todos os territorios un acceso igual a estas técnicas. Esta realidade queda demostrada, por exemplo, no correo electrónico que permite a zonas onde o servicio de correos tradicional funcionaba mal comunicarse co resto do mundo. Gracias a estas tecnoloxías, tamén países antes moi illados poden ter cabida nas redes de comunicación.

A aportación destas tecnoloxías supón dúas políticas: unha política técnica que permita ós territorios dispoñeren das ferramentas máis eficaces e, entón, dun acceso a redes fiables e de alto rendemento. En segundo lugar, a capacidade dos territorios a sacar proveito das novas tecnoloxías depende da formación da xente. Trátase, daquela, tanto na formación inicial como na formación continua, de desenvolver políticas educativas que fomenten a praxe das novas ferramentas. En efecto, estas ferramentas só son uns medios. Como a lingua de Esopo, Internet pode ser ou a mellor ou a peor das cousas. Só unha educación pode conseguir que sirva ó progreso humano.

LIBROS

SECCIÓN A CARGO DE:
LITERATURA: **DOLORES VILAVEDRA.** HISTORIA: **XAVIER CASTRO.** CIENCIA: **MANUEL RODRÍGUEZ. GUSTAVO A. GARRIDO.** FILOSOFÍA: **CARLOS FERNÁNDEZ.** LINGÜÍSTICA: **HENRIQUE MONTEAGUDO.** CIENCIAS SOCIAIS: **XAN BOUZADA.** POLÍTICA E DEREITO: **ÁLVARO X. LÓPEZ MIRA.** ECONOMÍA: **XOAQUÍN FERNÁNDEZ LEICEAGA.**

Plauto posto en galego

● PLAUTO, *Aulularia*. Consellería da Presidencia-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 2001. Trads. Mercedes Boado Vázquez e María Xesús Frei Collazo; Aquilino Iglesia Alvariño.

Velaquí un volume de dobre feitura que cómpre recibir con pracer porque, á parte doutras virtudes que despois se van comentar, representa unha nova edición de *A comedia da oliña* plautina segundo a versión de Iglesia Alvariño, trinta e nove anos despois, nin máis nin menos, da súa primeira comparecencia perante os lectores. Dálle acubillo á obra, desta vez, a coñecida colección "Clásicos en galego", auspiciada pola Consellería da Presidencia, que é un proxecto institucional de contrastado interese onde, por medio dun selo específico, desde hai tempo se lles vén prestando voz galega a nomes universais sen discusión emblemáticos, entre os que se contan autores greco-latinos como Aristófanes, Catulo, Fedro, Tibulo, Terencio, Cicerón, Marcial ou Petronio, e tamén autores doutras literaturas modernas, como é o caso sinalado de Shakespeare. Non menos se podía esperar, na verdade, dunha serie editorial que, entre os seus obxectivos explícitos, figura desde o comezo o de "someter o galego á presión benéfica da traducción, medio usual para extraer da lingua todas as súas posibilidades e para engadirlle outras [...]". Sen dúbida, trátase este dun designio que leva a lembrar unha atinada apreciación, cobizosa arela daquela, lanzada por Antón Villar Ponte desde as páxinas do xornal *El Pueblo Gallego*, no ano 1930, co gallo de dar noticia da traducción ó galego que Avelino Gómez Ledo acaba de facer das églogas de Virxilio: "Nada honra tanto a unha lingua com'o feito de vela axeitada, tal que a que mais, para reflexar fidelmente as armonías, os ritmos e as belezas das que se chaman clásicas no seu propio verbo ou na sua propia sintasis. Linguas que para esto serven, áchanse moi lonxe de ser un dialecto dino somente d'emprego como sermo rústico. E a nosa lingua xa vaise demostrando que serve para todo".

O volume do que agora se está a dar noticia, que fai o número 18 da colección "Clásicos en galego", vale nesta oportunidade para recoller, amais do texto de Iglesia Alvariño antes mencionado, unha traducción de moi diferente feitío realizada por Mercedes Boado Vázquez e María Xesús Frei Collazo, as cales ofreceran na mesma serie, hai pouco máis de dez anos, outra entrega de pezas do autor latino —*Anfitrión. Asinaria*, Consellería da Presidencia-Xunta de Galicia, Santiago de Compostela, 1991—. No caso destoutra versión, efectivamente, o obxectivo cífrase sobre todo en facilitar a lectura da obra trasladada a todos os receptores que ignoran a respectiva lingua orixinal, para o que se xuntan notas xenerosas, dispostas con bo criterio, coas que se procura alumar aqueles detalles que na traducción aínda poderían non ser comprensibles no seu pleno sentido por parte do lector.

A seguir desta versión de características, como se acaba de ver, didácticas, recóllese xa a adaptación da *Aulularia* que levou a cabo no seu momento Iglesia Alvariño, nesta oportunidade revisada e anotada polo fillo, Aquilino Iglesia Ferreirós. A traducción aparece aínda encabezada por unha "Nota preliminar", da sinatura do latinista Manuel C. Díaz y Díaz, director tamén da colección "Clásicos en galego", en homenaxe devota ó autor de *Cómaros verdes*. Un apartado concreto, polo demais, baixo o epígrafe "Noticias da súa representación", informa de cómo *A comedia da oliña* foi posta en dúas ocasións en escena: a primeira delas, no mes de xullo do mesmo ano da súa publicación, polo Teatro de Cámara da Coruña; a segunda, os días 9 e 10 de marzo de 1970, polo grupo Ditea. Finalmente, á parte dos dous apéndices referidos, é necesario chamar a atención nesta segunda edición do texto de Iglesia Alvariño sobre a natureza oportuna de todas as rigorosas anotacións incorporadas ó texto polo seu descendente, xa que, con independencia doutros méritos, é grande a utilidade delas para observar, desde un punto de vista xenético, a elaboración paulatina da versión que se ofrece deste clásico teatral.

É inevitable evocar, ollando esta segunda edición de *A comedia da oliña*, a primeira aparición da obra, o 2 de marzo de 1962 segundo o seu colofón, que tiña lugar ó abeiro da Editorial Galaxia. Daquela saía do prelo un volume de modestas dimensións, aínda que de cuberta non pouco atractiva, que comportaba o froito máis importante da actividade traductora de Iglesia Alvariño logo de dar á luz, no ano 1951, a súa magna edición dos *Carmina* horacianos. Convén advertir que, amais do texto literario en si, ó principio do devandito volume engadíase unha breve nota introductoria onde, en esencia, o que se fai é explicar con moita brevidade a falta de traducción para os "argumentum I" e "argumentum II". O motivo desta declaración de Iglesia Alvariño consistía, máis que nada, en deixar claro que a súa non era unha versión de fins instrumentais destinada ós leigos en lingua latina, senón "unha traducción literaria, sin comentos escolares, que se destina á representación".

No mesmo sentido corresponde entender, por outra banda, a reconstrucción que o poeta lugués levou a cabo con xenerosa liberdade do remate da obra orixinal, que se perdera. Este feito conduciu a Carballo Calero a obser-

var nese desenlace, colleita do traductor, a vontade de "sorprender cunha escéptica e desenganada visión da vida, que contrasta coa finalidade de entretemento e compensación da realidade características das fontes do autor latino". Débese subliñar que, de semellante modo, tal remate inclinara a Filgueira Valverde, nalgunha oportunidade, a cualificar pola súa vez a versión disposta polo autor de *Cómaros verdes* de "deliciosa interpretación de *A oliña* de Plauto, tan galega como axeitada á mentalidade dos ouvintes de agora, que é representada e acollida cal se fose unha obra do trinque".

Esta última consideración de Filgueira Valverde dá no cravo de cheo, cómpre salientalo, con respecto á natureza primordial da traducción que Iglesia Alvariño preparou da peza teatral de Plauto. En efecto, pódese dicir que *A comedia da oliña* é, máis ca un mero traslado de trazos neutros, unha verdadeira recreación de amplos límites que responde á finalidade primordial de aclimatar o texto de partida, na maior medida posible, á cultura receptora. De tal xeito, a adaptación de Iglesia Alvariño saliéntase de forma particular polo devezo de se converter nunha versión tan integrada no ámbito que a acolle como se, por moi esaxerado e ata paradoxal que iso pareza, o propio Plauto escribise con absoluta naturalidade a súa peza en lingua galega e non en latín.

Como ben se ve sen moitas viravoltas, o descrito nas liñas precedentes non sería un propósito que houbese que cualificar necesariamente de descomedido, dado que á fin e ó cabo só se trataría así de *adecuar*, como non poucas veces se adoita dicir no campo traductolóxico, o producto transferido ó espacio que o recibe. O problema, de ter que haber algún, xorde máis ben cando se supervisa o modelo de lingua que Iglesia Alvariño escolle de maneira absolutamente consciente para a súa versión, de natureza dialectal máis que supradialectal, non en van o poeta de Abadín no seu quefacer translativo selecciona, con todas as consecuencias, unha realización idiomática para pór en boca dos personaxes de Plauto pertencente a unha xeografía, a do traductor, de localización ben doada.

Na verdade, débese indicar que non é que Iglesia Alvariño errase de cheo ó apostar por esta opción tan particular para a expresión utilizada no texto de chegada. Cabe mesmo supor que, tendo en conta o decoro verbal como criterio, esta escolla ata puido ser moi acertada, en tanto estratexia traductora, co obxecto de outorgar meirande xovialidade ó texto de partida, de características non pouco festivas. Sobre este feito lingüístico moi diferente tería que ser o xuízo, non obstante, se o ton do producto que se traduce estivese dotado dunha maior elevación, o que se deu no caso do propio Iglesia Alvariño cando este someteu ó veredicto dun xurado as súas laboriosas versións dos *Carmina* de Horacio, poeta sen dúbida moi afastado do argallante Plauto, as cales se fixeran co mesmo norte dialectal que orientou *A comedia da oliña*.

Ocorreu que aquel xurado, ó que lle coubo a responsabilidade de fallar o 14 de marzo de 1951 o premio de traducción convocado por Bibliófilos Gallegos, non outorgou o seu prace á proposta traductora de Iglesia Alvariño, moi probablemente debido ó particularismo da lingua empregada por

este para os textos horacianos. Con seguranza, tal veredicto constituíu entón un xesto abondo elocuente de rexeitamento máis que de indiferencia ou, tan sequera, de ausencia de senbilidade perante as versións galegas do poeta latino. Isto é o que sen moita dificultade se deduce da circunstancia de que, para non galardoar a Iglesia Alvariño, e só habendo outra traducción que concorrera ó certame —o *Cancioeiro da Poesía Céltiga*, de Julius Pokorny—, os membros do referido xurado decidiron premiar esta, que non se axustaba a unha das bases establecidas no concurso por canto non era unha traducción realizada desde un orixinal, senón a partir dunha versión interposta, sen conceder en compensación polo menos un accésit ó Horacio da man do poeta lugués.

O que se acaba de esbozar nas liñas anteriores é só un pormenor doutra historia que merece un capítulo propio de extensión máis ampla. Agora, sobre todo, o que cadra ben é celebrar con parabéns a publicación, unha vez máis, de *A comedia da oliña*, da cal gracias ó patrocinio da colección "Clásicos en galego", á que lle hai que desexar un longo porvir, as nosas letras se poden gabar de ter, en lugar dunha soa, dúas versións, e por riba nun volume único, o que non é cativa fartura. Ler os devanditos textos galegos da comedia de Plauto, un despois do outro, é un exercicio moi recomendable para se decatar de que non hai un único modo de traspor dunha lingua a outra unha obra, como ben o sabía, por outro lado, o mesmo Iglesia Alvariño cando non se deixaba levar pola teimosía idiomática do seu estilo traductor.

XOSÉ MANUEL DASILVA

A palabra-encantamento, destemida, de Estíbaliz Espinosa

● ESTÍBALIZ ESPINOSA. *-orama*. Servicio de Publicacións da Deputación Provincial, Pontevedra, 2002.

O poemario *Pan* (2000) achegounos unha orixinal proposta poética que recreaba os universos do xogo, do rito e da mitoloxía tradicional, elementos representados no subtítulo *Libro de ler e desler*, ó tempo que iniciaba unha exploración radical nos dominios da expresión. O resultado foi unha obra sorprendente, por veces ousada e abondo heteroxénea.

Dous anos máis tarde, a autora preséntanos o libro *-orama*, no que recupera algunhas das súas estratexias e obsesións, como a cultura oral, o talante lúdico e, sobre todo, a vontade de experimentación lingüística, actitude que lle confire un trazo de individualidade á voz poética de Estíbaliz Espinosa.

No novo poemario, a autora vólvese enrolar, como xa fixera en *Pan*, nunha viaxe destemida por mitoloxías diversas (a popular, a dos contos infantís, a do cinema) compartida con algunhas das voces femininas que están a publicar nos últimos anos. Semellante actitude abre o libro de Estíbaliz Espinosa a un constante exercicio de intertextualidade desenfadada —aquela que a crítica soubo ver nos poetas arrombados baixo a denominación *dos noventa*— mediante a que convoca nas súas páxinas a *cervantes, homero, shakespeare, bertrand russell, polifemo, miguel strogoff, modigliani* ou *liz taylor*. A renuncia ó emprego das maiúsculas preceptivas, sistemática no caso dos nomes propios e bastante frecuente ó longo do texto, corrobora esta vontade.

A voz lírica diríxese, tamén neste poemario, enxeñosa e provocadora, a un receptor ó que, unha vez inserido no xogo, demanda continuidade, cooperación e mesmo chega a desafiar:

> *Quen non resista sen falar ata esta páxina pervagará*
> *condenado a non ultrapasar os límites.*

O esquema constructivo de *-orama* volve ser o da adición de poemarios. Con todo, a heteroxeneidade do conxunto é menor, gracias a unha serie de estratexias cohesionadoras, tanto semánticas (os motivos da mirada e do sono) coma morfosintácticas (fundamentalmente, a reiteración do sufixo que dá título á obra). O texto iníciase cun exercicio de distanciamento, a xeito de introducción ou quizais de autopoética, no que se introduce xa o tema da percepción visual:

> *escribo como alucinada*
>
> *ver cousas perante min*
>
> *non ser deste mundo*

No que se refire ás distintas seccións, "Cosmorama" é a máis ampla. Séguena dúas series con entidade de seu, "Os poemas da Bela Dormente" e "Mecánica do ollo", e pecha a obra "Panorama", poema longo que dota de unidade ó conxunto, cun final aberto e novamente interrogador:

> *Quizais me meterán nun círculo de lapis, canda outros que*
> *descoñezo. Sairei nunha fotografía que nunca verei.*
> *Outros dous billóns de decimais de pi, nada.*
> *Qué será de África, nada.*
> *Se voltarán os alquimistas,* chi lo sa.
>
> *Con qué ollo deixarei de ver primeiro.*

Con todo, o trazo que sen dúbida confire unha maior singularidade á voz poética de Estíbaliz Espinosa é a vocación experimentadora amosada xa no título da obra, así coma na distorsión dos esquemas sintácticos e na incorporación de elementos léxicos pertencentes á ciencia e á tecnoloxía: *meta-*

bolismo, fotosíntese, metamorfose, xéiser, tectónica), que evoca por veces determinados hábitos do vangardismo histórico (presencia de numerosos díxitos, *isobaras*). O traballo lingüístico compleméntase con ocorrentes paronomasias e xogos fónicos (*¿serei serea?*) que en ocasións confiren ó texto unha fasquía expresionista:

serán túas
as lúas
as falúas
as núas
crúas horas tras tanta infinda espera

Estíbaliz Espinosa practica a miúdo neste libro unha mestura de rexistros das máis variadas disciplinas (as matemáticas, o debuxo, a cociña, a lexicografía, a literatura oral, etc.), case sempre descontextualizados, da que xorden textos do tipo:

nuboso a moi nuboso (cara ao centro de min mesma)
rachas fortes, ventos tanto (contra pasaxes
inconcibibles)
marusía, forte marusía (mergullada eu, mergullada)
temperaturas inestables (táboas cara a nada)

O humor, baseado na desautomatización de tópicos ou fórmulas (*se fernando non montase a isabel*) é, sen dúbida, un dos ingredientes fundamentais da poética da autora e a lente desde a que ela *mira, idiotizada, á beira das cousas*, para compoñer o seu discurso a xeito de brincadeira, de conto ou de ladaíña. A visión paródica da exactitude matemática expresada nos seguintes versos semella, ó meu ver, un claro exemplo:

dando sempre no cravo
no cravo que nunca ardendo
no cravo que nunca teñen
cravado no corazón

Mediante un xogo de espellos e ficcionalizacións, o *eu* poliédrico que se manifesta no poemario (*a súper heroína que aparece na capa retando a un meteoro, a de por sempre sen par vella dormente...*) leva a cabo un particular percorrido polo cosmos, pola literatura, pola arte e pola ciencia, que non deixa de deterse na condición humana (*de onde ata onde o home*) acadando por veces unha dimensión social.

-orama convídanos novamente, agora dun xeito acaso menos explícito, a unha lectura cooperante, a unha participación no rito e no xogo que nos conduce, a través dunha expresión radical e innovadora, a unha singular contemplación do universo.

MARÍA XESÚS NOGUEIRA

Romances de Cervantes e Pedrafita

● ANABEL AMIGO. *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita*. Libros da Frouma, Follas Novas, Santiago de Compostela, 2001.

O día 21 de xaneiro de 2002 cumpriuse o nonaxésimo primeiro aniversario do nacemento do romancista lucense Aníbal Otero; coincidindo con esta data rematou de imprentarse a *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita*, recollida por Anabel Amigo. As persoas interesadas no estudio do romanceiro dámoslle a benvida a este traballo conscientes da súa importancia, pois é evidente que contar con iniciativas deste tipo resulta case imprescindible para o estudio da tradición romancística. Esta necesidade ponse aínda máis de manifesto no contexto galego, se temos en conta que o interese polo estudio do romanceiro foi inferior ó doutras comunidades e que Murguía, pioneiro no tratamento deste tema, negou, nun primeiro momento, a existencia do romance na nosa tradición.

Entre os obxectivos fundamentais da obra podemos sinalar o de demostrar a vitalidade do romanceiro nos concellos de Cervantes e Pedrafita e o de confirmar aspectos xa evidenciados por outros estudiosos do xénero, como poden ser as diferencias locais, a "eterna" decadencia do romance, a nova sensibilidade dos informantes de cara á tradición literaria, ou o importante número de varóns portadores do saber romancístico. A obra ofrécenos cincuenta e seis versións de trinta e tres temas reunidos durante dezaoito días nos meses de outubro, novembro e decembro de 1997 e xaneiro de 1998 en Cervantes e corenta e unha versións de vinte e tres temas reunidos en Pedrafita.

A colección de romances recollida nesta obra constitúe a parte máis importante do libro e preséntasenos dividida en catro grupos atendendo á clasificación e ordenación proposta pola investigadora Ana Valenciano: I. Romanceiro histórico, carolinxio, lírico e cabaleiresco. II. Romanceiro novelesco. III. Romanceiro vulgar e IV. Romanceiro relixioso. Ademais disto, a obra consta dun prefacio escrito por José Luís Forneiro, un dos estudiosos actuais do romanceiro, e cunha introducción da propia autora. Analiza aquí, en primeiro lugar, o motivo que a levou a realizar esta recolla: escoitando unha audición de "cantos de Maragatería" apreciou certo parecido entre isto e as cancións narrativas que escoitara de nena na súa aldea. Despois continúa realizando un repaso polas aportacións fundamentais que sobre este tema se fixeran para esta zona e inclúe datos técnicos da recolla ou dos informantes, pero a penas recolle información sobre o realizado desde que Murguía iniciou o estudio do romanceiro. Outro aspecto que se bota en falta é un pequeno estudio sobre a lingua das composicións, a pesar de ser un feito fundamental no estudio do romanceiro galego, debido á cantidade de textos nos que o castelán predomina sobre o galego ou convive con el.

Esta recolla tiña como precedentes a realizada polo Instituto Interfacultativo da Universidade Complutense de Madrid "Seminario Menéndez Pidal",

que no ano 1983 realizara enquisas nalgúns puntos do concello de Cervantes, tamén as pescudas do importante recolector de romances Víctor Said Armesto, que estivera na zona a principios do século XX e, finalmente, as enquisas efectuadas pola etnomusicóloga Dorothé Schubarth a finais dos 70 e principios dos 80 no concello de Pedrafita. Sen embargo o traballo recollido nesta *Flor de romances de Cervantes e Pedrafita* representa un avance importante en relación ó xa realizado nesta zona con anterioridade, pois unha soa investigadora foi quen de recoller unha cantidade maior de temas a pesar do tempo transcorrido desde aquelas primeiras enquisas. Empregando un número maior de días, entrevistou a máis informantes, o que deu como resultado unha colección superior en número de temas e de versións á existente para esa zona neste momento, aínda que na recolla en ambos os dous concellos non se conseguise ningún tema novo na tradición oral galega.

Sen embargo, os textos obtidos dan boa conta da saúde da que aínda goza o romanceiro no inicio do século XXI. Non se pode poñer en dúbida o feito de que esta obra é unha importante aportación, que contribúe a converter o romanceiro no "xénero da tradición oral mellor coñecido do mundo" (p. 28); aínda así, constitúe unha recompilación tardía, se temos en conta que as monografías anteriores a esta (*Vila de Calvos de Randín*, *Terra de Melide* e *parroquia de Velle*) foron publicadas polo Seminario de Estudos Galegos cunha certa distancia no tempo en relación á que agora presentamos, pois datan da década de 1930.

Noutra orde de cousas, é importante sinalar que a recolla de Anabel Amigo, en palabras de José Luís Forneiro, prologuista da obra, "herda a mellor tradición na recolección e análise do romanceiro de Galicia" (p. 15). Neste sentido parece importante lembrar que o respecto polos estudiosos do Rexurdimento fixo que non se cuestionasen os seus xuízos en relación ó romanceiro, que eran debedores das teorías de Murguía. Este, guiado pola idea de forxar unha imaxe de Galicia acorde coas teses do galeguismo, levou a cabo unha recuperación do romanceiro caracterizada polas manipulacións e a fabricación de certas composicións, que tentaban suplantar a verdadeira tradición, debido á dificultade de que o sistema literario galego a asumise. Estas ideas perduraron no tempo debido á escasa actitude crítica dos continuadores de don Manuel.

Sen embargo a partir dos traballos do gramático ourensán Saco e Arce, dos colectores de principios de século e, máis recentemente, de Dorothé Schubarth e dos investigadores do Seminario Menéndez Pidal, produciuse un avance significativo na recolla e estudio do romanceiro galego. Así, na década de 1980 Dorothé Schubarth e membros do Seminario Menéndez Pidal, partindo da realización de enquisas romancísticas e dun estudio máis rigoroso e libre dos prexuízos precedentes, logran reunir un número de versións moi superior ó conseguido nos cen anos anteriores. Como xa se sinalou, non hai dúbida de que a obra de Anabel Amigo parte do traballo destes últimos estudiosos, máis interesados en coñecer a realidade romancística galega, que en dar unha imaxe determinada deste xénero en Galicia.

Este traballo supón un último esforzo por manter viva unha tradición que cada vez está máis esquecida en favor da literatura culta, de autor, que se pro-

move desde o ensino e outras institucións oficiais. Traballos coma este poñen de manifesto a necesidade de que non permitamos que a nosa tradición oral desapareza coa morte dos máis vellos, que souberon gardar ata os nosos días a memoria destas composicións.

UXÍA TENREIRO LÓPEZ

Da restitución dun mundo

● CARLOS PENELA. *Acaso o inverno*. Ediciós do Castro, Sada, 2001.

No ano 1998, tras gañar o VI Premio Espiral Maior, Carlos Penela (Vigo, 1975) publicaba o seu primeiro libro de poemas, *As linhages do frio*. Escolleu entón para a cuberta o debuxo dunha das máquinas ideadas por Leonardo da Vinci, unha especie de guindastre móbil que actuaba na capa como anticipo gráfico da poética propia: o artiluxio visionario e verosímil do xenio toscano como emblema do oficio e do esforzo sometidos a un principio de rigor e de eficacia funcional, sen renunciar nunca á proporción, que é un dos nomes da beleza xa desde o vello Pitágoras.

Carlos Penela presenta agora *Acaso o inverno*. De novo, un libro galardoado. Nesta ocasión co XIII Premio de poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, que o Concello de Dodro convoca para manter viva a memoria do poeta que a morte chamou tan cedo. Esta circunstancia repetida dun premio como (única) fe de vida autorial, sen correlato con outras aparicións, maiores ou menores, convida a lembrar que hai algunhas razóns polas que este escritor non ten tan doado o acceso ás imprentas poéticas coma outros membros da súa promoción xeracional. A máis obvia é a das súas opcións ortográficas, non absolutamente coincidentes nos dous libros, pero en calquera caso distintas das pautas oficializadas. Outra razón é a derivada da súa comprensión persoal do que é o oficio de escribir, lonxe de amparos grupais e de converxencias ocasionais máis ou menos espontáneas. Nisto hai tamén un afastamento evidente en relación coas tendencias dominantes.

Penela semella ollar as cousas e o mundo desde unha singular cordialidade ontolóxica que repudia toda manobra deturpadora, toda ocultación da verdade. Contempla o mundo e fala del como dunha *rosa exhumada* que só a vontade decidida é quen de arrancar ó alleamento, á falsificación. É unha mirada non impositiva nin apropiatoria, de raizame ecolóxica e relixiosa, porque no fondo procura o religamento do que foi esgazado por unha intervención tan ruda coma postiza. Á súa voz meditativa e moral, nidiamente allea a calquera modulación efectista, está educada na disciplina da razón pero non é estrictamente racionalista malia o rigor cartesiano das arquitectu-

ras poemáticas constituídas. Poesía contida, ábrese con decisión hermenéutica ó que informan as pedras e a edra no seu rumor orixinario, os vestixios todos nos que se deita a ollada, incluídos certamente os textos, a tradición, tamén os recordos.

En parte, é unha poesía sobre ruínas, é *poesía de ruínas,* xénero discursivo de signo habitualmente apostrófico que demanda alegorese por parte do lector, desciframento do evidenciado á vista como destrucción, como final. Só que aquí non se trata de monumentos, de murallas ou de antigas cidades, senón de algo menos tanxible e máis extenso, todo un mundo que se vai, unha maneira de relacionarse coa terra mediante unha cultura e unha lingua. E como en toda poesía de ruínas converxen dúas dimensións, a fáctica e a histórica. Importan os obxectos e as realidades referidas tanto como a historicidade súa e a dos axentes do discurso. Tamén a do lector, aludido e implicado polo texto. Ó tempo predisposta a localizar as converxencias posibles entre pensamento e sentimento, a poesía de Carlos Penela sería *sentimental* só na vella acepción romántica que ilustrou a autoconsciencia nos procedementos formais e a súa adecuación exacta a un designio de intervención que debeu case todo á certeza ilustrada sobre a posibilidade dunha era nova.

A actitude priorizada en *Acaso o inverno* é a *contemplación,* unha contemplación non precisamente mística, porque na mística hai sempre unha capitalización da ferida. Aquí, a contemplación é en cambio civil e cultural no sentido en que o foron a desafección de Ezra Pound ou a de Rilke, incluso xa a de William Blake ou Thomas Hardy, polos costumes lexitimadores dunha civilización desarraigada e mercantilista que o norteamericano concretou na noción de usura. De maneira que a única mística sería a da propia dedicación á escrita, á lenta construcción da obra, cabe imaxinar que con fases moi introspectivas, de afastamento de aquilo que o surrealista portugués Alexandre O'Neill apelaba como *a vidinha* e que Carlos Penela nomea nalgún poema como *a frialdade da existencia,* ese periplo de perdas reais e empíricas, do día a día, ese irmos renunciando sen excesiva resistencia ó irrenunciable.

Un dos ámbitos principais nos que se representa a perda é a paisaxe rural, introducida por Penela con mecanismos discursivos non moi frecuentes na poesía galega pero si connaturais á tradición antes apuntada, ampliable aínda a outros autores citados de xeito explícito nalgúns dos lemas que acompañan os textos: o norteamericano James Wright, a irlandesa Eavan Boland ou o inglés John Berger. Refírome, por exemplo, á polifonía prosopopeica (presente en "Como unha pregária de cinza", p. 15), ó recurso á parábola (en "Abril de 1933 para K. P. Kavafis", p. 41), a unha epifanía refundada en sentido moral e social antes que intelectual ou espiritual (en "Revelando-se neste vento duro", p. 27), a unha certa afirmación do eu poético en canto individuo exiliado (no fermosísimo "Baixo as cúpulas de Leipzig", pp. 44-45). Practicamente todas esas cordas aparecen xuntas no sexto poema da segunda parte do libro (p. 26), a que dá título o volume:

Considera onde findan as tuas palabras.
Esa mesma iluminación fugaz
delongando-se sobre a contemplación do inerte
(o ábrego alourando as estivadas,
os estanques, o suceder de cada folla...).
As molladas crestarias cada tarde.
O secreto de todas esas voces,
o mármore amargo de todos eses pasos.
Considera o inverno. A sua caída,
a sua presenza como unha sentina
onde ainda se alastra o rumor dos que partiron.
Non sentes a fria pulsación de tanto desarraigo
non sentes como un apouvigar de broza
na tua alma?
Considera onde findan as tuas palabras.
Esta maxestade vencida do amor. O desencanto.
A madurez da sua sombra.

O ton máis apropiado é en efecto o elexíaco, o cal non implica merma da lucidez nin tampouco que o discurso sexa inerme perante o oprobio en calquera das súas variantes. O que ocorre é que, antes que análise, nesta poesía comparece unha opción pola síntese e pola abstracción, que semella de liñaxe romántica, emparentada cos ritmos dos laguistas ingleses, Wordsworth en especial, moi predispostos a deixárense levar polo principio asociativo, entre a sensación, a memoria e o pensamento. A emoción só importa se lembrada, desgastada, intelectualizada case para aí refundarse de novo como pálpito vivo. Outras veces a palabra deriva en alegato, como no memorable segundo poema da serie "Descriçom dos signos", correspondente ó primeiro libro do autor e centrado na *desposesión,* concepto e sentimento este moi presente en toda a producción de Penela, como tamén na de Rilke ou na de Celan, dous dos seus poetas máis admirados.

Contra a desposesión, a linguaxe. A linguaxe *configura unha outra realidade* que nos textos de *Acaso o inverno* se postula cunha dicción infrecuente hoxe á hora de construír o verso, musical sempre, ou de apañar sen débito arqueolóxico as vellas palabras da tribo, as case perdidas (*urces, palmelas, greda, queira, ermanza, label, ámago...*), para reintegralas na *casa ferida do idioma* de paso que se integra a referencia por elas designada. Esta é, claramente, unha poesía substantiva, unha poesía que nomea o mundo, unha porción do mundo, non excesiva, non dilatada, para así evidencialo e posibilitar a recuperación. Pero non só os substantivos cumpren tal misión afirmativa, non só as accións nin só as cualificacións. Non hai que contar só as palabras na súa combinatoria harmónica para fundamentaren a experiencia, senón esencialmente as actitudes, as disposicións, todo iso que aparece mencionado en varios lugares do libro como *aprendizaxe,* como esforzo demorado contra a negación. Eavan Boland escribiu na presentación dos seus *Collected Poems* algo que acae ben á poesía de Carlos Penela. Dixo que a partir de certa altura intentara que cada poema dos escritos por ela fose "a forceful engagement between a life and a language".

Neste sentido que intento expoñer, *Acaso o inverno* sería unha especie de cartografía íntima na que importa tanto a lenda, as claves interpretativas fornecidas ó pé dos mapas, como os propios mapas coas súas liñas e límites, co detalle menor que incorpora cómaros e ribazos, caínzos e searas, e aínda a fugacidade das sombras e dos labios, o rápido percorrido das nubes que pasan e pasaron. Eis a cartografía do que un poema do libro presenta como *un incerto territorio*. Aquí é onde se localizarán as converxencias menos dubidosas coa poesía coeva escrita en Galicia. En particular, por ter Penela tan presente a obra de Álvarez Cáccamo e a de Baixeras, moito máis —penso— que a propia dos poetas de menor idade, aínda que Paulino Vázquez ou Martín Veiga, anglófilos tamén, constitúan así mesmo posibles puntos de referencia.

O poeta de *Acaso o inverno* recoñécese na misión rilkeana da restitución, a que fundamentou as *Elexías de Duino* e abriu paso ó que a crítica denominou o *espacio interior,* no cal resultan impugnadas as limitacións da realidade histórica e triunfa a ollada totalizadora e transfiguradora do anxo, como un labirinto coñecido e desexado que permite a comunicación entre idades, entre pasado e porvir, entre vivos e mortos. Como o propio anxo, ese labirinto é fermoso e terrible ó tempo, "porque o belo non é senón / o comezo do terrible, xusto aquilo / que nós aínda podemos soportar", palabras iniciais da primeira elexía rilkeana. Insistirei aínda na inconveniencia de contemplar todo isto como unha especie de neomística.

A abstracción é asumida polo poeta como sinal de identidade do seu quefacer literario. Escribiu nunha autopoética as seguintes palabras:

> [...] tento buscar [...] unha sorte de linguaxe tendente á abstracción, ás elipses, así como o emprego tanxencial de imaxes con dimensións máis ou menos herméticas... enfrentando ou conxugando estes elementos cunha tensión formal intencionada e mesmo tamén coa própria indagación do noso idioma e das suas raiceiras.

Este designio, paralelo ó que sustenta as *deep images* de James Wright, déixase ver nos textos reunidos en *Acaso o inverno,* mesmo no libro como conxunto, tal vez na deriva última dun periplo de decepcións sentimentais, morais, ideolóxicas... simbolizadas nunha rede de referencias a elementos naturais. O procedemento evidénciase con claridade en dous dos poemas da estraña e anticlimática serie final, de encaixe non doado coas dúas partes anteriores, pero á vez intensísima nos seus logros poéticos. Unha serie concibida como un feixe de homenaxes que ás veces non son plenamente explícitas, polo que os lectores deben complementalas coa súa experiencia para perfilaren quén sexa o destinatario de cada ofrenda. Sucesivamente, Rosalía, Kavafis, Pound, Constable, Bach e Otero Pedrayo. Os poemas en homenaxe a Pound e a Constable configúranse como transtextos, o primeiro por vía da traducción e o segundo por vía da écfrase. Traducir a Pound, por certo nun texto que á súa vez homenaxeaba a luz dos cadros de Vermeer, e fornecer unha descrición da pintura de Constable non constitúe de seu algo extraordinario. Pero si o é o xeito dese operativo nos textos de Carlos Penela, porque

nalgunha medida informa da súa fábrica poética. Lemos os "Tres fragmentos sobre unha estampa de Constable", por exemplo, e non sabemos exactamente de qué obra se trata. Prima o indefinido, unha certa abstracción. *Unha estampa, un texto.* En realidade, trátase de todas as estampas, trátase dunha écfrase sobre o substrato común dos ceos e das nubes do pintor inglés, quizais un dos primeiros en pintar un cadro co suxerente título de "Estudio sobre nubes". A indefinición é tanto máis chamativa se observamos o carácter apostrófico do poema (p. 43), no que reaparecen outras das particularidades que nesta nota crítica se foron mencionando:

Contemplade o esbozo pálido
desta estación vencida,
a linfa do siléncio nestes ceus gretados,
toda a glória expoliada
que vibra ainda através do vento;
contemplade a cor endurecida e tráxica
que nos reserva o mundo,
a auséncia do mundo en lugar das palabras.

ARTURO CASAS

A prensa mírase no espello

■ *Libro blanco de la prensa diaria 2002.* Asociación de Editores de Diarios Españoles, Madrid, 2002.

A prensa diaria xa conta cun libro branco que, a partir deste ano 2002, se editará con carácter anual. Baixo a iniciativa da Asociación de Editores de Diarios Españoles (AEDE), agora convertida en organización patronal que representa os intereses empresariais, o sector dispón dun libro de consulta no que se recollen tendencias, estudios e opinións sobre a actualidade dunha industria en constante transformación para afrontar os novos retos na Sociedade da Información e o Coñecemento. O estudio apunta os importantes desafíos que ten por diante o sector dos xornais e amosa un certo optimismo sobre o futuro.

En dous grandes apartados, o informe analiza os aspectos empresariais, as contas do negocio, con especial atención á evolución da difusión e da audiencia non só nos seus mercados, senón mediante comparacións co que acontece neste ámbito no escenario europeo. E na segunda parte hai traballos sobre algúns aspectos da elaboración dos contidos —marco xurídico, códigos éticos, novas tecnoloxías, a matriz local ou o deseño, entre outros.

Nos capítulos iniciais hai abundantes datos dos últimos dez anos que resultan imprescindibles para quen queira entender o que está pasando no mundo da prensa. O incremento da difusión no ano 2000 —4.260.689 exemplares de termo medio diario, o que supón un 2,1 por cento máis ca no ano 1999— permite asegurar, logo dunha fase de estancamento e de descenso, que o mercado da prensa diaria está bastante estabilizado e moverase nun escenario cunha lixeira tendencia á baixa.

Aínda que as tendencias aseguran que hai poucas esperanzas de aumentar a difusión da prensa, a industria confía nas súas forzas para chegar mellor ás novas xeracións. Non podemos esquecer que España está nos 106 exemplares por cada mil habitantes no ano 2000 —Galicia está nos 103—, mentres a Unión Europea ten un índice de difusión de 212 exemplares por cada mil habitantes. Acadar a media esixe multiplicar por dous o índice actual, o que non parece probable.

O que acontece en Europea é unha gran diversidade. Hai un conxunto de países que posúen índices de difusión por encima dos 300 xornais por cada mil habitantes —Austria, Reino Unido e Luxemburgo—, e outros superan os 400 xornais —Suecia e Finlandia—, mentres outro grupo non chega ós 100 —Grecia e Portugal—. A España hai que comparala cos países mediterráneos, cos que ten maiores parecidos no campo cultural, do clima e da propia oferta da industria. E neste escenario atópase nunha posición intermedia, superando lixeiramente a Italia, Portugal e Grecia, pero a distancia de Francia, Irlanda e Bélxica.

A industria española, consciente de que só haberá aumento da difusión se hai interese por parte dos usuarios, pretende promover a sensibilización da sociedade sobre a utilidade dos diarios, que precisan de maior credibilidade —só a conseguirán con mellores productos—. Esta iniciativa pretende levarse adiante desde AEDE, xa que a situación no sector se caracteriza por unha gran fragmentación. Actualmente edítanse 137 diarios de información xeral, deportivos e económicos en España. O nivel de fragmentación, conclúe o estudio, é moi alto, aínda que se está concentrando cada vez en menos mans o seu control —os dez primeiros grupos editoriais do país concentran máis do 83 por cento do total da difusión da prensa diaria.

DO ÉXTASE CIBERNÉTICO ÓS 13,99 EUROS

As novidades editoriais dos últimos meses mostran, xunto cos informes da prensa e a televisión, un importante número de ensaios que teñen como tema central a comunicación. O feito de atoparnos nunha Sociedade da Información e a Comunicación quizais axude a que, desde moitas disciplinas científicas, se reflexione sobre o que está cambiando no hipersector da comunicación e sobre novas formas de comunicar o que cada quen fai.

Destes ensaios hainos que analizan o funcionamento do sistema de comunicación mercantil e que propoñen un rexeitamento aberto da economía de mercado por tratarse dun sistema que non ilusiona —*El éxtasis cibernéti-*

co. Ramón Reig. Ediciones Libertarias, Madrid, 2001— ata outros que, da man das reflexións do traballo persoal, poñen sobre a mesa moitos dos puntos débiles da crítica cinematográfica —*Confesiones de un crítico de cine.* Juan Hernández Les. Ediciones JC, Madrid, 2002— ou do traballo publicitario, neste caso en forma de novela —*13,99 euros.* Frédéric Beigbeder. Anagrama, Barcelona, 2002—. Este último libro, cualificado como novela insolente e alegado contra a manipulación consumista, ten gran forza narrativa.

As novidades pechámolas con dous manuais, un sobre camiños para tomar decisións nunha sociedade que vive moi pendente da mercadotecnia —*Decidir no es fácil... pero te ha tocado a ti.* José Antonio Rodríguez. Prentice Hall, Madrid, 2002— e outro sobre a teoría e a técnica da linguaxe radiofónica —*Teoría y técnica del lenguaje radiofónico.* M. Gutiérrez García /J. J. Perona Páez. Bosch Comunicación, Barcelona, 2002—. Son dous libros de especial proveito para tomar decisións en tempos díficiles e para dominar a linguaxe radiofónica.

XOSÉ LÓPEZ

Miradas á gaiola mediática

■ JOSÉ VIDAL BENEYTO. *La ventana global.* Taurus, Madrid, 2002.

O coñecemento herdado dos pasados séculos e a súa aplicación á análise empírica da sociedade actual permiten achegarse ó entramado mediático con rigor, diversidade de perspectivas, prismas novos e intelixencia. Cando quen reflexiona é un grupo de expertos, está asegurado o interese das súas achegas, que sempre sacan á luz puntos de vista que permiten camiñar mellor por esta gaiola mediática que nos dá unha visión do mundo que non sempre responde á realidade. E, como queira que a estas alturas do século sabemos xa que o treito que separa o que acontece e o que parece que acontece dista varias leguas, queda garantido o éxito de calquera texto que aporte claves para entender o que pasa.

No libro que coordina José Vidal Beneyto sobre a mundialización da comunicación mediada atopamos non só as reflexións de vinteún brillantes académicos —a práctica totalidade— e profesionais da información, senón tamén análises que se complementan tanto pola influencia das investigacións no seu país de procedencia como polas liñas de traballo seguidas nestes anos. A lectura do volume desvela diferencias importantes á hora de valorar o papel dos distintos actores, o que pon de manifesto a consolidación de distintas escolas no ámbito da comunicación e a importante evolución destes estudios

na segunda metade do século XX, e confirma a coincidencia no que atinxe ós principais desafíos para o novo século.

Aínda que os textos se elaboraron a partir de estudios e publicacións existentes, a posta en común, promovida pola Unesco, A comisión Europea e o Consorcio da Cidade de Santiago de Compostela con motivo das celebracións das cidades da cultura do ano 2000, representa un documento imprescindible para entender a comunicación do terceiro milenio e, sobre todo, para coñecer propostas dirixidas á recuperación do debate público e o establecemento de sistemas máis participativos. A atención ó ciberespacio, á esfera pública mundial, á regulación e a relación entre medios e realidade conforman o eixo central deste libro.

De todos os acertos do volume no seu conxunto hai que destacar a mirada ó futuro, a suxestión de solucións para moitos dos interrogantes que atinxen a Sociedade da Información e o Coñecemento. Non se trata de fórmulas máxicas, senón de liñas de traballo que poden conducir cara a solucións certeiras nesa cambio de rumbo que defenden a práctica totalidade dos autores. Desde unha perspectiva plural, que pode ampliarse no futuro, hai, pois, unha interesante sistematización de datos e un conxunto de análises que resultan ricas en matices.

EN PROFUNDIDADE

As miradas analíticas sobre a prensa abundaron no século XX e, a bo seguro, chegarán da man de expertos en distintas áreas científicas no século XXI. O que algúns consideran o cuarto poder inflúe poderosamente nos estados da opinión pública. Todos queren controlala e moi poucos fan esforzos por entender o seu funcionamento, os seus intereses, os seus condicionantes, as tentacións, as actuacións e os límites. Un asunto complexo, pois, que se prestou onte e se presta hoxe á reflexión, á análise e ó debate.

Un dos últimos traballos que trata de achegarse a esta complexidade con profundidade entrou nas librerías co título *Repensar la prensa* (Debate, Madrid, 2002), do que son autores o sociólogo Enrique Gil Calvo e os xornalistas Javier Revuelta e Manuel Revuelta. Tres traballos compoñen un libro no que encontramos puntos de vista que axudan a valorar o papel que tiveron os medios de comunicación, especialmente os impresos, na historia recente. As falsidades, as mentiras, os intereses non confesados... mestúranse con opinións críticas co sistema mediático establecido.

A súa lectura resulta útil non só ós estudiosos da comunicación, senón ós cidadáns que queiran estar ben informados. Poden compartirse ou non as reflexións dos autores, pero do que non cabe dúbida é de que este libro aporta unha perspectiva compartida por aqueles que tiveron fortes encontróns cos medios de comunicación e por aqueles que consideran insuficiente a pluralidade da prensa de referencia da sociedade dixital.

VARIEDADE DE OFERTA

O mercado editorial ofreceu nestes últimos meses unha gran variedade de títulos de estudios de comunicación. Da longa lista escollemos para unha cita breve *La prensa gratuita en el País Vasco* (Salgai Editorial, Bizkaia, 2001), un traballo sobre a orixe e evolución dos medios impresos de balde no País Vasco, ata *España 2002. Informe anual sobre el desarrollo de la Sociedad de la Información en España* (Fundación Auna, Madrid, 2002), o segundo informe que prepara esta entidade sobre as tendencias que vive o hipersector. Trátase dun estudio moi completo, con abundantes datos e cun epílogo no que se recollen as medidas adoptadas en cada comunidade autónoma para potenciar o desenvolvemento da Sociedade da Información.

Outros tres estudios interesantes editados como final de investigacións merecen a miña consideración nestas reseñas. Trátase de *La comunicación social durante el franquismo* (Diputación Provincial de Málaga, 2002), con traballos sobre o sistema de medios durante a dictadura franquista; *Historia de la prensa pedagógica en España* (Universidad de Sevilla, 2002), do profesor Antonio Checa Godoy, e *Campañas electorales y sus efectos en la decisión del voto* (Tirant lo Blanch, Valencia, 2002), dirixido por Ismael Crespo.

En canto ó mercado en galego, saíu o número 1 de *Estudios de Comunicación* (Consello da Cultura, Santiago de Compostela, 2002) e o informe *A comunicación en Galicia 2002* (Consello da Cultura, Santiago de Compostela, 2002). No primeiro hai un conxunto de artigos sobre o tratamentos dos medios de comunicación a última campaña das eleccións autonómicas galegas, mentres no segundo hai unha radiografía dos principais actores do sistema mediático galego.

XOSÉ LÓPEZ

AV Monografías
Abaco
Academia
ADE Teatro
Afers Internacionals
Africa América Latina
Ajoblanco
Álbum
Archipiélago
Archivos de la Filmoteca
Arquitectura Viva
Arte y Parte
Atlántica Internacional
L'Avenç
La Balsa de la Medusa
Bitzoc
La Caña
CD Compact
El Ciervo
Cinevídeo 20
Clarín
Claves de Razón Práctica
CLIJ
El Croquis
Cuadernos de Alzate
Cuadernos Hispanoamericanos
Cuadernos de Jazz
Cuadernos del Lazarillo
Debats
Delibros
Dirigido
Ecología Política
ER, Revista de Filosofía
Experimenta
Foto-Vídeo
Gaia
Generació
GRIAL
Guadalimar
Guaraguao
Historia, Antropología y Fuentes Orales
Historia Social
Insula
Jakin
Lápiz
Lateral
Leer
Letra Internacional
Leviatán
Litoral
Lletra de Canvi
Matador
Ni hablar
Nickel Odeon
Nueva Revista
Opera Actual
La Página
Papeles de la FIM
El Paseante
Política Exterior
Por la Danza
Primer Acto
Quaderns d'Arquitectura
Quimera
Raíces
Reales Sitios
Reseña
RevistAtlántica de Poesía
Revista de Occidente
Ritmo
Scherzo
El Siglo que viene
Síntesis
Sistema
Temas para el Debate
A Trabe de Ouro
Turia
Utopías/Nuestra Bandera
Veintiuno
El Viejo Topo
Viridiana
Voice
Zona Abierta

A cultura pasa por aquí

Asociación de Revistas Culturales de España

Exposición, información, venda e subscricións:

Hortaleza, 75. 28004 Madrid
Teléf: (91) 308 60 66
Fax: (91) 319 92 67
http://www.arce.es
e-mail: arce@infornet.es



ÍNDICE DE COLABORADORES

XOSÉ BAR BOO. Arquitecto e profesor universitario, falecido en 1994. Ó seu primeiro edificio, situado na rúa Marqués de Valladares 35, de Vigo, seguiron, entre outros, o Policlínico Cíes de Vigo, o Mercado de Gondomar, o Sanatorio Neuropsiquiátrico El Pinar do Meixoeiro-Vigo, a igrexa parroquial da Nosa Señora das Neves ou os Novos Xulgados da Coruña. Foi fundador do Centro de Información e Estudios Sociales (CIES) e decano do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia, presidente de ADEGA e cofundador e patrón do Museo do Pobo Galego.

JUAN LUIS DALDA. Profesor titular de Urbanística e Ordenación do Territorio da Universidade da Coruña. O artigo recolle algunhas conclusións do Proxecto Interreg-2C: "Cidade difusa no litoral do Noroeste peninsular", desenvolvido no marco dun convenio de colaboración coa participación da Comisión de Coordinación da Rexión do Norte de Portugal, a Dirección Xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia, o Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo da Universidade da Coruña e o Centro de Estudios e Investigacións da Facultade de Arquitectura da Universidade do Porto.

CARLOS FERNÁNDEZ. Licenciado en Historia pola Universidade de Santiago de Compostela e profesor de Filosofía de Bacharelato. Membro do Consello de Redacción de *Grial*, é autor de *O pensamento epocal en Celestino Fernández de la Vega*, polo que recibiu o Premio Ánxel Fole, e *O vento do espírito. De Vicente Risco a Ramón Piñeiro.*

CARLOS FERRÁS SEXTO. Profesor titular de Xeografía Humana na Universidade de Santiago de Compostela. Foi profesor de Planificación Urbana e Rexional na Universidade de Guadalajara (México) e asistente de investigación no Geography Department do University College Cork (Irlanda). Entre a súa obra bibliográfica salientan *Cambio rural na Europa Atlántica: os casos de*

Galicia e Irlanda e *La contraurbanización. Fundamentos teóricos y estudio de casos en España, Irlanda y México.*

B. LOURENÇO FONDEVILA. Profesor de E.X.B. É coautor de diversas publicacións colectivas con tratamento interdisciplinar, entre elas, *O monte é noso.* Foi fundador do Centro de Información e Estudios Sociais (CIES) e é coordinador de estudios da fundación Ecumene. Participou no XIV Congreso da U.I.A. co relatorio *Crecimiento versus desarrollo* e no congreso "O Feito Galego" con *Asentamentos en Galicia.* En 2001 recibiu o Premio de Ensaio Ramón Piñeiro por *A submisión das masas. Do poder do progreso ó progreso do poder.*

MARCIAL GONDAR. Profesor titular da Facultade de Filosofía e Ciencias da Educación da Universidade de Santiago de Compostela. En 1990 recibiu o Premio da Crítica de Galicia por *Romeiros do alén.* Publicou tamén, entre outras obras, *Espiritados: ensaios de etnosiquiatría galega*; *A morte*; *Os banquetes fúnebres na Galicia tradicional* e *Crítica da razón galega. Entre nós-mesmos e nós-outros.*

JOSÉ RAMÓN IGLESIAS VEIGA. Licenciado en Xeografía e Historia e profesor de Bacharelato. Actualmente redacta a tese de doutoramento sobre *A tendencia rexionalista na arquitectura galega das primeiras décadas do século XX.* Secretario-conservador do Instituto de Estudios Vigueses, é autor dos libros *Antonio Palacios, arquitecto. Do Porriño a Galicia*; *Antonio Palacios. A pedra, o país, a arte, o urbanismo...*; *Porriño (1895-1995). Recuerdos de un siglo* (en colaboración). Conxuntamente con Xaime Garrido publicou *Manuel Gómez Román, mestre da arquitectura galeguista* e *Vigo, arquitectura urbana.*

XOSÉ LOIS MARTÍNEZ SUÁREZ. Profesor titular na área de Urbanística e Ordenación do Territorio do Departamento de Proxectos Arquitectónicos e Urbanismo na Escola Superior de Arquitectura da Coruña. Foi responsable do consello de redacción da revista *Obradoiro* e membro da Comisión de Cultura do Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia. Entre as súas publicacións destacan *Catálogo de arquitectura: A Coruña 1890-1940*; *As galerías da Mariña, A Coruña 1869-1884*; *A praza de María Pita, A Coruña 1859-1959* e *A terraza de Sada.* Entre 1979 e 1983 foi alcalde de Oleiros.

DANIEL PINO. Sociólogo e urbanista, é licenciado en Ciencias Políticas, Económicas e Comerciais pola Universidade Complutese de Madrid. Director de Consultora Galega, recibiu pola súa actividade profesional os premios Nacional de Urbanismo, Galicia de Deseño e Europeo de Urbanismo. Foi director e/ou coordinador de diversos plans de ordenación de vilas e cidades galegas e das normas comarcais dos vales meridonais navarros. Algunhas das publicacións da súa especialidade son: *El Pazo de Oca y su entorno*; *A*

Ribeira Sacra. Estudo piloto previo e propostas de recuperación e rehabilitación integral; *Galicia y la accesibilidade* ou *Finisterrae: un proyecto para el confín del mundo.* É autor tamén de obras literaria en poesía e prosa, como: *Vixía os sables ao chegar febreiro*; *Arredor do lume*; *Intento de elexía crítica* e *No leme da lembranza.*

CÉSAR PORTELA. Catedrático de Elementos de Composición Arquitectónica na E.T.S.A. de Galicia. Obtivo numerosos premios pola súa obra, entre eles, o Nacional de Urbanismo e Arquitectura polo Plan Especial de Intervención no Pazo de Oca e o seu contorno, a Medalla de Ouro do Consello de Europa pola rehabilitación da Carballeira de Santa Minia e as novas edificacións no seu contorno, o Highly Commended Award of European Urban and Regional Planning pola recuperación en construcción das beiras do río Arnoia, o premio Nacional de Arquitectura pola Estación de Autobuses de Córdoba e o European Philippe Rotthier polo Cemiterio de Fisterra. Tamén recibiu o Galicia de Arquitectura e o Pedrón de Ouro polo conxunto da súa obra.

ANDRÉS PRECEDO LEDO. Profesor Mercantil, licenciado en Filosofía e Letras e doutor en Xeografía. Catedrático de Xeografía Humana da Universidade de Santiago de Compostela, é membro da Asociación Internacional de Planificadores Rexionais e Urbanos, da Asociación Internacional de Urbanistas e do Instituto de Estudios Económicos de Galicia Pedro Barrié de la Maza, así como vicepresidente da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural. Actualmente é Secretario Xeral de Planificación e Desenvolvemento Comarcal de Galicia e conselleiro delegado da Sociedade para o Desenvolvmento Comarcal de Galicia. Autor dunha moi extensa obra relacionada coa demografía, o desenvolvemento local, o urbanismo, a planificación estratéxica urbana e rexional e a ordenación do territorio, entre as súas publicación destaca a serie sobre as cidades galegas e un importante número de libros sobre desenvolvemento e planificación do territorio.

XOSÉ MANUEL SOUTO GONZÁLEZ. Doutor en Xeografía pola Universidade de Santiago de Compostela. Como coordinador do proxecto Xea-Clío de didáctica da xeografía e as ciencias sociais publicou máis de trinta libros para alumnos e profesores. O seu pensamento didáctico resúmese no libro *Didáctica de la Geografía. Problemas sociales y conocimiento del medio.* Realizou e publicou a súa tese de doutoramento sobre *Vigo, cen anos de historia urbana.* Outras da súas obras son *Xeografía humana de Galicia*; *Xeografía do Eixo Atlántico* e *Historia no Eixo Atlántico.*

ASOCIACIÓN DE AMIGOS DO CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

A *Asociación de Amigos do Centro Galego de Arte Contemporánea* ofréceche a posiblidade de participar como *socio colaborador*, gozando das seguintes avantaxes:

- Información puntual sobre todas as actividades do Centro e da Asociación.
- Visitas guiadas exclusivas en exposicións de especial significación.
- 10% de desconto en publicacións e outros obxectos que estean á venda na tenda-librería.
- Descontos en concertos, seminarios, cursos e ciclos de cine e prioridade para os socios naquelas actividades que só admitan un número reducido de persoas (exclúense os talleres impartidos por artistas).
- Invitación ás inauguracións de exposicións temporais.
- Participación en actividades e viaxes culturais que organice a Asociación.
- Exemplares gratuítos da publicación semestral *A revista do CGAC / La revista del CGAC.*

Cota anual: 48,08 € (8.000 ptas)

Cota anual para estudiantes: 24,04 € (4.000 ptas)

Ficha de inscrición dispoñible na recepción do CGAC

Socios Protectores:

- ACS, Proyectos, Obras y Construcciones, S.A.
- Antonio Pernas, S.A.
- Arias Hnos. Construcciones, S.A.
- Banco Pastor
- Caixanova
- Caramelo, S.A.
- Castromil, S.A.
- Corporación Noroeste, S.A.
- Dragados Obras y Proyectos, S.A.
- El Correo Gallego
- Ferroatlántica, S.L.
- Fundación Caixa Galicia
- Fundación Pedro Barrié de la Maza
- Hotel Puerta del Camino
- Iberdrola, S.A.
- La Voz de Galicia
- Renfe, Viajeros Regionales
- Roberto Verino Difusión, S.A.
- Thais de Picaza Megías
- Unión Eléctrica Fenosa, S.A.

Socios de Mérito:

- Arte y Parte
- dgma
- Grial

AMIGOS DO

CENTRO GALEGO DE ARTE CONTEMPORÁNEA

Para máis información:
Rúa Ramón del Valle Inclán, s/n
15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 546 578
Fax: 981 546 605

por que te agochas?



XURIO DIAZ SANCHEZ

Non hai de qué

O que querías saber, como o querías saber

SUBSCRÍBETE A TEMPOS CHAMANDO Ó TELÉFONO 981-557119

REVISTA MENSUAL DE INFORMACIÓN PARA O DEBATE

DEFENDIDA

A presión de socios e colaboradores, persoas correntes, logra preservar a vida e a liberdade de moitas victimas de inxustízas. Un trinta por cento das nosas accións urxentes alcanzan o seu obxectivo. Axúdanos a ser aínda máis eficaces. Asóciate

40 ANOS Amnistía Internacional
Xuntos polos Dereitos Humanos

www.a-i.es

xaneiro-xuño/2002

Tempo exterior

Enrique Peruzzotti e Marcela Villarrazo	As relacións da Comunidade Autónoma de Galicia coa Arxentina
Mónica Lorenzo	Venezuela e a acción exterior de Galicia
María Xosé Viqueira Cores	América Latina na acción exterior de Galicia
Entrevista a Claudio Lozano	"En Arxentina asistimos a unha crise de réxime"
Daniel Pereyra	Arxentina: tempo de crise
Xosé Chao Rego	O Islam, unha identidade plural
Bichara Khader	O Occidente no imaxinario político árabe-musulmán
Ángel Segundo Gómez González	Lecciónns por aprender do dominó balcánico
Beatriz Urgal Puentes	Chequia, ¿a integración de veludo?
José Valdemiro Lopes	Cabo Verde: a globalización dunha economía de subsistencia
José Antonio Fernández	O fallido golpe contra Chávez: Un test de reflexos democráticos

nº4

SEGUNDA ÉPOCA

Para subscripcións, dirixirse a:

IGADI

(Instituto Galego de Análise e Documentación Internacional)

Avenida Joselín, 7. Portal 3-4ºB.

36300-Baiona (Pontevedra).

Galicia (España).

Tel/Fax: 986 35 72 38.

e-mail: info@igadi.org

INSTITUTO GALEGO DE ANÁLISE E DOCUMENTACIÓN INTERNACIONAL

IGADI

www.igadi.org

Revista de análise e estudios internacionais

Nº 128 • maio - xuño 2002

Encrucillada

REVISTA GALEGA DE PENSAMENTO CRISTIÁN

O amor, factor clave
Xosé Manuel Caamaño López

Polos camiños de Xob
Xoán C. Rodríguez Herranz

25 anos de *Encrucillada*
Carlos Casares Mouriño

Thomas Merton
Xavier Carro

Actualidade política, cultura e relixiosa
Agustín Díaz
Xoán Bernárdez Vilar
Victorino Pérez Prieto

25 anos de Encrucillada

00155
9 770017 418006

galaxia